



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Serie Pleno
Número 147

Sesión plenaria
4 de febreiro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Debate e votación do ditame emitido pola Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres (10/SCNP-000002)
Publicación do ditame e dos votos particulares, BOPG nº 592, do 20.01.2020

Punto 2. Texto lexislativo

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Mixto, de bebidas azucradas (doc. núm. 57343, 10/PPL-000043)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 548, do 17.10.2019

Punto 3. Comparecencia

62533 (10/PPP-000120)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre actuacións de mellora nos hospitais comarcais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 29.01.2020

Punto 4. Mocións

4.1 62806 (10/MOC-000177)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de sanidade pública (Moción consecuencia da Interpelación nº 59917, publicada no BOPG nº 578, do 17.12.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.01.2020)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 3.02.2020

4.2 62867 (10/MOC-000178)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a política do Goberno galego en relación cos dereitos e coas garantías da dignidade das persoas enfermas terminais (Moción consecuencia da Interpelación nº 59959, publicada no BOPG nº 578, do 17.12.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.01.2020)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 3.02.2020

4.3 62916 (10/MOC-000179)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da atención primaria do sistema sanitario de Galicia (Moción consecuencia da Interpelación nº 59392, publicada no BOPG nº 572, do 04.12.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.01.2020)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 602, do 3.02.2020



Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 40693 (10/PNP-004271)

Grupo Parlamentario Mixto

Sobre o recoñecemento e regulación polo Goberno galego da figura da enfermaría escolar e o impulso dun acordo entre as consellarías con competencias en materia de educación e saúde para a dotación dunha praza nos centros públicos e privados concertados de ensino
Publicación da iniciativa, BOPG nº 548, do 17.10.2019

5.2 60188 (10/PNP-004496)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do proxecto de construción dun centro comercial, dunha nova cidade deportiva e dunha zona verde segundo o previsto no convenio asinado entre o Real Club Celta de Vigo e o Concello de Mos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020

5.3 60646 (10/PNP-004519)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Jove González, Xan Xosé e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar as posibilidades de pesca do sector do xeito, garantindo a sustentabilidade da especie en augas interiores
Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020

5.4 60768 (10/PNP-004527)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e oito deputados/as máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para reclamar do Goberno español que rectifique a decisión de deixar sen servizo de venda presencial de billetes as estacións ferroviarias de Ortigueira, Burela, Sarria, Viveiro, O Carballiño, Ribadavia, Guillarei e Rondonela e tome as medidas oportunas para garantir o mantemento deste servizo nas estacións afectadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 587, do 10.01.2020

5.5 60792 (10/PNP-004529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para retomar o proxecto de construción do Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando en Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 587, do 10.01.2020

5.6 60973 (10/PNP-004535)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para declarar a caducidade do procedemento para a actualización e reapertura da mina de Touro por superar os prazos



para a súa tramitación sinalados no artigo 33.4 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 587, do 10.01.2020

5.7 61815 (10/PNP-004598)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para reactivar as transferencias pendentes do Estado, así como para impulsar a reforma da estrutura do Estado aos sentimentos nacionais de pertenza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

5.8 61990 (10/PNP-004619)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e quince deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas solicitudes prioritarias fixadas na Axenda Galicia, aprobada polo Consello da Xunta o 31 de outubro de 2020.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 594, do 22.01.2020

Punto 6. Interpelacións

6.1 59241 (10/INT-002026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector cultural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 27.11.2019

6.2 59818 (10/INT-002046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co incumprimento das obrigas reflectidas na Lei de vivenda de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 576, do 13.12.2019

6.3 61707 (10/INT-002102)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre a regulación dos xogos e apostas en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 62567 (10/POPX-000187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla



Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da rectificación das políticas que a cidadanía galega está a contestar nas rúas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 29.01.2020

7.2 62568 (10/POPX-000188)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do mantemento da afirmación de que esta é a lexislatura do rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 29.01.2020

7.3 62569 (10/POPX-000189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos resultados da súa xestión en materia de sanidade pública despois de once anos de goberno

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 29.01.2020

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 62551 (10/PUP-000297)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do contido do Informe de fiscalización do Tribunal de Contas sobre as demoras na execución do AVE a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 29.01.2020

8.2 62562 (10/PUP-000298)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non escoitar as demandas cidadás respecto do proxecto de construción da estación intermodal de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 29.01.2020

8.3 60398 (10/POP-007080)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre se o Goberno galego ten estudado algunha medida para evitar a perda de postos de traballo en EMESA

Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020

8.4 61594 (10/POP-007392)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre que medidas pensa tomar o Goberno galego ao respecto da situación de EMESA

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020



8.5 60617 (10/POP-007137)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Antón Vilasánchez, María Ángeles e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta sobre os resultados para Galicia do último informe PISA

Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020

8.6 62524 (10/PUP-000295)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis**

Sobre as melloras inmediatas que vai levar a cabo o Goberno galego para rectificar a deterioración sanitaria na comarca de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 29.01.2020

8.7 62545 (10/PUP-000296)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e seis deputados/as máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do actual grao desenvolvemento do Plan galego de atención primaria e dos seus resultados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 29.01.2020

8.8 61635 (10/POP-007398)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a fase en que se atopa o informe sobre o fenómeno da soidade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020

8.9 60474 (10/POP-007107)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Blanco Paradelo, Moisés e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das actuacións levadas a cabo desde a sinatura desta nova addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a Empresa Pública Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 584, do 07.01.2020

8.10 61661 (10/POP-007421)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Vilar Chento, Óscar**

Sobre a notificación aos beneficiarios das axudas agroambientais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 22.01.2020



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada. (Punto preliminar da orde do día.)

Antes de entrar na orde do día e en cumprimento do artigo 7.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o señor presidente procede a solicitar a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada dona María Dolores Candedo Gunturiz. (Páx. 12)

A señora María Dolores Candedo Gunturiz (M) promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 12.)

Cambio no desenvolvemento da orde do día

O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da orde do día consistente en adiantar a comparecencia do señor conselleiro de Sanidade, que figura como punto terceiro, á que seguirán o debate dos textos dos puntos primeiro e segundo respectivamente. (Páx. 12.)

Comparecencia do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre actuacións de mellora nos hospitais comarcais. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 13.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 18.), Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 22.), Sra. Solla Fernández (GCE) (Páx. 25.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 28.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 31.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 35.)



O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 40.) Nesta rolda interveñen o señor Villares Naveira (M) (Páx. 40.), a señora Prado Cores (BNG) (Páx. 42.), a señora Solla Fernández (GCE) (Páx. 44.), o señor Torrado Quintela (S) (Páx. 46.), o señor Núñez Centeno (P) (Páx. 48.) e o Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 50.)

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica os votos particulares presentados a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 53.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres (Prado del Río). (Páx. 53.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender os votos particulares mantidos: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 54.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 57.), Sra. Quintero Araújo (GCE) (Páx. 61.), Sra. Pierres López (S) (Páx. 63.) e Sra. García Miguez (P). (Páx. 67.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre os votos particulares mantidos polos demais grupos ou de réplica: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 70.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 72.), Sra. Quintero Araújo (GCE). (Páx. 74.)

A señora Prado del Río (P) solicita a palabra e intervén, ao abeiro do artigo 76.1 do Regulamento, por alusións. (Páx. 76.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre os votos particulares mantidos polos demais grupos ou de réplica (continuación): Sra. Pierres López (S) (Páx. 77.) e Sra. García Miguez (P). (Páx. 78.)

Votación do ditame da comisión

Votación do voto particular do G. P. Mixto ao Ditame emitido pola Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres: rexeitado por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 80.)

Votación do voto particular do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame emitido pola Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres: rexeitado por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 80.)

Votación do voto particular do G. P. Común da Esquerda ao Ditame emitido pola Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres: rexeitado por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 81)

Votación do voto particular do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame emitido pola Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres: rexeitado por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 81.)



Votación do Ditame emitido pola Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres: *aprobado por 39 votos a favor, ningún voto en contra e 32 abstencións.* (Páx. 81.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Mixto, de bebidas azucaradas. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Villares Naveira (M).* (Páx. 82.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 86.), *Sra. Torregosa Sañudo (EM)* (Páx. 89.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 92.) e *Sra. Fernández Macías (P).* (Páx. 95.)

Rolda de réplica: *Sr. Villares Naveira (M).* (Páx. 99.)

Votación da toma en consideración da proposición de lei

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Mixto, de bebidas azucaradas: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Suspéndese a sesión ás tres e trece minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e dous minutos da tarde.

Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de sanidade pública. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Solla Fernández (GCE).* (Páx. 102.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Villares Naveira (M).* (Páx. 105.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 107.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 108.) e *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 110.)

Nova intervención da señora Solla Fernández (GCE). (Páx. 112.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a política do Goberno galego en relación cos dereitos e coas garantías da dignidade das persoas enfermas terminais. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 113.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 116.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 118.), *Sra. Solla Fernández (GCE)* (Páx. 120.) e *Sra. Rodríguez Barreira (P).* (Páx. 121.)



A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 124.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da atención primaria do sistema sanitario de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 125.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 125.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 129.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 131.), Sra. Solla Fernández (GCE) (Páx. 132.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 134.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 136.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. Común da Esquerda sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de sanidade pública: rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 137.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a política do Goberno galego en relación cos dereitos e coas garantías da dignidade das persoas enfermas terminais: rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 138.)

Solicitan a palabra e interveñen sucesivamente, para fixar o modo de votación da seguinte moción, a señora Prado Cores (BNG) (Páx. 138.) o señor Núñez Centeno (P) (Páx. 138.) e o señor Torrado Quintela (S). (Páx. 139.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da atención primaria do sistema sanitario de Galicia: rexeitada por 26 votos a favor, 38 votos en contra e 6 abstencións. (Páx. 139.)

Proposición non de lei, do G. P. Mixto, sobre o recoñecemento e regulación polo Goberno galego da figura da enfermaría escolar e o impulso dun acordo entre as consellarías con competencias en materia de educación e sanidade para a dotación dunha praza nos centros públicos e privados concertados de ensino. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 139.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Candedo Gunturiz (M). (Páx. 140.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 144.), Sra. Solla Fernández (GCE) (Páx. 146.) e Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 148.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Antón Vilasánchez (P). (Páx. 150.)

A señora Candedo Gunturiz (M) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 152.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do proxecto de construción dun centro comercial, dunha nova cidade deportiva e dunha zona verde segundo o previsto no convenio asinado entre o Real Club Celta de Vigo e o Concello de Mos. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 153.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 154.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Casal Vidal (M) (Páx. 157.) e Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 159.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Cal Ogando (GCE) (Páx. 161.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 162.)

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 165.)

Proposición non de lei do G. P. do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Xan Xosé Jove González e Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar as posibilidades de pesca do sector do xeito, garantindo a sustentabilidade da especie en augas interiores. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 166.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Jove González (GCE). (Páx. 166.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 169.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Casal Vidal (M) (Páx. 171.), Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 172.) e Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 174.)

O señor Jove González (GCE) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 176.)

A señora Rodríguez Barreira (P) solicita a palabra e intervén para facer unha rectificación por unha inexactitude. (Páx. 177.)

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e sete minutos da noite.



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión. A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do día 30 de xaneiro, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia a este pleno o deputado don David Rodríguez Estévez. E ademais comunico —como fixemos no pleno anterior— que dona Paula Vázquez Verao e dona Ana Belén Pontón Mondelo, por motivos que xa coñecemos, teñen delegado o seu voto —en concreto, na señora Olalla Rodil e en don Luís Villares Naveira, respectivamente—.

Polo tanto, comezamos.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada

O señor PRESIDENTE: Como punto preliminar, procedemos á prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada dona María Dolores Fátima Candedo Gunturiz.

Dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento, procedo a solicitar a prestación da promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía da nova deputada. E farémolo de acordo coa fórmula de contestar «si, xuro», ou «si, prometo» á pregunta desta presidencia.

Prégolle, señora deputada, que responda dende o escano á pregunta que lle vou formular.

Dona María Dolores Fátima Candedo Gunturiz, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora CANDEDO GUNTURIZ: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo tanto, unha vez prestada a promesa, adquire vostede a condición plena de deputada.

Moitas grazas e benvida ao Parlamento.

(Aplausos.)

Cambio no desenvolvemento da orde do día

O señor PRESIDENTE: E agora continuamos coa orde do día. Hai unha alteración que xa foi comunicada a todos os deputados a través dos portavoces, polo que, en concreto, substanciamos primeiro a comparecencia —punto 3 da orde do día— e logo os textos lexislativos.



Comparecencia do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre actuacións de mellora nos hospitais comarcais

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra o conselleiro de Sanidade, don Jesús Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi bos días, señor presidente e señorías.

En primeiro lugar, quixera dar as grazas ao presidente e a todos os portavoces pola posibilidade deste cambio, que se debe a unha comunicación urxente por parte do Ministerio para ter hoxe unha reunión en Madrid de todos os conselleiros de Sanidade polo problema do coronavirus. Polo tanto, moitísimas grazas.

Quero tamén dar a benvida á nova deputada e desexarlle os maiores éxitos tamén aquí.

Comparezo este día 4 de febreiro, Día mundial contra o cancro, por petición propia, para falar das actuacións de mellora nos hospitais comarcais. A incorporación dos hospitais comarcais á estrutura da atención sanitaria en Galicia comezou hai trinta e catro anos. O 14 de maio de 1986 puxéronse en marcha os hospitais da Mariña e de Monforte, para progresivamente ir uníndose sucesivamente todos os demais.

En Galicia contamos con sete hospitais comarcais que no seu conxunto atenden a case 440.000 persoas —sería a maior cidade de Galicia—, fronte aos 370.000 que tiñamos hai dez anos —unha diferenza do 9 %—. Na área da Coruña, o Hospital Virxe da Xunqueira; na de Santiago, o Hospital da Barbanza; na área de Lugo, os hospitais da Mariña e de Monforte; na área de Ourense, os hospitais de Verín e do Barco; e na área de Pontevedra, o Hospital do Salnés. A idea da súa creación foi a mesma que persiste logo de todos estes anos: acercar os servizos aos cidadáns buscando a maior accesibilidade e equidade.

A modificación da Lei de saúde 1/2018, do 2 de abril, como todos saben, representa unha blindaxe para os hospitais comarcais ao crear os distritos sanitarios dentro das áreas sanitarias. Todos os hospitais son o centro do distrito, polo que se igualan en consideración legal aos hospitais centrais. Consolídase unha estrutura, unha organización, que é unha garantía de equidade e que fai posible proporcionar servizos complexos nestes centros, o que evita desprazamentos dos pacientes e achega a atención aos seus lugares de residencia.

A evolución da asistencia nestas comarcas foi diferente segundo diversos factores: a antigüidade do centro, o número de cidadáns que hai que atender, as características sociais destes ou a distancia do hospital central, entre outros. Pero en todos os casos o crecemento en servizos, en profesionais, en equipamentos e en infraestruturas é unha constante. Só no ano 2019 se realizaron nos hospitais comarcais de Galicia 24.541 intervencións cirúrxicas, 509.172 probas diagnósticas, e 564.492 consultas externas. E, ademais, cuns resultados espectaculares: a lista de espera cirúrxica está entre os 43,8 —dun dos hospitais— e os 31,2 días de demora. Son as mellores de Galicia e loxicamente tamén de España. E a lista de espera en consultas está entre os 42,4 días e os 27,7 días —aínda mellores datos—.



Quero expresar un agradecemento especial para todos os traballadores dos hospitais comarcais de todas as categorías profesionais, que fixeron e seguen facendo posible a magnífica asistencia sanitaria dos seus veciños, e tamén para os profesionais que dende outros centros se desprazan aos comarcais para enriquecer e completar a asistencia.

Nos seguintes minutos vou describir exemplos de melloras feitas desde a apertura de cada un dos hospitais comarcais. Evidentemente, vou analizar exemplos e non o conxunto, porque sería imposible, dada a limitación temporal que temos.

O Hospital Virxe da Xunqueira, que pertence —como ben saben— á área sanitaria da Coruña e Cee, atende 37.440 persoas. En febreiro de 2018 leváronse a cabo as obras de ampliación do Servizo de Diálise, cun investimento de máis de 500.000 euros. Duplicouse a superficie da unidade, que pasou de 90 a 188 metros cadrados, o que permitiu que os postos de atención aos pacientes pasasen de 4 a 14. Na actualidade atende 24 pacientes —loxicamente cunha diminución importante de desprazamentos de pacientes crónicos que necesitan tres veces á semana ser atendidos—. Tamén hai consultas específicas de endocrinoloxía, de rehabilitación. Renovouse a área cirúrxica con lámpadas, ecógrafos e novas mesas cirúrxicas. Fíxose a reforma de esterilización. Dotouse a sala de partos de lámpada de fototerapia para os recién nados, báscula pesa-bebés, lámpada de paritorio de base rodable. E o Servizo de Urxencias dotámolo dunha nova sala de médicos e de información aos pacientes.

En equipamentos, nestes últimos tempos incrementámoslos con tensiómetros, básculas e tallímetros de adultos, pulsioxímetro, holter, mapas, equipos de gas de CO2 en Dixestivo, novos ecógrafos en Uroloxía e Rehabilitación, campímetro, ecógrafo biométrico oftalmolóxico, cámara dixital, facoestimulador e aspirador en Oftalmoloxía, novos equipos BIPAP-CPAP e outros monitores de box en observación de Urxencias. Todo isto, como vemos, é incremento de servizos, incremento de espazos, de equipamentos e tamén de persoal.

En actividade, no 2019 pois falamos de 51.150 probas diagnósticas, 65.062 consultas e 3.330 intervencións, actividade que se vén mantendo ou incrementando nos últimos anos. En lista de espera é dos mellores datos que temos en Galicia, o que significa, como dicía antes, que tamén o son de España. É a primeira en demora de consultas, con 27,7 días, e a terceira en espera cirúrxica, con 34,8 días.

Na área de Santiago e A Barbanza, temos o Hospital da Barbanza, que atende 62.869 persoas. Estase neste momento realizando e construíndo un novo servizo de urxencias. Xa está finalizada a primeira fase de ampliación cara ao exterior, e no 2020 remataremos esta magnífica dotación —posiblemente en torno ao mes de maio ou xuño—.

Entre as novas técnicas cirúrxicas implantadas o ano pasado está a intervención de laparoscopia no cancro de colon. Rehabilitación tamén ten novas prestacións neste centro, conta cunha unidade de solo pélvico, a escola de ombro e ondas de choque. Tamén está a ampliación do ximnasio e a dotación de telémetros, manómetro, bicicleta, ondas de choque, desfibrilador e microondas. Tamén se incrementaron as quendas de diálise —como a fase seguinte ao que fixemos en Cee— para pasar non só a luns, mércores e venres, senón tamén



a martes, xoves e sábado; loxicamente con incremento de persoal e, sobre todo, con maior número de pacientes tratados.

En recursos humanos reforzamos a dotación médica do Servizo de Urgencias e tamén o servizo de admisión. Abriuse un novo laboratorio con novo equipamento, obras de mellora en quirófanos, esterilización e endoscopias. Equipamentos: en consultas externas, báscula con tallímetro, táboa de transferencia de pacientes, guantes crioxénicos; en consulta de dixestivo, insuflador de CO₂, videocolonoscopios, videogastroscopios; en consultas de otorrino, fibroscopios; no Servizo de Urgencias, monitor multiparamétrico, sillóns eléctricos de terapia, tensiómetros dixitais, básculas con tallímetros; en paritorio, microondas, humidificador; e en quirófanos, seis ópticas para estes quirófanos. E tamén se reforza o equipamento de hospitalización: ecógrafos, sondas, tensiómetros, básculas, fibroscopio.

A actividade neste centro foi en 2019 de 77.086 probas diagnósticas, 90.598 consultas e 3.827 intervencións cirúrxicas, e cunha espera de 36,8 días en cirurxía e de 42,2 días en consultas.

O Hospital de Monforte —dentro da área de Lugo, A Mariña e Monforte— atende 42.043 persoas, cunha diminución de poboación nos últimos dez anos de aproximadamente o 14 %. Incrementáronse os profesionais —uns 28 profesionais máis—. Puxemos en marcha diferentes servizos co conseguente incremento de persoal. Como dicía, estes 28 efectivos, ademais da apertura destes novos servizos, permitiron o reforzo dos existentes. Ademais, tamén o dotamos hai uns meses de ambulancia medicalizada; de hospitalización a domicilio con facultativo e enfermeira; oncoloxía e hospital de día oncohematolóxico —polo que os pacientes desta comarca xa non teñen que desprazarse a Lugo para ser diagnosticados e atendidos—; alergoloxía; tamén a consulta de enfermería en endocrinoloxía e nutrición —específicas para esta área en pacientes oncolóxicos—; implantación da base do 061 dentro do hospital; a consulta postalta de urgencias; a consulta de patoloxía infecciosa de medicina interna; o programa de atención farmacéutica a centros sociosanitarios e a terapia ocupacional para nenos en atención temperá, que deixan tamén, loxicamente, de desprazarse a Lugo; medicina interna foi reforzada con facultativos, farmacia tamén; e no servizo de urgencias, hospitalización e *pool*, con enfermeiras e TCAE; tamén oftalmoloxía, cirurxía e xinecoloxía. Todos estes servizos levan incremento de profesionais.

E polo que se refire a infraestruturas, melloramos a hospitalización; obra para o hospital de día oncohematolóxico; melloramos e ampliamos as áreas de consultas externas e gabinete; melloramos a zona de anatomía patolóxica; instalamos tamén unha caldeira de biomasa e outros investimentos que non son directamente sanitarios pero importantes tamén para a atención.

Previamente ao inicio das obras da primeira fase do plan director realizamos diversas actuacións para acondicionar os servizos e unidades que ocupan o espazo no que se vai executar esa primeira fase do plan director que logo comentarei.

En actividade fixéronse no ano 2019, 3.377 intervencións cirúrxicas, 70.922 probas diagnósticas e 93.977 consultas. Os resultados son tamén magníficos. De feito, en espera cirúrxica



é o hospital con menos espera de todos, con 31,2 días. E, en consultas, con 33,1 días tamén está entre os destacados.

O Hospital da Mariña, que atende 65.665 persoas —e tivo unha diminución de poboación do 8,9 %—, dotouse con 80 profesionais máis. Puxemos en marcha diferentes servizos e reforzamos outros existentes. Moi importante é o hospital de día oncohematolóxico en consulta de oncoloxía —como falabamos hai un momento tamén do Hospital de Monforte—. A unidade de retina, en oftalmoloxía, e a unidade de glaucoma; unha segunda sala de endoscopias; tamén a triaxe Mánchester en urxencias; consulta de patoloxía infecciosa; unidade de patoloxía cervical en xinecoloxía; consulta de ostomía; programa de atención farmacéutica en centros sociosanitarios; programa de atención a pacientes crónicos en fisioterapia; e dixitalización do arquivo de historias clínicas. Reforzáronse, como dicía, os servizos existentes, como o hospital de día médico, a hospitalización a domicilio e a hospitalización —debido ao incremento de habitacións coa nova obra de ampliación—, chegando a un reforzo de 10 enfermeiras e 12 TCAE. Isto é importante, porque falamos moitas veces de que o investimento en obra non significa cobertura en persoal, pero claramente nestes casos constátase de forma fehaciente que si.

Tamén consultas e gabinetes se reforzaron en cirurxía, uroloxía, en anestesia, dixestivo, en endoscopias, laboratorio, anatomía patolóxica e farmacia. E tamén en psiquiatría para esa atención ás residencias sociosanitarias. E, por suposto, tamén unha cousa importante que cada vez é máis necesaria, que é unha persoa a responsable da calidade asistencial do centro.

Polo que se refire a infraestruturas, o investimento a maiores do plan director —do que falabamos agora— foi de 1.350.000 euros. Despois detallarei o plan director, que está aproximadamente nuns 15 millóns de euros. A apertura do hospital de día oncohematolóxico e a reforma da farmacia supuxo un investimento importante, de 162.000, pero tamén houbo que reforzar loxicamente a dotación. Tamén actuamos na área cirúrxica. A implantación da triaxe Mánchester levou unha reforma do espazo. E houbo unha serie de medidas, como digo, que foron previas ás fases do plan director.

A fase 1.a) do plan director xa está rematada, coa ampliación do hospital, que ubica unha nova entrada ao hospital de día oncolóxico, o gabinete de exploración, nova área de consultas e novas unidades de hospitalización de nova construción no edificio novo, o que levou, como dicía, a un incremento moi importante de persoal para atender esta nova hospitalización.

E a fase 1.b) está neste momento en execución, leva unha nova unidade de diálise, áreas administrativas e unha previsión de finalización en xuño de 2020, nuns meses.

O investimento da obra desta primeira fase do plan director foi de 12,8 millóns de euros, ao que temos que engadirle 2,5 do equipamento que leva loxicamente a obra. Se sumamos o que é a obra previa para pór en marcha este plan director —que, como dicía antes, era de 1.350.000—, fai que o investimento nos últimos anos no Hospital da Mariña fose de 16.650.000.

E a actividade do Hospital da Mariña é unha actividade magnífica, é un hospital con gran actividade: 134.958 probas diagnósticas, 112.000 consultas e case 5.000 intervencións cirúr-



xicas. Ten tamén bos tempos de resposta, como dicíamos antes. De feito, ten 43,8 días en cirurxía e 39,6 días en consultas.

E quería destacar, para pór un exemplo de como se están facendo ben as cousas, que con esta estrutura e con estes profesionais, o hospital de día oncohematolóxico —que se iniciou ao final do ano 2014—, tendo datos xa de meses completos, incrementou un 88 % os pacientes que son tratados. Desde o primeiro ano con actividade completa ata este último ano pasou de 250 pacientes tratados alí —pacientes oncolóxicos— a atender neste momento 471. Como dicía, é un incremento do 88 %, que evita que estes pacientes, pacientes nun momento difícil, cun diagnóstico de cancro, sexan tratados na súa comarca. E hai un incremento da consulta de oncoloxía do 92,7 %, de 2.680 no primeiro ano a 5.164 no último ano.

Polo tanto, hai que felicitar e agradecer, desde logo, o traballo do servizo de oncoloxía na área sanitaria de Lugo, que está dando esa cobertura non só no Hospital de Lugo, no HULA, senón tamén nos dous hospitais comarcais.

O Hospital do Barco atende 30.363 persoas, cun decrecemento da poboación nos últimos anos dun 15 %. Neste hospital contamos con consultas de oncoloxía, nefroloxía, neuroloxía, dixestivo, reumatoloxía, endocrino e dermatoloxía, feitas por especialistas que desde o Hospital de Ourense se desprazan cando corresponde. E iniciamos tamén a hospitalización a domicilio, HADO, que, como saben, neste momento se leva xa a todo o territorio comarcal.

O cadro de persoal nestes últimos cinco anos aumentou en 32 profesionais. E nos últimos anos fixemos distintas melloras, como a reforma do laboratorio de urxencias e melloras no equipamento de anestesia, de xinecoloxía e obstetricia, de esterilización e tamén na farmacia, ou tamén nas áreas de oncoloxía.

A actividade, como tamén é evidente, é unha actividade moi importante, de 39.000 probas diagnósticas, 62.000 consultas e 2.191 intervencións cirúrxicas, cunha demora de 37,4 días en espera cirúrxica e de 42,4 días para consultas.

O Hospital de Verín atende 26.230 persoas, cun descenso do 14 % de poboación nos últimos dez anos, e ten consultas de oncoloxía, nefroloxía, neuroloxía, dixestivo, reumatoloxía e cardioloxía integramente por profesionais do que son os servizos integrados de toda a área sanitaria, que se desprazan ata Verín. Tamén en cirurxía xeral, anestesia e en xinecoloxía reciben soporte desde Ourense. Tivo un incremento nestes últimos tempos de 48 profesionais, tanto en persoal facultativo como sanitario non facultativo e non sanitario.

Neste hospital a actividade tamén é unha actividade importante: 55.410 probas diagnósticas, 67.000 consultas e 2.042 intervencións cirúrxicas. A lista de espera ten unha resposta moi boa. Cunha espera cirúrxica de 31,4 días é a segunda de todos os comarcais, e, por tanto, a segunda de todos os hospitais de Galicia. Tamén en consultas, con 30,6 días, é a segunda.

E, por último, rematando este resumo na área sanitaria de Pontevedra e o Salnés, o Hospital do Salnés é un hospital que atende 73.201 persoas, cunha diminución de poboación nos últimos dez anos do 3,5 %. Este hospital iniciou a súa actividade no ano 2000, o 18 de decembro,



e nese momento contaba con dous profesionais para a atención en consultas, que atenderon ese día concretamente 40 persoas. Enseguida foi incrementándose a actividade, loxicamente, con todos os servizos que temos que cubrir. Agora mesmo pasamos, do ano 2008 ao 2019, a un incremento global do 33 %. Pasamos de 262 profesionais no ano 2008 a 350 traballadores, o que significa 88 profesionais máis. É certo que diminuíu o persoal directivo, que pasou de 4 a 2, pero nas demais categorías profesionais incrementáronse de forma notable.

E loxicamente houbo melloras asistenciais. Destaca a cobertura de todo o distrito por unidades de hospitalización a domicilio ou tamén que este hospital sexa o único da rede do Sergas con certificación IHAN, que, como saben vostedes é a Iniciativa pola Humanización da Asistencia ao Nacemento e á Lactancia, que é unha iniciativa da OMS e de Unicef.

Desde outubro de 2019 ponse en funcionamento tamén unha ambulancia medicalizada para o Salnés, que se ubica na área de urxencias.

No Plan director do Hospital Comarcal do Salnés investíronse 14 millóns de euros entre obra e equipamento —un plan que durou entre o ano 2009 e 2017, aínda que estamos neste momento na parte final—. Estas obras realizadas foron: a terceira planta de hospitalización —incremento de camas dun 45 %—; unha nova área de urxencias —desde logo, agora mesmo é das áreas de urxencias con maior superficie e con 39 locais fronte aos 18 que tiña anteriormente—; unha nova área obstétrica —pasouse dunha sala polivalente cunha bañeira no ano 2008 a un total de 5 locais, 2 salas de UTPR, 2 salas polivalentes e un posto de atención á recuperación—; unha nova área cirúrxica, que pasou de 3 a 5 quirófanos; unha nova área de recuperación postanestésica do hospital de día; unha nova área de diagnóstico por imaxe. E, en canto a consultas, pasou de 16 locais que había no 2008 a 29 na actualidade. Claramente é unha gran transformación do centro entre cando se iniciou, no ano 2000-2001, e o que temos neste momento.

A actividade é reflexo de todo isto que acabo de comentar. No ano 2019 realizáronse 66.849 probas, 85.458 consultas e 4.800 intervencións, moi cerca xa das 5.000. Os datos de lista de espera tamén son magníficos, como todos os comarcais. Na espera cirúrxica son 37,4 días e para consultas, 36,2 días.

Esta é a exposición, loxicamente resumida, do que foi a mellora desde os inicios —sobre todo nos últimos anos—. Pero na segunda intervención falarei dos proxectos de mellora que temos para os próximos anos.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señorías.



Señor conselleiro, como cuestión preliminar, o cancro combátese con I+D, con investimentos, non con lazos rosas. E non se combate un día só e con ese xesto, senón todos os días cos orzamentos. Así é como se combate. E mellórase a sanidade pública con investimentos e non con reformas sanitarias que levan tamén á privatización dos servizos de investigación, someténdoo aos intereses das multinacionais e non ao interese xeral, que debería ser outro completamente diferente.

Mire, vostede obvia completamente cal é o motivo polo que vostede está aquí. Vostede está aquí porque a Xunta de Galicia fracasou nos seus plans de desmantelamento da asistencia comarcal nos hospitais comarcais en toda Galicia, e particularmente porque sufriu unha derrota estrepitosa en Verín. Pasou por Verín en minuto e medio. Por certo, recoñecendo que tiñan unha programa para nacemento e lactancia pioneiro, e ademais avalado pola OMS —o único en Galicia—, non tiveron rubor ningún en suprimir o servizo do paridoiro. Se non é porque a cidadanía de Galicia se planta e lles planta cara a vostedes, alí seguían. Fíxéronlle recuar por unha medida arbitraria, completamente discriminatoria, e non contaban vostedes coa resistencia completa da cidadanía, con todo o que ía suceder.

Vostede está aquí hoxe porque a Xunta de Galicia tiña unha política de maltrato sanitario que foi contestada de forma abrumadora pola cidadanía de Galicia. Maltrato sanitario, non ten ningunha outra explicación o desmantelamento da sanidade comarcal en Verín, igual que noutros sitios aos que agora me referirei. Pero é que, ademais, vai acompañada polo estrangulamento do rural, porque a redución de servizos supón a redución de expectativas de futuro para a cidadanía que vive en comarcas como a de Monterrei, pero tamén en calquera das outras comarcas de Galicia ás que vostedes están asfixiando a raíz, particularmente, da reforma sanitaria do ano 2017, que foi, por certo, contestada pola maior manifestación —xunto con aquela outra que houbo contra a mina de Touro— dos últimos catro anos no noso país. Son, ademais, unhas medidas do seu departamento que producen unha fonda discriminación ás mulleres na atención sanitaria, e que xeran ou incrementan un risco denantes inexistente, cando se suprimiu o servizo de paridoiro no que agora tiveron que recuar.

Ben, podería explicar algo disto, ¿non? Porque veu vostede dar conta do que fixeron, non do que ían facer, do que levan feito. Ben, pois explique o por que desa decisión errática.

Mire, vostede vén aquí derrotado, e vén derrotada a Xunta de Galicia cunha rectificación que tivo que facer en toda regra porque, fronte ao seu intento de desmantelamento da sanidade pública no rural, fronte ao seu intento de maltrato continuado de carácter sanitario, fronte ao seu estrangulamento do rural e á súa discriminación ás mulleres, prevaleceu unha cidadanía que quería coidados, que quería sanidade pública, que quería xustiza social e xustiza territorial. Porque non nos abonda esa teoría hospitalocéntrica arredor de sete grandes centros e a desertización sanitaria do resto do territorio. Non, a xente quere outra cousa diferente.

Hai unha loita que evidencia unha conciencia por unha sanidade pública, e iso, ademais, puxo en pé non soamente a área sanitaria de Verín —áreas sanitarias, como tal concepto, que vostedes fixeron desaparecer—, senón a todas as áreas sanitarias do país e todas as comarcas do país. A reforma de 2018, ademais, levou a afondar en dúas ideas, na idea básica



da centralización dos grandes hospitais, detrás da cal se oculta unha idea básica de privatización cunha maior concentración de volume de negocio e de xestión de compras e servizos, a derivación á privada de forma estrutural. Son vostedes incapaces de planificar centros de sanidade públicos que atendan de forma estrutural todas as necesidades da poboación e apóianse xa de forma estrutural na privada, de tal maneira que renuncian —non é unha simple externalización, é unha renuncia— á asistencia sanitaria pública por parte da Xunta de Galicia. E está, ademais, baseada esta reforma do 2018 nun maior control político e nunha dinámica do hospitalocentrismo que relega a atención primaria e o reforzo dos hospitais comarcais como próximos á cidadanía.

Nós pensabamos que, como isto era unha comparecencia de propaganda, sería algo máis extensa na dotación dos hospitais comarcais —ou nas pretensións— e, xa que estamos en ano electoral, virían aquí a polo menos facer anuncios para intentar superar as dificultades que teñen os hospitais comarcais e que son denunciadas continuamente polas plataformas cidadás en defensa da sanidade pública, que son denunciadas polos profesionais e que son denunciadas polas persoas usuarias e pacientes. Por certo, persoas usuarias, pacientes e plataformas que agora vostedes intentan, unha vez máis, censurar. E isto é inadmisibile en democracia. Ou sexa, que vostedes suprimen o servizo de pediatría e entón os usuarios e usuarias non poden dicir que se suprime un servizo de pediatría, ou que falta un médico porque non se cobre a baixa, etc. Iso non se pode dicir, pódese facer pero non se pode dicir. E os usuarios e usuarias non poden queixarse, non poden poñer un papel agora dicindo: Aquí non hai servizo de pediatría porque a Xunta de Galicia non cobre unha baixa. Esa censura é inadmisibile e é signo da decrepitude deste Goberno, que finiquita xa unha década ominosa para o noso país, e tamén en atención sanitaria; que, en vez de satisfacer as demandas sociais, non pode evitar caer na tentación de reprimilas. Por se alguén aínda non o sabe, mediante unha instrución interna, o Sergas prohíbe desde hai unha semana que se poidan poñer carteis que falen destas cousas, carteis que falen da realidade do que está pasando. E aínda teñen a caradura de dicir nesa instrución que a liberdade de expresión ten límites, ten límites. (*Murmurios.*) ¡Claro que ten límites, claro que ten límites! E o límite é non poder denunciar as falcatruadas do Sergas, non poder denunciar o maltrato sanitario, non poder denunciar o estrangulamento do rural, non poder denunciar a situación na que quedan as mulleres como consecuencia das decisións económicas e das decisións sanitarias da Xunta de Galicia. Eses son os límites á liberdade de expresión, criticar o Partido Popular é o límite da liberdade de expresión. Pois non, señoras e señores, estamos en democracia e, polo tanto, as instalacións públicas non son o seu cortijo e non teñen vostedes dereito a facer iso.

Vén vostede aquí a dar conta sobre o que levan feito nos hospitais. E hai un enunciado aquí do que fixo, sobre todo, en relación co cemento. Pero moito menos —non sei se ao mellor o gardará como carta para a segunda intervención, xa cando os demais teñamos menos oportunidades de réplica— sobre a dotación, sobre a dotación de medios para os hospitais comarcais. É necesario, fai falta. Porque, claro, é que no Hospital da Mariña había partes nas que chovía, igual que en Verín. Cando chovía por fóra chovía por dentro, e entón era básico arreglalo, era básico. Pero á parte diso, o que fai falta, sobre todo, é persoal sanitario —e tamén persoal non sanitario que apoie as funcións que exercen os hospitais—, persoal, especialidades médicas cubertas, tamén capacidade de xestión —suprimida tamén coa reforma sanitaria—, atención primaria ben dotada, pediatras suficientes, etc.



Necesidades dos hospitais. Vén vostede aquí a falar do ben que están os hospitais comarcais en lista de espera. Moi ben, e as listas de espera non estruturais, o tempo ese que pasa dende que vas á consulta e che din que te chamarán para darche vez para a proba diagnóstica ata que che dan a vez, todo ese lapso de tempo que non figura na lista de espera, ¿cando o vai facer público? ¿Cando vai facer pública toda esa situación que leva a uns datos reais que nos colocan á cola do Estado, entre as tres peores comunidades autónomas? ¡Si, si, as listas de agarda non estruturais! Vostedes maquillan perfectamente todo o ben que saben e poden as estruturais. E das non estruturais ¿por que non temos datos oficiais? Díganos por que. Pois porque non interesa, porque a realidade sería outra. Veña aquí na súa quenda e comprométase a facelas públicas. É fácil ¿non? Pois comprométase nesa situación.

Como teño pouco tempo —vostede teno ilimitado pero os demais estamos acoutados—, quero facer varias referencias concretas a varios hospitais concretos de carácter comarcal. Para empezar, ao Hospital de Verín, en relación co paridoiro e máis alá do paridoiro. A primeira é esa broma pesada do consentimento reforzado para determinados servizos da prestación sanitaria. ¿Por que razón se ten que prestar —á parte violentando seguramente a Lei de autonomía do paciente, etc.— á parte do consentimento informado un consentimento reforzado en relación coa asistencia ao parto e ao nacemento dos nenos e nenas en Verín? ¿Por que? Mire, se a prestación sanitaria é a adecuada, non fai falta un consentimento reforzado sobre unha asunción a maiores da responsabilidade. E se non é a adecuada, o que non se pode facer é ofrecer a prestación alí. Ou unha cousa ou a outra, pero non a cuestión intermedia que vostedes pretenden implementar. Polo tanto, rectifiquen, se fai falta, a mellora da atención, particularmente con persoal sanitario, dótena e, se consideran que de ningunha maneira van quedar vostedes ben cubertos, fagan o que teñan que facer. ¿Non se atreven a prestar o servizo en condicións normais? Temos os mellores profesionais, temos o mellor servizo, dispoñan vostedes dos medios para que ese servizo poida funcionar.

Falta —como consecuencia tamén da recuperación do servizo— unha incubadora que permita os traslados, e a enfermería do paridoiro é insuficiente. Nas unidades de hospitalización —falo do Hospital de Verín— faltan carros de medicación; as fisioterapeutas teñen carga de traballo como para duplicar o servizo e non se fai; hai servizos infradotados —aos que vostede non fixo referencia—, en dermatoloxía, en trauma, en anestesia, en cirurxía, en reuma; en urxencias é mellorable, e o servizo de HADO é mellorable tamén.

Ao Hospital do Barco de Valdeorras —teño que ir rápido— poucas referencia fixo vostede —creo que ningunha, de feito—. Saíu a cidadanía esta fin de semana á rúa no Barco a pedir mellores servizos sanitarios, que se dote concretamente o servizo. Si, xa sei que vai dicir: Non, non, nós xa temos comprometido ese hospital agora, precisamente vostede me da pé a... Ben, ¿que fixeron ata agora?, ¿cales son os prazos concretos?, ¿cal é a mellora concreta na asistencia en atención primaria? Pois, seguramente, máis ben nada.

Mire as demandas concretas da Xunta de Persoal no Barco de Valdeorras: hai carencias en especialidades no hospital comarcal...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor VILLARES NAVEIRA: ...en rehabilitación e en físiolos; hai un problema que non é de xestión, un problema de como se reformou a lei, e non se dan atendidas, pola dispersión da poboación, todas as necesidades cos servizos cos que vostedes dotan o servizo do hospital comarcal; toda a rede de atención primaria, que é deficitaria, está sobrecargando o hospital comarcal, etc.

En Monforte —ao que tampouco fixo ningunha referencia— perdéronse servizos non sanitarios. Faltan referencias de carácter estrutural no servizo de dixestivo, no servizo de enfermería, nos técnicos de laboratorio, de farmacia, no cardiólogo —notoriamente insuficiente—, na rede de atención primaria, completamente desmantelada, que supón unha sobrecarga dos servizos de carácter estrutural, etc.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares, terminou o seu tempo.

Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: Quedo, coma vostede tamén, para a quenda de réplica, para seguir recordando... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Moi bo día, señor Almuíña.

¿De verdade que vostede, coa que está caendo, comparece aquí no Parlamento para facernos un relatorio desde a prehistoria dos hospitais comarcais a hoxe? ¿De verdade que ten estómago para vir aquí e facernos ese relatorio con todo o que está caendo? (*Aplausos.*) Eu de verdade que non saio do meu asombro. Eu estábo escoitando e a min —dígollo con franqueza— parecíame aquilo de: Había unha vez nun país moi lonxano, moi lonxano, un rei e un conselleiro que eran tan bos, tan bos, cos seus súbditos que ata mantiñan abertos os hospitais comarcais e lles mandaban cousas para alí.

É que calquera que estivese escoitando non acabará de entender o que vén facer hoxe vostede aquí. Porque vostede veu contar un conto de que hai hospitais comarcais e que lles mandan... Bueno, que están abertos. Porque, mire, o que vostede non contou é que, co decreto de xestión integrada que impulsou o Partido Popular no ano 2011, iniciaron o camiño de minguar os hospitais comarcais. Ao que logo se sumou a modificación da Lei de saúde do ano 2008 —modificación do ano 2018— na cal eliminaron as áreas sanitarias propias onde estaban inseridos estes hospitais comarcais. Vostede o que non contou foi que deixaron os hospitais comarcais como apéndice dos grandes hospitais, nos que van concentrando e centralizando os servizos e os recursos. Os hospitais comarcais quedan como meros apéndice.

O que vostede non contou é que todos os pasos que leva dando son para consolidar esa subordinación da atención primaria e dos hospitais comarcais aos grandes hospitais. Vostede



iso non o contou porque quere agochar a realidade. A realidade é que crearon un problema, que todo o mundo lles dixo que por aí non, que todo o mundo era consciente de cal era a folla de ruta do Partido Popular. E, con todas as medidas que foron tomando, a folla de ruta era minguar eses hospitais comarcais. Vostedes, pois, nesa folla de ruta foron eliminando recursos, servizos, que logo tamén enumerarei. E chegaron ao punto de eliminar o paritorio e o servizo de urxencias pediátricas do Hospital de Verín.

Vostedes crearon un problema e pretenden agora vir como salvadores solucionando o problema que vostedes crearon. Esa é a auténtica realidade. Onte reabriron o paritorio de Verín e as urxencias pediátricas, e Verín non se pecha. Xa está incorporado á historia de Galiza como unha mostra máis de dignidade colectiva, de dignidade colectiva dos veciños e das veciñas de Verín e da comarca de Monterrei, (*Aplausos.*) que saíron á rúa e estiveron pechados e pechadas sesenta e tres días para obrigalos a recuar. E, dende logo, son un orgullo de convicción, de exemplo, de resistencia, de defender o que é de todos, o que é público e o que é colectivo; neste caso, defender unha sanidade pública e de calidade, xa que vostedes están actuando continuamente para que isto non sexa así. E, por esta mesma razón, este vindeiro domingo día 9 van volver saír á rúas de Compostela miles de galegos e de galegas obrigándooos e dicíndolles que teñen que rectificar, e defendendo a sanidade pública e de calidade, manifestación que, evidentemente, o BNG apoia.

É inútil, señor conselleiro, que veña vostede aquí a traernos un estadillo. É inútil que intenten poñer un pin sanitario de censura. É inútil que pretendan amordazar os traballadores e traballadoras. (*Aplausos.*) É inútil que queiran impedir que se visualice cal é a realidade. É inútil que intente que non se saiba o que xa é un clamor. Ese plan do Partido Popular contra a sanidade pública de Galiza, perfectamente deseñado, premeditado, metodicamente executado, pois está xa ao descuberto e xa non enganan practicamente a ninguén.

Teño que dicirlle unha cousa —dígoo porque vostede fixo aquí un estadillo—. Mire, antes, nos hospitais comarcais, incluso non había ningún profesional. Porque chega vostede aquí e di que no Hospital do Salnés, cando se inaugurou no ano 2000, soamente había dúas consultas externas. ¡Claro, e antes non había hospital! Dígoo por se non o sabía, antes non había hospital. Claro, é que é un pouco duro escoitar como se pode vir aquí a facer un relatorio de vinte ou de trinta anos.

Porque, mire, a realidade de todos os hospitais comarcais é que os cadros de persoal están infradotados —que é unha demanda por activa e por pasiva de practicamente todos—. En canto ao caso do Hospital do Salnés, xa naceu pequeno, xa naceu con menos profesionais dos necesarios para a área que teñen que atender. Pero é que, a maiores, iso non se foi solucionando. Hai demandas no persoal de enfermería, que é insuficiente; celadores, máis que insuficientes. É unha queixa sistemática.

Mire, desde que se implantou a EOXI no Hospital do Salnés, eliminouse a Casa do Mar. O laboratorio da Casa do Mar foi eliminado e 50 persoas todos os días teñen que desprazarse ao Hospital do Salnés. Eliminaron neuroloxía e cardioloxía para a maioría da poboación que atende. Soamente atenden os veciños de Vilagarcía e de Vilanova. E soamente consultan, nin hai probas complementarias nin urxentes nin nada. O resto da comarca ten que ir a Ponte-



vedra. Eliminaron iso, eliminaron subministracións, servizos de almacén, informática, recursos humanos, a cita previa xa non funciona pola tarde, as análises de mostras ambulatorias non están, na resonancia magnética limitaron o número de estancias. Podo seguir enumerándolle a cantidade de cuestións que se eliminaron no Hospital do Salnés.

Efectivamente, despois de anos de demanda dunha ambulancia medicalizada para o Salnés, neste último concurso hai unha ambulancia medicalizada para o Salnés. Iso si, de rebaixa, cun técnico menos dos que estaban prestando servizo. Isto está supoñendo un problema. Está supoñendo un problema porque vostede sabe que, para chegar aos sitios e para facer determinadas manobras, como RCP o axudar o persoal de enfermería e facultativos, son necesarios os dous. Ademais, eliminaron unha ambulancia de 12 horas que existía en Vilagarcía e que era necesaria. Co cal vostedes o que fan son servizos *low coast* para os hospitais comarcais.

No Hospital da Barbanza, o servizo de urxencias, a súa ampliación, tiña que estar rematada en setembro, prometeron que ía estar rematada en setembro do ano 2019. Aínda non acabaron a segunda fase e faltan dúas ou tres máis. E vostede vén aquí a dicir que igual está para xuño de 2020, un ano despois. E veremos se iso é certo. O que vostede non di é que as especialidades, desde a eliminación das EOXI, se deciden desde Compostela. Iso significa que, aínda que hai prazas que teoricamente están no Hospital da Barbanza, os profesionais están en Santiago e van á Barbanza de vez en cando, cada día un profesional diferente. En oftalmoloxía teoricamente hai catro no Hospital da Barbanza, pero a realidade é que hai un e medio —un e outro que é medio porque ten redución de xornada—. Os outros dous están en Santiago. En uroloxía, o mesmo: de dous profesionais, un está xubilado e outro trasladado a Santiago. Vai de vez en cando un. Esa é a realidade.

En canto a listas de espera, en traumatoloxía, despois da primeira consulta, despois de pedir unha resonancia para a segunda, tardan un ano, ¡tardan un ano, señor conselleiro! Podemos falar do número de persoas que se derivan a Santiago continuamente para ingresar persoas maiores —que é un día si e outro tamén—, persoas que, dende logo, non teñen familiares con transporte para ir alí, que non teñen medios económicos, que non teñen acompañantes, que resulta que non se poden ingresar no Hospital da Barbanza porque non hai capacidade para facelo a pesar de que o hospital está preparado para poder facelo porque quedou a estrutura feita. Sabe que hai dúas terrazas na parte de atrás e que se podía facer, mais vostedes non queren dimensionar os hospitais comarcais para que atendan a poboación de referencia.

Podemos falar do servizo de limpeza. ¿Que servizo de limpeza se está ofertando no Hospital da Barbanza, señor Almuíña? Acaban de sacar un concurso onde eliminaron unha das dúas persoas que estaban contempladas na quenda de noite. Só hai unha persoa de limpeza para todo un hospital na quenda de noite, e na quenda de tarde non substitúen cando hai ausencias. Hai unha persoa para urxencias, partos, planta... E son as encargadas de baixar os *exitus*, de agardar a que chegue a funeraria. ¿Vostede cre que cunha persoa durante a quenda de noite se pode estar prestando un servizo minimamente de calidade? ¿Realmente o cre? (*Aplausos.*)

Seguimos.



En Verín, en reumatoloxía, dende o 1 de setembro, 1.700 persoas derivadas a Ourense; 500 intervencións previstas derivadas a Ourense. «Un parto non é un infarto», esa é a súa frase de orde, un parto non é un infarto. Mais os problemas dermatolóxicos supoñemos que son algo máis que manchas, ¿verdade? Hai melanomas, carcinomas... Suponse que unha poboación debería estar atendida. Vostede sabe que tipo de poboación é a desta comarca. Moitas destas 1.700 persoas non van ter posibilidade de ir a Ourense, e non están indo. Vostede sabe que hai información de que non están indo a Ourense a estas consultas.

Medicina interna. Desde o 2008 inauguraron a hospitalización a domicilio. Moi ben, ¿que hospitalización a domicilio están instaurando vostedes no Barco ou en Verín? Acaba de dicir vostede que, para toda a comarca, un médico e unha enfermeira. Isócronas de 15 minutos é o que teñen determinado, que se despracen en isócronas de 15 minutos un médico e unha enfermeira de luns a venres en horario de oficina, de oito a tres da tarde. E vostede di que está completa a atención a toda a comarca. ¿De que está falando vostede? *(Aplausos.)* ¿De que está falando? Están mentindo dun xeito abrumador. O resto do tempo que os dos PAC e a atención primaria se encarguen. E, mentres tanto, vostedes vivindo de anuncios e vivindo de titulares de prensa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Eu, dende logo, non sei o que queren vender nin a quen queren enganar.

No Barco xa non hai xefatura de sección de Medicina Interna, o xefe de servizo está en ampliación xa de xubilación. Cando se xubile, ¿que tipo de capacidade vai ter o Barco? ¿Vai deixar o Barco sen xefe de servizo e que dependa aínda máis de Ourense?

Seguirei despois falando dos que me quedan. Pero, en todo caso, señor Almuíña, eu agardo que vostede na súa segunda intervención sexa capaz de falarnos algo da realidade na que están os hospitais comarcais do noso país e non da prehistoria destes hospitais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Común da Esquerda, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

«Desde el punto de vista del Estado, la información se configura como uno de los servicios públicos de más hondo contenido y de más delicado tratamiento, ya que debe sujetarse a la obligación de promover el bien común en orden de formar sanos criterios de opinión y difundir la más auténtica conciencia de nuestra patria» —Decreto do 15 de febreiro de 1952 do Ministerio de Información—.

Podería ter vido vostede para comparecer sobre a censura nos centros sanitarios hoxe aquí, señor Almuíña. Pero prefire vir facernos anuncios publicitarios. Aquel Ministerio de Infor-



mación, aquel ministerio de censura, tiña tamén, eu creo, unha querenza por recortar a liberdade de expresión, por suposto, dos funcionarios e das funcionarias públicas. Hoxe, desgraciadamente, atopámonos cunha Consellería de Sanidade que tomou unha decisión creo que bastante contraria á democracia e á libre expresión, dende logo, das críticas que pode ter o persoal ou as persoas usuarias en relación coa súa xestión —a súa ou a de calquera outro conselleiro ou conselleira que poida estar no seu lugar, señor Almuíña—. Solicitámoslle inicialmente que rectifique nesta decisión de censura aos traballadores do Servizo Galego de Saúde.

Podería vostede ter vido a falar desa censura previa, pero desgraciadamente hoxe vén facernos anuncios. Tamén podería ter vido a falar da situación de atención primaria, do incumprimento dos acordos polos que se levantaron as folgas dos puntos de atención continuada e de atención primaria. Mesmo podería ter decidido vir comparecer para falarnos desa gravísima noticia que é que se amplíen as actuacións do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura en relación coa situación das persoas enfermas mentais no Hospital de Conxo. Vostede sabe igual ca nós que se abriron dilixencias por parte do Defensor del Pueblo, a través dese Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura, e que hai dous anos estivo vostede aquí contestando as nosas preguntas. Pero, desgraciadamente, a día de hoxe sabemos —tamén grazas ao Movemento Galego da Saúde Mental— que esa situación segue estando así tamén pola ausencia do seu compromiso, ausencia de publicación dun plan galego de saúde mental, o que levamos dez anos reclamándolle nesta Cámara. Vai rematar a lexislatura e vostedes seguen nunha situación na que lles dá absolutamente igual que se estea denunciando por parte deste Mecanismo de Prevención da Tortura que se vulneren dereitos fundamentais de persoas que están ingresadas nesa institución.

Tamén podería vostede, xa que vén hoxe con esa reivindicación ou con esa conmemoración do Día de loita contra o cancro, vir falar da saturación do Servizo de Oncoloxía no Complexo Hospitalario de Vigo. ¿Por que os doentes se amorean nas salas de espera? ¿Por que persoas enfermas de cancro teñen que soportar esperas pola falta de persoal sanitario e da maquinaria obsoleta? ¿Por que se maltratan persoas nunha situación de vulnerabilidade física e psicolóxica, como son as persoas enfermas de cancro?

Podería ter vido a tratar asuntos graves e importantes dentro da nosa sanidade pública. Pero decide vir hoxe falar dos hospitais comarcais, que, por suposto, son importantes —nós mesmas interpelamos en relación coa situación dos hospitais comarcais no pasado pleno—. Sen embargo, non vén hoxe aquí a trasladar a valoración —cuestionable, pero é a súa valoración— sobre a situación dos hospitais comarcais porque mostre un interese polos mesmos, senón porque vostedes teñen medo. Teñen medo á manifestación do vindeiro domingo —que, por suposto, vai ser un éxito—. Teñen medo á mobilización social das familias, á mobilización das mulleres, e a esa mobilización que —volvemos dicilo aquí— hai que agradecer a esas persoas que estiveron de maneira estoica pechadas dentro do centro, que se mobilizaron e que mesmo pasaron alí os días de fin de ano, de Nadal, reclamando un dereito básico e fundamental de atención sanitaria, que, nese caso era a reapertura do paridoiro. Vostedes teñen medo e por iso vostede hoxe vén aquí para facer esta comparecencia intentando trasladar datos positivos sobre a súa xestión que intenten desmobilizar unha manifestación que —insisto— vai ser un éxito.



Teño que trasladarlle algo, señor Almuíña. Ese peche, esa loita pola reapertura do paridoiro, non só supuxo un fito na loita polos dereitos das mulleres, polos dereitos das nenas e nenos, polos dereitos, en fin, dunha comunidade a ter asistencia sanitaria pública en equidade de condicións co resto do territorio, senón que foi máis alá. Non se trataba unicamente de falar do servizo do paridoiro, é unha pelexa dos homes e das mulleres dos concellos e das parroquias do rural, que lle están dicindo que teñen o mesmo dereito que calquera outro cidadán en Galicia a ter a mesma asistencia sanitaria. Iso é algo elemental, señor Almuíña, é un elemento que é básico da democracia nun país, que corresponde aos valores de equidade dentro dun sistema sanitario público. É do que hoxe debería vostede, probablemente, estar a falar aquí.

Nós xa o interpelamos no pasado pleno sobre esta cuestión, e hoxe sentimos moito que non poida estar pola tarde —por suposto o Consello Interterritorial tamén é relevante—, porque hoxe traemos unha moción que debateremos pola tarde para solicitar a este Parlamento que valore que a Xunta ten que blindar o dereito á asistencia sanitaria nas parroquias e nos concellos do rural.

Somos todas iguais, todas iguais, e todas temos que ter os mesmos dereitos. E o orgullo de ser galega e de ser galego no noso país é o mesmo para unha persoa que viva no Barco de Valdeorras, en Verín, en Vigo, na Coruña, en Cee ou en Lalín. Iso ten que cubrirse co acceso a dereitos e servizos básicos, un elemento que non se está a cubrir, porque, pese aos datos que vostede ofreceu hoxe aquí —escasos nalgún elemento—, nós xa apuntamos tamén no pasado pleno, na interpelación, que había carencias graves, moi preocupantes, de falta de equidade en relación, por exemplo, con esa hospitalización a domicilio, cos servizos de medicina interna, elementos que foron discutidos nesta Cámara por activa e por pasiva en relación cos riscos que corría a poboación de perder servizos neses hospitais comarcais. Creo que todas as portavoces de sanidade dos diferentes grupos parlamentarios desta Cámara, fundamentalmente da oposición, lle trasladamos a vostede particularmente —tamén na Comisión de Sanidade— a perda de servizos que todos eses hospitais estaban a sufrir. Pero non fixeron caso. É agora, porque teñen moito medo, cando veñen aquí comparecer para falar da situación dos hospitais comarcais.

Eu pregaríalle, señor Almuíña —porque non o aclarou no pasado pleno—, que vostede pedise desculpas e retirase esa enésima ocorrencia —se se me permite— que é ese consentimento reforzado. No pasado pleno pregunteille en que consistía. Vostede non contestou e tivemos que rexistrar preguntas por escrito. É así, funciona deste xeito.

Teño que lembrarlle que os colexios médicos galegos veñen de tachar de inadmisíbel ese consentimento reforzado que vostedes pretenden impoñer en Verín. Vostedes xeran inseguridade xurídica, inseguridade nos profesionais e nas familias. Non entendemos por que vostedes atacan as mulleres, as familias e os profesionais. Creo que isto foi un intento de escape, de correr cara a adiante, escaleiras abaixo, ante un problema que non souberon abordar. Produciron vostedes un problema, non souberon solucionalo e dedicáronse a correr costa abaixo, escaleiras abaixo, tropeizando e xerando máis problemas. Vostedes non poden resolver un erro con máis erros. Polo tanto, vostedes están a tempo aínda de retirar este elemento, que é de todo inadmisíbel, efectivamente, como din os colexios médicos, que choca



contra a norma que regula a autonomía do doente e que xera unha diferenza entre o tratamento a distintas persoas e entre os profesionais. A atención ao parto, e calquera outro tipo de atención sanitaria, é igual en todos os centros galegos, non precisa dun consentimento diferente. Vostedes non poden atacar a equidade, a base do sistema sanitario do que nos dotamos todas e todos e na que inicialmente había consenso por parte das diferentes cores políticas. Pero a día de hoxe xa non é así, e non é así porque vostedes atacaron o máis básico do sistema sanitario público: que haxa equidade, que é o elemento que nos unifica a todas e todos con independencia do concello no que vivamos.

Vou ir rematando porque non me queda máis tempo e continuarei na seguinte quenda.

Señor Almuíña, creo que hoxe perdeu vostede a oportunidade de vir desculpase aquí, de vir recoñecer que a xente que vai protestar o vindeiro domingo ten toda a razón do mundo, porque ve perigar un dos seus dereitos básicos como cidadáns, que é o acceso a un sistema sanitario público. Ten aínda unha quenda na que pode pedir desculpas, na que, ademais de dar anuncios de números e de ampliacións que non van calar a mobilización social, pode retirar as cousas que se fixeron mal. Aínda está a tempo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Bo día. Grazas.

Presidente, bo día.

Bo día a todos e todas.

Bo día, señor conselleiro. Permítame que inicie este turno de réplica felicitando as persoas que se van manifestar o domingo. É das primeiras veces que unha mobilización social tan potente consegue resultados antes da mobilización. A súa comparecencia é a súa primeira vitoria —a da mobilización, non a da Consellería—, e, polo tanto, creo que esa felicitación é moi pertinente.

Vostede comparece hoxe aquí e nós —recoñézoos— pensabamos que sería con algún anuncio consistente sobre os hospitais comarcais. ¡Nin iso! A parálise do Goberno e a incapacidade de reaccionar xa é tan evidente que nin sequera con algún anuncio. Fixo aquí unha lista da compra. Retrotraeuse, e por un momento pensei que ían apropiarse da Lei de sanidade de 1986 tamén, e que ía anunciar os hospitais comarcais ao fío diso. Bueno, fixo aquí unha llista. A ver se é posible que nos puidera indicar de cando é a primeira mellora dos comarcais que vostede anunciou. ¿De cando é? Porque é importante que saibamos todos que está vostede falando —do sistema de triaxe, por exemplo, que xa é increíble que non existira en todos os sitios—, de melloras que comezan hai moitísimos anos.

E vostede comparece hoxe aquí, curiosamente hoxe, curiosamente antes da mobilización. Como é casualidade o seu anuncio, sinatura incluída e Baltar mediante, do centro de saúde



da Rúa —¡sen terreos, eh!—, curiosamente o día antes da mobilización. (*Aplausos.*) ¡Causalidade, sen dúbida casualidade! Anos de protestas, anos de reivindicacións, anos de reclamacións, non hai terreo... E o día antes da mobilización, Baltar mediante, sinatura diante. ¡Non hai terreos, eh! E, se é por vostedes, non haberá centro de saúde. Pero hai que facer iso.

E vostede comparece aquí para dar unha serie de listas da compra dalgúns cousas, enunciándoas sen unha liña estratéxica en xeral, basicamente dicindo que invisten moitísimo. Hai quirófanos nos hospitais comarcais deste país que tardaron meses en ser utilizados porque vostedes puxeron os quirófanos e tardaron en poñer algunha máquina, incluso as camillas, que tardaron e permaneceron alí envoltas en plástico porque había quirófanos pero non había persoal para utilizalos. Non había. Había enfermos pero non había persoal para utilizalos. Cada vez que vostedes anuncian algunha mellora, os construtores frotan as mans. E está ben facer algunha obra, pero é moito máis importante ter persoal.

Vostede non falou de realidades que se levan reivindicando aquí durante moito tempo. ¿Por que temos o problema de que o servizo de traumatoloxía e tamén o de rehabilitación en Valdeorras agora moitas veces teñen que derivarse a Ourense? ¿Por que temos unha ratio de enfermeira por paciente no Hospital de Monforte inasumible, de máis de 30 persoas por enfermeira ou enfermeiro en noite? ¿Por que? ¿Por que antes se podían poñer marcapasos en Burela e agora teñen que ir a Lugo? ¿Por que hai sentenzas xudiciais na Barbanza que falan do problema de recursos humanos ás que vostedes non lles fan caso? ¿Por que aumentan as listas de espera alí nalgúns servizos? ¿Por que a metade do servizo de medicina interna do Hospital do Salnés se derivou a Pontevedra? ¿Por que algún aparello de raios de Vilagarcía —do Hospital do Salnés— se derivou ao de Pontevedra cando se estropeou o de Pontevedra e non volveu aparecer por alí? ¿Por que todo iso? ¿Por que o consentimento reforzado en Verín?

Aquí debatemos bastante ultimamente sobre a cuestión de Verín. Non por vontade do Goberno senón da oposición, pero debatemos bastante. E utilizaban vostedes un argumento polo que hoxe lle quero preguntar: os profesionais mandan. Incluso apelaron —terxiverando un pouco— ao Consello Galego de Colexios Médicos. Déalles explicación hoxe aquí sobre o que lle din sobre o consentimento reforzado, a ver se vai ser que á oposición non nolo queren dicir. Díganllelo a eles, que din que é inadmisibile, que causa inseguridade xurídica, que están vostedes facendo un problema de alarma e de inseguridade creando unha figura que non ten sentido —que é o consentimento informado reforzado—, e que iso xera unha sensación de debilidade e de inseguridade, e por tanto de desconfianza, nos profesionais. É o que dicíamos nós, pero olvídense de que o dicimos nós. Esa é a realidade dos hospitais comarcais.

Pero vostedes están atrapados, sen saída —como aquela película, frouxa película, por certo—. Están atrapados e sen saída. Non hai maneira de saír desta situación porque teñen a incapacidade de transformar. Abandonaron, abandonaron, unicamente xestionan situacións, moven dun lado para outro —como os pediatras— para ver se conseguen resolver algunha situación. Pero temos un Goberno incapaz de transformar. E iso en calquera escenario político é imprescindible, en calquera área é necesario, pero profundamente máis na área sanitaria. Un Goberno necesita ser



transformador, non que se dedique a mover papeis dun lado para outro intentando utilizar os problemas como escusas e non como retos. Temos problemas no sistema sanitario que non son culpa do Partido Popular. Moitos dos problemas que existen en todos os sistemas sanitarios non son culpa do Partido Popular, pero o Partido Popular non ten vontade de transformar a realidade, unicamente a utiliza como escusa. Di: ¡Ah!, hai un problema aquí que é xeral, pois xa está xustificadísimo, xa non temos por que buscar unha solución.

E así ocorre despois que vostedes desprezan a cadaquén que lles fai unha crítica. Porque vostedes son especialistas en buscar escusas. ¿Hai problemas de médicos de familia ou hai problemas de pediatras? A culpa é do Ministerio. ¿Hai folgas? Os sindicatos son uns interesados. ¿Hai mobilización cidadá? É que lles pagan buses e bocadillos. ¿Hai dimisións de xefes de servizo? É porque non saben. «Os xefes de servizo non sabían» —dixo o seu xerente en Vigo—. ¿Hai un problema en Verín cos partos? É impericia dos profesionais. ¿O Colexio Médico quéixase? Son corporativistas. ¿Hai unha asociación de usuarios que ensina citas que din que as listas de espera oficiais que publican vostedes son mentira? Son anécdotas do sistema. ¿Os partidos queixámonos? Somos alarmistas. ¿Hai concellos que teñen centros de saúde de máis de corenta ou corenta e cinco anos? Sempre teñen o problema os concellos, que non lles poñen os terreos para o centro de saúde, menos na Rúa que o asinaron vostedes o outro día. (*Aplausos.*) ¡Menos na Rúa!

Esta non é unha comparecencia nin sequera electoralista. Vostedes están intentando responder para ver se conseguen parar algo a mobilización. Sexamos claros, esta comparecencia ten sete obxectivos, ¡sete! Son sete notas de prensa, unha en cada comarca dun hospital comarcal. (*Aplausos.*) Esa é a intención.

Porque incluso foron incapaces de anunciar nada. En Verín, cando taparon o problema do paritorio de Verín —que foi unha decisión política e demostrouse, porque se podía resolver—, aínda despois anunciaron algún investimento máis. Bueno, intentaron tapar algunha cosa. Aquí nin sequera. Xa non lle digo que sexa electoralista, é intentar parar unha mobilización. E este é o problema do sistema, están vostedes a outra cousa. Este Goberno non está a resolver os problemas da sanidade, está a outra cousa: titulares, algunha foto que poida resolver algo... ¡Están a outra cousa! Isto xa non lles importa.

Noutras cousas si hai electoralismo. Voume permitir citar algunha cousa. Fun incapaz de atopar as veces que votaron en contra da hemodinámica 24 horas en Ourense. E fun incapaz de atopar o número de veces —porque foron moitas— que advertimos —sempre co «non» e coa alporización da bancada popular— de que a anunciarían no 2020. Ano 2020, ano electoral, anuncio. Creo que é un exemplo marabilloso, porque debe ser que agora, imbuídos dalgún espírito divino, atoparon que ese era un problema que había que resolver. Os profesionais hai tempo que o din. Por certo, faise nunha sala que estaba dende o anterior Goberno, ese que vostedes deostan tanto. Utilizan agora un recurso que xa tiñamos, e anuncian agora no 2020. Por certo, se é como a de Lugo, igual o anuncian agora pero non lles vai dar tempo de poñela antes das eleccións, porque vista a velocidade coa que toman as cousas...

E este é o problema. Temos un Goberno incapaz de reaccionar, un Goberno que está ante sentenzas xudiciais que lle din que fai política de persoal fraudulenta e torticeira —estou



citando literalmente sentenzas xudiciais—, fraudulenta e torticeira. E non hai ninguén que saiba dicir neste Goberno nada máis que dúas frases: unha —que a dixo vostede, señor conselleiro—, «é o que hai»; dúas —que a dixo a responsable de recursos humanos—, «non sempre contratamos así», o que é todo un logro, todo un logro.

Vostedes foron incapaces de resolver. Tiveron algunhas oportunidades. Hai algúns problemas que evidentemente non se poden resolver dun día para outro, claro que non. Tiveron algunhas oportunidades de resolver cuestións claves no sistema sanitario galego. Deixaron pasar oportunidades, deixaron pasar a oportunidade de resolver o problema de Povisa, deixaron pasar a oportunidade de resolver os problemas de como afrontamos os comarcais e reduciron persoal. Porque este é o problema do sistema, que vostedes teñen un problema de persoal. Hai déficit e hai unha precariedade inasumible sobre a que aquí o señor Feijóo mente constante e descaradamente, mente constante e descaradamente sabendo que mente. E hai un problema de planificación, un problema que vostedes concentran —porque este é o problema dos comarcais— en dúas vías: baleiran a atención primaria e concentran a atención hospitalaria. E a atención primaria —como todos os especialistas nos están indicando— é o futuro do cambio de modelo de todo o sistema. Non é que haxa que cambiar o modelo de atención primaria, que si, é que hai que cambiar o modelo do sistema e ten que ir focalizado á primaria. Vostedes sábeno perfectamente. Máis do 80 % dos problemas son crónicos, e aí está a atención primaria. Hai que dotala de máis recursos, dotala de máis multidisciplinaria en termos de atención sanitaria.

E iso é o que lles están dicindo os profesionais, que logo, cando vostedes non lles fan caso —porque os convocan a 12.537 comisións das que nunca sacan ningunha conclusión máis que dicir «xa estamos facendo todo»—, os profesionais dimiten e vostedes din que non teñen nin idea. Van paseando xerentes por aí que o único que fan é atacar profesionais. E ese é o problema: baleiran a atención primaria para levala aos hospitais, e baleiran os comarcais para concentrar todo nos hospitais clínicos das cidades.

E este é o problema. Vostedes, ante un problema, non son capaces de atopar unha solución, por iso teñen este problema. Non vai haber unha manifestación o domingo unicamente polo problema de Verín, non é iso. Se o están interpretando así, pódome equivocar pero nós cremos que non é iso. Axuda a que exista esta mobilización. Foi grave e é unha preocupación. Pero hai moitísimos máis problemas e vostedes están intentando taponar esa situación cunha rolda de prensa a sete bandas aquí que non lles vai resolver nada. Utilizan os problemas como excusas e hai que utilízalos como retos. Pero en realidade ao final é que a vostedes isto non lles importa. Vostedes están a outra cousa. Por favor, non toquen moito máis que xa lles queda pouco.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Señor presidente, señor conselleiro, señorías, bo día a todos.



En primeiro lugar, falando do Día de loita contra o cancro, que se celebra hoxe, gustaríame resaltar, gustaríame agradecer e gustaríame poñer en valor os programas de prevención que se están a facer pola Consellería. Ultimamente instaurouse —e xa se estendeu a toda a comunidade autónoma— o Programa de cancro de colon, e estase a incidir agora no Programa do cancro de cérvix. Creo que a investigación é moi importante, pero as capacidades de investigación dunha comunidade autónoma ao mellor non son todo o efectivas que poderían ser. Pero, dende logo, no que son os estilos de vida saudable e a prevención, creo que neste momento se está a facer marabillosamente ben por parte da Consellería e queremos felicitalo dende o Grupo Popular. (*Aplausos.*)

E a min gustaríame comezar agradecendo a súa presenza neste hemiciclo por petición propia para desmontar dúas das moitas falacias ás que nos teñen acostumados os grupos da oposición. Nós sabemos que a sanidade pública é un tema moi manido neste salón e que permite uns altos graos de demagogia diante da poboación pola súa importancia e pola sensibilidade social existente en relación coa saúde. Estamos fartos de escoitar falar de desmantelamento. Dicionario da Real Academia Galega: «Desmantelar: Destruír; desfacer; facer que algo deixe de funcionar interrompendo a súa actividade». Creo que non ten nada que ver co que vostede manifestou neste hemiciclo nos minutos anteriores.

E fálase tamén da utilización da modificación da Lei de saúde de Galicia para acadar ese desmantelamento. Antes falábase de «peche». Con «peche» xa non se atreven. Agora son «desmantelamentos» ou, para o señor Villares, «intentos de desmantelamento». Falan desa modificación da Lei de saúde e din que era, efectivamente, para acadar ese desmantelamento. E vén vostede demostrar con eses datos —con datos máis que suficientes aínda que para algún voceiro parezan escasos, que primeiro lle parecen escasos e despois di que non lle gusta que dea números, tampouco quedou excesivamente claro na intervención— o que fixo a Lei de saúde: blindou os distritos sanitarios, blindou os hospitais deses distritos sanitarios e permitiu, ademais, a cobertura legal de consultas entre hospitais, que non estaba nada clara. Permite tamén non ter que deixar en moitos casos as persoas do rural sen asistencia, porque esa lei facilita que os profesionais do hospital de referencia, do hospital máis grande, se poidan desprazar nun momento determinado, nunha baixa dun profesional ou ante imposibilidades de cobertura, ausencias que se cobren desde ese hospital principal.

Pero, miren, estamos moi acostumados ás *fake news*. *Fake news* é unha palabra anglosaxona, pero en galego temos un dito popular que é fantástico, chámanse «trolas». Cando eu era pequeno falabamos sempre das trolas. (*Risos.*) (*Aplausos.*) E alá polo ano 2012, antes de chegar eu ao Parlamento, había un panfleto —do que xa falou o presidente— no que se dicía que se ía cobrar por ir ao médico 67 euros; por un día de hospitalización, 513; por ambulancia, 374; ou por ecografía, 336. E iso facíase utilizando torticeiramente as taxas dos servizos que se lles prestan a entidades externas, como seguros de coches ou seguros privados. ¡Claro!, ¿que se quería facer? Enganar a poboación cunha trola. Para gobernar ou para intentar gobernar serven as trolas.

Tampouco se lles pagou aos médicos por dar altas —para min foi unha falta de respecto total e absoluta como profesional— nin tampouco se cobrou polos sillóns do Cunqueiro; sillóns que, por certo, para algunha persoa que estivo alí cun familiar ingresado son camas.



Hai camas para durmir de acompañante e aínda por riba non se cobra. ¡Outra trola! (*Murmurios.*) Díciase que o Hospital Álvaro Cunqueiro era un hospital privado. Hai unha sentenza xudicial que di que é un hospital público. ¡Outra trola!

E o tratamento dos enfermos de hepatite C aquí deostouse, e metéronse con dúas persoas, dous cargos públicos do sistema. Nun auto retiráronselles todas as acusacións que había sobre eles. E lendo o auto creo que queda claramente especificado que é incuestionable, o auto non deixa lugar a dúbidas. Nin se pediron desculpas nin se volveu falar deste tema por parte dos grupos da oposición.

En canto ás listas de espera, as listas de espera galegas son as cuartas mellores de España. Calcúlanse exactamente co mesmo sistema de cálculo en todas as comunidades autónomas. Pero aquí non serve. Miren, voulles dar un dato que atopei de casualidade. O Instituto Nacional de Estatística fixo unha enquisa de calidade de vida, e nun dos ítem desa enquisa preguntaba á cidadanía: «Durante os últimos doce meses ¿ten necesitado algunha vez asistencia médica, excepto o dentista, para vostede mesmo?, ¿recibiu asistencia médica cada vez que realmente o necesitou?» E se a persoa manifesta que non foi atendida danlle dous grupos de causas para xustificar por que non foi. O grupo primeiro inclúe que era moi caro, que estaba moi lonxe, que non dispuña de tempo ou que había listas de espera; no segundo grupo, non coñecer ningún bo especialista, ter medo aos médicos, aos hospitais, ás probas, esperar a ver se o problema mellora espontaneamente ou outras razóns. ¿Saben vostedes, señorías, cantos galegos manifestaron na enquisa do Instituto Nacional de Estatística —non do Partido Popular— que non foran atendidos, por algunha destas causas, no médico? O cero por cento. (*Murmurios.*) Está publicado. (*Aplausos.*)

E, evidentemente, todos coñecemos casos individuais de esperas, nalgún caso de esperas prolongadas, máis prolongadas do que debería. Pero, evidentemente, nos millóns de atencións que se fan cada ano no sistema público de saúde eses problemas de listas de espera son insignificantes. Son moi relevantes para a persoa á que lle tocan, pero no conxunto non se pode facer un todo con eses casos.

Afirmase de xeito reiterado que houbo recortes na sanidade pública galega e que hai menos persoal que cando gobernaba o Bipartito, escoitámolo millóns de veces. E fanse os cálculos a partir dun orzamento do ano 2009 que tiña 2.000 millóns de euros de máis, que aínda estamos a devolver por parte do Goberno galego. E, efectivamente, baixou o gasto sanitario nos anos centrais da crise. Pero ¿como se fixo? Fíxose reducindo a factura farmacéutica, limitando os investimentos e controlando os gastos de persoal con conxelacións de salarios, pero mantendo sempre o gasto de funcionamento dos centros propios e incrementando o gasto de capítulo I mais capítulo II —sen concertos— mais capítulo IV —sen farmacia—; é dicir, o que era a asistencia sanitaria —e demóstrase constantemente nas cifras de actividade— sempre foi cara a arriba.

Véxase o Informe do Consello de Contas —manéxanse moitas veces aquí os informes do Consello de Contas— correspondente ao ano 2017: o número medio de profesionais que prestaron servizo no organismo autónomo durante o 2017 foi de 38.044 persoas, 1,1 % máis que o ano anterior. Aquí sempre se falou de que a cifra de 38.000 traballadores que citaba o



xerente do Sergas era falsa. Pois é certa segundo o Consello de Contas. E de todos os orzamentos autonómicos aprobados nese ano, o que dedica máis porcentaxe á sanidade pública é o galego, o 41 %. Non hai ningún orzamento autonómico que chegue.

Tamén temos a falacia reiterada do afán privatizador que vai no ADN do PP, o de que queremos pechar os comarcais para favorecer a privada. Informe do Consello de Contas do mesmo ano 2017: gasto en concertos, 202,5 millóns euros, un 10,2 % menos que o ano anterior, e representa o 5,4 % do gasto total da Consellería. Hai que recordar aquí que nos anos 2008 e 2009 foron 224 e 228 millóns de euros, non 202. (*Murmurios.*)

A profecía sobre a Lei de garantías era que se ía privatizar, que era un choio para as empresas. ¡Nin unha soa persoa atendida fóra do sistema de garantías no sistema público, todas atendidas no sistema público!

O Informe de calidade de vida da OCDE acaba de saír publicado e dásele a máxima puntuación a Galicia en seguridade cidadá, que é un 10; e en sanidade e saúde pública, un 9 sobre 10. É un informe da OCDE. E creo que non ten nada que ver coa imaxe que se está manifestando constantemente neste hemisferio dunha sanidade que pretende arranxar o secretario xeral dos Socialistas de Galicia, o señor Caballero. Manifestouno estes días. Sería interesante que dedicase o seu tempo a conseguir que o goberno do señor Sánchez nos devolvese os 200 millóns de euros que nos ten atrasados —xa sen falar dos outros 170—. (*Aplausos.*)

Pero tamén quería desfacer outra trola, na que eu insistín moito aquí moitas veces, sobre os médicos que emigran ao estranxeiro. Eu pregunteilles aos presidentes do Consello de Colexios Médicos, ao galego e ao nacional, cantos deses médicos que pedían a certificación marchaban ao estranxeiro. Pois agora temos cifras, agora publicounas o Consejo General de Colegios Médicos de España. No ano 2019 solicitáronse 4.100 certificados de idoneidade para exercer a medicina fóra de España, que foron solicitados non por 4.100 médicos, senón por 2.500; é dicir, como caduca aos tres meses, vólvese pedir. Os que realmente marcharon foron 433, o 17 % do total de médicos que o solicitaron, e o 10 % do total de solicitudes. A comunidade autónoma onde se solicitaron máis foi Cataluña, 591; e marcharon 229. O seu colexio profesional de Barcelona afirma que, claro, 50 eran cataláns, 27 eran doutras comunidades autónomas, e 150 eran médicos estranxeiros que viñeran traballar a España. Médicos estranxeiros: de 229, 150. Eu creo que ese argumento hai que deixar de utilizalo porque non é un argumento real.

Podíamos falar do Servizo de Pediatría do Hospital de Verín, un servizo que non pechou o Partido Popular, que estaba pechado dende o ano 2006. Non había pediatría hospitalaria, pero iso tampouco interesa.

Mire, señor conselleiro, non vou falar de máis trolas, creo que contamos xa suficientes. Queremos agradecer a súa comparecencia. Creo que quedou meridianamente claro que nin se desmantela nin se pechan. É unha cuestión que se está a reiterar —como dixo ben vostede— cada vez que se acercan as eleccións autonómicas. Facilitou datos, hospital por hospital, de persoal, de investimento ou de incremento de servizos que demostran que isto é unha falacia recorrente. Evidentemente, hai problemas puntuais para cubrir especialidades —sabémolo todos—, como traumatoloxía nalgún hospital ou dermatoloxía nalgunha área. Pero, mire —xa o dixeran



eu aquí—, non é un problema galego. En Teruel, capital de provincia, son 350 os quilómetros a Zaragoza, ida e volta, para ser atendido por un traumatólogo ou un dermatólogo.

Dende o Grupo Popular, señor conselleiro, instámolo a continuar mellorando a atención no rural galego e a seguir dotando os hospitais comarcais galegos con máis servizos, máis persoal e máis investimentos, necesarios para o desenvolvemento dese rural, que é de todos.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Réplica do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): Señor presidente, señorías, a verdade é que creo que comparecemos e traballamos con humildade. Non todo está feito, evidentemente, pero o que non se pode é descoñecer os datos. E nós vimos presentar datos, os datos de dedicación do orzamento da comunidade autónoma —como dicía o portavoz do Partido Popular, do 41 %—. Somos das comunidades que aprobamos orzamentos todos os anos, e iso fai posible, desde logo, a mellora dos servizos, especialmente do sistema sanitario. A día de hoxe moitísimas comunidades autónomas están sen orzamento. Galicia teno aprobado e con incremento; e cun orzamento en sanidade, en números absolutos, que xamais tivo a sanidade galega no seu conxunto. Incluso con orzamentos superiores da Xunta de Galicia, na época do Bipartito dedicaban o 35 %. Tamén é certo que posteriormente se demostrou que era un orzamento inflado e que non contaba a realidade dos ingresos. Pero este orzamento, o que ten neste momento a Xunta de Galicia dedicado a sanidade, é o maior da historia. Como digo, nós vimos aquí a dicir que avanzamos de forma importante, pero temos camiño aínda por diante para seguir avanzando.

Nesta segunda parte falarei dalgunhas das actuacións. Por imposibilidade de tempo, non poderei describir en detalle cada unha delas —ben é certo que, por exemplo, mañá hai unha pregunta sobre o Hospital do Barco de Valdeorras e poderemos ampliar—. Pero, desde logo, si imos dicir as actuacións previstas no ano 2020 que afectan a todos e cada un dos sete hospitais comarcais.

Nós, fronte a palabras estériles, presentamos feitos, realidades; e fronte a declaracións de peches e recortes, a Xunta de Galicia pon máis servizos. É un tema recorrente en cada elección, e a verdade é que ultimamente, como houbo moitas eleccións, pois houbo que dicir moitas veces que se pechan os hospitais comarcais. A realidade, está claro, é contraria. Sobre os hospitais comarcais a oposición non fai máis que crear alarmismo, difundir falsidades sobre a súa existencia e o seu futuro. É unha oposición que falta continuamente á verdade cando di —como dicíamos antes— que a idea do Goberno é recortar e pechar. Desde logo, non é esa a realidade.

Miren, no Hospital Virxe da Xunqueira, de Cee —comentaba antes o que fixemos nos últimos anos—, agora mesmo xa está en vigor a ampliación do servizo de diálise a tres días máis en horario de mañá.



Tiñamos luns, mércores e venres, e agora teremos martes, xoves e sábados. Con isto imos cubrir ata 48 pacientes —practicamente van ser todos os desa comarca— que non van necesitar ir ao Hospital da Coruña, salvo que, por condicións especiais dos propios pacientes ou que voluntariamente os pacientes o desexen, quixeran ir. Pero, desde logo, imos evitar desprazamentos, como digo, dunha parte da poboación que está nun momento difícil da súa vida e que, ademais, recorre durante tempo a este tipo de tratamento.

Tamén imos abrir unha consulta de cardioloxía de alta resolución para poder facer diagnóstico en todo nunha mesma consulta e evitar desprazamentos —como pode ocorrer agora— á cidade da Coruña.

En oftalmoloxía tamén vai haber unha unidade de retina neste centro. Imos reformar o servizo de urxencias e as áreas de atención ao paciente e traballo social, tamén fundamentais para a atención e para gardar a confidencialidade que necesitamos en cada área.

Na área sanitaria de Santiago e A Barbanza, concretamente no Hospital da Barbanza, polo que se refire a esta área asistencial, en xaneiro acabamos de abrir a Unidade de Rehabilitación Cardíaca. E finalizaremos tamén o novo servizo de urxencias —que vai aumentar en espazos, en servizos e, loxicamente, tamén en persoal— posiblemente en xuño de 2020.

A portavoz do BNG dicía que tardamos. Ben, polo menos están dicindo que se fan obras, e obras importantes, que van cambiar radicalmente a atención nese punto, nese punto tan importante situado no concello de Ribeira.

Hai un investimento en total desta obra de 1.400.000 euros e as novas urxencias van ter unha nova área de admisión, sala de espera de pacientes, sala de espera para familiares, sala de triaxe, dúas consultas filtro, despacho de altas, aseos públicos, oito boxes, un box de críticos, box de pediatría, control de enfermería, sala de observación con oito camas e aseo, sala de observación con cadeiras e aseo propio, sala de observación pediátrica, oficinas de limpo, almacéns, sala de estar de persoal e sala de médicos. Evidentemente, cambiamos, ampliamos e melloramos a circulación dentro deste servizo, que tan necesario é en momentos de incremento das atencións urxentes. Pásase de poder atender 25 pacientes nun pico de urxencias a atender 38.

Tamén estamos agora co proxecto de reformas de salas de endoscopias dixestivas. Imos ampliar o que é a superficie para endoscopias, pero tamén a sala de recuperación de doentes tras a exploración con sedación —hoxe en día unha porcentaxe altísima realízase con sedación—. E tamén unha área nova de desinfección de endoscopios con ventilación e amplitude suficiente, ademais doutras reformas. Tamén é un investimento importante, case 250.000 euros, que será realidade en breve.

Estamos estudando tamén a obra para mellorar o hospital cun hospital de día oncolóxico.

Paso á área de Lugo, concretamente ao Hospital de Monforte —despois dinme que non falo duns e doutros; falo de todos tanto na primeira intervención como nesta segunda—. Como dicía antes, o Hospital de Monforte ten as mellores listas de espera cirúrxicas, con 31,2 días,



e é o terceiro na demora en consultas, 31,1 días. Vaise facer a integración funcional dos tres laboratorios da área e implantaremos o Programa Hermes, que, como saben, o que fai é incrementar a relación directa entre a atención primaria e a atención hospitalaria. Integramos tamén funcionalmente servizos hospitalarios para unha coordinación entre os tres hospitais, especialidade a especialidade. Empezaremos concretamente polo Servizo de Neuroloxía. E imos pór en marcha un hospital de día de procesos asistenciais.

O plan director xa presentado consta de cinco fases e dun total de 15 millóns de euros, como digo, no Hospital de Monforte. E a primeira fase será o novo hospital de día oncohematolóxico e o de procesos asistenciais e a ampliación da farmacia; ampliación da farmacia que vai sempre unida a unha creación ou a un incremento dos hospitais de día oncolóxicos.

Este plan director no seu conxunto vai actuar en todo o hospital, transformando todas as áreas de hospitalización e iniciándose na planta de pediatría e xinecoloxía.

Na Mariña temos un plan director que o está transformando. De feito, os usuarios da Mariña xa coñecen esa ampliación cun novo edificio de hospitalización, hospitais de día, consultas e nova entrada a este hospital. Como digo, remataremos a fase 1 B no mes de xuño. E estamos preparando —licitando xa— o proxecto técnico de execución das seguintes fases do plan director. Concretamente a fase 2, que vai dirixida a todos aqueles servizos non afectados na outra fase, e van ser revisados e mellorados de forma moi importante. E tamén estamos na fase de inicio de obra das envolventes térmicas do edificio deste hospital. Só dependemos neste momento de que o Concello nos dea a licenza municipal —levamos retraso—. Está-molo solicitando porque é unha obra de 1.824.000 euros —de fondos europeos— para mellorar, como digo, as envolventes, a carpintería exterior.

Tamén aquí, igual que no Hospital de Monforte, imos implantar o proxecto Hermes, xa implantado na área de Lugo. E imos mellorar de forma importante esa comunicación entre unha e outra liña.

Imos facer unha reforma dos espazos do servizo de urxencias e implantamos o Sigur. O Sigur é un aplicativo dos servizos de urxencias que nos vai dar o control do paciente desde que incluso é captado polo 061 ata que ingresa no servizo de urxencias e acaba en alta ou ingreso hospitalario. É un seguimento automático que vai eliminar o papel en toda esa atención; e, desde logo, sempre vai haber un médico responsable dos pacientes. Xa é utilizado nalgún outro hospital e, como digo, este vai ser un dos primeiros. E tamén iniciaremos un programa de fisioterapia para pacientes crónicos.

No Hospital do Barco temos xa licitada a reforma da zona de consultas externas. Iniciouse o proceso de contratación, de feito, o 2 de decembro. E estamos tratando de rematar eses trámites para poder iniciar a obra. O proxecto contempla actuar sobre unha superficie de 808 metros cadrados, cun orzamento estimado duns 477.000 euros e cun prazo de execución de 5,5. A reforma do hospital de día de oncoloxía e o de dixestivo, e da unidade de cirurxía maior ambulatoria e farmacia, tamén neste momento están na fase de redacción de proxecto e supervisión. E calculamos que poderemos licitar esta obra entre febreiro e marzo deste ano 2020, cun investimento, moi importante tamén, de 900.000 euros.



Ademais, temos no orzamento de 2020 uns 500.000 euros dedicados a equipamentos para este hospital, que decidirán a xerencia cos xefes de servizo dos servizos correspondentes priorizando adecuadamente o que corresponde. E neste momento temos xa, coa contratación dun último profesional, a ampliación a nivel comarcal do HADO, da hospitalización a domicilio. Como saben, o Plan galego de hospitalización a domicilio é pioneiro, presentado por primeira vez nunha comunidade autónoma, o que leva a que en moi pouco tempo teñamos a cobertura do cen por cento da cidadanía.

No Hospital de Verín, na área asistencial, no primeiro trimestre deste ano 2020 comezarán as consultas de enfermería xinecolóxica, de menopausa e solo pélvico, e nos seguintes meses haberá unha extensión da pilotaxe do Programa galego de cribado de cancro de cervix. Despois do primeiro, que se fai na área de Lugo, farase no distrito de Verín.

En canto a obras, é moi importante a construción das novas urxencias e PAC. Cunha localización que tal vez non é a mellor neste momento, e cun espazo escaso, practicamente se vai triplicar o espazo dedicado a estas accións, ás actuacións urxentes que necesiten neste distrito.

O investimento para a área de urxencias estímase aproximadamente nuns 2,3 millóns de euros. Nos orzamentos do 2020 prevese unha dotación de 300.000 euros para equipamentos deste hospital.

E no Hospital do Salnés estamos agora mesmo na apertura e inicio da actividade do novo hospital de día oncolóxico, que permite o tratamento de quimioterapia a pacientes oncolóxicos da comarca do Salnés e evita desprazamentos loxicamente importantísimos en pacientes que están nunha situación ás veces complicada. Evitar eses desprazamentos é un obxectivo claro, unha estratexia clara, da nosa consellería para mellorar a calidade da atención.

E tamén estamos coa nova central de esterilización, que é a última obra dese plan director para completalo de forma definitiva. Cun investimento de 600.000 euros imos pasar da superficie que hai agora, de 73 metros cadrados na zona esterilización, a 246 metros cadrados. E ademais estamos tamén traballando neste momento cun proxecto moi interesante, que é o proceso de cirurxía de cadeira con alta precoz, polo que os servizos de traumatoloxía e rehabilitación pretenden reducir as estadias para que os pacientes se incorporen pronto ao seu domicilio ou ao seu traballo.

Todo o presentado aquí son actuacións reais que constan en proxectos ou incluso licitacións e que imos pór en marcha, como digo, ao longo destes meses. Nós tratamos de traer feitos, traer realidades, e, desde logo, contrastar datos. E é curioso, porque falar do que fala a oposición é moito máis sinxelo, falar de elementos aínda que logo entren en contradicións. Din sempre antes das eleccións que o Partido Popular, o Goberno do Partido Popular, sempre recorta. Pero resulta que cando gobernaron, cando gobernou o Bipartito durante catro anos, pois o que fixo en Verín foi precisamente pechar o servizo de pediatría.

E dicía o señor Villares tamén algo interesante. Falaba da área sanitaria de Verín. Curiosamente Verín, antes da lei, non era nin área sanitaria nin distrito sanitario. Non existía. (*Pro-*



núncianse palabras que non se perciben.) O que fixo a reforma da lei foi precisamente crear un distrito, coa mesma identidade que calquera outro hospital de Galicia. Igual que o ten o Hospital de Ourense, que é distrito, teno o de Verín, que non o tiña. Polo tanto, ás veces xorden estas contradicións.

E tamén fala a oposición de que, cando goberna o Partido Popular, se incrementan os recortes e se aumenta a privatización. Curiosamente, na época do Bipartito foi cando máis gasto houbo en centros privados. Polo tanto, o que din antes das eleccións, cando gobernan —poucas veces aquí en Galicia, grazas a Deus— pois vai, desde logo, xusto á contra.

O peche dos hospitais comarcais sabemos claramente que son slogans electorais que utilizan repetidamente —e sen pórse, ademais, colorados, que podía ser pero tampouco é así—.

Miren, vou comentarlles, porque o repiten sempre, o tema da Rúa. O tema da Rúa é, como outras áreas de Galicia, o dun concello que pide, que solicita —e entendemos que necesitan—, un novo centro. Pero curiosamente a última petición que houbo por parte do Concello da Rúa na anterior lexislatura foi da alcaldesa —nese momento era a alcaldesa do BNG, porque creo que era un goberno que compartían, dous anos o BNG e dous anos o Partido Socialista—. Entón, curiosamente, a petición que tiven, e pola que firmei un convenio coa alcaldesa, non foi outro centro de saúde. Pedíume un ascensor para o centro de saúde, que se instalou con ese convenio que firmamos. O que quere o novo alcalde da Rúa é un novo centro de saúde, e o que firmamos foi un protocolo. No momento en que o alcalde consiga finalizar o procedemento para pasarlle esa parcela á Consellería, a Consellería vai construír.

Pero quero dicirlles que non digan «¡ah!», porque agora vou contar o caso de Moaña. En Moaña pasa exactamente igual. Firmamos un protocolo coa alcaldesa de Moaña, do BNG, e dixemos que, en canto a alcaldesa —que ten moito interese en facer un centro de saúde, igual ca nós— poña a parcela á disposición, iniciaremos o proxecto e a obra do novo centro de saúde. Curiosamente A Rúa e Moaña están no mesmo caso e sei que os dous alcaldes e alcaldesas teñen os dous moitísimo interese en facer un novo centro de saúde. E a Consellería de Sanidade tamén o ten. Polo tanto, creo que é así.

Miren, grazas a que hoxe traio este lazo, a oposición fala da loita contra o cancro, e creo que é bo. Señor Villares, creo que é importante que esteamos unidos en cousas importantes e creo que a loita contra o cancro é importante como para que esteamos e non o utilizemos tamén como slogan ou para facer unha entrada triunfal no que vén contar aquí. *(Aplausos.)*

E quero tamén dicir que a idea de non ter durante dous meses o que é a atención sanitaria ás mulleres e aos nenos na área sanitaria de Verín foi explicada moitas veces. E a única xustificación que hai detrás é a seguridade que buscamos na atención sanitaria das mulleres embarazadas e dos nenos e nenas que nazan nese paritorio. Cando conseguimos a dotación completa, con pediatra incorporado, foi cando no día de onte puidemos iniciar de novo esa actividade con total seguridade e dando información, porque o consentimento informado non é máis ca un procedemento informativo. É un dereito dos cidadáns e temos que dar toda a información posible aí e en calquera punto dos nosos hospitais. Imos seguir insistindo e imos velar pola seguridade. Evidentemente non poden acusarnos de que é por votos, de que



cesou esa actividade durante dous meses por votos, senón por seguridade. Sen embargo, teño que dicir que nós acudimos a moitos máis hospitais que todos vós pero o certo e verdade é que temos menos fotos nos hospitais. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Nós traballamos para dar servizos e algúns de vostedes o que buscan é desgaste, porque así o anuncian, din que van utilizar a sanidade para desgastar o Goberno e chegar ao poder. Iso é o que piden. Vostedes o que necesitan, o que queren, é chegar ao poder. E válelles calquera cousa, incluso ir contra a seguridade dos nosos pacientes. Nós non o imos permitir e imos seguir traballando por mellorar os servizos. (*Aplausos.*)

Veño aquí con todo, cun balance do que se fixo. Pero non o fixo este conselleiro, fíxoo todo o equipo que forma a Consellería de Sanidade, que son 38.000 profesionais de todas as categorías —tamén os directivos—. E fan un bo servizo de saúde. É mellorable, como todo, por iso na segunda fase contei o que imos facer nos próximos días, nos próximos meses e, desde logo, nos próximos anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas, señor presidente.

Quenda para aclaracións, como dixo o presidente.

Primeira aclaración: o 27 de marzo de 2019 o Partido Popular nesta Cámara rexeitou aumentar o investimento en investigación contra o cancro. É unha aclaración. Pois agora veña vostede no peche e aclare iso.

Máis aclaracións: non se pechan servizos, a neolinguaxe é que cesan e se reinician actividades. Bueno, moi ben, pois chámelle vostede como queira. Había xente que tiña dereito a unha prestación sanitaria, deixou de telo —no caso de Verín— e agora volve telo. Pois se iso non é un peche e unha reapertura de servizo, chámelle vostede como queira.

Di vostede que a oposición só fai alarmismo, alarmismo. Foi o Partido Popular quen, coas súas decisións inxustas —e ata crueis desde o punto de vista humano—, separou unha nai do seu fillo nada máis nacer no Hospital de Verín, nada máis nacer. Apenas unha hora despois de nacer foi separada do seu fillo, que foi trasladado a Ourense. E ela despois tivo que pasar varias horas ata que puido volver ter o contacto pel a pel, que é o que recomentan todos os protocolos a nivel internacional. ¿E somos nós os alarmistas, somos nós? ¡Home, non!

Aquí parece que o señor conselleiro, a pesar de ter tempo ilimitado, ou non escoita o que se di dende a oposición ou non ten resposta. E por iso lle repasarei algunhas das carencias ás



que non tivo a ben contestar. Pero, antes diso, en relación coa área sanitaria de Verín, efectivamente, tamén lle direi que na tramitación da reforma da Lei de saúde de Galicia nós, desde En Marea, propuñamos pasar de 11 a 14 áreas sanitarias —entre elas estaría a área sanitaria de Verín—. Vostedes eran máis de recortar. Entón recortaron as áreas e pasaron de 11 a 7.

Ben, hai unha diferenza, claro. Hai unha diferenza ideolóxica, hai unha diferenza de xestión, unha diferenza política. Nós cremos na autonomía da xestión das áreas sanitarias, na súa propia capacidade de organización de medios. Nós pensamos que así, coa proximidade ao territorio, é como mellor se xestiona a sanidade. Vostedes cren noutra cousa, cren no «hospitalocentrismo», na centralización de servizos arredor dos grandes hospitais, que despois non son tan grandes e polo tanto hai que derivar á privada non de forma conxuntural senón de forma estrutural. E a derivación á privada é a privatización encuberta da prestación sanitaria, todo para maior gloria de quen se beneficia disto. Polo tanto, hai un uso de diñeiro público para beneficio dos negocios privados, que nos saen a todas e a todos máis caros porque na derivación á privada hai un beneficio empresarial que na pública non ten que existir. Polo tanto, a prestación privada na sanidade cóstanos máis diñeiro e ademais deteriora os servizos públicos. Polo tanto, quero recuperar esa necesaria cuestión que hai que ter en conta na sanidade, e é que non falamos de números, falamos de persoas. Mire, os dereitos sanitarios en todo o territorio —unha sanidade prestada de forma equitativa en todo o territorio—, como dixera unha vez Isabel Calvete, unha muller de Cervantes, non son caros nin baratos, simplemente son o presuposto de lexitimación dun Estado democrático. Non hai Estado democrático se non hai prestación dos dereitos aos que se comprometen as democracias modernas. E estamos falando disto, da prestación de dereitos, de que a xente sexa cidadanía de primeira tanto se vive nunha urbe como se vive no entorno rural. E iso é o que vostedes lle están negando co desmantelamento progresivo da sanidade pública nos hospitais comarcais. Aquí supéditase a atención sanitaria, cunha reestruturación que se leva facendo en toda a década ominosa do seu goberno, do goberno de Feijóo, aos intereses económicos dunhas poucas empresas de carácter multinacional.

Pero non soamente isto. Nós viñemos aquí tamén a denunciar cuestións que non son cuestións de diñeiro, son cuestións ideolóxicas que tapan tamén outras comenencias. Para empezar, a censura da que falei antes e respecto da que vostede non tivo a ben contestar. Retire de forma inmediata, por favor, a instrución do Sergas que prohíbe explicar aos pacientes e ás usuarias a supresión de servizos que fai o Sergas. Se están tan seguros de que a súa política sanitaria é tan boa, non impidan que a xente explique esa política sanitaria dentro do centro.

En segundo lugar, respecto do consentimento reforzado, explique vostede cal é a ancoraxe normativa diso e por que razón se penaliza as mulleres con esa obrigación.

E, en terceiro lugar, a transparencia. Tampouco me dixo nada das listas de agarda non estruturais. E isto ten moito que ver coa comparecencia de hoxe. Vostede vén presumir dos bos números dos hospitais comarcais nas listas de agarda porque está obviando todas as listas non estruturais. Faga un exercicio de transparencia e comprométase. Pedinllo a primeira vez e vólvollo pedir unha segunda.



Do Hospital de Verín díxenlle unha chea de carencias —transmitidas, por certo, polo persoal sanitario do propio hospital esta mesma semana— ás que vostede non contestou: servizos infradotados en dermatoloxía, trauma, reuma, etc. Non houbo ningunha resposta.

No Hospital do Barco, no Barco de Valdeorras, a estruturación do sistema de gardas pediátricas, bueno, pois era un sistema ilegal, e díxoo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A súa potestade de organización dos servizos nos hospitais comarcais non podía abarcar a ilegalidade, unha ilegalidade que, por certo, tiña de fondo unha vez máis un trasfondo económico, que era aforrar os cartos que se lles pagaba aos profesionais que ían atender as gardas pediátricas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Remato.

No Hospital do Barco perdeuse un terzo dos especialistas, e en enfermería. Péchanse camas, camas como as que se pechan no Salnés no verao, etc. Ou sexa, un desastre, un desastre ao que vostede non atende e ao que vostede non dá resposta a pesar de ter tempo ilimitado, cousa que nos falta ao resto para denunciar as medidas que son necesarias. E non para nós, isto non é unha cuestión electoral, isto é unha cuestión de necesidade que mesmo afecta a quen vote o PP que a quen vote En marea. Polo tanto, en nome dese ben común, por favor, atendan as demandas de En Marea e do resto da oposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Señor deputado do Partido Popular Núñez Centeno, para vostede era unha trola que querían pechar os hospitais comarcais. ¡Os veciños non lles deixan pechar os servizos dos hospitais comarcais! ¡Non é que vostedes non queiran, non é que vostedes non queiran! (*Aplausos.*) Porque, claro, aquí o conselleiro falou de seguridade, de falta de pericia, de ineficiencia. Usaron todas as escusas. A realidade era que querían quitar un servizo máis, un servizo fundamental e que ademais afectaba as mulleres. E, claro, como a sanidade está neses parámetros tan elevados en todas esas enquisas, por iso, ano tras ano é o terceiro elemento de preocupación dos galegos e das galegas, só por detrás da situación do emprego. Por iso, porque non ven ningún problema, ¿aos galegos se lles ocorre, ante a pregunta de cales son os problemas máis graves que teñen, dicir que é a sanidade? ¿É por capricho? (*Aplausos.*) É por capricho, non é porque vexan cal é a situación. Son así, os galegos e as galegas somos sitio distinto, somos sitio distinto. (*Aplausos.*)

Mire, teñen vostedes tanta, tanta preocupación polos hospitais comarcais, que lle agradecen inmensamente ao conselleiro que estea aquí a falar do tema e logo non fala nin ren dos hospitais comarcais. Falou de todo menos dos hospitais comarcais. Por iso lle agradecen moito ao conselleiro que estea aquí.



Señor Almuiña, vostedes mentiron e seguen a mentir dicindo que o obxectivo é dotar as áreas comarcais de máis e mellores servizos en favor dunha suposta eficiencia e eficacia. O que fixeron foi quitarlles servizos aos hospitais comarcais. Non teñen en conta para nada a realidade de cada un deles, a súa realidade poboacional, a súa realidade de extensión. O único que están facendo é alonxar a atención sanitaria da poboación. A equidade é unha palabra baleira usada sistematicamente na súa boca e que non se corresponde para nada coa realidade. Cada vez a sanidade do noso país ten menos equidade. As persoas das zonas rurais e das vilas teñen peor atención que as zonas urbanas. E ademais ese era o seu obxectivo, ese era o seu obxectivo. Na vez de dotar os hospitais comarcais con servizos, o que están facendo é despezándoos pouco a pouco, lasca a lasca, converténdoo en hospitais de crónicos. Rebaixáronos a todos, e resulta que algúns xa non eran áreas sanitarias. E entón, como algúns xa non eran áreas sanitarias, eliminámoslos a todos como áreas sanitarias e convertémolos a todos en distritos, que o que significa é que son dependentes única e exclusivamente dos hospitais máis grandes.

Eu non sei se nesa información que vostede vai mandar a cada comarca vai mandar unha única foto ou se vai facer un *photoshop* poñéndose diante de cada un deles. O que a vostede lle pido é que engada que en Verín non teñen dermatólogo —e nunca se incorporou a pesar de ter alí a praza—; que en cirurxía e anestesistas hai tal problema que en decembro houbo semanas enteiras sen intervencións por non haber segundo cirurxián ou anestesista para entrar en quirófano. E, no Barco, otorrinos, urólogos, oncológos e dixestólogos van de vez en cando e logo, aínda que teñen alí a praza, van para Ourense, que é onde están. En Cee seguen sen ter celadores, nunca tiveron celadores e seguen sen telos. As novas obras dos servizos de quirófanos, esas que vostede dixo que lle aumentaron, foron dotadas con material desbotado doutros hospitais, fundamentalmente do Hospital da Coruña. E iso non só pasa no Hospital de Cee, senón que pasa nos outros hospitais. Mándanlles o material de segunda. E merman os servizos que antes estaban cubertos en tempo completo e que agora xa non están: hematoloxía, laboratorio, medicina preventiva... En Monforte seguen sen dixestivo desde hai anos, o cardiólogo está de baixa e está cuberto por un internista —que será moi bo profesional pero non é un cardiólogo, é un internista—. Na Mariña, as cirurxías de xeonllo son derivadas todas a Lugo; como fimoses, torsións testiculares e cirurxías pediátricas básicas, que van á Coruña. Os prematuros, o cen por cento, son derivados a Lugo a pesar de que hai capacidade para facelo no Hospital da Costa, onde só hai un reumatólogo e a lista de espera é dun ano para ver os resultados. Falta rehabilitación. Déixanse os marcapasos. Antes facíanse na Mariña e agora hai que ir a Lugo, e saben a que distancia está Lugo. As resonancias magnéticas só son portátiles —e cada vez menos— e sistematicamente mandan todo a Polusa. Podería seguir enumerándolle unhas cantas cousas máis.

En todo caso, señor conselleiro, eu vou facerlle unha serie de propostas para que vostede as teña en conta, propostas no sentido de que rectifique a súa política sanitaria respecto dos hospitais comarcais e que lles restitúa a súa capacidade resolutiva, que restitúa as áreas sanitarias dos hospitais comarcais. O que nunca deberon facer foi eliminalas. E as que non tiñan área sanitaria, como eran Verín, A Barbanza e Cee, dótenas e devólvanlles a xerencia ás áreas sanitarias próximas con funcións de identificación de necesidades de saúde, con capacidade de planificación e xestión, con capacidade de decisión.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora PRADO CORES: Faga unha posta en valor dos hospitais comarcais descentralizando as tomas de decisión e respectando as competencias e autonomía destes hospitais. Dote os centros comarcais do persoal, material e tecnoloxía necesarios para a atención adecuada ás persoas nese ámbito. Recupere as xerencias. Retire a exigencia do consentimento reforzado no Hospital de Verín.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Remato, presidente.

Señor conselleiro, non ten ningunha xustificación salvo querer penalizar as mulleres que decidan e insistan en dar a luz neste hospital. E retire a instrución de censura, ese pin sanitario, porque, por moito que queiran, non van conseguir que a xente non se siga mobilizando, igual que vai facer este vindeiro domingo aquí en Santiago.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Agora imos saudar os alumnos do centro Manuel Padín Truiteiro, de Arcade, en Soutomaior. Son alumnos de 5º e 6º de Primaria que hoxe visitan o Parlamento e que están acompañados tamén polos seus profesores. Benvidos e benvidas ao Parlamento.

E agora si ten a palabra, polo Grupo Común da Esquerda, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Como cuestión preliminar, señor Almuíña, afirmar que os voceiros da oposición traballamos en contra da seguridade dos doentes eu creo que está fóra do que debe ser un debate parlamentario. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu teño trasladado aquí incluso valoracións bastante grosas sobre a súa xestión, pero eu creo que nunca fixemos un ataque persoal. (*Fortes murmurios.*) Dicir que nós queremos que exista un problema de seguridade para os doentes eu creo que o inhabilita a vostede nun debate tan serio, e xa non como conselleiro de Sanidade senón como membro desta Cámara. Creo que, aínda que discrepemos —e mesmo nós lle temos pedido a súa dimisión—, ninguén aquí traballa contra a seguridade dos doentes. Nós entendemos que as medidas... (*Fortes murmurios.*) Hai unha excitación habitual, cada vez que intervimos nesta Cámara, nos deputados e deputadas do Partido Popular. Eu creo —e vou rematar xa con esta cuestión— que as medidas que vostedes toman producen dor en moitas ocasións ás persoas, pero nunca afirmamos aquí que fose algo que vostedes fixeran a propósito pensando en causar dor a esas persoas. Polo tanto, creo que está fóra de lugar. Xa é o segundo pleno no que vostede nos falta ao respecto —como a min na pasada interpelación— e solicitaríalle que pedise desculpas.

Falaba o conselleiro coma se non existise nada antes do señor Feijóo. Dixo vostede que non existía nada, que antes non había distritos, que non había áreas, que non había nada. É coma a cuarta vinda de Cristo, antes do señor Feijóo non existía absolutamente nada na sanidade



pública e os chamáns coidaban das persoas. Señor Almuíña, con independencia de que vostede defenda a súa reforma da Lei de saúde, creo que antes, previamente, e afortunadamente, se fixeron cousas. Fixéronse cousas e curiosamente levamos tempo reclamando que se tomen máis medidas para poñer máis persoal neses centros. Vostedes levan unha década gobernando e, sen embargo, non fixeron absolutamente nada nese sentido. Non vale de nada que vostede anuncie aquí máis metros cadrados de dependencias se non van acompañadas de persoal.

Dixémosllo tamén cando ampliaron as urxencias do CHUAC. A realidade é que en moitas ocasións necesitamos infraestruturas, e nós mesmas as pedimos nas emendas que facemos aos seus orzamentos cada ano —centros de saúde, melloras nos hospitais comarcais e no resto de hospitais—. Pero evidentemente a carencia básica estrutural, o problema da nosa sanidade pública, é a ausencia de persoal suficiente. Polo tanto, este elemento é central. Non porque vostede diga que hai máis boxes nun servizo de urxencias —e isto é básico para entender a sanidade pública— van atenderse máis doentes, porque o persoal é o mesmo, e xa llo dixemos no pasado pleno en referencia ao servizo de hospitalización a domicilio, señor Almuíña. Se vostedes non poñen máis persoal é imposible dar máis servizo. É imposible.

Anunciaron, eu creo que incluso tres veces, que se ía ampliar o servizo de hospitalización a domicilio do Barco de Valdeorras. Pero non é certo, e acontece o mesmo en Verín. Aténdese soamente en 15 quilómetros á redonda, o resto de concellos non teñen ese servizo; e ás veces é por unha diferenza dun quilómetro, porque, dependendo de onde estea, se atende ou non. E non é porque a xente sexa malísima ou a planificación haxa que facela mellor, é que cun profesional da medicina e cun profesional da enfermería non se pode atender máis. O que hai que poñer son máis médicos, máis médicas, máis enfermeiros e máis enfermeiras para dotar eses servizos de hospitalización a domicilio, porque, se non, é moi difícil que se amplíe a cobertura. E esa é a situación que temos nos hospitais comarcais.

Eu creo —e non me vou meter nos centros de saúde porque non me daría tempo e non é desta comparecencia—, señor Almuíña, que, máis que vir aquí a trasladar a responsabilidade aos concellos, hai que asumir a propia. Hai dez anos que hai terreos para edificar o centro de saúde do Hío, terreos que se pagaron con cartos públicos, que están á súa disposición. E vostedes non construíron absolutamente nada. Hai moito tempo que teñen vostedes os terreos para ampliar o centro de saúde do Porriño, por exemplo. Estou poñendo exemplos de centros nos que eu traballei e respecto dos que trasladei propostas na Comisión de Sanidade, e non fixeron nada.

Polo tanto, eu creo que vostede non pode vir aquí a botar balóns fóra sobre a súa responsabilidade. E a situación que temos na sanidade pública e nos hospitais comarcais é complexa, e é grave nalgúns casos. Hoxe mesmo puiden ter falado dese colapso das urxencias. Si, colapso, porque había doentes agardando dous días —segundo os familiares— a unha cama no Hospital da Barbanza. E vostedes o ano pasado dixeran que, por decreto, non ía ninguén esperar máis de 24 horas nun servizo de urxencias.

Esa é a situación nos nosos centros sanitarios e, polo tanto, iso debería de ser —e remato xa— o que ocupase a comparecencia dun conselleiro de Sanidade. Ese é o elemento central,



a falta de persoal, e non os anuncios. Porque eu creo que vostede ten que entender algo, ten que entender que por unhas moedas, por unha licitación, por un anuncio dunha ampliación, a xente non se vai deixar de mobilizar cando lle quiten o pediatra, cando lle quiten o médico do centro de saúde, cando lle quiten o servizo de paridoiro. Aprenda vostede que a xente se vai seguir mobilizando e que, por máis medo que teñan —e que por iso utilicen a comparecencia para trasladar anuncios—, a mobilización do vindeiro domingo vai ser un éxito. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Sobre algunha das cousas que dixo a señora Solla aclárolles que eu estou presidindo este debate, e hai que saber como as enmarcamos. Eu xa sei que ninguén aquí, ninguén desta sala, desexa que haxa inseguridade sobre os pacientes. Xa o sei, o que pasa é que ás veces se din cousas retoricamente. Como tamén sei que non é unha mala noticia que se decida abrir un hospital e un centro de saúde, e ás veces iso utilízase retoricamente. Por tanto, vamos enmarcar o debate no que hai que enmarcalo. Aquí tamén se dixo, e sei que foi de xeito retórico, que se maltrataba sanitariamente, que hai un maltrato sanitario. Eu sei que isto é retórico, porque, se non fose así, automaticamente eu tería que suspender este pleno. Por favor, enmarquemos o debate onde que hai que enmarcalo. E, polo tanto, eu pídolles unha certa cor-dura sobre esta cuestión.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Compartimos dende o noso grupo as súas verbas, aínda que estamos sorprendidos de que sempre faga estas apreciacións despois da intervención dun grupo da oposición e nunca do Partido Popular. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, sempre é en xeral, pero cando falan os demais.

Señor conselleiro, vostede, como non podía ser doutra maneira —hai que apelar ás veces aos clásicos—, vai a un clásico tradicional: a culpa era de Touriño. Isto está ben. Mire, permítame, voulle trasladar o que fixo o Goberno Touriño co Hospital de Verín. Fixo un hospital público, porque antes era unha fundación. *(Aplausos.)* Non é unha mala decisión, pensamos nós. É máis, para facer o hospital público primeiro tivo que pagar o pufo inxente e inasumible que deixou o modelo de fundacións.

E, para facelo un pouco máis distendido, a modo de concurso de televisión —creo que a fundación se constituíu, e seguramente me vai corrixir vostede, que manexa datos, en 1992 ou 1993 polo Sergas en Verín—, voulle preguntar quen era o xerente do Sergas en 1993. Voulle dar unha pista: senta con vostede no grupo do Goberno. *(Murmurios.)* Eu diría que aí, pero, por se acaso, ímolo pensar. Eu diría que aí. Eu creo que era o xerente do Sergas un que senta no seu goberno. E ¿sabe que fixo? Unha fundación privada no Hospital de Verín. ¿Sabe o que pasou? Que houbo que pagar os pufos e houbo que reverter o persoal ao sistema público. Iso fíxoo o Goberno Touriño. Ese é o modelo, o seu son as fundacións e o noso o hospital público. E a partir de aí discutimos o que queiran, de aí para o norte, como din no meu pueblo.



Sobre os servizos comarcais, non nos contestou nada respecto da hospitalización a domicilio de Valdeorras. É imposible que se atenda co persoal que hai. Aínda que o anuncien catro veces non se multiplica catro veces o persoal. Se anuncian catro veces o mesmo, segue sendo o mesmo, non é catro veces. É importante.

Non dixo nada sobre o problema de dermatoloxía en Verín, que era unha causa principal da mobilización anunciada antes de que vostedes alimentaran esa mobilización co paritorio, co peche do paritorio.

Non dixo nada das citas que presentan as asociacións de usuarios, como no Salnés, que din que se anuncian listas de espera pero que eles teñen listas de espera moito maiores e que ninguén lles dá unha explicación de por que; nin de por que non hai persoal para atender quirófanos que están sen utilizar meses despois de ser construídos.

Vostedes negan sistematicamente, e non explicou —nesta ansia de negar— o que pasa coa advertencia que lle fai o Consello Galego de Colexios Médicos sobre o consentimento reforzado. ¿Ou é que tamén eles son alarmistas? ¿Ou é que tamén eles queren —como dixo vostede— o poder e están dispostos a calquera cousa por derrotar o Goberno? ¿Non será que defenden os profesionais médicos e que din que vostedes están introducindo algo que é inadmisibile —que é o que din—?

Citou aquí o señor Núñez Centeno —non quería perder moito tempo— que desmantelamento era facer que algo deixe de funcionar. Creo que o collín ben. E di que baixo esa descrición non se podía falar de desmantelamento. Decía: «Facer que algo deixe de funcionar». E corríxame lingüisticamente, pero eu diría que o paritorio de Verín deixou de funcionar. É desmantelamento. Non fixen eu a advertencia. (*Aplausos.*)

E advertiu tamén das trolas. Recoñézollo, na miña terra tamén se di «trola», é unha palabra ademais bastante simpática como palabra. Dous días antes de que anunciaran o peche do paritorio de Verín o Partido Popular dixo aquí: Aumentaremos os servizos do Hospital de Verín. Dous días despois pecharon o paritorio. Trolas, trolas...

E estas negacións van ocorrer a pesar de que todo o mundo está discutindo este sistema de política sanitaria que están levando, e a pesar de que vostedes lles quiten os carteis aos profesionais. Por certo, permítame unha diferenciación. Quitan os carteis dos centros de saúde para impedir manifestar algunhas queixas profesionais, pero todos o días lles mandan e-mails dende a Xunta de Galicia para promocionar as súas actuacións. Propaganda oficial no correo, si; carteis de queixa nos centros de saúde, non. Entón, nós cremos que iso é inasumible.

O que evidencia, señor conselleiro, é que vostedes teñen incapacidade para resolver estes problemas. Vostede veu aquí expoñer soamente o que quixo. É unha comparecencia pero non ante os deputados e deputadas. Vostede compareceu ante os medios de comunicación, que está ben. Pero o labor parlamentario é comparecer e entrar en certo debate. Non contestou a ningunha das cousas que lle plantexamos, non lle interesaba. Igual contesta despois para que non teñamos turno de réplica. É o regate habitual, pouco elegante pero habitual, en todo caso.



E vostedes plantexaron —e é no que queremos contribuír un pouco a este debate— que os hospitais comarcais agora teñen mellor atención porque se permite a circulación de profesionais dende os hospitais das universidades aos hospitais comarcais. Vaiamos ao asunto central. Iso non é certo. Unha das motivacións desa reforma da Lei de saúde que afectaba a algúns dos hospitais comarcais —noutros o seu status xurídico era o mesmo—, unha das motivacións, viña por aí. Pero non para resolvelo así, senón que o resultado final era, como lle dicíamos todo o mundo, o contrario. Non está ocorrendo, están perdendo servizos. E estanse concentrando servizos nos hospitais das cidades. ¿Na Consellería de Educación son máis listos e máis creativos e resolven os problemas das prazas de difícil cobertura? ¿Por que aí non hai este problema e si na Consellería de Sanidade? ¿Por que? ¿É porque temos unhas consellerías que teñen unha asunción diferente ou é porque nun caso ninguén ten a capacidade de transformar e de encontrar as solucións para cubrir as prazas de difícil cobertura, que é o que pasa na Consellería de Sanidade e non pasa noutras consellerías? Pois iso é o que ocorre. Non está sendo así. Pero isto estaría ben se vostedes estiveran a isto, pero vostedes están a outra cousa. Xa o dixo vostede. Acabou falando aquí de poder e de fotos. Están a iso, aos titulares e ás fotos. E iso non nos vai sacar do problema sanitario que temos e por iso se vai manifestar a xente, por iso foi vostede á Rúa o outro día e por iso comparece hoxe, para ver se consegue convencer a alguén de que non vaia á mobilización do domingo. Pero vai haber moita xente, e iso, en realidade, señor conselleiro, non é bo porque demostra que hai unha queixa profunda, aínda que vostedes crean que a xente e os profesionais se manifestan por deporte. Non é así, máis ben porque probablemente os profesionais e toda a xente que se mobiliza ten maior preocupación pola sanidade pública da que demostran vostedes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

«*Los recortes matan.*» Se iso non é acusar o sistema e os seus cargos de facer dano ás persoas... Supoño que será retórico tamén, señor presidente, porque, se iso non é retórico, se alguén é acusado de recortar e os recortes matan, eu creo que se lle está chamando algo, que se está insultando. Non o sei.

Dende logo, benvida á seriedade, señora Solla, benvida á seriedade. Aí, nese campo, ímonos encontrar sempre. Parece que ser goberno en Madrid tamén a está a moderar a vostede. *(Aplausos.)* Parece que ser goberno en Madrid tamén a está a moderar. *(Aplausos.)*

Señor Torrado, efectivamente, a sala de partos de Verín deixou de funcionar. Deixou de funcionar por motivos de seguridade, e sábeno perfectamente ben; por seguridade da nai e do recén nacido.

Vostedes levan anos falando de desmantelamento dos hospitais comarcais. Creo que non hai tal desmantelamento. Hoxe o conselleiro deu cifras, todas as que vostedes non queren es-



coitar: cifras de actividade, cifras de persoal, cifras de investimentos, cifras de servizos, de todo. Pero iso non se quere escoitar.

Claro, comparar agora mesmo as posibilidades de cubrir unha praza da Consellería de Educación cunha praza de médico, da Consellería de Sanidade, creo que ten pouca comparación. Eu pódolle dicir que, cando eu rematei a carreira, eramos 20.000 no paro. E se che daban oito días para traballar no ano, ou se traballabas un mes ao ano, eras o rei do mambo. Collías calquera praza que lle deran, daba igual que fose Fisterra, que fose Mañón, que fose A Guarda. Daba o mesmo, naquel momento había paro. Hoxe é moito máis difícil. ¿Como vai cubrir vostede as prazas de difícil cobertura se a xente pode escoir a onde vai? Non me faga comparacións que sabe vostede que non son reais.

Mire, señora Prado, eu agradecín o... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa sei que non lles gusta escoitar, pero terán que escoitar algo. *(Aplausos.)* Eu agradecinlle ao conselleiro que viñera a comparecer; primeiro, porque explica as cousas e, segundo, porque desmonta as mentiras, desmonta as trolas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Moléstalles que as desmonte. Claro, vostedes non queren oír falar de datos ningún. Aquí vale que un colectivo determinado diga que hai moitas listas de espera en Galicia. ¿Con que datos? ¿De onde sacan os datos, dunha persoa nun momento determinado? *(Murmurios.)* ¡Claro! ¡Si, señora Prado, xa sei que non lle gusta!

Dicía vostede tamén que os especialistas van de vez en cando. Creo que foi vostede. Evidentemente, en poboacións pequenas, cun número pequeno de poboación como poden ter algúns dos distritos destes hospitais comarcais, non hai patoloxía para que un profesional vaia os sete días da semana, iso é evidente. E ao mellor ese profesional pode traballar tres días no hospital central e dous días no hospital comarcal, e pode atender e pode acercar os servizos á xente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa sei, xa sei que tamén lle molesta, señora Prado. Siga, siga.

Tampouco escoitei ningún tipo de desculpas por parte dos grupos da oposición, desculpas polas trolas, desculpas coas persoas acusadas falsamente polo asunto da hepatitis C. Seguimos esperando por esas desculpas polas cousas que se dixeron e que se comentaron neste hemiciclo en reiteradas ocasións. Volvemos ao que dicía a señora Solla ao principio, ¿non? Aquí nunca se falou mal de ninguén nin ninguén se meteu coas persoas, ¡para nada!

E, efectivamente, antes do señor Feijóo había hospitais comarcais. E había hospitais comarcais porque foron construídos polo Partido Popular, por gobernos do Partido Popular. *(Aplausos.)* Acórdense vostedes das ambulancias, do debate sobre máis ambulancias. Con catro anos de Bipartito e nin a primeira ambulancia. *(Murmurios.)* ¡Nin a primeira! Acórdense do seu goberno, ¿cantas áreas tiña no mapa sanitario o seu goberno? ¡Sete! ¿Que diferenza había co mapa sanitario actual? Que Burela ía a Ferrol; Burela non ía a Lugo, ía a Ferrol. Áreas sanitarias había sete. E saben que Verín non tiña distrito ou que Cee non tiña distrito. Cee, por certo, funciona tan ben que está operando xente da comarca de Bergantiños, que, teoricamente, por área non lle corresponde. Pois están funcionando moi ben en determinadas especialidades. Están axudando. Vostedes saben que hoxe da cousa que máis se opera, con moita diferenza, é de cataratas. Pois están facendo cirurxía de cataratas. Chaman a ase-



gurados meus de Carballo e van operarse á Cee. ¿Iso é bo? ¡Claro que é bo! O que temos que facer é facilitar a asistencia.

Mire, señor conselleiro, creo que vostede deu explicacións máis que de sobra sobre o que dicía eu, sobre o tema tanto do persoal como do investimento e como do funcionamento. Creo que todo o tema este do peche olvidouse, o dos desmantelamentos comarcais quedou total e absolutamente aclarado. E volvo agradecerlle —por moito que lle moleste á señora Prado— a súa presenza aquí. Creo que ademais destacou nesta última intervención cousas que se van facer a maiores, que dan pé aínda a dicir que a cousa aínda vai mellor do que nos queren dicir: ampliación de servizos e ampliación de persoas, de traballadores.

Creo que pola miña parte teño pouco máis que dicir.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Para pechar esta comparecencia, ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas.

Despido tamén os alumnos do colexio de Arcade, o Manuel Padín, e os seus profesores.

A verdade é que quería finalizar simplemente reforzando sobre algo moi importante para nós, que son os recursos humanos. Quero recordarlle á oposición que durante a miña comparecencia falei de incrementos de persoal moi importantes en todos e cada un dos hospitais comarcais. Sei que iso non se quere ter en conta, pero creo que a oposición debería, polo menos, recoñecelo. Nalgún momento sei que o recoñeceu e, como moito, falan de tardanza, porque non poden ir contra esa realidade.

O señor Touriño en Verín cambiouno, e de ser fundación pasou a hospital público. Pero fixo algo máis, que foi acabar co servizo de pediatría do Hospital de Verín. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O señor Touriño acabou con eles, acabou con ese servizo.

Miren, falan dos pufos. Desgraciadamente tivemos un problema moi serio en España durante anos polo goberno socialista do señor Zapatero, que abocou a unha crise económica que levou ao que levou. *(Fortes murmurios.)* Por iso digo que, cada vez que os socialistas gobernan, ocorre o que ocorre.

E chámame tamén a atención que, ao longo deste debate, se falase moito do Consello de Colexios de Médicos de Galicia. ¡Que memoria tan fráxil! Hai dúas semanas a oposición non falaba nada do Consello de Colexios de Médicos de Galicia porque dixeron que o que se fixo en Verín estaba ben feito, *(Fortes murmurios.)* porque non había seguridade na atención ás mulleres e sobre todo aos recién nados. ¡Que curioso que agora o recorden! É unha pena que o presidente do Consello pois non preguntase ao Sergas do que estabamos a falar. Eu expliqueino aquí en varias ocasións xa neste Parlamento. A oposición non quer, pero de ver-



dade que o presidente do Colexio puido chamar. Iámosllo explicar exactamente. O consentimento informado é un proceso informativo fundamental, e é un dereito. É un dereito que nós, desde logo, imos seguir exercendo. E, como digo, imos coidar da seguridade.

Tamén se falaba por parte da oposición de que a oncoloxía estaba maltratada. E falábase de que en Vigo había problemas de espazo. Pero curiosamente hoxe hai unha entrevista co xefe de servizo de Oncoloxía, que fala das características que ten ese servizo, que é un dos mellores servizos de España, con medicina personalizada dispoñible xa en Vigo para todos os pacientes. O sistema público de Galicia funciona ben. Funciona ben porque ten magníficos profesionais e porque ten un goberno que aproba presupostos, polo que, con eses presupostos, se poden facer investimentos. Con presupostos prorrogados en España levamos xa varios anos, por certo. Non son uns presupostos moi malos, porque os fixo o señor Montoro. Pero son os do señor Montoro. Entón, un problema fundamental dun goberno son, dende logo, os orzamentos. E se non os aproba, desde logo, ningún servizo vai estar en funcionamento.

E hai que dicir tamén que o sistema que creamos de áreas sanitarias e distritos é para que podamos resolver o gran problema que temos neste momento en toda España, que é a falta de profesionais de determinadas especialidades. Hai sitios de difícil cobertura, e así se falou xa no Consello Interterritorial. E hoxe, aínda que non imos falar diso, eu voulle dicir ao novo ministro que imos pedir canto antes un consello interterritorial para falar de recursos humanos, que é un dos problemas máis importantes xunto co desabastecemento de fármacos, que tamén é unha competencia do Goberno central. Desde logo, imos seguir traballando por todo iso.

E hai que dicir, sobre o sistema de tratamento que estamos facendo nos comarcas cos oncológos, que o mesmo oncológo que trata os cánceres de pulmón en Lugo, no HULA, os trata en Monforte e os trata na Mariña. Ese é o mellor sistema posible, iso é equidade e accesibilidade. Iso é o que estamos facendo con este modelo, que está referendado pola Lei de saúde. Pero é moito máis que a Lei de saúde, vai moito máis alá. E iso é o que queremos conseguir.

En recursos humanos temos un problema. Témosto en Galicia e témosto en España en determinadas especialidades. E ¿que imos facer? Pois, miren, en Galicia fomos pioneiros en tomar medidas para paliar este problema. Primeiro, publicamos ofertas públicas de emprego anuais. Fomos a única comunidade autónoma que o fixo en período de crise. Así o fixo. Ampliamos a idade de xubilación, unha norma que se estableceu a nivel nacional. Galicia foi a primeira. Estamos a punto de ter profesionais que están en torno aos 69 anos, e facendo, ademais, un magnífico traballo. Outra foi incrementar o número de médicos en formación. O único que nos freaba eran as acreditacións. En pediatría levamos un ano pedíndollo ao Ministerio. E ao final a última ministra fíxoo e conseguiu o que pedía Galicia —un ano enteiro pedindo para conseguir sete prazas máis de pediatría—. E subimos o maior número de médicos de familia en formación neste último exame de hai dúas semanas: 129. Polo tanto, estamos facendo.

E tamén, de acordo cos sindicatos, desenvolvemos os traslados abertos e permanentes, que nos fan gañar profesionais doutras comunidades autónomas que veñen para Galicia porque isto é un tema aberto, como digo, e permanente. Anualmente pónense enriba da mesa eses méritos. E agora, como digo, tras a negociación en mesa sectorial, incorporamos unha puntuación adicional no baremo de méritos no concurso aberto e permanente para aqueles profesionais que



traballan ou traballaron nos hospitais comarcais. Estamos falando xa cos sindicatos para a nova oferta pública de emprego de 2020, e chegamos xa a un acordo. Iso que se facía para o concurso aberto e permanente, incrementar a puntuación aos profesionais que desenrolen esa actividade nos comarcais, tamén vai ser na próxima OPE de 2020. É un elemento novo, un elemento importante para incentivar que os profesionais poidan decidir ir aos comarcais.

Pero non só vai mellorar a posibilidade deses profesionais que traballan nos comarcais, tamén vai afectar a aqueles traballadores dos centros dos hospitais centrais que van facer consulta ou cirurxía a hospitais comarcais, que tamén se lles vai incrementar a súa puntuación de forma proporcional ao tempo no que desenrolen a actividade no hospital comarcal. Se van dous días á semana, contarán eses dous días como días que puntúan de forma maior que os outros na súa convocatoria na oferta pública de emprego.

Incluso estamos valorando, e queremos negocialo tamén, a posibilidade de aumentar aínda máis a puntuación no caso de especialidades médicas de especial dificultade de cobertura. Co cal, ese incentivo é o incentivo máis importante hoxe en día para que os profesionais poidan ir a hospitais comarcais, máis que os incentivos económicos.

Tamén estamos valorando facilitar o acceso e o paso de grao da carreira profesional deses profesionais, para que sexa tamén outro estímulo a maiores. E por suposto tampouco imos abandonar a posibilidade de introducir incentivos económicos, que, como digo, será unha cuestión de mesa sectorial para falar cos sindicatos.

Como conclusión, e despois de falar eu creo que de aspectos moi importantes dicindo o que está facendo a Xunta de Galicia, o que leva facendo no ámbito comarcal, desde a súa creación os comarcais son fundamentais para a atención sanitaria de case 340.000 galegos, e ademais con magníficos profesionais. Os servizos non deixaron de medrar desde o inicio pese á baixada da poboación. O fin fundamental, como digo, é, tanto na atención primaria como nos hospitais comarcais, acercar os servizos —e que sexan resolutivos— á poboación; servizos de calidade, máis e mellores servizos e con máis profesionais, equipamentos e infraestruturas. A actividade é crecente e con magníficos resultados. Como digo, as mellores listas de España danse nestes hospitais.

Os distritos sanitarios da Lei 1/2018, do 2 de abril, garanten o futuro dos comarcais. A Concellería aposta por seguir mellorando os servizos e, desde logo, busca —como acabo de describir— novos incentivos non utilizados noutras partes de España para profesionais nos hospitais comarcais, tanto para aqueles que desenvolvan toda a súa actividade nos hospitais comarcais como para aqueles que desempeñen en parte a súa actividade neles.

Quero finalizar como empecei, facendo un agradecendo a todos os profesionais de todas as categorías profesionais que levan traballando desde hai moitos anos nos comarcais, aos que traballan no día de hoxe e aos que seguirán traballando. Creo que fan un magnífico traballo. E nós, desde logo, o que imos é tratar de facilitar esa forma de traballar con máis infraestruturas, con máis equipamentos e, desde logo, con máis cobertura de prazas de profesionais.

Moitas grazas a todos. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Debate e votación do Ditame emitido pola Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres

O señor PRESIDENTE: Presentáronse votos particulares ao ditame do Grupo Parlamentario Mixto, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Común da Esquerda e do Grupo Parlamentario Socialista.

Para a presentación do ditame ten a palabra a presidenta da Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, dona Paula Prado del Río.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN NON PERMANENTE DE ESTUDO PARA A IGUALDADE E PARA OS DEREITOS DAS MULLERES (Prado del Río): Grazas, presidente.

Señorías, o 30 de outubro de 2013, logo de comezada a IX lexislatura, os grupos parlamentarios Popular de Galicia, dos Socialistas de Galicia, da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego solicitaron a creación da Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres.

O 19 de novembro dese ano foi creada por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, e no seu plan de traballo figuraba a elaboración dun ditame que avaliase a aplicación nos distintos ámbitos competenciais da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero; e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Logo de iniciada a lexislatura actual, o 7 de novembro de 2016 os grupos parlamentarios Popular de Galicia, dos Socialistas de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea solicitaron a creación da dita comisión co obxecto de ultimar o traballo que quedara pendente na anterior; creación que se produciu por acordo da Mesa da Cámara do 15 de novembro dese ano.

Na fase de comparecencias interviñeron 21 persoas expertas en todas as áreas requiridas e 16 informes foron recibidos para ampliar o coñecemento de ambas as dúas leis. Iso, unido ao traballo da IX lexislatura, dá un total de 83 comparecencias e 28 informes.

Rematada a primeira fase de obtención de información, constituíuse a ponencia, que elaborou o correspondente proxecto de ditame. O traballo no seo da ponencia foi moi intenso e cun alto grao de consenso; de feito, só presentou emendas ao ditame da ponencia o Grupo do BNG. Na Comisión do 20 de decembro de 2019 debatéronse estas emendas e algunhas desas propostas foron incorporadas. A comisión aprobou o ditame por maioría e sen ningún voto en contra.

O ditame que hoxe teño a honra de presentar está estruturado en catro epígrafes: antecedentes, marco legal, comparecencias, informes e recomendacións e conclusións e medidas propostas. O epígrafe relativo ás persoas comparecencias, informes e recomendacións articúlase á súa vez en catro eixos: sensibilización, prevención e educación, mellora da resposta institucional, perfeccionamento da asistencia, axuda e protección, muller rural e mar e feminicidio.



As conclusións e recomendacións deste ditame están extraídas da análise dos informes e da información que trasladaron as persoas comparecentes dos diferentes eidos implicados nesta materia: educación, formación, asistencial, asociacionismo, sindicatos, corpos e forzas de seguridade do Estado, ámbito xudicial, Fiscalía, avogacía, centros de información ás mulleres, universidade, sanidade, emprego, medios de comunicación, outras administracións como a Fegamp, etc. Conclusións e recomendacións que, tal e como se indica na introdución do ditame, sintetizan propostas de actuación concretas que sosterán a base do Pacto galego contra a violencia de xénero para poder chegar a un fin común: erradicar a violencia contra as mulleres da nosa sociedade.

Aproveito para agradecer o intenso e xeneroso traballo de todos os grupos parlamentarios e de todas as deputadas e deputados que participaron neste traballo, non só desta lexislatura senón da lexislatura pasada.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado del Río.

Pasamos, entón, á rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender os votos particulares formulados.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bo día de novo, señorías.

O documento que se propón para a súa votación é froito do debate e do consenso, tras un longo traballo de escoita activa e análise das comparecencias de persoas expertas en diferentes aspectos acerca das violencias machistas e da desigualdade. Polo tanto, desde En Marea queremos agradecer o traballo das integrantes da Comisión de Igualdade tanto nesta X lexislatura como na IX, que nos precedeu.

Como Grupo Mixto, de En Marea, integrámonos na comisión iniciados xa os traballos da fase de ponencia, pero isto non foi obstáculo para poder facer as nosas achegas e reflexións e para que algunhas delas foran recollidas, feito que queremos tamén agradecer ao resto da comisión.

Sobre o ditame en si, nós queremos ser moi claras: non está todo o que é —ou o que debería ser, na nosa opinión—, pero si que é todo o que está. Sabemos que os consensos significan isto, renunciar a aspectos concretos para que saian adiante medidas de carácter central, e por iso imos votar a favor do mesmo. Pensamos que son insuficientes, pero que son necesarias; que son imprescindibles, queremos dicir.

Nós partimos da conciencia de que a chegada deste consenso é un logro que máis unha vez coloca a Galicia na vangarda da loita contra as violencias machistas a nivel do Estado. E se formulamos os nosos votos particulares, aínda que vaíamos votar a favor do texto, é porque consideramos que así debe seguir sendo. E, ademais, non soamente no aspecto formal da



aprobación do ditame, senón tamén na necesaria materialización do mesmo. Que siga habendo esta situación de vangarda como consecuencia da aprobación deste tipo de documentos tamén depende —e queremos ser moi claros neste sentido— de que todas as forzas que se recoñezan como demócratas rexeiten de forma contundente os discursos e prácticas negacionistas do machismo e das violencias estruturais que este xera, non sendo compatible a defensa dos dereitos das mulleres con pactos con forzas políticas que renegan da existencia do machismo. Iso é moi claro, non se pode estar na misa e repicando. Non se pode estar defendendo os dereitos das mulleres e pactando e gobernando con aqueles que os negan, porque a partir de aí chega a relaxación do cumprimento deses compromisos e, polo tanto, déixanse en papel mollado compromisos que dan un carácter fundamental. Non é compatible estar por un pacto contra a violencia de xénero e permitir ao mesmo tempo que o discurso de odio anti LGTBI penetre nos centros de ensino ou avalar medidas como a censura educativa que impidan a educación afectivo-sexual ou que impidan a educación en igualdade.

En canto á posición de En Marea en relación co seu voto particular, entendemos que as medidas presentes no apartado de conclusións son de consenso —acabamos de dicilo—, urxentes e necesarias. E, loxicamente, a partir deste consenso entre grupos, pois falamos de medidas que son de mínimos, pero non se recollen todas as medidas que para este grupo serían esenciais para o desenvolvemento do futuro Pacto galego contra a violencia de xénero. Non obstante, desde de En Marea consideramos fundamental chegar unha serie de puntos que entendemos que deberían de estar entre as conclusións por estar xa recollidos na lexislación vixente e seren compromisos que non deberan de xerar disenso entre as forzas políticas.

En primeiro lugar —queremos dicilo claramente—, é necesario rematar cos concertos con centros que segregan o alumnado por sexos como condición previa para a coeducación, tal e como establece o propio Plan de actuacións para a igualdade en centros educativos da Xunta de Galicia. Unha cousa é que eses centros sexan legais e outra cousa é que eses centros teñan que estar concertados, e moito menos xa recibir subvencións públicas. Cabe lembrar neste sentido que a Consellería de Educación, ademais, non é transparente a respecto dos fondos que anualmente destina a este tipo de concertos, malia as reiteradas peticións de información por parte de En Marea mesmo no debate dos orzamentos do ano 2020.

En segundo lugar, postulamos a derogación da Lei 5/2010, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, norma que camufla o apoio á muller xestante, a disposición de subvencións e a concertación coa Red Madre e outras entidades antiabortistas, así como adxudica labores directos de información a mulleres embarazadas baixo unha perspectiva claramente ideoloxizada sobre unha das posturas na extensión de dereitos. A lei, ademais, afonda en posicións esencialistas sobre a muller e sobre o seu rol de xénero, e considera, entre outros, o dereito á vida desde a concepción, contradicindo o consenso científico e o dereito á interrupción voluntaria do embarazo recollido na lexislación estatal, algo que non debería de suceder.

En terceiro lugar, consideramos imprescindible fornecer apoio psicolóxico a vítimas de violencia, tamén a menores, na atención primaria, ampliando neste sentido os recursos da área de saúde mental do Sergas e desenvolvendo así o artigo 25 da Lei 11/2017, para a prevención e o tratamento integral contra a violencia de xénero.



Loxicamente, este tipo de apoio especializado debe despregarse paulatinamente, e estase prestando actualmente con eficiencia por medio dun convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Pero debe partir da indispensable posta á disposición de máis medios para toda a saúde mental do Sergas, un aspecto infradotado no noso sistema sanitario.

Por outra parte, queremos lembrar que houbo discrepancias na comisión sobre se procedía ou non unha avaliación do grao de desenvolvemento da Lei 11/2017, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Pero o obxecto da comisión entendemos que era claro a este respecto, si, entraba dentro dos temas a debater na comisión, aínda que non fose exclusivo —unha cousa é que non sexa exclusivo e outra cousa é que non se poida abordar—. Consideramos que cómpre valorar que aínda faltan puntos por desenvolver da dita lei e que no futuro Pacto galego cómpre afondar na concienciación e na dotación de recursos para abordar especificamente as violencias sexuais.

Chegamos os grupos parlamentarios tamén ao compromiso de desenvolver sen demora un pacto galego contra a violencia de xénero, o cal consideramos —e esta é a nosa posición particular— que se debe substanciar antes de que remate esta X lexislatura. É importante que non deixemos para a vindeira a continuidade deste compromiso de traballo conxunto contra as violencias machistas. O peche da Comisión de Igualdade xa demorou demasiado —como vostedes saben—. Benvido sexa o remate no final desta lexislatura, pero non deixemos tarefas sen abrir que deberan continuar na XI lexislatura e poñamos os alicerces.

O punto cuarto enuncieino xa antes, e queremos ser moi claros. Pensamos que se debe de rexeitar explicitamente calquera tipo de pacto ou acordo con forzas negacionistas do machismo. En Marea foi a primeira forza política que nunha cámara autonómica propuxo ese debate xa en xaneiro do ano 2019. Se se lembran, propuxemos pechar o paso, como bloque democrático no que nós situamos a todas as forzas políticas desta Cámara, a acordos con forzas políticas que materialmente sostiñan valores non democráticos. O primeiro deles, o machismo; en segundo lugar, a homofobia e o supremacismo; e, en terceiro lugar, a negación do autogoberno de Galicia. Ben, naquela altura, lamentablemente, non conseguimos o apoio do Partido Popular. Nós queremos, un ano despois dese debate, volver facer unha chamada á reflexión sobre todas as consecuencias negativas e sobre o regreso de dereitos en materia de igualdade, en materia de machismo e en materia de loita contra a violencia de xénero que ten suposto esa decisión e tamén en relación coa defensa do autogoberno de Galicia.

Finalmente, o Pacto galego contra a violencia de xénero debe de establecer prazos, orzamentos e mecanismos de seguimento claros para garantir o seu desenvolvemento. Fai falta, en definitiva, a súa xuridización; é dicir, o establecemento de elementos de control concretos que os fagan incluso tutelables xurisdiccionalmente; e, por suposto, medidas para materializar o que agora se recolle no papel, polo tanto, con contidos de memoria económica moi concreta e de desenvolvemento en prazos tamén concretos.

Situándonos xa no futuro inmediato deste Pacto galego contra a violencia, gustaríame aproveitar para deixar apuntadas unha serie de pinceladas que para nós son imprescindibles e que, polo tanto, deberían de afondar na liña de traballo conxunto.



En primeiro lugar, o emprego en igualdade. Entendemos que non é compatible cunha sociedade xusta e democrática a persistencia da fenda salarial de xénero, que, como vostedes saben, acada o 29 % no noso país, consecuencia dun mercado laboral que penaliza as mulleres con salarios máis baixos, con maior parcialidade, con maior temporalidade e con maior ocupación nas tarefas de coidados non remunerados e de conciliación, o que penaliza a carreira profesional. E neste mesmo eido laboral é esencial poñer o acento na prevención do acoso sexual e en eliminar a intolerable penalización laboral que moitas vítimas de violencia machista sofren, como elas mesmas recordaron na propia comisión.

En segundo lugar, rachar a feminización da pobreza é un elemento estrutural tamén da desigualdade, e as taxas de pobreza, aínda que converxeron nos últimos tempos, son peores nas mulleres e, especialmente, nas familias monomarentais. Deste xeito, a Risga é unha prestación insuficiente e feminizada. Temos, pois, que traballar en máis mecanismos de protección social con perspectiva de xénero. A este respecto tamén engadimos medidas para loitar contra a chamada pobreza menstrual, comezando pola nosa proposición non de lei aprobada nesta Cámara para a rebaixa do IVE nos produtos de hixiene feminina.

En terceiro lugar, a educación afectivo-sexual dende a infancia, que, en vez de producirse, está ultimamente na liña do alentamento de censuras educativas. A formación e a información son a base dunha opinión pública libre e dunha sociedade democrática e tamén o futuro da garantía, da persistencia da democracia nas xeracións máis novas. Por iso resulta indecente, en termos democráticos, negarlles a formación e a información.

Remato xa con dúas medidas adicionais: o fomento do deporte en igualdade, a necesidade do desenvolvemento pleno e da avaliación do Plan de igualdade en centros educativos e, finalmente, a erradicación de prácticas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...que poidan constituír violencia obstétrica.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Eu quería comezar por onde remataba a señora Prado del Río como presidenta da comisión e polo agradecemento tanto a quen nos precedeu nas lexislaturas anteriores como tamén aos servizos da Cámara como ás persoas e colectivos comparecentes —coa excepción da Policía Nacional e da Garda Civil, que se negaron a vir comparecer ao Parlamento galego—



como tamén ás compañeiras e compañeiros dos demais grupos parlamentarios polo traballo desenvolvido nos últimos anos.

Con independencia das discrepancias que nos levaron a presentar tanto emendas como un voto particular, quixeramos deixar constancia aquí de que entendemos que o traballo desenvolvido foi positivo, malia que o resultado a nós —insisto— non nos satisfaga e iso faga que manteñamos ese voto particular.

Eu quería explicar as discrepancias que nos levaron a facelo, que poden parecer de método, pero que á fin e ao cabo son tamén de fondo político.

Entendemos desde o primeiro momento —e así o manifestamos nas reunións da ponencia e na propia comisión— que nós non podiamos actuar como meras taquígrafas ou transcritoras do que as persoas expertas viñeron dicir á comisión. Primeiro, porque sería pouco honesto pensar que na propia selección que facemos das achegas non hai tamén un criterio político que temos cada unha de nós. E, segundo, porque as galegas e os galegos non nos escolleron para iso. Isto é un parlamento, non é unha clase; polo tanto, non se trata de que nós escoitemos unha lección e a reproduzamos, senón de que extraíamos unha conclusión.

Poño un exemplo doutro ámbito. Imaxinen que veñen persoas expertas do ámbito sanitario dicirnos que é moi malo fumar en espazos pechados para quen fuma e para quen respira ese fume, e que a nosa conclusión é reproducir iso en lugar de tomar medidas como as que no seu día se tomaron conducentes a prohibir que se fume nun tren, nun hemiciclo ou nunha universidade.

Para nós este ditame adolece diso, dese plus de promover cuestións novas e diferentes ás que xa tiñamos. Iso non significa que infravalorem os ter chegado a este punto. Hai que ver en perspectiva que non é menor para o momento político no que vivimos, onde poñer en valor o diálogo parlamentario é importante. Esa reflexión colectiva tamén a leva o feminismo no seu ADN, aínda que tamén temos que recoñecer que foi difícil nun contexto político no que tamén hai forzas políticas que pactan cos negacionistas da violencia de xénero e con persoas e colectivos que queren ilegalizar forzas soberanistas como a que eu represento. Pero, malia a iso, intentámolo, malia a iso, achegamos desde o primeiro momento toda a nosa vontade, coas limitacións que ten ter un grupo pequeno, por veces, como o noso e coas limitacións que tivo tamén a axenda electoral en bucle destes últimos anos. Pero creo e podo afirmar con orgullo que ninguén pode dicir que o BNG non puxo todo da súa parte para que este ditame fora o mellor posible, aínda que a nós nos pareza que ese obxectivo non se conseguiu. De feito, xa o 18 de xaneiro do ano pasado, de 2019, presentamos unha proposta para o debate con moitas das cuestións que achegamos hoxe no noso voto particular.

Está claro que tivemos unha diferenza importante co grupo maioritario da Cámara, pero tamén con outros grupos, a respecto de cal debía ser o método e cal debía ser o horizonte conclusivo. Pero, en todo caso, entendemos que, nun contexto no que outras comisións non permanentes como a de discapacidade ou a de seguridade viaria están traballando aínda no ditame, ou nun contexto no que temos un parlamento que ten exemplos vergonzantes como a Comisión das Caixas, a do Marisquiño ou a Comisión da Sanidade, que o Partido Popular



perverteu dende o primeiro momento —aínda non teñen as súas conclusións—, aquí se deu dado un paso, aínda que —insisto— non culmina as nosas expectativas.

En todo caso, eu quería explicar un pouco o porqué. Nós, se ollamos o ditame que hoxe debátemos, preguntámonos se temos resultados que se traduzan nun compromiso firme para algo diferente do que xa recolle a lei. E para nós a resposta é que non. Por iso presentamos ese ditame alternativo, fundamentalmente por dúas razóns. Primeiro porque entendemos que non se cumpren os obxectivos do Plan de traballo do que nos dotamos. Xa o avanzaba o señor Villares, eu engado: é que ese obxectivo era exclusivo, e vouno ler: «Avaliación da aplicación nos distintos ámbitos de competencia da lei do 2004 e da lei do 2007». A pregunta é: ¿este ditame avalía o cumprimento da Lei galega de violencia machista? A resposta é non, non o avalía. Non avalía ese obxectivo que se marca e, polo tanto, para nós iso invalida este ditame.

E a segunda razón é que, se imos aos contidos, hai propostas interesantes, hai matices, cuestións que nos parecen enriquecedoras, pero o certo é que se facemos unha comparativa entre a lei galega de 2007 de hai case trece anos e o que achega este ditame non vemos grandes avances. E podo poñer exemplos. O ditame, por exemplo, no punto 4.1.14 fala de inserción laboral. Iso é o artigo 35 da Lei galega de violencia machista. O 4.6.5, de impulsar estudos e investigación. Iso é o capítulo II da Lei galega de violencia machista. Fala de atención psicolóxica no artigo 25 da Lei galega de violencia machista. No punto 4.6.8 do ditame, sobre a vitimización secundaria, e hai un artigo específico na Lei galega de violencia machista. O punto 4.2.2, sobre fortalecer o asociacionismo, o mesmo; do medio rural, o mesmo; de educación, o mesmo. Así, con todo. Polo tanto, por moito que haxa cuestións que poidan ser enriquecedoras, non hai un só compromiso firme que supoña un avance respecto da lei de 2007. Nós pensamos que somos fillas dunha historia, que temos que ter unha responsabilidade colectiva e que se no 2007 demos un paso de xigante o que non podemos facer agora en 2020 é non movernos nin un só milímetro dese marco. *(Aplausos.)*

Para nós o de hoxe non deixa de ser un trámite, e parécenos que iso é limitativo. Entendemos que non se avalía se se cumpriu ou non a lei durante estes últimos doce anos. Entendemos que podemos enunciar a metade das cuestións que se recollen coa propia Lei de violencia machista e queremos facer unha reflexión hoxe aquí. Desde 2014 que se aprobou este plan de traballo pasaron moitas cousas neste país. Pasaron moitas cousas e o grao de exixencia da rúa aumentou moito. Non é novo que a presión social vaia máis rápido que o poder lexislativo nin vai ser algo no que nós poidamos romper o fío da historia e facer que iso non aconteza. Pero o certo é que temos que preguntarnos: ¿cantas mulleres foron asasinadas desde que se aprobou este plan de traballo no noso país? Eu tomei a molestia de recompilar os datos que recolle a Marcha mundial das mulleres neste país, porque, efectivamente, a sociedade avanzou, aínda que non avanzaron as estatísticas en moitos aspectos, e foron asasinadas 40 mulleres, ¡40 mulleres! ¿Podemos con isto conformarnos cun ditame que non supón un salto cualitativo respecto da Lei de violencia? Nós pensamos que é insuficiente e facémolo con espírito construtivo porque entendemos que somos capaces de dar unha resposta máis ampla desde Galiza.

Por iso, malia as diferenzas de método e de enfoque, contribuímos ata o último minuto a que este ditame fora o mellor posible. Por iso tamén fomos un grupo emendante na propia



comisión e por iso o complementamos con este voto particular que cita para nós o que debe ser o camiño a seguir.

Neste tempo pasaron moitas cousas, tamén houbo dous 8 de marzo absolutamente históricos neste país que non podemos ignorar. Non podemos ofrecerlle á sociedade que está fóra desta Cámara única e exclusivamente unha retahíla de propostas que, en moitos casos, están xa incorporadas na lei ou que temos votado tamén neste Parlamento nos últimos meses. Nós entendemos que non podemos conformarnos e que este ditame non está á altura das circunstancias históricas. En todo caso, insistimos en que temos total vontade e total dispoñibilidade para que, efectivamente, desta lexislatura saia un pacto galego contra a violencia machista, por iso fomos nós desde o BNG quen impulsamos en xaneiro de 2017, como consecuencia dunha das nosas primeiras interpelacións, unha moción na que se comprometía toda a Cámara a esa cuestión. Facémolo e seguiremolo facendo, e por iso unha das emendas que presentamos nesta tramitación foi, precisamente, que no prazo de dous meses nos comprometeramos a pechar orzamento, planificación e a ver como se fai o seguimento. Non foi aceptada, pero entendemos que aínda temos marxe nos próximos meses para conseguir que si sexa unha realidade.

Este ditame non é para nós o mellor punto de partida posible, pero está aí, ímolo aproveitar e imos tamén construír en positivo arredor del.

En todo caso, quería rematar con tres apuntes moi breves sobre o noso voto particular. Facemos unha mención á parte da cuestión do feminicidio. Agradecemos a vontade de que se chegara a un ditame que non nos obriga a votar en contra, como había algunha cuestión referida ao feminicidio que inicialmente si, pero nós recolleemos na nosa proposta un desenvolvemento do feminicidio que vai máis alá...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...de limitalo ao marco penal, porque entendemos e defendemos dende o primeiro momento que cando falamos de incorporar o feminicidio non estamos a falar exclusivamente do ámbito...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...penal; concordamos con que ese ámbito non debe ser desenvolvido, pero hai moitos máis aspectos.

Incorporamos tamén no noso ditame a avaliación da lei...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que non se inclúe e, por último, unha batería de propostas abertas para o debate; nalgunhas sabemos que hai discrepancias, pero outras entendemos que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...terían sido un bo punto de partida.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Común da Esquerda ten a palabra a señora Quintero Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Nós tamén, por suposto, queremos comezar agradecéndolle o traballo a todas as persoas, entidades e institucións que viñeron comparecer no marco desta comisión, tamén a todas as deputadas que formaron parte da comisión, na anterior lexislatura, pero o primeiro que queremos sinalar é que na nosa opinión este ditame chega moi tarde. Non nos parece asumible. Creo que hai que facer unha crítica de que o traballo da comisión se prolongara durante dúas lexislaturas e que concluía unicamente con esta parte, que é meramente descritiva.

Na nosa opinión este ditame é un primeiro paso, pero non cumpre con todos os obxectivos que se marcaron no marco da comisión. Cremos que faltan moitas cuestións por incorporar neste ditame, que entendemos que debían ir a posteriori deste traballo inicial, que faltan medidas concretas e, sobre todo, que falta traducir as recomendacións que pon o ditame en medidas concretas, cun calendario claro e cun orzamento, cunha data de implantación, porque, se non, entendemos que todo vai quedar simplemente nun papel con boas intencións, pero que non vai ter esa tradución real.

Xustamente por estas eivas que entendemos presentamos un voto particular. As eivas teñen a ver co que dicía da falta de concreción de todas as medidas que non se implementaron nesta parte. Entendemos que deberían ir a posteriori, pero para nós o máis importante é que estas medidas teñan datos claros e un orzamento asignado.

Tamén entendemos que o cometido desta comisión, como aquí tamén se mencionou, foi reduccionista, e que non se cumpriu con todos os obxectivos. Cremos que hai que ser conscientes de que non se fixo ata o día de hoxe unha avaliación rigorosa da aplicación da lexislación en materia de igualdade —de feito, falamos desta cuestión moitas veces neste Parlamento— e cremos que hai un incumprimento reiterado de moitísimos artigos da lexislación actual. Pasaron trece anos dende a aprobación desa lei, que supuxo un gran avance normativo, por suposto, pero trece anos despois o balance é que hai un desenvolvemento moi escaso, totalmente insuficiente, e que non houbo tampouco esa vontade política para facelo cumprir. Mesmamente neste Parlamento en moitas ocasións cando debatemos dalgunhas cuestións e o noso grupo parlamentario trouxo proposicións non de lei que recollían o cumprimento da lexislación, o cumprimento de determinados artigos da lexislación que non se estaban garantindo, o Partido Popular votou en contra, incluso de propostas que unicamente pedían que se cumprira de maneira rigorosa coa lexislación, por exemplo, no que ten a ver cos medios de comunicación e co tratamento das violencias machistas.



Por iso, facendo un balance dos últimos anos de políticas do Partido Popular e tamén polas últimas decisións que toma o Partido Popular, non entendemos as chamadas abstractas ao consenso. Nós puxemos todo á disposición nesta comisión e en moitas outras ocasións para traballar e acadar consensos que nos supoñan realmente avanzar na vida das mulleres; consensos reais, con aplicación real, medidas concretas, pero o que non imos aceptar é un marco onde se diga que cando se fala de igualdade si ou si hai que chegar a consensos. Hai diferenzas políticas evidentes, e a continuación falarei de cales son esas diferenzas, e tamén hai incoherencias no Goberno entre o que din defender e o que despois aplican.

Tamén temos que repetir —porque isto é unha novidade dos últimos tempos— que se pactan coa extrema dereita entendemos que non hai, que non poden falar de defender a igualdade, é unha contradición absoluta. Estanos avalando mentres gobernen con xente que está negando que exista a violencia machista, mentres non teñan claridade sobre o que van facer nunhas próximas eleccións. Entendemos que non se pode ter máis incoherencia. É incompatible pactar coa extrema dereita e dicir que se defenden os dereitos das mulleres.

E, como digo, non é só por estes pactos cos negacionistas, é que tamén, se facemos unha evolución e analizamos a súa acción política nos últimos anos, vemos como realmente non houbo unha defensa da igualdade, non só por non cumprir a lexislación, como dicía, senón por outros moitos casos concretos.

O pasado 8 de marzo foron directamente contra as mulleres. Teñen condenas por impor uns servizos mínimos totalmente abusivos na folga feminista. Hai declaracións machistas do pasado 8 de marzo de voceiros do Partido Popular que son totalmente inaceptables, tamén incluso do propio presidente. Continuaron todos estes anos financiando unha organización que vai directamente contra os dereitos das mulleres, unha organización antiabortista, como é Red Madre, que nega ou pretende negar a capacidade de decisión das mulleres, e seguen a desmantelar os centros de planeamento familiar. Por iso non imos crer que agora queiran defender os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, porque as súas políticas van xustamente na liña contraria.

Seguimos tamén insistindo en que continúan financiando escolas que segregan por sexo, e non ten ningún sentido que poñamos medidas a prol dun ensino en igualdade cando despois continúan financiando estas escolas.

Os incumprimentos da lei son ás veces tan graves que vemos como en trece anos non foron quen de poñer en marcha un plan de igualdade dentro da propia Administración pública. ¿Como imos pensar que o Goberno vai facer cumprir as empresas cos plans de igualdade cando eles mesmos nin sequera foron capaces de pór en marcha este plan de igualdade? Agora estano intentando facer en ano preelectoral rápido e sen seguir os mínimos procedementos.

Tamén tiveron condenas por denegar os dereitos de conciliación. E a nós este tema parécenos moi importante, porque ultimamente vemos como tratan de vender falsas medidas de conciliación para vender esa idea natalista. Proximamente falaremos da Lei de impulso demográfico, pero despois non aplican nin unha soa medida que favoreza a conciliación real das



mulleres. Todo o contrario, levamos moitos anos de recortes en dependencia, levamos moitos anos nos que cada vez máis as mulleres teñen que facerse cargo dos coidados no fogar e moitos anos privatizando todos estes servizos.

Teñen a rede de acollemento e a rede dos CIM totalmente infradimensionada, por iso, por todas esas accións e por moitas outras que non daría tempo a relatar hoxe, non cremos estas supostas boas intencións, porque os feitos están aí. En todos estes anos permaneceron totalmente alleos ao que plantexaba o movemento feminista nas rúas, non quixeron escoitar, e nós imos repetilo: o que necesitamos son medidas firmes e orzamento, máis diñeiro público, e sempre se negan. Un 1 % do conxunto dos orzamentos parécenos unha cantidade totalmente necesaria, un mínimo, unha cantidade mínima, porque a situación xa non admite máis demora, é insoportable. Os feminicidios continúan a estar aí e son unicamente a parte máis visible. Detrás dos asasinatos súmanse todas as violencias cotiás que vivimos as mulleres en todos, absolutamente todos, os ámbitos da nosa vida, como insultos, agresións, condescendencias, sobrecarga do traballo de coidados, cousificación e un longo etcétera, e non se están poñendo medidas para acabar con estas violencias.

Cremos que hai un desleixo absoluto por parte da Administración para acabar, por exemplo, con este traballo de coidados que realizan as mulleres, incluso coa fenda salarial, que vemos como se dispara nos traballos onde a nómina é mellor. O Goberno ten que ofrecer ferramentas claras. E este ditame, na nosa opinión, é un primeiro paso, pero que non dá resposta a todas as necesidades urxentes que temos as mulleres.

Nós imos seguir tendo toda a disposición e van contar con todo o noso traballo, como viñemos facendo ata agora, pero si queremos recalcar que non nos vale un falso consenso, unha falsa chamada á unidade, porque hai diferenzas políticas. A súa acción política moitas veces é totalmente diferente ao que despois levan adiante, e queremos compromisos claros, compromisos firmes e claros e que non sexan unicamente propaganda, porque entendemos que cos dereitos das mulleres non se pode negociar, e nos últimos tempos o Partido Popular si que está negociando con estes dereitos ao pactar con quen nega a violencia machista.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Polo Grupo dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.

Logo de escoitar os diferentes voceiro e voceiras, non podo máis que manifestar sintonía por parte do Grupo Socialista cunha gran parte das súas exposicións e co fondo común dos nosos votos particulares. É que non é máis que a constancia de que este ditame é un punto e seguido no noso cometido de acadar respostas e accións contra a violencia machista, pero en ningún caso pode ser entendido como un punto e final, que entendemos sería o desexable.



¿Significa isto que nós desdeñemos o traballo feito ata o momento ou que minusvaloremos tamén as aportacións de todas as persoas expertas? Evidentemente, non. É máis, nós tamén queremos agradecer e cremos que é importante salienta esa xenerosidade de todas as persoas que participaron na comisión, de todas as ponentes, de todas as persoas redactoras dos informes, dos deputados e deputadas e, por suposto, dos servizos da Cámara, que contribuíron ao bo facer da mesma, tanto nesta lexislatura como na anterior.

Todos os seus testemuños teñen ampliado, sen dúbida, o noso coñecemento da realidade galega en materia de igualdade e da incidencia da violencia machista, e as súas conclusións, sen dúbida, van servir de base para a elaboración das medidas e das accións necesarias para combater todas as desigualdades e todos os comportamentos violentos contra as mulleres.

Esa é a razón última da nosa abstención ao ditame: constatar que se trata dun documento que é inconcluso; un documento que, como xa se apuntou aquí, é meramente descritivo das declaracións de todas as persoas ponentes; un documento que é multicoral e que incluso me atrevería a dicir que é aséptico, no que se conclúe basicamente que hai existencia da violencia machista en moitos ámbitos da nosa vida e da nosa sociedade galega. Un documento, polo tanto, que debuxa mellor o noso contexto, pero que en ningún caso asume o reto de enfocar e describir as medidas precisas para combater a violencia, nin tampouco para resolver as dificultades evidentes para cumprir —como tamén xa se comentou aquí— con moitos dos mandatos das leis autonómicas que hoxe en día están vixentes e que seguen sen darse.

Votar a favor, polo tanto, sen a emisión deste voto particular que cando menos matizase esta cuestión tan importante sería favorecer que puidese concluír neste punto o cometido da comisión e, polo tanto, traizoar o cometido último que nos ten trasladado a cidadanía galega, que é traballar, precisamente, para topar as solucións ao problema da violencia machista.

Polo tanto, no noso voto particular non pretenda ninguén atopar nin voltas nin reviravoltas. Hai tan só a necesidade de apuntalar mellor o fin último da comisión e de actuar desde a transparencia máis absoluta coa cidadanía galega.

E para entender tamén mellor a nosa postura é preciso lembrar o exemplo do traballo desenvolvido noutras comisións parellas a esta que se teñen realizado seguindo o proceso que hoxe —entendo— todos reivindicamos, tanto na ponencia creada no Senado como na Subcomisión de Igualdade no Congreso. Os ditames resultantes contiñan ambos os dous as medidas que logo formarían parte do Pacto de Estado contra a violencia de xénero; algo que parece lóxico, pois esa era a encomenda aos diferentes grupos, extraer as conclusións, pero tamén as medidas que se deberían poñer en marcha.

Ben é certo —e quero tamén puntualizalo para que ninguén o explique por nós— que o noso grupo, como o resto dos grupos, accedemos finalmente a concluír esta parte só coas conclusións das ponentes e non coas dos grupos co fin de non prolongar máis no tempo a emisión desta parte do informe. E fixémoslo porque eramos e somos conscientes de que, tras varios anos —porque falamos de anos—, dilatalo máis no tempo non era desexable para ningún de nós, e é que moitos dos temas ou das problemáticas que se trataban e estaban



plasmadas nese documento estaban xa nun contexto totalmente desfasado do actual, con algúns debates e problemáticas —repito— que xa estaban superadas, incluso por medidas que xa se puxeron en marcha dende o ámbito autonómico, pero tamén dende o estatal e incluso dende o local.

En todo caso, e precisamente por este motivo, parécenos importante deixar hoxe constancia desa necesidade de finalización dun proceso que entendemos —e repito— inconcluso.

Non se entenda isto tamén como unha cuestión de falla de confianza nin de compromiso pola nosa parte coa finalización do proceso, é un acto de mera transparencia para deixar claro a toda a cidadanía que o fin último aínda non foi conquerido e que este é, insisto, un paso máis pero en ningún caso a meta perseguida.

E máis alá desa razón principal, que penso que queda explicada suficientemente, é preciso tamén entender como xurdiu esta comisión e os cometidos da mesma e cal foi a postura do PSdeG entón, que non é tampouco allea á que hoxe mantemos. A Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres, na súa sesión do 14 de xaneiro do ano 2014, adoptou unha serie de acordos de cara a establecer, precisamente, as súas propias normas de funcionamento. Recollía entre outros puntos o obxecto da mesma e tamén a súa duración. O Grupo Parlamentario Socialista amosouse no seu día contrario á limitación dos obxectivos desta comisión —só a avaliación das leis de igualdade estatal ou galega, e, por suposto da galega, a única na que tiñamos competencias—, o que xa manifestou no seu día cunha emenda ás normas de funcionamento e que recollía nun sentido moito máis amplo o obxecto da mesma, entendendo o fin desta como ferramenta útil para a avaliación de todas as leis e tamén de todas as normativas que recollesen medidas en defensa dos dereitos das mulleres ou da igualdade; emenda que foi rexeitada.

Polo tanto, o noso grupo asumiu no seu día xa esa redución dos cometidos da comisión, pero entendía entón e tamén entende agora que a consecución, en todo caso, dun pacto galego contra a violencia de xénero debería conter medidas que traballasen para garantir o cumprimento non só da Lei de igualdade galega senón, por suposto tamén, do resto das normas e leis que transversalmente velan pola garantía da igualdade e a non violencia ou discriminación das mulleres.

Así mesmo, entendendo a parte fundamental do Goberno en cada momento, responsable do deseño e posta en marcha das políticas autonómicas, cremos tamén fundamental exixir coherencia e compromiso na posta en marcha das medidas, especialmente, ademais, daquelas que xa están reflectidas na Lei de igualdade actual, como tamén xa se ten comentado e salientado, e que non se impulsaron por desidia e, en todo caso, por falla de vontade do Goberno.

Aplaudimos a disposición, por suposto, do Goberno a favorecer os pactos, tal e como fixo co seu rexistro recente dunha proposición en tal dirección, pero, en todo caso, cremos que esta non debe ser nin acelerada nin condicionada, e o que é máis importante, debe responder a un proceso participativo de toda a cidadanía. Ata o momento contamos cun documento de ponencia que reflicte a opinión de persoas expertas cada unha na súa materia ou campo de



traballo, pero a cidadanía galega, o movemento asociativo e o movemento feminista tamén deberían ter cabida. Calquera vítima, ademais, que coñece mellor ca ninguén as dificultades coas que se ten atopado ou atopa no seu día a día, para non ser revitimizada, para resultar crible, para non ser estigmatizada, para ser apoiada por todas esas cuestións, ten que ter voz neste proceso final tan importante.

E por iso mesmo cremos que o Goberno ten que facer deste pacto un proceso exemplar de participación e de transparencia, e que non sexa unidireccional, senón que sexa totalmente bidireccional. E nese sentido vai o noso voto particular, que pretende engadir ao documento da ponencia a engádega dun punto que fai referencia a esas propostas e estratexias nas que é preciso contemplar, entre outras cuestións, a necesidade de desenvolver, antes da fin da lexislatura, un pacto galego contra a violencia de xénero que conteña, cando menos, as medidas e as accións precisas para garantir e impulsar o correcto cumprimento da lei actual para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero; un pacto que veña acompañado dun compromiso orzamentario suficiente que permita a súa posta en marcha inmediata, pero tamén unha avaliación anual do grao de execución dos obxectivos propostos e que sexa en todo momento accesible para o coñecemento de toda a cidadanía. Tamén que garanta, unha vez coñecido o contido da ponencia admitida pola Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres, aos diferentes colectivos sociais ou aos particulares realizar as súas achegas a este pacto co último fin de atender as opinións de toda a cidadanía, así como actualizar as opinións ou conclusións recollidas na ponencia que puideran quedar obsoletas no tempo. Pero tamén entendemos necesario exixir ao Goberno o seu compromiso máximo e real coa Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e a posta en marcha de modo inmediato daquelas accións xa contempladas na lei, especialmente daquelas que, non precisando dotación orzamentaria extraordinaria e por contar con medios propios para o seu desenvolvemento, xa poderían terse posto en marcha.

E, por último, unha vez que se finalice e se complete este plan de traballo actual da comisión, entendemos que é preciso que esta inicie o antes posible un novo plan de traballo para a avaliación do resto das leis ou accións que en relación coa igualdade ou cos dereitos das mulleres poidan levar a cabo as administracións públicas en Galicia.

Cremos que son todas peticións razoables que en nada contradín o que en realidade debería ter sido o contido mínimo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...dunha ponencia final, dunha comisión de estudo como é esta, e a súa finalidade non debería ser a de facer publicacións senón máis ben a de aportar solucións e accións.

Pola nosa banda, nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora García Míguez.

Aproveitamos para saudar os alumnos do Colexio Sagrado Corazón de Ferrol, alumnos de 4^o da ESO que acaban de entrar no plenario. Saudámoslos en nome de todos.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Bos días.

Sorpréndenme, a verdade, os seus argumentos, que, en vez de ser os argumentos que os expertos e todos os comparecentes nos deron no traballo, no arduo e intensísimo traballo que tivemos con este ditame, quedaron exactamente igual nos diferentes grupos políticos, tanto do Partido Socialista como do Bloque Nacionalista Galego como das Mareas —naquel momento, e agora coa súa excisión—. Sorpréndeme que quedaran exactamente igual no ano 2013 que agora no 2020. Dáme moitísima pena que teñan esta forma de actuar e que non aprenderan nada de todo o que nos recomendaron. Porque, ao final, este ditame é un traballo con moitísimo contido, un traballo de enriquecemento, non soamente persoal para cada un dos que puidemos estar alí, senón tamén para todos os grupos políticos. E hai que poder ter un posicionamento, poder ter unha estratexia e poder aportar as medidas necesarias para acabar e rematar con esta situación dun xeito eficaz e eficiente, dentro das nosas competencias, e facer todo o posible para que esta situación deixe de ser unha realidade, como, por desgraza, continúa a acontecer.

Hoxe imos expoñer, efectivamente, a avaliación de todos os comparecentes, a avaliación da nosa Lei galega do ano 2007, de prevención e tratamento integral contra a violencia de xénero, e tamén da Lei orgánica do 2014, de protección contra a violencia, así como tamén a análise da aplicación das políticas locais, estatais e autonómicas sobre que se está a facer e como se está a facer. E tamén propoñeremos medidas concretas de mellora, que é o fin, en definitiva, deste documento, propoñer medidas concretas de mellora.

Quero comezar agradecendo o labor de cada unha das deputadas que anteriormente, na anterior lexislatura, estiveron traballando nesta comisión, que foron Cristina Romero Fernández, Eva Solla Fernández, Carme Adán Villamarín, Carme Acuña Docampo e Rosa Oubiña Solla, e o labor tamén, nesta X lexislatura, de Dolores Toja Suárez, que sei que se alegrará de que esteamos hoxe aquí rematando con este traballo.

Foron, como ben saben, catro os ditames que houbo na Comisión de Igualdade neste Parlamento, dous deles de índole laboral, outro de socialización de menores e de adolescentes e o último sobre a situación da prostitución feminina en Galicia. Pero a realidade é que este ten moitas peculiaridades. É o que máis se alongou no tempo, con máis de sete anos de duración, dende o 2013 ata o 2020. O Plan de traballo tívose que aprobar por unanimidade, señora Pierres. Dúas veces se aprobou por unanimidade, no ano 2013 e tamén no ano 2017, co cal, todos os grupos políticos estivemos de acordo en levar a cabo este ditame.

Tamén, ademais, foi o que tivo maior contido, o máis completo: 22 informes e máis de 80 fichas técnicas dos centros de información á muller. E, ademais, foi tamén onde máis expertos e profesionais compareceron, concretamente 83 persoas de todas as áreas, como ben



dixo anteriormente a presidenta da comisión. Estiveron case o triplo dos comparecentes que noutros ditames.

Respecto das reunións de traballo, quero dicirlle que, para chegar a este ditame, tivemos que facer un labor de dous anos de traballo, e, señora Quinteiro, eu non sei cada grupo político a responsabilidade que ten para que isto puidese aprobarse antes ou despois, pero a realidade é que cada un debería valorar cal foi a súa disposición, a súa capacidade e a súa inqueda para que isto puidésemos rematalo no tempo o antes posible. Entón, botarllas a culpa aos demais é moi fácil, pero creo que debemos facer unha reflexión persoal.

É moi importante o momento histórico no que estamos e estas leis, tanto a galega, que cumpre 13 anos, como a estatal, con 16 anos, están na puberdade. A puberdade é o momento de cambio; co cal, se houbese que facer algunha modificación sería un bo momento.

No simbolismo do Pacto de Estado priorizouse a solución da violencia de xénero como unha cuestión de Estado, cunha aportación de 1.000 millóns de euros e cuns presupostos que aínda se están levando a cabo grazas a un goberno do Partido Popular. Lembremos que ese pacto de Estado foi grazas a un goberno do Partido Popular.

Señora Pierres, indícolle que haberá un pacto galego. Nós xa rexistramos a proposición para que haxa debate neste Parlamento e poder chegar por consenso e con unidade a que o haxa. Aí reflectiranse as medidas. Vostede, en vez de falar hoxe do ditame, veu aquí falar das medidas, das futuras medidas do pacto, exactamente igual que o señor Villares. Entendo que non teña coñecemento do ditame porque non participou directamente nel, pero saiban que as medidas para o pacto é alí onde se teñen que poñer, esas medidas das que vostedes falaban, e que haberá un orzamento, como non podería ser doutro xeito, igual que houbo no Pacto de Estado.

Despois de 38 anos de nacemento deste Parlamento nós seremos quen de aprobar este futuro Pacto galego e creo que debemos intentar estar todos a unha para que isto poida acontecer, para que todos os grupos políticos en Galicia poidamos presumir de chegar a un acordo por e para as vítimas de violencia de xénero e para os seus fillos e, por suposto, para traballar arreo para que os maltratadores cambien as súas condutas.

Deixaron moi claro os comparecentes cal era a liña a seguir. A presidenta do Observatorio contra a Violencia de Xénero, María Ángeles Carmona, indicou que España está á vangarda na loita contra a violencia de xénero, e Galicia é pioneira, xa que a nosa lei galega está moi por riba da lei estatal. Exactamente igual quero que fagamos noso o contido da intervención do vicepresidente da Xunta de Galicia, don Alfonso Rueda, porque creo sinceramente que ese é o espírito, e non soamente desde o Grupo Parlamentario Popular senón que todos os comparecentes e todos os expertos así nolo indicaron.

Vou dicir expresamente cales son as súas verbas: «Son, sen dúbida, cifras sen razón, cifras que non deberían darse pero que se dan e, polo tanto, estamos diante dun problema social de primeira magnitude que pon en cuestión todos os valores, todos os principios de convivencia, de dignidade, de liberdade e de igualdade que a nosa democracia quere defender. E



por iso estou convencido de que especialmente neste ámbito sería preciso trasladar os matices que sexan necesarios, pero trasladar unha mensaxe de unidade, unha mensaxe de consenso e unha mensaxe sen fisuras, ou cando menos, señoría, sen fisuras que fixeran inútil esta mensaxe».

Xa para ir rematando, con respecto ás medidas propostas na comisión e ás conclusións, como ben se relataba anteriormente, hai oito grandes áreas e, dentro destas oito grandes áreas, vou relatar simplemente algunhas, porque por falta de tempo non podemos especificar cada unha delas —pero quero puntualizar algunha porque creo que son moi importantes—.

Dentro da área de Economía e emprego, sobre todo tratamos temas de ampliación de redes de escolas infantís, de redes de centros de atención a persoas maiores e de medidas de conciliación. Dentro da de Medio rural e mar, tamén queremos consolidar o movemento asociativo das mulleres e implementar medidas de conciliación e de corresponsabilidade dentro do ámbito rural. Dentro da de Sanidade, queremos crear un plan de igualdade na sanidade pública galega. Como saben, o traballo da comisión comezou en 2013, estamos no 2020. Hai moitas medidas que están obsoletas, pero non porque naquel momento non fosen pioneiras senón porque hoxe en día xa se están a levar a cabo.

Con respecto tamén á área sanitaria, que o señor Villares facía un apunte con respecto a isto, isto amosa un descoñecemento do ditame. Eu recoméndolle que o lea polo miúdo, porque así se dará conta de que estamos de acordo en moitos máis puntos dos que vostede cre. Fíxese que dentro do punto 3, de Sanidade, indica no punto 4.3.7: «Garantir a atención psicolóxica suficiente e continuada que favoreza o empoderamento de todas as mulleres vítimas, especialmente dos colectivos máis vulnerables, mulleres con discapacidade ou vítimas de trata». Ademais, iso xa se está levando a cabo.

Dentro da área social, están as medidas de prevención e loita contra a violencia sexual, a trata e a explotación sexual. Aprobamos hai moi pouco tempo aquí neste Parlamento un plan galego contra a trata e explotación sexual e tamén que haxa lexislación estatal para erradicar este problema.

Con respecto á educación e sensibilización, trátase de impulsar formación especializada en igualdade de xénero e coeducación nos profesionais da educación. E tamén o fomento da igualdade no deporte, señor Villares, que vostede apuntaba, está no documento.

No 4.6, o da Administración, o primeiro punto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vaia rematando, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: ...—vou rematando— é o Programa de apoio á rede de centros de información das mulleres para promover a igualdade no ámbito local, señora Quinteiro. Vostede, que é a voceira de igualdade do seu grupo, parece mentira que pida algo que xa está dentro das medidas e que o propoña aquí coma se fose unha novidade. Xa está recollido dentro do ditame. Eu creo que debería ter un pouquiño máis...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: E simplemente para rematar, quero dicir algo con respecto ao termo «feminicidio». Ben saben que todos os comparecentes chegaron —eu creo que foi por unanimidade— á renuncia da incorporación do termo «feminicidio» porque non ten lugar na nosa sociedade, na galega, nin no noso país.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre os votos particulares formulados polos demais ou para a réplica.

En primeiro lugar, ten a palabra, polo Grupo Mixto, o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: A voceira do Partido Popular nunca deixa de fascinarnos no sentido de que, aínda anunciando o voto favorable ao ditame na busca do consenso nunha área tan sensible como a igualdade e a loita contra as violencias machistas, nin así queda contenta.

Eu celebro que vostedes se refiran a varias das nosas medidas e propostas concretas para a materialización do Pacto galego contra a violencia machista no sentido de manifestar xa aquí, desde esta tribuna, que as van apoiar, porque o que estamos facendo realmente é dotar de contido concreto aspectos que quedan enunciados en termos moi xerais e sobre os que non foi posible ata este momento acadar un consenso. Por esa razón non van no ditame, e, ao non poder ir no ditame, é polo que nós trasladamos a nosa vontade de que se siga camiñando e de que se sigan especificando, concretamente en materia de saúde mental, en materia de erradicación das violencias machistas no deporte, etc., todos estes contidos. Polo tanto, quero celebrar a intervención do Partido Popular neste sentido.

Vén aquí recordarnos que isto en si non é o pacto. Pois claro que non é o pacto, pero son as bases sobre as que despois está chamado a constituírse ese pacto galego. Polo tanto, poderemos dar a nosa opinión —e iso forma parte tamén do noso voto particular— sobre como se debía de construír tamén no concreto ese pacto. E digo no concreto, porque estamos falando de dúas formas de concibir —diferentes, seguramente— o valor dos pactos políticos na Cámara parlamentaria. Nós queremos unha norma xurídica que teña capacidade plena de obrigar, que sexa capaz de crear dereitos para as persoas, para as mulleres particularmente, e obrigacións para os poderes públicos. Polo tanto, queremos a xuridización plena daqueles compromisos que se adquiren nesta Cámara, porque, se non, despois o que sucede é que continuamente aquilo ao que se foi comprometendo con bonitas palabras non ten respaldo orzamentario, non ten respaldo de prazos e non ten recoñecemento de dereitos obxectivos. E iso non pode ser, porque, se non, estamos facendo simples brindes ao sol mentres as mulleres seguen morrendo, mentres seguen sendo discriminadas e mentres sofren as violencias machistas dun patriarcado que, evidentemente, non vai desaparecer da sociedade



polas boas; é necesario que vaia acompañado de medidas firmes de avance na igualdade. Polo tanto, xuridización plena, que será o que pediremos nese pacto.

E iso tamén en coherencia con outra idea, a de pasar do papel á realidade, a de materializar os dereitos. A materialización e a materialidade do dereito consiste en que poida ser exercido como un dereito de carácter subxectivo e que se poida exixir, chegado o caso, ante os tribunais.

Por iso nós falamos tamén de varias cuestións. Falamos, en primeiro lugar, de prazos, para que aquilo que se afirma como necesario non quede *sine die* metido nun caixón; e prazos tamén para que aquelas afirmacións legais ou no pacto que requiran un desenvolvemento regulamentario non durman tampouco o soño dos xustos, senón que teñan un desenvolvemento en prazos concretos para poderense activar en prazos concretos.

E, ademais, seguímolo dicindo moi claramente: é necesario que os acordos vullan para recoñecer novos dereitos que agora non están aínda recoñecidos. O enunciado de que fai falta isto ou fai falta o outro, se non se recoñece un dereito subxectivo, como que persoa ten dereito e a que prestación ou que se actúe de determinada maneira, non se dará avanzado nada, porque cando a norma se dirixe unicamente ás administracións públicas e as administracións poden optar entre facer e non facer o único control que cabe é o control político que aquí fagamos, que nun escenario de maioría absoluta xa sabemos como se vai deducir. Entre tanto, a poboación afectada por esas medidas que non se acaban de aplicar non ten como exixir a realidade deses dereitos. Polo tanto, temos que dicilo porque cremos que se debe de avanzar na construción do pacto desta maneira.

Tamén debe de quedar claro que todo tipo de pacto debe de ir acompañado dunha memoria económica, dun desenvolvemento orzamentario en prazos, para que sexan efectivos e non esteamos como estamos agora, en moitas outras normas, pendentes dun desenvolvemento que nunca chega. Aínda que dende En Marea formulamos emendas aos orzamentos, rexéitannolas continuamente, e iso impide desenvolver e facer efectivos os dereitos que están enunciados.

Pero, bueno, claro, para todo isto fai falta ter vontade política clara máis aló da simple declaración de intencións, e por iso as vontades políticas —e todos os grupos da oposición llelo afeamos— quedan reflectidas tamén coas vontades de pacto político. E xa non falamos deste pacto político, falamos dese outro pacto político que lle permite ao Partido Popular seguir gobernando en determinadas comunidades autónomas, en determinadas concellos, a custa de pactar coa extrema dereita e a custa de renunciar a loitar pola igualdade entre mulleres e homes.

E mire, desde En Marea dixémolo varias veces. Non dubidamos da vontade sincera de moitos e moitas de vostedes de seguir avanzando na igualdade e de combater o machismo. Non o dubidamos, pero o que si temos é a certeza de que esa vontade queda truncada como consecuencia dos pactos coa extrema dereita. Vox impídelles facer maiores e mellores políticas de igualdade, ¡así de claro!, e fainos retroceder na loita contra o machismo, igual que na loita contra a homofobia, na loita contra o supremacismo racial e na defensa do autogoberno do país. Entón, claro, hai que dicir as cousas claras, e por iso lles dicimos que teñen que escoller



con quen queren facer o pacto. Este pacto —ao que está chamado despois deste ditame— é o pacto co conxunto da sociedade galega, é a favor de todo o mundo e non vai en contra de ninguén, a diferenza dos pactos que vostedes selan coa extrema dereita en España.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día de novo a todas e a todos.

A voceira do Partido Popular dicía que lle sorprendía o que dicíamos os grupos. Eu, respecto do que dixemos en nome do Bloque Nacionalista Galego, sexamos honestas, é o que levamos dicindo tres anos; ou sexa, non pode verse sorprendida polo que dixen eu aquí. (*Aplausos.*) Eu entendo que non lle guste, que non o comparta, que haxa moitas diferenzas, pero, desde logo, en honestidade a todas esas horas que estivemos discutindo e debatendo, desentendéndonos e entendéndonos, pois creo que é xusto recoñecer que o Bloque Nacionalista Galego tivo unha posición coherente desde un inicio e que non vimos aquí dicir nada que non dixeramos.

Neses debates nós estamos contentas de todo ese tempo que investimos, oxalá tivera sido máis, porque creo que nos achegamos tamén todos e todas nalgúns aspectos. E hai cuestións como a defensa dun 1 % para a violencia machista —que inicialmente defendía o BNG e que agora foi asumida por máis grupos— que eu estou convencida de que nalgún momento tamén o Partido Popular asumirá.

Polo tanto, creo que podemos dar un debate maduro, adulto, desde a diverxencia, en moitos casos, desde a converxencia nalgúns outros, como tamén fai o feminismo fóra deste Parlamento, e sen pretender agochar en falsos vitimismos a radicalización do discurso dalgúns ou o incumprimento da lei.

Piden consenso. ¡Non será por consensos que non teñamos tecido da man do Bloque Nacionalista Galego tamén con este grupo maioritario!, pero o que non poden pretender é que esteamos votando a favor dun plan de traballo no 2014, no 2017, que non se cumpra ese plan de traballo e que non teñamos ningún reparo que poñer enriba da mesa, porque a cuestión é que había un obxectivo, que era avaliar o cumprimento da Lei de violencia machista. ¿Cumprese ese obxectivo? Non, a avaliación do cumprimento da Lei de violencia machista só está no voto particular do Bloque Nacionalista Galego, e iso é o que nos leva a que non poidamos apoiar cun si.

Pero créanme se lles digo que tamén é un esforzo pola nosa banda absternos nesta votación. É un esforzo tamén grazas ao esforzo colectivo que fixemos, e que tamén fixo o grupo maioritario da Cámara para quitar algunhas cuestións coas que nós tiñamos unha oposición dia-



metral, como, por exemplo, esa matización que facía algunha das persoas comparecentes sobre a cuestión do feminicidio e que iso discrimina as persoas trans. Só faltaba que o grupo que votou en contra da Lei trans, que propuxeron os colectivos galegos, nos acusara despois de transfobos por defender o feminicidio, por poñer un exemplo. *(Aplausos.)*

Nós abstémonos, porque houbo un esforzo por todas as partes para buscar un texto o maior consensuado posible, aínda que para nós sexa insuficiente e non teña unha avaliación. Pero abstémonos tamén porque pensamos que é un sinal de diálogo para conseguir medidas en firme nos próximos meses. Desde logo, aí vostedes nos terán, non teñan ningunha dúbida.

Eu quero pedirilles un favor, a vostedes e a toda a Cámara. Por favor, cando falemos do Pacto galego, eu creo que nos axudaría a todos e a todas poñer dun lado o exemplo do Pacto estatal, porque eu non creo que sexa un exemplo que teñamos que seguir, porque se incumpriu, porque non se cumpriron os compromisos económicos e porque tres anos despois temos que estar exixindo aínda cuestións elementais como que asuman unha definición máis ampla da violencia machista. Eu creo que non é un espello no que mirarnos, que temos que pensar na nosa propia historia, nos acordos de 2007 e pensar en como podemos avanzar a partir de aí, e desde logo terannos.

Agora anunciou que van traer unha proposición non de lei para que fagamos un pacto. A nós parécenos estupendo. Xa trouxemos unha moción no 2017. Nós imos estar a favor, e, de feito, se tiveran votado a favor da emenda que presentabamos ao ditame onde comprometíamos un prazo de dous meses para acadar orzamento, planificación e mecanismos de seguimento, xa non tiñamos necesidade de debatela. Pero non pasa nada, todo o debate é pouco e nós non imos competir pola maternidade do concepto «pacto galego». Non nos interesa iso, senón que haxa algo real. E, desde logo, terannos aí. Non nos poden acusar de que non imos estar por electoralismo porque eu recórdolle que a anterior lexislatura acabou, no último pleno do Parlamento galego, cun acordo para modificar a Lei de violencia machista impulsado polo BNG. Non tivemos ningún tipo de problema en votar co grupo maioritario da Cámara no último pleno do Parlamento galego. Créanme que non imos ter ningún problema en volver facelo, se o que se pon enriba da mesa require, efectivamente, dese consenso, porque trae un cambio e un compromiso a longo prazo. Non imos deixar de facelo por electoralismo. Ven vostedes nos demais os seus propios defectos.

Agora a pelota está no seu tellado. Se queren que empecemos, empezamos agora mesmo. Eu teño o seguinte debate, pero, se o señor vicepresidente da Xunta segue por aí, podemos xuntarnos a comisión con el, que é o que ten a chave dos cartos, e podemos empezar a falar dese pacto galego. Non temos ningún problema, aí imos estar, pero tamén, xa lle digo, como sempre fixo o BNG, sempre e cando haxa un compromiso firme que supoña un avance, porque mentres a sociedade está pedindo pasos de xigante o que non podemos facer nós é cambiar de postura desde a mesma posición simplemente para facer que facemos e que iso non se traduza en algo real. Aí non estaremos. Se queren facer outra cousa, desde logo que si, como sempre fixemos e como nos avala a nosa propia historia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Como primeiro matiz, que o Partido Popular pretenda deixar caer que se atrasaron os traballos da comisión por algúns grupos, e concretamente polo meu, non llo vou permitir. Sabe perfectamente, e están aí todos os correos... Si deixouno caer, paréceme moi ofensivo e que debería de rectificar, porque a disposición foi absoluta sempre, ¡sempre! Iso non o vou permitir. Os únicos que paralizaron o pacto durante un tempo e aos que se lles acordou retomalo publicamente, sen falar coas deputadas de igualdade, foron vostedes. A señora Paula Prado deu unha rolda de prensa cando saíu o señor Casado para dicir que se ía facer e impulsar o Pacto galego en Galicia, cando xa estabamos traballando dentro do marco da comisión. Foron os únicos, e non dixemos nada naquel momento, pero, entón, que aínda por riba veñan aquí dicir que se se atrasou durante tantos anos a ver de quen depende, non llo imos permitir. *(Aplausos.)*

E logo, despois, fan moita demagogia, porque, claro, como imos absternos nesta votación, din que a oposición quere quedar como estabamos no ano 2013. Non, o que quere a oposición son medidas concretas, cun calendario concreto, con orzamentos concretos, e saír das incoherencias do Partido Popular, que están todos os días na prensa polas súas accións políticas. O que quere o Partido Popular é ter un documento, coma se fora definitivo, que son unhas recomendacións —que escoitamos e agradecemos— a todas as comparecentes e entidades que viñeron comparecer e que aportaron moitas cuestións; cuestións que xa viñamos escoitando anteriormente algúns grupos e que está ben que as escoitaran, pero que non son suficientes. É que seguramente a moitas das comparecentes tampouco lles parecía suficiente. Aceptamos pechar esta primeira parte, porque xa non podía demorarse máis no tempo e porque dous anos de demora xa non era admisible. Aceptámolo, pero co compromiso firme de que o que quedaba era o máis importante. O traballo que quedaba era o máis importante: medidas concretas, un calendario e un debate real co conxunto da sociedade, especialmente co movemento feminista. Isto non debía quedar limitado ao marco das deputadas que formabamos a Comisión de Igualdade.

Escoitando a súa intervención, reafirmámonos no noso voto, porque vostedes pretenden con este ditame facer como que este é o punto final, non o punto de partida. Pretenden facer como que isto foi o último paso e que se chega a un grande acordo e consenso. Acordo e consenso, ¿para que? ¿Para que? Porque se tiveran realmente vontade política de chegar a un acordo e un consenso empezaría por cumprir, por exemplo, a lexislación en materia de igualdade, porque non tivo aquí nin un minuto para falar dos incumprimentos reiterados. E di que este ditame buscaba facer unha avaliación da lexislación, cando sabe perfectamente que non se fixo, sábeo perfectamente. Entón, ¿como pode vir aquí dicir que si está feita esa avaliación? Non está feita, a lei non está desenvolta, a lei non está aplicada, hai incumprimentos reiterados, e é así. Hai moitísimos artigos... Entón, vir aquí dicir que os obxectivos que se marcaba a comisión están acadados con este ditame, ¡home! pois a nós parécenos de risa. Non están acadados. Primeiro paso. E agora haberá que continuar profundando e chegar



realmente ás medidas concretas, non quedar nun documento meramente descritivo. Cremos sinceramente que fan isto moitas veces por mero electoralismo, si, e temos que dicilo, porque hai unha contradición evidente entre o que din defender e o que fan.

Nós non podemos dissociar o debate do ditame da igualdade do posible Pacto galego, dos seus pactos. É que non podemos porque están avalando xustamente a quen está metendo discursos machistas, discursos reaccionarios, que van directamente contra os dereitos das mulleres. E vostedes non fan un pronunciamento claro. Se a extrema dereita acada e é representación no Parlamento galego, ¿o Partido Popular comprométese a non pactar baixo ningunha circunstancia con eles? Non son capaces de facer esa afirmación. Cando fagan esa afirmación, empezaremos a crer que si, que realmente poden defender a igualdade, e sobre todo cando empecen a cumprir a lexislación e a deixar de aplicar todas esas políticas que van de maneira directa contra os dereitos das mulleres, cando deixen de financiar a Red Madre, cando deixen de segregar por sexos nas escolas e todas esas cuestións, porque hai unha incoherencia absoluta. Que o Partido Popular se comprometa publicamente a que o 1 % do orzamento vaia dedicado á loita contra as violencias machistas se tan prioritario é para el. ¿Por que non o fan? Porque vir aquí dicir na comparecencia do señor Rueda —que foron un par de medidas, pero que non son todas as medidas que no Pacto de Estado están aprobadas— que todo se está cumprindo, ¡home!, pois tampouco me parece ben. ¿Que hai algúns avances? ¡Por suposto! Hai algúns avances grazas á presión e ao esforzo do movemento feminista, porque o movemento feminista foi quen obrigou a que o Partido Popular tivera que mudar determinadas cuestións.

E ademais aquí —e está a hemeroteca— vemos un cambio significativo dos votos do Partido Popular, das proposicións non de lei da oposición, cando falamos cerca do 25 de novembro e cerca do 8 de marzo. Cando traemos iniciativas de igualdade noutras datas, é moi difícil ou case nunca chegamos a un acordo. É moito máis fácil chegar a un acordo cando se achegan esas datas, ou seguramente a partir de agora porque estamos en ano preelectoral. Pois sexan claros, ¿de que lado van estar? ¿Van estar defendendo os dereitos das mulleres e a igualdade ou van continuar do lado de quen está pactando a violencia machista? Para nós as dúas cuestións, dende logo, non son compatibles.

E cremos que é importante —e volvemos insistir nesta cuestión— escoitar moito máis alá das comparecentes que viñeron á comisión...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...que foron moitas e que aportaron moitas cuestións, pero falta incorporar dunha maneira central ao traballo de a partir de agora o movemento feminista.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

(A señora Prado del Río pide a palabra.)



O señor PRESIDENTE: Señora Prado, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano da señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Polo artigo 76.1, por unha grave inexactitude que se acaba de dicir aquí.

Eu, como presidenta da Comisión de Igualdade...

O señor PRESIDENTE: Non, foi aludida, efectivamente, por un asunto que convén que aclare: se vostede impediu ou non algo sobre a comisión, que foi o que dixo a señora Quinteiro. (*A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, iso foi o que entendín eu.

Si, ten a palabra.

A señora PRADO DEL RÍO: Dúas cuestións.

En primeiro lugar, como presidenta da Comisión de Igualdade, quero manifestar aquí —e ademais me ratificarán todas as compoñentes da comisión— que en ningún caso, en ningún momento, esta presidenta paralizou ou impediu os traballos da comisión. Cada vez que se paralizaron os traballos da comisión foi a petición dalgunha deputada ou deputado que forma parte da comisión, e foi solicitado por escrito. E, ademais, esta presidenta solicitou a todos os membros e membras —ou como lles queiran chamar— da comisión a unanimidade para paralizar eses traballos. É dicir, nunca de forma unilateral esta presidenta paralizou os traballos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Sempre foi para facilitar que ese traballo fose...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...o máis áxil posible, fundamentalmente en época de orzamentos, cando os outros grupos pedían que se paralizasen os traballos...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Está aclarado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...porque había máis traballo parlamentario.

O señor PRESIDENTE: Está aclarado. Grazas.

(*A señora Quinteiro Araújo pide a palabra.*)

As alusións non teñen réplica.



(A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, é que as alusións non teñen réplica. O Regulamento contéplao. *(Protestas.)* Non, non, perdón, hai que ler o Regulamento. Vostede aludiuna... *(A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.)* por un tema ao que ela respostou, e quedou o asunto claro. E as alusións non teñen réplica. *(A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, as alusións non teñen réplica. *(A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Foi unha alusión directa á súa. Ela respondeu á alusión, nada máis, *(Murmurios.)* ao comentario que fai vostede.

Bueno, creo que quedou claro.

Agora, señora Pierres, ten vostede a palabra.

A señora PIERRES LÓPEZ: Si, presidente. Grazas.

Desde o noso grupo imos insistir, señora García, en que a nosa posición, dende logo, non ten reviravoltas. A nosa abstención na votación do ditame explícase como un acto de responsabilidade, pois non reflectir o carácter inconcluso do ditame sería dar pé a entender —e insisto neste sentido— o cometido da comisión como finalizado, cando entendemos que non é así.

A nosa mirada está xa posta no momento realmente importante de todo este proceso, e é que agora contamos con moitas das ferramentas necesarias —que non todas— para implementar as políticas. E esas políticas, ademais, non poden saber de partidismos, senón que teñen que responder de forma eficaz ás demandas sociais. Este grupo non vai ocultar, como non o fixo nunca, a súa disposición a acadar ese pacto, pero tamén quere ser claro ao respecto.

Este pacto ten tanta présa que precisa ser vestido paseniñamente porque nos vai vestir a todas e a todos, e nel temos que estar, por suposto, cómodas todas e todos. Pero, iso si, vestidas, abrigadas por el. Non pode ser un vestido de tempada, de usar e tirar, ten que ser máis ben unha coiraza forte, pero tamén comfortable, que resista as agresións ás que se verá sometido, pero que tamén permita moverse con axilidade e sen tropezos, sempre seguras. E é que este pacto —insisto— non é só noso, dos grupos desta Cámara, é das galegas e dos galegos, do feminismo galego. E iso significa que todas e todos os que cren na igualdade teñen que ter a oportunidade de manifestarse e de aportar a súa visión ás cuestións que lles preocupen e que detecten como mellorables.

É importante abrir, ademais, esa canle de escoita e recollida de información para unha vítima de violencia, para un orfo ou orfa dunha muller asasinada, para os profesionais da educación, os sanitarios, os do ámbito da xustiza ou das forzas de seguridade. Ten que ser un proceso o máis participativo posible, porque esa será a dose de calidade que deberíamos de reclamar para este pacto, e non facelo ás présas. Hai que vestir o pacto, e non queremos vestidos de



papel. (*Aplausos.*) É algo tan obvio que este pacto ten que sustentarse, ademais, en orzamentos, en orzamentos estables e desexablemente crecentes, porque da análise que se pode facer no día de hoxe do cumprimento das leis de igualdade ou de prevención contra a loita da violencia de xénero poderíamos concluír que moitas das medidas legais xa establecidas non se cumpren por falta de orzamento suficiente. Son leis que se teñen demostrado principalmente como expresións legais de desexos, pero que na práctica non implican control ou obriga do seu cumprimento porque non se penaliza nin se sanciona; esa é a triste realidade destas leis. É máis, a propia Administración é a primeira —e aquí tamén xa se comentou— que segue sen cumprir con obrigas tan básicas que lle competen como facilitar un plan de igualdade para os empregados e empregadas da Administración autonómica. Trece anos máis tarde, e logo de anunciálo ademais repetidas veces nos últimos anos como algo inminente, seguimos agardando por el.

Pero se iso é un exemplo claro, tamén o é a reclamación que se ten feito de medidas que xa están reflectidas tamén nas leis, como pode ser, por exemplo, a eliminación da linguaxe sexista nas normas e leis vixentes de carácter autonómico, que sorprendentemente tamén o Partido Popular ten denegado en comisión parlamentaria. Son cuestións, polo tanto, que minguan, por suposto que si, a confianza deste grupo na verdadeira implicación do grupo do Goberno.

En todo caso, e como un pacto nace desa vontade de todas e de todos, desde o Grupo Socialista claro que imos poñer todo da nosa parte para que este chegue a un bo fin e para que o faga con recursos, que o faga escoitando a todas as voces e para que o obxectivo último sexa vestir de igualdade a vida de toda a cidadanía galega, especialmente das mulleres e nenas do presente e do futuro de Galicia.

E, xa para rematar, o noso voto, en coherencia con todo o falado, vai ser de apoio aos votos particulares, por suposto, de todos os grupos da oposición. Ben é certo que en cuestións moi particulares poderíamos discrepar dalgún dos plantexamentos ou dos obxectivos apuntados por algún dos grupos, pero, dado que comparten con nós —entendemos— esa necesidade de finalización dun proceso que entendemos inacabado, van contar co noso voto positivo.

Pola nosa banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Presidente.

Aquí falouse moito de pactos e de con quen pacta o Partido Popular, e mesmo de se podería pactar en Galicia con algunha forza que non ten representación nesta Cámara. Eu voules dicir a verdade sobre os pactos do Partido Popular en Galicia.

En materia de igualdade e de violencia de xénero, os nosos pactos nesta materia son con vostedes e así se reflectiu ao longo destes últimos anos. A Lei galega de violencia de xénero,



a nosa lei galega do ano 2007, foi unha lei do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego e que, dende logo, dende o Partido Popular apoiamos; exactamente igual que as axudas que reciben as vítimas, a mellora das axudas, que as propuxo o Bloque Nacionalista Galego. Dende o Partido Popular apoiámolo; non foi así desde o Partido Socialista. Polo tanto, o Partido Popular sempre estivo no consenso do marco legal e, por suposto, fixo todo os desenvolvementos regulamentarios para que a nosa lei puidese levarse a cabo dun xeito unánime e dun xeito efectivo e eficaz, como así reflectiron os comparecentes e como se reflicte na análise que se fixo da nosa lei galega.

Cítolle máis acordos aos que chegamos con respecto ao Pacto de Estado e que o vicepresidente no Senado impulsou. O tema das violencias sexuais, as melloras no informe anual, as melloras nos tramos de axudas periódicas todos foron acordos aos que chegamos con vostedes. É verdade que normalmente quen puxo a xenerosidade nestes acordos foi maioritariamente o grupo de goberno, foi o Partido Popular, pero, por exemplo, en temas como o da formación en igualdade para toda a Administración pública e nos programas de inserción laboral para as mulleres vítimas de violencia de xénero vostedes non nos apoiaron, cando hoxe en día as vítimas de violencia teñen eses programas de inserción laboral e moitas delas beneficiáanse dunha medida tan importante. Dá igual que o historial de pactos en materia de violencia de xénero do Partido Popular de Galicia sexa este, sexa con vostedes, o orzamento que temos dende que vostedes estaban gobernando ata o de agora é moi superior. En todas as medidas que se levaron a cabo tamén houbo un avance dende o ano 2007 ata o de agora.

Por algún motivo hoxe non queren recoñecer que co Partido Popular de Galicia falan os feitos e demostran que sempre estiveron ao seu carón. ¿Por que fan iso? Lembremos que no debate do estado da Autonomía unha das propostas que levamos, precisamente, a ese pleno era condenar de forma rotunda todo tipo de violencia, condenar explicitamente os posicionamentos negacionistas que pretenden desvirtuar a dura realidade que sofren as vítimas e tamén que non se intenten patrimonializar de xeito partidista os avances na loita contra a violencia de xénero. Vostedes, curiosamente, votaron en contra desta iniciativa; co cal, a súa postura e os seus votos a día de hoxe están moi claros. Vostedes queren posicionarnos nun lugar onde o Partido Popular non está e queren intentar conseguir algún rédito electoral para que isto os poida beneficiar. E electoralmente quizais teñan algún beneficio, pero para as vítimas de violencia de xénero o beneficio non vai ser ningún.

Nós seguiremos, dende logo, intentando apostar con vostedes, non por pensar que iso dá rendibilidade electoral ao noso partido, senón porque cremos que realmente vai mellorar a calidade de vida de todas as vítimas, de todos os menores, para que poidamos solucionar entre todos a violencia de xénero. Depende de vostedes que ese acordo sexa unha realidade.

E doulles un consello: deixen de pensar en onde lles convén electoralmente situarse. (*Murmurios.*) Nós situámonos neste tema cos nosos feitos e coas súas propostas. Os nosos feitos e as súas propostas son moi claras, señorías. Nesta materia queremos estar da man para loitar contra a violencia de xénero.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Míguez.

Votación do ditame da comisión

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate sobre este texto, procedemos a votar.

En concreto, votamos os votos particulares formulados ao ditame.

Comezamos votando o voto particular do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Creo que xa estaba corrixido o seu escano. ¿Non o corrixistes onte na Mesa? Está corrixido. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu creo que na Mesa foi o escano que propuxo o Grupo Común da Esquerda. ¿Ese era o escrito onde o propuxeron? Pois entón está ben. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, pero o nome neste caso aínda non deu tempo, o que importa é o acordo da Mesa de onte onde se habilitaron os escanos e a vostede habilitóuselle ese escano. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, está habilitado ese escano. Está no seu escano. Neste momento están todos no seu escano. *(Murmurios.)* Si, si, neste momento están todos no seu escano.

Ben, imos repetir a votación. *(Murmurios.)* Non, non valeu, non valeu. E comezamos votando, unha vez que está todo o mundo ubicado no seu escano, en concreto o voto particular do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

Votación do voto particular do G. P. Mixto ao Ditame emitido pola Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o voto particular do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do voto particular do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame emitido pola Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o voto particular do Grupo Común da Esquerda.

Votamos.

Votación do voto particular do G. P. Común da Esquerda ao Ditame emitido pola Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.

O señor PRESIDENTE: Votamos o voto particular do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do voto particular do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame emitido pola Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este voto particular.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos o ditame da comisión.

Votamos.

Votación do Ditame emitido pola Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o Ditame emitido pola Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres

O señor PRESIDENTE: Rematou a votación. Abran as portas, por favor.

Continuamos co texto lexislativo.



Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Mixto, de bebidas azucradas

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días de novo, señorías.

Os impostos susténtanse principalmente en dous piares, un deles máis coñecido que outros. Ese primeiro piar máis coñecido é o de dotar as diferentes administracións públicas dos ingresos necesarios para poder desenvolver a súa actividade e proporcionar os servizos necesarios para cubrir os dereitos recoñecidos neste caso no Estatuto de autonomía ou na Constitución.

Pero, a maiores diso, os impostos cumpren con outra finalidade nos ordenamentos xurídicos contemporáneos, e é que poden ser empregados para fomentar ou penalizar determinadas actividades económicas así como tamén determinados hábitos sociais. E diso vai precisamente esta proposición de lei que hoxe o Grupo de En Marea presenta á Cámara.

Presentamos unha proposición de lei que establece un imposto que ten como finalidade principal desalentar ou reducir o consumo dun determinado tipo de alimentos que son as bebidas azucradas. ¿De que estamos falando? Fíxense neste vaso que teño na man (*O señor Villares Naveira mostra un vaso.*). Este vaso contén a capacidade para unha lata de refresco, unha lata de refresco das que habitualmente temos nos dispensadores ou nas cafetarías e nos restaurantes; bebidas refrescantes que son habitualmente bebidas azucradas. Sen ir máis lonxe, este mesmo vaso contén neste caso a cantidade de azucre equivalente ao que sería o volume desa bebida azucrada, sen ir máis lonxe, un dos máis coñecidos refrescos de cola ou algúns dos refrescos ou bebidas enerxéticas. Computada en número de sobres de azucre, como aqueles que vostedes adoitan utilizar para adoçar o café con leite, por exemplo, unha cantidade que varía entre cinco e sete sobres dependendo do tipo de bebida, pero que, nun tipo medio dunha bebida, refresco de cola, pode chegar ou pode oscilar entre os trinta e os corenta gramos en función da marca. Disto vimos falar, do poder que teñen as bebidas azucradas de influír na nosa dieta, de influír na saúde pública e, polo tanto, as medidas públicas que deberíamos de tomar en relación con esta situación.

¿Por que dicimos isto e por que traemos esta proposta á Cámara? Pois miren, porque a Organización Mundial da Saúde, a OMS, nas últimas décadas alertou dun incremento substancial dos casos de sobrepeso ou de obesidade, e, deste xeito, agárdase que —e son datos para o Estado español— oito de cada dez homes e o 55 % das mulleres terán sobrepeso ou obesidade arredor do ano 2030. Unha das principais causas do aumento do sobrepeso ou da obesidade está relacionada coa inxesta de bebidas azucradas, é dicir, principalmente aquelas bebidas coñecidas como refrescos. E, particularmente, chama a atención —despois referime con máis detemento— o consumo especialmente elevado na poboación máis moza.

En relación con esta situación, a Organización Mundial da Saúde recomenda que o consumo de azucre non exceda o 10 % de todas as calorías que debemos de inxerir ao día, o que nunha dieta media implica cincuenta gramos diarios. Pois ben, unha lata de refresco, que podería



encher este vaso (*O señor Villares Naveira mostra un vaso.*), supón practicamente igualar a cantidade de azucre que precisamos nun día, medida aquí tamén en número de sobres como o que vostedes adoitan utilizar para o café.

Ante este panorama, diferentes informes científicos, como é o caso do elaborado pola Sociedade Española de Medicina de Familia e Comunitaria, veñen de indicar, reiteradamente ademais, a necesidade de reducir o consumo de azucres e sinala que sería preciso introducir algún elemento impositivo que faga reducir o consumo daqueles produtos que fan sobrepasar considerablemente a porcentaxe de azucres establecida pola Organización Mundial da Saúde, particularmente en refrescos e as bebidas enerxéticas.

Esta proposta é, polo tanto, unha proposta que busca cunha realidade normativa ter un impacto positivo na redución. Si, buscamos desincentivar, buscamos reducir o consumo excesivo das bebidas azucradas no noso contorno alimenticio, particularmente entre a xente nova.

¿E estamos falando dunha medida que resulta novidosa en termos lexislativos? Pois non, nin é novidosa en Europa nin é novidosa no Estado español. Resulta importante indicar que os impostos sobre o azucre gañaron terreo en pouco tempo, particularmente nos últimos quince-vinte anos, como instrumentos ao servizo da política fiscal e das políticas sanitarias de prevención de hábitos pouco saudables. E así se fixo en varios países da Unión Europea. Houbo algúns países, como foi o caso de Bélxica, de Letonia ou de Noruega, que elixiron só gravar unicamente o volume da bebida, independentemente da cantidade de azucre que contéña, mentres que o resto de países do noso contorno —o caso de Estonia, Francia, Hungría, Irlanda, Portugal e o Reino Unido— teñen tamén este imposto, e téñeno tendo en conta a relación de magnitudes entre a cantidade de azucre tendo en conta o volume global do produto, do líquido. Esta precisamente é a forma escollida, por ser a maioritaria nos países do noso contorno e a máis adecuada tamén segundo os criterios da Organización Mundial da Saúde, coa que nós traballamos na hipótese que vimos formular hoxe aquí.

O ensaio nos países europeos do noso contorno completouse tamén coa incorporación nas comunidades autónomas deste imposto cun éxito que agora comentarei, en todos os casos favorable.

Este imposto xa está regulado positivamente en Cataluña, Valencia e Canarias e outras comunidades autónomas téñeno en tramitación. E quero compartir con vostedes que un estudo elaborado pola Universidade Pompeu Fabra sobre o impacto que tivo este imposto concreto sobre bebidas azucradas establecido na Comunidade Autónoma de Cataluña indica que o consumo destas se reduciu un 15,4 %, cunha inxestión media de cento sete calorías menos por persoa e semana.

Estamos falando, polo tanto, dunha proposta que estritamente non é innovadora nin nas políticas fiscais nin nas políticas de saúde pública e que está ensaiada con éxito, con éxito probado, tanto no noso contorno do Estado como no contorno de distintos países do marco da Unión Europea, que non é a única que o leva feito. De feito, o paradigma a nivel mundial da lexislación protectora dos hábitos saudables contra os excesos que producen as bebidas



azucradas osténtao neste momento Chile, que é a referencia a nivel internacional e no que determinados aspectos da normativa que propoñemos seguen sempre dentro dos canons xa aprobados por outras comunidades autónomas.

A maiores, debemos de indicar que, aínda que o obxectivo principal deste imposto é o de reducir o consumo daquelas bebidas que conteñen un alto contido de azucres, tamén se pretende como obxectivo secundario —e é un efecto xurídico necesario, un efecto económico neste caso— aumentar o nivel de ingresos públicos da Administración pública galega, axudando deste xeito a paliar a insuficiencia de recursos da que —estamos todas e todos de acordo— adoece o noso sistema público e, particularmente, o sistema sanitario.

As consecuencias habituais da implementación deste tipo de políticas fiscais, baseadas en criterios de saúde pública, teñen varios impactos positivos. O máis sinalable en termos económicos é o aforro en recursos sanitarios: diminúe o impacto das diabetes, diminúen as caries, diminúe o colesterol e diminúen os infartos.

A maiores, con carácter económico, a proposta feita supón ou suporía, nunha referencia aproximada, tendo en conta cal é o impacto actual do consumo das bebidas a nivel económico, unha recadación adicional de algo menos de dez millóns de euros, algo que a nós nos gustaría, aínda que non o reflectimos na proposta normativa polas dificultades que iso traería, que se dedicase tamén a mellorar as políticas públicas de saúde e a formación e información en hábitos de vida saudables.

En consecuencia, traemos unha norma, un imposto sobre bebidas azucradas que viría tratar de acadar, como se di, dous obxectivos fundamentais: en primeiro lugar, desincentivar e penalizar o consumo daquelas bebidas que poidan ser prexudiciais para a saúde, especialmente entre a xente máis moza; e, en segundo lugar, estaría relacionado coa política de ingresos fiscais propios da Comunidade Autónoma galega e o ingreso deles.

Non son as propostas de En Marea as que veñen cun respaldo non acompañado por parte dos colectivos sociais que demandan estas políticas. De feito, aínda onte tivemos unha xuntanza co Colexio Galego de Dietistas e Nutricionistas de Galicia onde compartiron con nós a necesidade do establecemento deste tipo de medidas, baseado tamén en datos incontestables, e é que Galicia é a segunda comunidade autónoma con maior índice de obesidade infantil entre a súa poboación moza; polo tanto, a necesidade de facer un esforzo transversal en distintos ámbitos, tamén no ámbito impositivo, para disuadir de que os menores de idade consuman con abuso este tipo de bebidas azucradas.

Ademais, segundo nos trasladaron, reclaman tamén políticas activas máis decididas tanto en formación e en hábitos de vida saudables nas escolas como tamén na formación na poboación xeral.

Pero, sobre todo, e no que a nós nos interesa e queremos incidir, é que esta proposta de imposto sobre as bebidas azucradas cumpre a recomendación da Organización Mundial da Saúde, incluída no informe de data do 11 de outubro de 2016, que urxe aprobar e promover medidas fiscais que imputen as bebidas azucradas co obxectivo de reducir problemas como



a obesidade e certos tipos de diabetes. O imposto que aquí se propón ten, polo tanto, a finalidade de tributar o consumo de bebidas azucradas envasadas polos efectos que ten sobre a poboación.

Engade un par de referencias máis sobre os propios informes da Organización Mundial da Saúde, onde sinalan como é común que moitas familias acompañen as comidas con zumes ou bebidas azucradas en lugar de auga, hábito que relatan que non é moi san se se ten en conta que estas bebidas suman calorías á alimentación dos nenos e das nenas, e o costume adicional, tamén moi estendido entre a poboación galega e a española no noso contorno, de consumir este tipo de bebidas non só durante as comidas senón tamén entre horas, cun efecto especialmente lesivo tamén para o funcionamento do noso sistema interno.

Hai unha serie de enfermidades que se asocian ao consumo excesivo de bebidas azucradas ás que se refire a OMS, que relata como algún dos factores que incrementan os problemas de saúde, ademais do sedentarismo, é a alimentación non saudable e especialmente a inxesta de bebidas altamente azucradas.

Relata a OMS como en poboacións con alto consumo de bebidas azucradas se incrementa o risco de padecer enfermidades crónicas, entre as cales destacan —e fago por buscar unha organización con consenso supoño que en toda esta cámara— as seguintes enfermidades crónicas: en primeiro lugar, sobrepeso, obesidade, entendendo que existe unha evidencia científica de que as bebidas provocan menos saciedade que os alimentos sólidos e que as bebidas azucradas se asocian a un meirande risco de sobrepeso e obesidade cun menor consumo de vitaminas e de minerais na dieta; en segundo lugar, as caries, xa que as bebidas azucradas incrementan o risco de sufrir caries dental polo seu alto contido en azucre e ademais poden corroer o esmalte dos dentes debido á acidez; cálculos renais, en función do tipo de cálculos e en función do tipo de aditivos que levan as bebidas azucradas; o maior risco de padecer diabetes do tipo 2, polo aporte de azucres destas bebidas; ou osteoporose nos nenos que toman moitas bebidas azucradas, posto que ten un efecto secundario que é beber menos leite e derivados lácteos.

A maiores da OMS, non quero deixar de referirme a outras organizacións de relevancia e de autoridades no sector, como é a Fundación de Hipercolesterolemia Familiar de España, onde se fala de como os malos hábitos alimenticios na mocidade española teñen un impacto especialmente significativo entre os 13 e os 17 anos, onde practicamente a metade da poboación incorre en riscos desaconsellables.

Tamén, e á parte incidindo no día no que estamos hoxe, no Día Mundial contra o Cancro, a propia Organización Mundial da Saúde e outras organización como a Asociación Española contra o Cancro alertan sobre como determinados tipos de cancro están asociados ao sobrepeso polos malos hábitos alimenticios e pola inxesta excesiva de produtos azucrados.

Polo tanto, señorías, pensamos que existen motivos científicos, motivos sociais e motivos sanitarios máis que suficientes para tomar en consideración este imposto que nós propoñemos e que está tendo un efecto positivo naquelas comunidades autónomas e naqueles países do noso contorno que xa o teñen implementado.



Fago simplemente dous apuntamentos sobre a súa configuración técnica. O obxectivo do imposto é tributar o consumo de bebidas azucradas e envasadas debido aos efectos que teñen sobre a saúde da poboación, e, en canto ao efecto impositivo, está referido a bebidas azucradas que conteñen edulcorantes calóricos engadidos, como entre outros o azucre, o mel, a frutosa, a sacarosa, o xarope de millo, o xarope de arce, o néctar, o xarope de agave e o xarope de arroz.

Quero chamar a atención, finalmente, tamén para tranquilizar sobre o que poida supoñer un imposto destas características, que no artigo 4 se deixa establecido expresamente que non están suxeitas ao imposto as bebidas elaboradas con zumes naturais de froitas ou vexetais, concentradas ou reconstituídas, ou a súa combinación. Tampouco están sometidos a este imposto o leite nin as bebidas alternativas ao leite que non conteñan edulcorantes calóricos engadidos. Tamén están excluídos os iogures, o leite bebible fermentado, os produtos médicos e tamén as bebidas alcohólicas, por seren obxecto doutro tipo de acción impositiva.

Polo tanto, señorías, cinguíndonos estritamente aos termos recomendados pola Organización Mundial da Saúde, seguindo a experiencia positiva doutras comunidades autónomas no impacto á hora da redución do consumo, co efecto secundario —que é o principal conseguido— da redución de doenzas crónicas e doenzas agudas relacionadas co sobrepeso e a obesidade, queremos trasladar e compartir esta iniciativa que esperamos que teña un respaldo unánime, porque é unha proposta que busca aumentar a calidade de vida e aumentar a esperanza de vida, reducindo e desincentivando os malos hábitos, e buscar a melloría do benestar do conxunto da poboación do noso país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, con independencia de que entendemos que no posterior debate habería que matizar algunha cuestión e aquilatar a nosa propia folla de ruta en chave galega para esta cuestión, imos votar favorablemente, porque entendemos que é unha proposta positiva, e nós temos trasladado iniciativas semellantes ao longo dos debates orzamentarios dos últimos anos, con escaso éxito, como xa saben as súas señorías. Entendemos que aquí teríamos unha oportunidade de dar un debate máis sosegado, máis planificado e de chegar a algún tipo de consenso, fora na medida que fora, de cara aos próximos orzamentos da Xunta de Galiza, que se cadra xa non ten que elaborar o Partido Popular e ten que deixar de alterarse con esta cuestión.

En todo caso, imos apoiala, e ademais de pola propia coherencia coas nosas propostas anteriores, por dous motivos fundamentais que nós entendemos que están enriba da mesa e que o avalan. Por unha banda, está a necesidade de aumentar os ingresos; é certo que aquí hai unha motivación máis profunda pero unha necesidade que non podemos deixar de lado.



E, por outra banda, tamén a necesidade de que a política fiscal e a política económica pois incidan na mellora da sociedade, que nos axuden a modular cal é a sociedade galega do século XXI que queremos construír con determinados valores. E nós entendemos que, dentro deses valores, esta achega contribuiría a que se fomente a promoción da saúde pública como un dereito e como unha prioridade para as políticas públicas.

Quero referirme, en primeiro lugar, á necesidade de aumentar ingresos. Para nós isto é algo tamén relevante desde o punto de vista da situación que temos neste momento, porque hai unha sanidade pública galega infrafinanciada, da que debatemos na primeira parte desta sesión, pero na que tamén ten moito que ver moitas das consecuencias que o propio proponente relataba aquí. E temos tamén unha situación dun sistema de financiamento que é claramente insuficiente. Non queremos deixar de aproveitar a ocasión para recordar que Galiza perdeu máis de catro mil millóns na liquidación de 2017, o último ano do que temos datos, co actual modelo de financiamento, e que, mentres o Estado recadou máis de doce mil millóns, pois só reingresou menos de oito mil millóns.

E a iso hai que sumar tamén outras consecuencias sobre o modelo fiscal e económico do que nos temos dotado, como tamén as imposicións do déficit, unha maior recentralización da capacidade de gasto e un longo etcétera, que condiciona o noso limitado autogoberno.

Por iso, a nós parécenos positivo que o exprimamos, que exprimamos unha posibilidade que nos dá, que xa se probou noutras latitudes, e que nos abre unha porta tanto a construír unha sociedade mellor como a ter máis capacidade recadatoria para facelo.

E, ademais, eu non me pododo resistir a pedirlle ao Partido Popular un pouco de contención, porque o certo é que se escandalizan cando damos este debate sobre as bebidas azucradas como se nunca ninguén do Partido Popular tivera posto esta espita enriba da mesa. Eu quero recordar un titular do 2 de decembro de 2016: o señor Montoro propón novos impostos referentes a tabaco, alcohol e bebidas azucradas. Despois vimos o desenlace final, 31 de marzo de 2017: «*El lobby del azúcar consigue su objetivo al frenar el impuesto sobre los refrescos*». Quero dicir que cando menos poñernos nunha mesa e debater se isto é unha posibilidade e como temos que artellala pois debería ser algo que desatara o consenso, e máis nun debate deste tipo, onde non pode ir o Partido Popular simplemente a un debate de crítica e ridiculización das cifras, tanto por necesidade de recursos como por vontade política. Polo tanto, insisto en que votaremos favorablemente.

Tamén, porque o certo é que hai necesidades sociais e a política impositiva fiscal da que nos dotamos non pode ter exclusivamente un factor recadatorio, non pode ser unha mera obtención de recursos. E hoxe temos un problema grave na nosa sociedade co sobrepeso e coa obesidade. Saen xa aquí algúns datos e o certo é que habería que dar un debate máis profundo tamén sobre as propias condicións materiais de vida no sistema capitalista, o ritmo de vida, os horarios, as propias capacidades económicas das familias. Deberíamos dar un debate tamén máis profundo sobre todo iso, porque hai estudos, entre eles varios da propia Agencia Española de Salud Alimentaria, que evidencian algo que todos e todas podemos comprobar na realidade cotiá: que tamén, cando falamos de saúde, cando falamos de alimentación, cando falamos de sobrepeso, hai factores de clase e tamén hai factores de nivel educativo.



E, polo tanto, é un ámbito onde cabería esperar que os poderes públicos actuaran cunha vontade redistributiva, non só á hora de obter máis recursos para repartilos mellor nas necesidades sociais, senón tamén á hora de modular as prioridades e tamén de orientar os propios comportamentos sociais.

E o certo é que hai unha necesidade que é imperiosa. Segundo o Ministerio de Sanidade, Galiza presenta a taxa máis alta de sobrepeso do Estado e ocupa tamén o segundo posto en canto a obesidade, superados soamente por Asturias. Tamén os propios datos que imos sabendo da Consellería de Sanidade non son alentadores senón que confirman esta tendencia. Podemos recordar, por exemplo, que estiman nunha enquisa recente que un 16,4 % das persoas de 16 anos ou máis son obesas, un dato que o propio Sergas indica que entende que está infraestimado porque corresponde á propia información que achegan esas persoas enquisadas e que, polo tanto, pois é de prever que a realidade, se o mediramos con datos obxectivos obtidos nas propias consultas médicas, sería superior.

Dentro deste aspecto —xa o dicía o propoñente—, a mocidade e a poboación infantil pois son os sectores especialmente preocupantes. O estudo Galinut do profesorado da USC indica, por exemplo, que a obesidade infantil triplicou desde os anos setenta a súa incidencia, a un ritmo que ademais é ascendente, que polo tanto é insostible.

Tamén o programa Xermola da Xunta de Galicia sostén que unha crianza de cada tres entre os 6 e 15 anos ten IMC compatible con obesidade ou sobrepeso. E estes son datos galegos e moi preocupantes. De feito, non é anecdótico, non é aleatorio ou alleo a este debate que a Xunta de Galiza teña nas últimas semanas anunciado que quere incrementar no horario escolar a materia de educación física. Nós non nos negamos a abrir ese debate, pero entendemos que debe haber máis medidas e que aquí hai un ámbito ao que non podemos renunciar, que hai que tomalo como un problema de primeira orde, porque o din as evidencias, porque o di a propia ciencia e porque ademais isto ten un efecto dominó.

Cando falamos da obesidade e do sobrepeso, non son problemas pechados en si mesmos, senón que teñen despois problemas maiores na saúde das persoas, e a propia OCDE estima que nos próximos trinta anos as enfermidades relacionadas coa obesidade cobraranse máis de noventa millóns de vidas nos países da OCDE. Desde logo, é unha situación preocupante e ademais ten repercusións no propio sistema dos servizos públicos galegos, porque se estamos gastando en curar non estamos investindo en previr; se temos problemas de capacidade económica no noso sistema sanitario por decisións políticas, estamos desperdiciando recursos se atendemos máis a curación do que a prevención.

O certo é que aquí teríamos tamén unha marxe de mellora importante. Porque todo isto do que do que estamos a falar ten un impacto na economía que non é menor. A mesma OCDE cifraba que no Estado español o custo do sobrepeso supón o 9,7 % do gasto de saúde. Se en Galiza temos ese índice preocupante da obesidade, pois cabe prever que esta translación de datos sería maior e tamén que iso implica unha redución do produto interior bruto de case un 3 %; e, pola contra, indica que deseñar políticas activas de combate do sobrepeso da obesidade pois podería estimular a economía.



Por estes motivos, pois nós tamén temos proposto abrir este debate sobre a gravación das bebidas azucradas. Insisto en que sería positivo poder trasladar isto a unha ponencia, sería positivo incluso poder contar coa opinión e coa participación dos sectores económicos, que poden ser reticentes e que poden ver riscos nesta cuestión. Poderíamos ter un debate profundo para aquilatar os tipos de gravame, para aquilatar a posta en práctica e tamén para que as propias consellarías responsables nas competencias de ensino e nas competencias de sanidade puideran deseñar medidas complementarias que fixeran que isto non fose unha illa nun deserto senón un paso adiante para medidas máis ambiciosas e complementarias que á fin e ao cabo puideran ter un acompañamento, porque hai outras caras da moeda do debate.

Poderíamos volver traer aquí o debate sobre os comedores escolares, sobre a xestión que fai a Xunta de Galiza, sobre que non se cumpre a normativa existente respecto da bolaría industrial e doutro tipo de produtos que están moi presentes nos nosos centros educativos a través de máquinas expendedoras, e un longo etcétera, e poderíamos dar un debate máis global.

Polo tanto, nós votaremos favorablemente. Instamos os demais grupos parlamentarios a que o fagan, porque o certo é que pensamos que nos deberíamos preguntar: ¿que perdemos se o facemos? Entendemos que o que podemos gañar compensa con moito o tempo e o traballo que nos pode levar esa ponencia, e que, desde logo, novas realidades, novos retos nunha sociedade cambiante como a que temos hoxe en día require que tamén abramos a mente e debatamos sobre o noso marco fiscal e normativo, dando tamén resposta a esas necesidades crecentes.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Común da Esquerda, señora Torregrosa.

A señora TORREGOSA SAÑUDO: Bo día, presidente.

Señorías, en primeiro lugar, hai que dicir que consideramos que, aínda que poidamos ter certas discrepancias sobre algúns aspectos puramente técnicos da proposición de lei que se presenta hoxe aquí a trámite, concordamos en que o problema de fondo que suscita debe ser abordado de novo nesta cámara. En realidade non se trata dun proxecto de norma xeral reguladora da fabricación e distribución e o consumo de bebidas azucradas, como podería parecer polo título da lei, senón simplemente dun proxecto de carácter fiscal.

Estamos ante unha proposición de lei de creación dun novo imposto, un imposto indirecto sobre a adquisición de bebidas azucradas envasadas. Aínda que a proposición explicita unha dobre finalidade, reguladora e tamén recadatoria, en realidade trátase de establecer un imposto que desincentive —como xa dixo o voceiro do Grupo Mixto— o consumo de bebidas azucradas pola repercusión que a inxesta de azucres ten sobre a obesidade e sobre outras doenzas relacionadas con algún tipo de diabetes.



Dende un punto de vista puramente técnico, parécenos que tanto no Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 44, onde se establecen as funcións que ten a Facenda da Comunidade Autónoma, como no artigo 51.a), onde se sinala —digamos— o procedemento propio de que deba establecerse neste parlamento na Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, unha revisión máis explícita de todos os temas lexislativos, parécenos que tampouco entra verdadeiramente en ningún outro conflito con gravames que poidan vir do Estado ou doutro tipo de administracións, e entendemos, polo tanto, que o feito impoñible definido na proposición de lei (adquisición de bebidas azucradas) non está gravado por ningún outro imposto e, polo tanto, cumpre perfectamente as condicións establecidas no artigo 9 da LOFCA, polo que consideramos que dende o punto de vista puramente xurídico e competencial non existe impedimento para que Galicia estableza un tributo propio sobre a adquisición de bebidas azucradas.

Formalmente, polo tanto, trátase dunha proposición de lei de natureza tributaria, aínda que en realidade estamos ante unha medida de saúde pública. Son múltiples os estudos que sinalan a existencia dunha correlación positiva entre o volume de inxesta de produtos azucrados e a tendencia á obesidade das sociedades economicamente máis desenvolvidas. Cunha epidemia de obesidade á alza —case se triplicaron os casos dende 1975, segundo a Organización Mundial da Saúde (a OMS)— e nun escenario de futuro pouco favorable, oito de cada dez homes e o 55 % das mulleres terán sobrepeso ou obesidade en 2030, segundo o estudo. A OMS recomenda que o consumo de azucre non deba exceder o 10 % de todas as calorías que debemos inxerir ao día, é dicir, vinte e cinco gramos —como xa se explicitou, unhas cinco culleriñas ao día—, e temos que pensar que unha soa lata de cola xa ten trinta e cinco gramos de azucre —sete culleriñas—. E é por iso que aos estados membros se lles pediu que consideraran as recomendacións da OMS de aplicar impostos e, para que estes foran máis efectivos, que se situaran arredor do 20 % sobre os alimentos de alto contido enerxético —quero dicir, falamos en xeral, non só das bebidas azucradas— coa finalidade de mellorar as dietas e previr enfermidades non contaxiosas.

A recomendación tamén foi recollida pola Sociedade Española de Medicina Familiar e Comunitaria nun documento de traballo de 2016, onde propuxeron gravar todas as bebidas que conteñan máis de oitenta gramos por litro cun imposto mínimo de 36 céntimos por litro, e entre cincuenta e oitenta, cun imposto de 25 céntimos por litro. A recomendación —como sinala o texto da iniciativa— xa foi seguida por varios países da Unión Europea e tamén pensamos que a nivel autonómico pola Comunidade Autónoma de Cataluña.

De feito, a proposición de lei que hoxe debatemos aquí nesta cámara é unha tradución literal da norma catalá que regula este imposto no seu territorio, o imposto catalá sobre bebidas azucradas envasadas, da Lei 5/2017, do 28 de marzo, de medidas fiscais, administrativas, financeiras e do sector público e de creación e regulación dos impostos sobre grandes establecementos comerciais, sobre estadias en establecementos turísticos, sobre elementos radiotóxicos, sobre bebidas azucradas e envasadas e sobre emisións de dióxido de carbono.

Cremos que precisamente por iso, por tratarse dunha tradución literal, a iniciativa que estamos a debater contén algúns erros ou incongruencias formais que deberían corrixirse, no caso de ser admitida a trámite. Por exemplo, no artigo 4.3, onde se fala de «refrescos ou



refrescos», no texto orixinal: «refrescos ou sodas»; ou incongruencias formais entre o artigo 6, no que se define o suplente do contribuínte, e o artigo 10, no que se emprega unha terminoloxía máis habitual no eido da Facenda pública, ao referirse ao substituto do contribuínte.

Entón, cremos que hai pequenos detalles —como xa estamos mencionando— e supoñemos tamén que se trata dun erro, pero no plano xurídico temos que dicir que nos sorprende que no artigo 14 se inclúa como dereito supletorio a lexislación tributaria de Cataluña e as normas complementarias que a desenvolven. Sen pretender entrar nun debate sobre as fontes do dereito, onde sen dúbida o propoñente nos podería ilustrar cos seus amplos coñecementos, cremos que non é acertado nin dende un punto de vista xurídico nin dende un punto de vista político estender o ámbito de aplicación de normas aprobadas noutra comunidade autónoma ao territorio de Galicia.

E se para a correcta aplicación desta norma fose necesario un desenvolvemento regulamentario, entendemos que o correcto tecnicamente e o acaído politicamente sería facultar o Goberno galego para realizar ese desenvolvemento. E, se aínda así fose necesario remitirse á lexislación, esta debería ser necesariamente lexislación estatal ou comunitaria, de aplicación xeral no conxunto do territorio estatal, e non a lexislación particular doutra comunidade autónoma.

Respecto dos resultados da valoración dos estudos elaborados polo Centre de Recerca en Economia i Salut da Universitat Pompeu Fabra e o Institut d'Economia da Universitat de Barcelona, estiman nun 22 % a redución do consumo deste tipo de bebidas en Cataluña no primeiro ano, o 2018, de aplicación do imposto. Á falta de estatísticas oficiais, algunhas fontes sectoriais sitúan Galicia nunha posición intermedia, no que ao consumo de refrescos se refire, no conxunto das comunidades autónomas, con arredor de noventa millóns de quilos anuais de refrescos, o que se traduce nun consumo anual per cápita de 33,5 quilos por habitante e ano, lixeiramente por enriba do consumo anual medio per cápita en Cataluña, situado en 32,6 quilos. E aínda que a finalidade principal dese tributo non é a súa función recadatoria, no exercicio 2018 —o primeiro ano que se aplicou en Cataluña— esta comunidade recadou preto de corenta e dous millóns de euros por medio deste imposto, e estímase que os aforros para a sanidade catalá poderían chegar ata os sesenta e tres millóns de euros anuais.

Resumindo, e xa para chegar ao final, o incremento do prezo a consecuencia da implantación deste novo imposto en Galicia non vai corrixir de raíz o problema da obesidade infantil nin vai erradicar o consumo de bebidas azucradas por parte da mocidade, pero a evidencia empírica doutras experiencias suxire que si tería un impacto positivo na redución do consumo.

Pensamos tamén que non é o único punto. Quero dicir: nas verbas de Francisco Tinahones, da Sociedade Española para o Estudo da Obesidade, hai que estimular a redución do consumo e probar estratexias impositivas, pero tamén hai que buscar o compromiso da industria para que reduza o contido de azucre nos produtos.

Segundo o Informe de Isocat de xullo de 2018, tamén temos que ter en conta que un dos aspectos máis notables e cotiáns que afectan as familias en situación de pobreza é a dificultade



ao acceso de proteínas e a unha dieta saudable, equilibrada e variada, e a malnutrición vai directamente unida á obesidade infantil ou á mala alimentación derivada dun abuso de alimentos precociñados. Isto ten un dobre impacto: un inminente, pola falta de acceso a unha dieta equilibrada e saudable; e outro, a longo termo, de desenrolo físico e cognitivo nas crianzas. E, por tanto, pensamos que é unha responsabilidade das administracións utilizar os seus recursos para apoiar a educación nos hábitos de nutrición saudables, a publicidade honesta respecto dos resultados negativos na saúde —sobre todo dos máis novos— e dar exemplo dende os propios centros educativos dos propios medios que teñen as administracións públicas —neste caso, a Xunta de Galicia— e utilizar os propios centros educativos regulando a venda de certos produtos, e nos comedores escolares cunha alimentación baseada en alimentos non procesados e cun consumo de produtos de proximidade, utilizando os propios beneficios resultado deste propio imposto.

Por todo iso, o Grupo Común da Esquerda imos apoiar a toma en consideración desta proposición de lei, sen prexuízo da formulación de emendas parciais no caso de que a proposición fose aceptada.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Torregrosa.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Neste debate de saúde pública vía imposto cabe mencionar que hai algunhas diferenzas nas aproximacións que fan as políticas públicas ou incluso os investigadores que as traballan sobre a necesidade nalgunhas cuestións que merecen matices e sobre as que plantexamos algunhas dúbidas. Nós imos votar a favor da súa consideración para poder debater sobre elas. Dende logo, non é a primeira vez que manifestamos este sentido do noso plantexamento, pero tamén cremos que a necesidade de debater se fai notoria nalgunhas cuestións.

E houbo uns matices de interese, porque é unha medida que máis temprano que tarde probablemente haberá que afrontar con realidade a través de diversos gobernos. En primeiro lugar, unha cuestión de competencia, e competencia non porque a Autonomía non a teña directamente senón de competencia de mercado. Estamos plantexando unha medida —sen que isto necesite unha posición dogmática a favor ou en contra— que diferenciaría o prezo dunha lata de refresco en Ribadeo e en Vegadeo. E esta é unha diferenza que ten o seu matiz, non necesariamente mala, pero para nós plantexa unha necesidade de ter unha certa estimación. Ás veces a diferenciación xera dificultades e, por tanto, hai que avaliar que niveis de diferenciación queremos marcar. Pero, en todo caso, esa desigualdade comercial pois hai que avaliala, pode ser que sexa unha vantaxe e, por tanto, é máis acertado facelo dende unha figura tributaria autonómica, pero pode ser que non o sexa. Ao final ¿reduciremos o consumo —que é o obxectivo final— se o facemos con esa desigualdade? Pois é interesante coñecelo.



En segundo lugar, as contías. A xustificación das contías baséase no que interpretamos nós nesta proposta na proposta catalá, que si que se levou a cabo no 2017, basicamente porque é unha réplica literal a iniciativa. E as contías son as mesmas que se propoñen naquela medida, pero nin sequera nese momento están xustificadas de por si. De feito, a Organización Mundial da Saúde fala de que este tipo de figuras impositivas teñen resultado a partir dun 20 % de incremento de prezo, o cal non se dá neste caso nalgún tipo de bebidas en función do tamaño; daríase nas botellas grandes de refrescos —digamos— pero non nos envases pequenos doutro tipo de bebidas; e, polo tanto, tamén é matizable.

E logo hai tres cuestións que nos parecen relevantes e sobre as que queremos plantexar algún debate, adiantando que puidera ser o debate e sobre todo polo menos por plantexalo, porque entendemos que ten algunhas posibilidades de saír a diante esta proposición, pero ten algunhas outras —quizais máis— de que sexa rexeitada pola maioría da Cámara. Nós imos votar a favor, pero sabemos que hai dificultades para que sexa votada a favor por outros grupos.

Son tres cuestións. En primeiro lugar, o tipo de produtos que están afectados; en segundo lugar, sobre se ten que pagalo o consumidor final; e, en terceiro lugar, sobre os datos que avalían esta política pública.

O tipo de produtos, unha cuestión pura de saúde pública. Están fóra das bebidas alcohólicas, isto é algo que propón a medida catalá, pero plantexámonos —e entendemos o señor Villares cando fixo a proposta— que as medidas alcohólicas xa teñen unha figura impositiva propia polo consumo do alcohol, que tamén debe ser analizado evidentemente. Pero nós entendemos que si teñen unha dobre problemática no consumo. Digamos que a existencia de alcohol e de elevados niveis de azucre deberan ter unha dobre figura impositiva, porque —digamos— non se paga o perigo unha soa vez; se o perigo é dobre, debemos pagar dobre, ou o triplo se foran tres cuestións. É dicir, que excluílas non sabemos se é a mellor medida. Por exemplo, estaríamos pagando extra —e insistimos: non necesariamente é unha mala medida, plantéxanos dúbidas— por un iogur bebible azucrado pero non extra por un vermú. E preséntanos algunhas dúbidas por que ese tipo de bebidas si e outras non.

Noutro sentido, as empresas lácteas manifestan algunhas discrepancias —e dende o noso punto de vista cremos que con certo sentido—, por exemplo no que ten que ver coa promoción de hábitos de vida saudable e con hábitos de nutrición saudable especialmente de nenos e nenas. Este exemplo do iogur bebible azucrado estaría afectado. E eles consideran que non debe ser no mesmo senso, non debe ser colocado no mesmo lugar que algún outro tipo de bebidas refrescantes que coñecemos. E pode ser que teñan boa parte de razón.

Probablemente tamén teñamos que incitar a que as empresas, sobre todo aquelas que vaian con produtos lácteos, con gran fundamentación da nosa terra, teñan que coidar as súas bebidas ou os seus produtos para que sexan máis saudables, e está ben, e por tanto quedan nun punto intermedio; aí vai o debate que nalgún momento tamén teremos pero que virá probablemente de instancias europeas sobre o semáforo alimentario, que tamén probablemente vai máis ou menos neste sentido, e entendemos que o Grupo Mixto o presenta nesta liña de fomento de hábitos saudables en termos de nutrición.



Pero hai algunhas dúbidas aí nese espazo que nos causan e que nos gustaría poder debater —insistimos—, e por iso votaremos a favor, para poder debater sobre isto.

Segundo, a imposición sobre o consumidor final. Hai unha cousa que a nós nos choca dende o noso grupo, que é que a copia literal desta medida de Cataluña se extraia literal, porque nós entendemos que houbo algún debate entre Goberno, industria das bebidas azucradas, asociacións de consumidores, e nalgúns puntos gañan os consumidores e nalgúns as industrias das bebidas azucradas.

Neste caso cremos que o de que o imposto sexa sobre o consumidor final foi unha vitoria da industria, e leo literalmente: «O contribuínte está obrigado a pasar o imposto ao consumidor final sobre a bebida.» Nin sequera permitimos que unha empresa —non tenden a ser monxas da caridade— quixera pagar de antemán para competitivamente reducir o prezo do seu produto; asumimos nós o imposto; non se lles permite tan sequera. Estamos limitando que as empresas poidan asumir o incremento de custos e estamos obrigando que o pague o consumidor final.

Suponse, segundo fan algunha variación de políticas públicas, que iso é o que fai finalmente que o consumidor pense dúas veces realmente se consumir ou non un produto que é malo para a súa saúde. Pero algúns exemplos que se puxeron (México, Francia ou algunhas cidades estadounidenses) si que permiten que o consumidor final non se vexa repercutido. Pero pode ser un debate interesante.

E ao final está o que ten que ver coa avaliación dos resultados, que algúns existen, e é interesante porque isto é o que ten que ver basicamente con saúde pública. ¿Redúcese o consumo grazas a esta medida? Os datos que ofrecen os investigadores da Pompeu Fabra din que si. Puiden ver algo o estudo, cun matiz, permiten un matiz. Son investigadores de altísimo e recoñecido prestixio que avalían medidas sobre as que previamente asesoraron e logo fan un estudo de avaliación; iso si, o seu nivel académico é indiscutible, e polo tanto nós confiamos nese estudo.

Primeiro dato sobre o estudo: está feito só en supermercados, non en consumo de hostalería. Plantexamos que esa dúbida afecta só un tipo de poboación, e por tanto sobre que poboación estamos facendo redundar a medida, porque non temos datos sobre o consumo en hostalería e por tanto non podemos facer unha avaliación do completo. De feito, algúns dos datos din que este efecto está máis visto en zonas non turísticas que en zonas turísticas, onde non se ve, probablemente porque cando un está en época turística ou de visita, de vacacións, pois descoida un pouco máis algunhas cousas, pero quero dicir que só afecta nunha parte.

Reduce moito o consumo en bebidas grandes —digamos—, en botellas grandes, pero moito menos en latas. ¿Que é o que máis consumen, especialmente poboación menor, nenos e nenas ou adolescentes, en canto a bebidas azucradas: bebidas de dous litros ou latas? Pois probablemente latas, e é no que menos afecta; aínda así, afecta, e está ben, pero afecta menos.

E, despois, os investigadores si que evitan, nos formatos académicos habituais, analizar datos pero non presentalos nos resultados finais, e hai unha relación que se comproba, e é



que afecta bastante máis as familias que teñen alto nivel de ingresos, ou o que é o mesmo, traducido, son as familias cun alto nivel de ingresos as que reducen máis o consumo. Por tanto, estamos afectando menos aqueles colectivos que en saúde pública teñen máis problemas, que son —como é sabido— os colectivos máis desfavorecidos, os contornos urbanos ou non urbanos de familias con menos recursos, e por tanto a medida non está sendo tan efectiva en certo tipo de poboación, aquela precisamente que ten máis índices de obesidade.

Polo tanto, hai resultados pero son algo máis relativos do que se presenta, e, aínda así, son bos resultados, mellor que nada son, e dende logo ese é o camiño.

Polo tanto, nós plantexamos algunhas dúbidas sobre esta proposta. Cremos que é importante axustala ou matizala, pero nese sentido votamos a favor. E pechamos dicindo que cremos que si, que debemos de ir por este camiño, e que a iso se debe ir, e cremos oportuno abrir este debate. Lamentamos de antemán, si, saber que é complicado que se vai abrir, e neste sentido lamentámolo profundamente, pero cremos que a este sentido debemos ir e por tanto probablemente debamos de facer un traballo conxunto para avaliar, si, dende a medida impositiva, pero acompañémolo tamén de medidas de difusión, de coñecemento e de pedagogía sobre o ámbito da nutrición, que probablemente, co incremento de recursos que obteríamos a través destas medidas, poderíamolo tamén financiar, e iso sería o eido final.

Pero xa sabemos que ao final é unha cuestión de saúde pública, e as cuestións de saúde pública valen bastante máis cartos dos que parece, e cando se toca traballar en sanidade e poñer cartos, aí xa baixamos á realidade deste parlamento, e creo que veremos unha votación negativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Fernández Macías.

A señora FERNÁNDEZ MACÍAS: Grazas, presidente.

Vólvese debater unha vez máis neste parlamento a creación deste novo imposto, un tema que xa é recorrente por parte de todos os grupos da oposición e que neste caso se presenta en forma de proposición de lei por parte do Grupo Mixto. O imposto que se pretende crear sobre bebidas azucradas xa foi debatido non só na comisión e no debate de orzamentos, senón tamén na Lei de medidas fiscais deste ano e de todos os anos anteriores. Pero hoxe, con esta proposición, acadou unha nova dimensión, que lles contarei despois ao final da miña intervención.

Hoxe presentan vostedes esta medida como proposición de lei, pero o contido segue a ser exactamente o mesmo que nas ocasións anteriores, é dicir, unha proposta que na súa maior parte está baleira de contido e é bastante incoherente. Tamén llo relatarei despois ao final da miña intervención.



E como consecuentemente vostedes non presentan ningunha novidade ao respecto e as novidades que presentan son incongruentes, pois o noso posicionamento e os nosos argumentos tampouco van variar e en coherencia van seguir sendo os mesmos que ata o de agora.

Pero, para explicalo mellor, vaíamos por partes. En primeiro lugar, é certo que a Organización Mundial da Saúde alerta sobre o incremento que se vén experimentando nos últimos anos das persoas con sobrepeso e con obesidade e que moitos destes casos están relacionados cun consumo excesivo de azucre —iso si, en todas as súas variantes, non fala exclusivamente das bebidas azucradas—, pero tamén é certo que a Organización Mundial da Saúde fala de que, en caso de implementar unha taxa desta índole, debería tratarse dun imposto apropiado, integrado e ben deseñado, o cal non é o caso desta proposición de lei que o Grupo Mixto plantexa hoxe.

En segundo lugar, e por outro lado —e isto vai na liña que comentaba o señor Torrado nas diferenzas e nas competencias de mercado—, queren vostedes implantar un imposto que recae, neste caso, sobre un produto claramente definido e que polo tanto ten unha elevada elasticidade no prezo e tamén na demanda en relación co seu custo. Precisamente esta elevada elasticidade débese a que existen produtos substitutivos case perfectos por definición neste caso, e que con esta medida non estarían gravados, como é por exemplo o caso dos zumes de froita natural ou sen azucre engadido.

Polo tanto, canto maior elasticidade é maior a probabilidade de que o consumo diminúa e se reduza a cero, pero tamén é maior a probabilidade de que o consumo dos produtos substitutivos tamén aumente e polo tanto a finalidade do imposto pois non quedaría (*Murmurios*.) —si, señor Villares— clara co que se pretende crear. É dicir, pode que non se diminúa a inxesta de azucre nos consumidores senón que o consumo se desprace a outros produtos non gravados pero con características similares, ou a outros mercados, como dicía o señor Torrado. Para iso faría falta un estudo moito máis amplo ao respecto, antes de implementar novos gravames, e ao mellor apostar máis pola formación e información nutricional.

En terceiro lugar, hai algo que a min non me deixa de sorprenden e que tamén o puidemos ver no debate de orzamentos dos meses anteriores. É que me sorprende a capacidade que teñen vostedes, todos os grupos da oposición, para poñerse de acordo en contra do que di o Partido Popular, independentemente de que as medidas presentadas por uns ou por outros grupos sexan distintas e dispares entre si.

E á señora Presas non lle gusta que llo recordemos, pero é que a diferenza de cifras é demasiado grande. No debate de orzamentos —e falo dos deste ano, porque as cifras de anos anteriores aínda eran máis dispares— o Grupo Mixto pretendía recadar 15 millóns de euros con este imposto, o Grupo Común da Esquerda pretendía recadar 500.000 euros e o Bloque Nacionalista Galego, que debeu facer as contas co Grupo Mixto, tamén propón unha recadación de 15 millóns de euros. (*Murmurios*.) Pero en ningún dos casos ningún dos grupos establece un modelo concreto de tributación para este imposto; simplemente falan da súa creación, copiando —iso si— exactamente o modelo de imposto presentado en Cataluña.



Por certo, señor Villares, falaba vostede de que tamén está o imposto implantando en Valencia e non é certo; unha noticia de decembro de 2019: «*Unidas-Podemos y Compromís reculan y retiran la tasa a las bebidas azucaradas.*» O que si existe en Valencia é unha proposición, un texto aprobado que dista moito de ser este mesmo imposto que vostede presenta, no que se pretende «*incentivar la vida saludable en los colegios y la realización de un estudio sobre la oportunidad de implantar la tasa que posteriormente deberá ser valorada por la Consellería de Hacienda.*» Ou sexa, que non ten nada que ver con este imposto, como vostede pretendía sinalar.

Polo tanto, descoñecemos cales son os datos que manexan cada un dos grupos para poder facer este cálculo e para as cifras que pretenden recadar. O que está claro é que, con esas diferenzas de cifras, os modelos que plantexan teñen que ser totalmente diferentes e dispares entre si. Pero a vostedes iso dálles igual, vostedes non presentan ningún tipo de modelo, e o que queren vostedes é crear un imposto e que o pague a xente —iso si—, a xente do común, como vostedes adoitan chamar.

E tamén, por certo, durante a Lei de orzamentos, pero durante calquera debate que poidamos escoitar en xeral, temos que escoitar e aguantar dende o Grupo Popular que o Partido Popular de Galicia practica un modelo de política fiscal e tributaria regresiva, que lles baixa os impostos aos máis ricos —segundo vostedes— e que polo tanto tamén son socialmente inxustos. Ou sexa, despois de aguantar todo o que temos que aguantar e de escoitalles, un día si e outro tamén, esta matraca, presentan hoxe vostedes aquí un imposto que é a regresividade por definición, porque o tería que pagar toda a cidadanía por igual, ou, o que é peor, recaería sobre todo nas rendas medias ou baixas, que precisamente son as consumidoras principais deste tipo de produtos.

Entón, ¿en que quedamos? ¿O que fai o Partido Popular de Galicia de eliminar ou baixar impostos é regresivo e o que queren vostedes de implantar novos impostos é progresivo? Eu creo que deberían revisar un pouco eses dous conceptos, porque non o teñen moi claro.

Pero, para poñerlles un exemplo, progresividade é o que fai a Xunta de Galicia cando baixa o imposto do IRPF ás rendas menores e llelas sobe aos que máis recursos teñen, ou progresividade é subir o imposto do patrimonio en época de crise e agora mantelo a niveis inferiores á crise. Ou progresividade tamén é eliminar impostos no rural e incentivar con deducións a natalidade, compra de vivendas, empresas de nova creación, etc. (*Aplausos.*) Iso si que é unha fiscalidade progresiva e algo moi diferente do que vostedes pretenden con este tributo, que recae integramente no consumidor final e que, polo tanto, afecta indiscriminadamente toda a cidadanía en xeral.

E, xa para rematar, voume centrar máis no texto de lei que presentaron, no que estou pois bastante de acordo tamén coa señora Torregrosa e o señor Torrado, que dicían que era unha copia literal do imposto aprobado en Cataluña, pero é un copia e pega literal do imposto aprobado en Cataluña no ano 2017; un imposto que, por certo, foi anulado polo Tribunal Superior de Xustiza catalán, pero precisamente por non estar ben deseñado e cunha tramitación deficiente, xa que non cumpría os trámites legalmente exixidos. Iso si, en espera de sentenza final, a Facenda catalá aproveita para seguir recadando e blindou o imposto cun real decreto o pasado ano 2019.



Pero, ben, volvamos ao texto que vostedes presentan. Rexistran vostedes este copia e pega que está plagado de incoherencias e de puntos caóticos e bastante sorprendentes —por chamalo dalgunha maneira—. Usan unha terminoloxía que non existe en materia de dereito tributario e fiscal. Falan de persoa impoñible, pasar o imposto ao consumidor, o substituto do contribuínte, un tipo de fianza, un tipo de dereito fiscal...; é dicir, un argot totalmente novidoso —por chamalo dalgunha maneira— e que nin sequera existe en materia fiscal. É dicir, non se entende absolutamente nada do que vostedes pretenden plantexar nesta proposición de lei, e esta é a mellor mostra da súa falta de rigor en materia fiscal e tributaria.

Agora ben, xa como remate final, eu pregaríalle un pouquiño máis de seriedade tamén nas súas próximas proposicións de lei, porque entendemos que se queiran parecer a Cataluña e que prefiran Cataluña antes que Galicia, pero copiar e pegar a lei catalá tal cal, traducila e sen nin sequera botarlle unha ollada é unha falta de rigor, seriedade e sobre todo unha falta de respecto a Galicia. (*Aplausos.*)

Miren, vostedes simplemente puxeron o título: Proposición de lei de bebidas azucradas. Despois copiaron e pegaron a lei catalá e despois trasladárona ao rexistro da Cámara. É imposible que leran o que vostedes presentaron; e, se o leron, entón poderíame contestar —como preguntaba a señora Torregrosa— por que no artigo 4, apartado 3.a), di exactamente, literalmente: «Están suxeitos ao imposto os seguintes tipos de bebidas azucradas: os refrescos ou os refrescos»; e non entendo a que se refire. Claro que despois imos á lei catalá e di: «están suxeitos ao imposto diferentes tipos de bebidas azucradas: os refrescos ou as sodas»; aí xa o entendemos máis claro. Eu recomendaríalle que polo menos utilice o tradutor da Xunta de Galicia, que lle recoñecería a palabra «soda», xa que existe tamén en galego. (*Aplausos.*)

De todas maneiras, como punto final, vemos tamén que no artigo 11, e no último parágrafo da súa iniciativa que presenta neste despropósito de lei, despois de copiar e pegar a lei, nin sequera se dignaron a cambiar a palabra «Cataluña» por «Galicia». E así din vostedes textualmente no artigo 11: «A xestión, recadación e inspección do imposto corresponde á Axencia Tributaria de Galicia, de acordo co establecido na Lei 7/2007, do 17 de xullo, da Axencia Tributaria de Cataluña». (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Punto número 1. (*Aplausos.*) E no último parágrafo din: «na aplicación do imposto a lexislación tributaria xeral aplicable en Cataluña e as normas complementarias que o desenvolven son complementarias». (*Murmurios.*) É dicir, con esta afirmación remiten vostedes a materia da xestión, recollida e inspección da lei á Xunta de Finanzas Catalá como órgano económico e administrativo competente e establece a aplicación da lexislación tributaria en Cataluña ás súas normas na aplicación do imposto en Galicia. É que non sei se queren que paguen os galegos e que recade a axencia catalá, (*Murmurios.*) é que non o entendo. (*Aplausos.*)

E remato xa cunha conclusión. Fronte á coherencia, rigorosidade e seriedade do Grupo Popular en todos os ámbitos, pero especialmente en materia fiscal e tributaria progresiva, vostedes presentan unha alternativa de incoherencia, despropósitos, falta de respecto e medidas fiscais e tributarias regresivas. Por todo isto, entenderá vostede que non podemos tomar en consideración a súa *desproposta* de lei. E eu recomendaríalle que deixara de querer parecerse tanto a Cataluña e que deixara de copiar tanto a Cataluña e aconséllolle que nos copie máis



un pouquiño ao Grupo Popular, que traballa con seriedade (*Murmurios.*) por e para os galegos. Non obstante, por algo o Partido Popular é o partido que máis se parece a Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Macías.

Réplica do grupo autor da proposición de lei, señor Villares, Grupo Parlamentario Mixto.

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas, señor presidente.

Desde En Marea queremos agradecer as achegas que fan todos os grupos políticos, que demostran o claro interese que suscita esta proposición de lei. E quero agradecer ademais que as únicas críticas que haxa de fondo a esta proposición de lei sexan única e exclusivamente con relación a erros materiais e non, polo tanto, a erros de formulación ideolóxica ou de fondo sobre esta norma. E dicía Noa Presas, do BNG: ¿que perdemos se intentamos unha tramitación que redundará en beneficio da saúde pública? A resposta é que nada.

Miren, así e todo, con relación ás obxeccións que se fan neste momento no texto e sobre a súa idoneidade ou non á hora de seguir textos doutras comunidades autónomas, hai dous matices que quería facer. En primeiro lugar, é que non é unha copia literal, porque fixemos unha redacción... (*Murmurios.*) que salva a Sentenza do Tribunal Constitucional 43/2019, nos artigos 51 a 68, que quedaban anulados como consecuencia da infracción de determinadas materias e contidos que non lles correspondían ás comunidades autónomas, de tal maneira que esa parte do articulado non a verán vostedes nesta proposición de lei.

Por outra parte, con relación ao Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, na súa sentenza do mes de xullo de 2019, tamén tomamos boa nota para non incorrer nos erros polos cales se anulaba o regulamento, que era, entre outras cousas, por incluír con carácter regulamentario o que tiña que estar escollido con carácter de rango legal, algo que xa facemos tamén na nosa proposición de lei.

Polo tanto, téñense en conta esas dúas sentenzas que son importante para establecer o marco normativo e constitucional no que se desenvolve este imposto. Agradezo enormemente que non houbera ningún tipo de obxección, nin constitucional, nin legal, nin regulamentaria, á forma na que se establece esta proposición de lei e que no único no que se fixen sexa na anécdota dun erro material.

Sobre a competencia de mercado, eu, que coñezo bastante a zona, vexo raro que os rapaces e as rapazas de Ribadeo vaian correndo á Veiga buscar a lata de Coca-Cola; e, se van, non hai ningún problema, porque as calorías que perden na viaxe xa as poden recuperar perfectamente con ese exceso azucrado. Polo tanto, ningún problema nese sentido.

E agradézolles, desde logo, tamén as achegas técnicas, adicións que se fan ao tema das bebidas alcohólicas. E o tema ten que ver tamén con relación á fórmula escollida, e a fórmula escollida con relación a outras comunidades ten que ver tamén co celo polo consenso. É dicir,



ás veces se pode escoller unha norma diferenciada, unha norma que conteña normas de máximos, pero moitas veces —e así o levamos facendo desde En Marea nos últimos tempos— búscanse fórmulas que poidan suscitar, se é que existe vontade política, o consenso, e, polo tanto, renunciámos a determinadas formulacións que, non obstante, estamos abertos a elas, por suposto. E eu mesmo fun o que mencionou a cuestión das bebidas alcohólicas que teñan tamén altas cantidades de azucre. E se fixeramos iso diríannos desde o Grupo Popular que, claro, como xa estaban gravados os alcohois, pois que non tiña ningún sentido ese tipo de imposto e, polo tanto, habería que votar en contra.

Con relación ao que sucede co *lobby* lácteo, porque todos os grupos políticos desta cámara recibimos a visita do *lobby* lácteo, que se reuniu con nós para que intentásemos frear esta proposición de lei, polo menos no que tiña que ver cos derivados lácteos, nós fomos moi claros, e é que —e á parte así o deixamos claramente no artigo 4 establecido— quedaban fóra do imposto tanto os iogures como determinados lácteos. Agora ben —e así o recoñecía o propio *lobby* lácteo, supoñemos que, tamén como lles dixeron a vostedes, ao mellor con distinta intensidade, porque con nós, como eramos a forza propoñente, cargaba máis as tintas—, era que unha bebida láctea non era boa polo simple feito de ser láctea se tiña un contido de azucre que, por exemplo, rondaba os trinta gramos en trinta e tres centilitros. Polo tanto, o que había que facer era unha regulación de contido de azucre inferior ás cantidades recomendadas pola OMS. E iso dicíao tamén o *lobby* lácteo, e estaban de acordo con nós. Entón, nós o que lles suxerimos era que fosen a un pacto de sector onde as bebidas de derivados lácteos tivesen unhas cantidades que fosen aceptables no azucre. E iso foi algo sobre o que dixeron que, ben, que o tiñan na cabeza pero que aínda non o tiñan materializado porque, entre eles, tamén tiñan as súas discrepancias, discrepancias que tiñan que ver coa articulación tamén económica, por suposto.

Dixo, si, algunha cuestión a maiores a representante do Partido Popular sobre a competencia e o mercado, e sobre o incentivo e o desincentivo ao produto e o derivado cara a outros produtos. En primeiro lugar, con relación á competencia no mercado, tamén está o céntimo sanitario, e polo feito de que teña carácter autonómico, como tamén significaba Xulio Torrado, iso non significa que o imposto non poida operar de forma efectiva. Nós, desde logo, descartamos seguramente esa emigración masiva a comprar produtos e bebidas azucradas fóra da comunidade autónoma.

Con relación ao desvío —como dicía tamén a señora do Partido Popular— cara a outras bebidas non abarcadas polo imposto, a Organización Mundial da Saúde está de acordo con iso. É dicir, non hai ningún problema en que derive o consumo cara a, por exemplo, zumes naturais, porque o problema son os aditivos, neste caso azucrados.

Sobre a previsión recadatoria fai tamén unha crítica que non é xusta a representante do Partido Popular, e é que —vexamos— nos orzamentos de cada ano, efectivamente, noméase o imposto e o que se pode recadar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: —Remato xa—. Esta proposición de lei traíase precisamente coa finalidade de que se puidesen debater todos os elementos do imposto para poder xusti-



ficar de onde se sacan esas cantidades. E por iso non é indiferente —e foi un dos motivos de discusión aquí— se o tipo impositivo vai ser un ou vai ser outro, pero xa hai unha articulación concreta, algo que —como se dixo tamén aquí— se podería discutir con calma na ponencia, de tal maneira que se considerásemos aceptable un 5, un 10 ou un 15 pois eses fosen os termos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...nos que se establecesen. Isto —e remato xa—...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...non ten como finalidade —xa se dixo claramente—, non é unha cuestión impositiva de xustiza fiscal, é unha cuestión de política e de saúde pública, e esa é a finalidade principal do imposto: disuadir o consumo. Precisamente tamén —e fala vostede das clases populares como as máis afectadas por esta medida—, efectivamente, estamos de acordo, pero no sentido contrario.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: A disuasión deste consumo leva como consecuencia a diminución das enfermidades asociadas que tamén teñen un claro marcador...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...de clase, porque non todo o mundo ten o mesmo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas.

Votación da toma en consideración da proposición de lei

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación.

Pechen as portas, por favor.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Mixto, de bebidas azucradas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as 16.30, catro e media.

Suspéndese a sesión ás tres e trece minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e dous minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto cuarto da orde do día, mocións.

Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de sanidade pública

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Substanciamos esta moción hoxe en relación coa interpelación que tivemos a pasada semana e que dá continuidade ao debate que estamos a ter nas últimas semanas sobre a situación dos servizos sanitarios nas parroquias e nos concellos do rural. Un elemento que, como levamos dicindo en todas as intervencións, está atravesado polo concepto de equidade, que forma parte dos alicerces do Sistema nacional de saúde neste caso e da maioría dos sistemas públicos baseados na redistribución dalgunha maneira, na compensación dos elementos territoriais, no acceso igualitario aos dereitos e, dende logo, aos sistemas que son de base tamén preventiva e baseados na propia promoción da saúde.

Neste caso queriamos traer nesta substanciación da interpelación da pasada semana unha serie de elementos que para nós son claves á hora de abordar a situación complexa pola que pasa a sanidade pública nos concellos e nas parroquias do rural no noso país. Practicamente case todas as semanas trasladamos cuestións relacionadas coa ausencia de persoal sanitario á Comisión de Sanidade en diversos puntos da nosa xeografía, moitos deles no rural. Estando inseridos neste momento nunha situación que máis alá desa ladaíña de que o problema non é só de Galicia —por suposto, hai problemas noutras comunidades autónomas—, é bastante obvio que na nosa comunidade non se soubo abordar dende o principio e non houbo a planificación axeitada.

As noticias son como esta, que é un exemplo —que podería haber moitos máis—, na que se fala de crise da sanidade no rural porque o Sergas non atopa médico substituto para A Pastoriza neste caso. Son múltiples as ocasións dos diferentes concellos que en atención primaria están vendo incluso pechados os seus centros. Parece que estes días saía a noticia —nós imos discutilo na Comisión de Sanidade— desa situación que sufrían os veciños e as veciñas de Valeixe, na Cañiza, de que durante dous meses non tiveron aberto o seu centro de saúde —neste caso un consultorio— porque non se substituíu ese profesional, e estes



veciños e veciñas soamente estaban sendo atendidas no punto de atención continuada. Unha situación que para nós eu creo que soborda as continxencias que pode producir unha ausencia non prevista e que a prolongación durante dous meses desa circunstancia violenta dereitos básicos na asistencia sanitaria, como pode ser o acceso á atención primaria.

Pero durante toda esta mañá e na comparecencia do conselleiro de Sanidade estivemos a discutir tamén o que ten que ver coa situación dos hospitais comarcais, e lonxe de todo triunfalismo, dese triunfalismo do que parece que está impregnada tamén a intervención do conselleiro. Desgraciadamente, hai tan só dous meses tamén, o Hospital do Barco de Valdeorras, por pór un exemplo, estaba a cancelar intervencións cirúrxicas por falla de cirurxiáns; outras veces en Verián e noutros centros é por falla de anestesistas. É unha situación que se está normalizando e que está sendo xa estrutural nos concellos e nas parroquias do rural, tanto no que ten que ver coa atención primaria como no que ten que ver cos hospitais comarcais.

Para nós é un elemento de gravidade, porque — como explicamos — establece agravios comparativos entre a poboación en función do lugar no que vivan; agravios que, ademais, se ven aumentados por elementos que temos discutido noutras ocasións, como poden ser a ausencia ou a existencia de transporte sanitario urxente e programado. E temos falado da necesidade de incrementar os medios no transporte sanitario urxente de concellos que quedan moi lonxe dos centros sanitarios e que, polo tanto, necesitan incrementar ese elemento.

Polo tanto, hoxe queremos traer aquí esta cuestión, en primeiro lugar, cun primeiro punto, que eu creo que temos discutido en enésimas ocasións, que é que se leve a cabo unha cobertura dos permisos, das baixas, das vacacións e das xubilacións, para que se poida manter esa calidade asistencial en todo momento. Ese é un elemento clave. E eu teño que reiterar aquí que hai categorías profesionais que non teñen problemas de número de profesionais dispoñibles para traballar; non é en todas así desgraciadamente, pero hainas. E, sen embargo, o problema de non-cobertura dos permisos eu creo que é unha constante en todos os servizos, por unha orde de reducir o gasto que se deu dende o inicio da crise económica. Esta para nós sempre foi unha decisión política e non de índole económica, porque, evidentemente, existe tamén a posibilidade de prevalecer o elemento de cobertura da sanidade sobre outros elementos necesarios dentro da Xunta de Galicia.

Un plan de contratación no Servizo Galego de Saúde que finalice coa precariedade actual, que sirva para estabilizar, que concrete as ofertas públicas de emprego necesarias para todas as categorías. Témolo discutido ata a saciedade, e non existe neste momento un elemento que faga pensar que isto vai mudar. As OPE que saen son a contagotas e o que non se pode é — como vivimos nos últimos meses — utilizar a taxa de reposición neste momento como un elemento para agocharse, cando previamente o Partido Popular votaba en contra de reducir ou de eliminar esa taxa de reposición. Algo que hai que lembrar cada vez que intervimos, porque eu creo que o xusto será defendela en todo momento e non só cando gobernan outros. Nós estamos a favor de que se elimine, pero estabamos, por suposto, a favor previamente.

Precisamos que se doten os hospitais comarcais dos medios humanos e materiais para manter os servizos actuais. E neste elemento quero determe para lembrar que cando debatemos



por primeira vez a ausencia dese pediatra, ese peche do paridoiro de Verín, propuxemos eliminar toda a nosa proposta en favor de introducir un punto que o Partido Popular propuña precisamente no debate da Deputación de Ourense, que era que se mantivesen os servizos. Neste caso, o PP do Parlamento de Galicia decidiu contrariamente aos seus compañeiros votar en contra da proposta do Partido Popular de Ourense. E hoxe volvémoslo introducir aquí —por suposto, estamos dispostas a aceptar se se solicita unha votación por puntos— para que vostedes desta vez si poidan apoiar os seus compañeiros que solicitan que non se retiren servizos. E hai que lembrar aquí a redución do servizo que ten que ver no caso de Verín de Paliativos, os problemas en Medicina Interna, os problemas en Anestesia, etc.

Garantir por medio da normativa unha carteira mínima de servizos para todos os distritos sanitarios, independentemente da súa situación xeográfica. Aquí puxemos «distritos» porque actualmente, aínda que nós consideramos que debe eliminarse en moitas das cousas a propia modificación da Lei de saúde, neste momento é a demarcación que o Partido Popular decidiu, e entendemos que ten que haber uns servizos mínimos que se manteñan en todos eses distritos. Eu creo que o temos discutido en moitas ocasións e dende todos os portavoces de Sanidade desta cámara somos absolutamente razoables nese sentido, pois hai algúns servizos que pola súa especificidade deben concentrarse en centros máis especializados. Pero ten que haber unha carteira mínima para que non aconteza algo como o que acaba de acontecer co paridoiro de Verín, tanto para a atención primaria como para os hospitais comarcais.

É un elemento, eu creo que de xustiza, que deba estar garantido normativamente. Nós xa non pomos en que norma ten que ser; probablemente o máis propicio sexa incluílo na propia Lei de saúde. A realidade fai que ante a dispersión poboacional e o incremento dos problemas en relación con ese cambio demográfico que está a sufrir este país, ese abandono do rural e ese incremento do número de habitantes en torno ás cidades, máis na liña costeira, creo que se fai imprescindible que este goberno garanta esa equidade, que está negando cando se reducen os servizos nos hospitais comarcais ou cando, desgraciadamente, se deciden pechar, como aconteceu co Hospital de Verín.

Que se garanta na Lei de impulso demográfico —nesta que está agora mesmo en tramitación— ese acceso aos servizos públicos en equidade para a poboación rural. Eu xa dixen na intervención no pasado pleno que acaba de entrar un texto na Cámara que nós consideramos que é absolutamente insuficiente e que para a nosa sorpresa, a verdade, é que non conta con ningún só practicamente artigo en relación coa necesidade de garantir os servizos sanitarios e coa vertebración territorial que producen servizos como poden ser a atención primaria no conxunto do país. Simplemente temos un artigo, que é o 77, en relación coa accesibilidade dos servizos públicos, que fala en termos xerais de que toda a cidadanía ten que ter o mesmo acceso á educación, sanidade, servizos sociais, pero, sen embargo, iso non se cumpre na práctica. E iso está absolutamente dentro do noso ordenamento xurídico, que é a equidade, pero vostedes desbotan a posibilidade de que existan artigos específicos con relación a como se van manter eses servizos sanitarios ou cales son eses servizos mínimos que se van manter para que non existan problemas nos concellos e nas parroquias máis despoboadas.

E, finalmente, que se derroque esa modificación da Lei de saúde que se levou a cabo nesta lexislatura. Nós seguimos considerando que é tremendamente prexudicial para as áreas sa-



nitarias, agora distritos, para eses hospitais comarcais e, dende logo, para a atención primaria. Cremos que hai que eliminala e sentarse outra vez a entender que debemos recuperar tanto o que ten que ver coas xerencias de atención primaria, capacidade de decidir dentro da atención primaria, como, por suposto, as xerencias deses hospitais comarcais. E aquí advirto de que non se trata dun incremento de cadros directivos dentro da Consellería de Saúde, senón dunha reordenación de servizos que permita autonomía ás áreas sanitarias, ás antigas áreas sanitarias, e, por suposto, á atención primaria.

Cremos —remato xa— que é un compendio de medidas —por suposto, seguramente pode haber moitas máis— que deben de facernos iniciar un traballo de debate sobre a situación da sanidade pública nos concellos e nas parroquias rurais. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Boas tardes, señorías, señor presidente.

Desde En Marea imos apoiar a moción presentada polo Grupo Común da Esquerda porque nos parece que vai na liña da máis elemental xustiza territorial desde o punto de vista sanitario e desde o punto de vista da solidariedade do conxunto da sociedade. A necesidade da equidade no acceso ao sistema sanitario e, polo tanto, ás condicións homólogas de acceso á prestación, non soamente nunha zona do país, senón en todas, de forma equitativa é algo esencial.

O outro día, con ocasión do debate de totalidade na Lei de ordenación do territorio de Galicia, nós denunciabamos como a propia planificación do territorio que se facía alí non estaba ben estruturada na medida en que non se establecían os criterios con carácter xerárquico que debían dar lugar ao despregamento de toda a eficacia que tiñan as Directrices de ordenación do territorio e, posteriormente, os distintos plans. A iso non era allea a idea que agora se proxecta sobre o ámbito sanitario dunha necesaria cobertura cunha dotación infraestrutural de recursos para poder atender adecuadamente toda a poboación en todo o territorio. É dicir, así se planifica o territorio de forma integral, e despois sectorialmente, como aquí se propón tamén nun dos apartados da moción, concretamente con relación á modificación da Lei de saúde de Galicia que se aprobou en 2018.

Comezando pola cuestión de carácter dos recursos humanos, do persoal, é evidente que non se pode garantir o exercicio dos dereitos do funcionariado á custa dos dereitos dos pacientes, que iso é o que se leva facendo aquí nos últimos anos. É dicir, hai unha garantía legal de permisos, baixas, vacacións e xubilación de persoal, pero a cobertura deses dereitos non ten un correlativo, que é a cobertura desa situación, para que a cidadanía non se resinta dos exercicios dos dereitos por parte do persoal sanitario. De tal maneira que ao non facerse, incluso ás veces parece que se quere enfrontar o exercicio do dereito funcional e do persoal sanitario co exercicio dos dereitos dos cidadáns. Ese é un falso dilema, un falso debate, porque realmente o que estamos é ante o incumprimento por parte da Administración sanitaria para estender a cobertura de forma equitativa a todo o ano.



A idea dun plan de contratación inmediato, que dá lugar á estabilización do persoal, é algo do que levamos padecendo particularmente esta lexislatura. A precarización progresiva das condicións laborais dá lugar a movementos migratorios, e os profesionais ou as profesionais sanitarias saen do país porque a Xunta de Galicia non establece un marco de contratación estable, que palíe esta situación. Algo que debería producirse, particularmente porque hai necesidades que son de carácter estrutural e que non son de carácter conxuntural.

Despois, en relación cos recursos efectivos da prestación sanitaria, faise referencia á dotación dos hospitais comarcais de recursos humanos e materiais necesarios. Diso falamos dabondo esta mañá. Creo que a forma de asumir o tema por parte da Xunta de Galicia está sendo catastrófica. E un exemplo vémolos cando esta mesma semana vemos que para cubrir o servizo de Pediatría de Verín se produce como consecuencia do desabastecemento no caso do servizo de Pediatría de Cee, na Costa da Morte.

Polo tanto, vemos que ante a carencia estrutural de recursos, a carencia estrutural de profesionais, o que estamos facendo é parchear, vestindo un santo, desvestindo outro. Isto non pode suceder, porque as necesidades asistenciais non están decaendo, son cada vez maiores.

Non se está atendendo convenientemente tampouco outro fenómeno, que é o da progresiva cronificación do uso do sistema sanitario como consecuencia tamén do envellecemento da poboación, que dá lugar a que nominalmente coa mesma poboación teñamos maior demanda asistencial precisamente polo aumento, entre outras cousas, da media de idade.

A carteira dos servizos que faltan en moitos hospitais comarcais foi anunciada esta mañá. Incluso en sitios ben coñecidos como Verín había problemas en Dermatoloxía, Trauma, Reuma, etc. E vimos no Barco como a xustiza tivo que corrixir os desmáns da administración pública, que botou man da ilegalidade para establecer un servizo que era absolutamente precario. Para aforrar catro euros deron lugar a un sistema que era inxusto e inequitativo, tamén cos propios profesionais, o cal finalmente foi anulado por parte da xustiza. No Barco de Valdeorras tamén a perda dun terzo de especialistas e de persoal de enfermería dá lugar a que sexan atendidas non suficientemente as necesidades estruturais que ten esta comarca. E así poderíamos seguir por todas as do país.

Finalmente, queremos sinalar —que tamén o propuxemos nós e, polo tanto, queremos apoialo explicitamente— a derogación da modificación da Lei de saúde levada a cabo nesta lexislatura precisamente co obxecto de redimensionar as áreas sanitarias, recuperar as áreas sanitarias en toda a súa configuración inicial; é dicir, con capacidade de xestión, con autonomía, con orzamento, con capacidade de planificar sobre o territorio, o que, ademais, ten como efecto positivo achegar a saúde á cidadanía. E non facelo ao revés, que sexa a cidadanía a que teña que facer longos desprazamentos para asistir ou ben á atención primaria ou ben á atención especializada, como está sucedendo cada vez con máis frecuencia na atención comarcal do sistema sanitario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Os elementos desta moción que trae hoxe aquí o Grupo Común da Esquerda a debate teñen sido obxecto de tratamento en múltiples ocasións, como non pode ser doutro xeito, porque son as preocupacións continuas e constantes que xiran arredor da situación da sanidade pública.

A situación do persoal ten sido obxecto de preocupación e ocupación en múltiples iniciativas que trouxemos tamén aquí o BNG a este parlamento: ofertas públicas de emprego insuficientes, taxas de reposición, dereitos recortados, acordos suspendidos e nunca restituídos, precariedade. E estes once anos de goberno do Partido Popular supuxeron un retroceso nas condicións laborais e perdas de dereitos e precarización do persoal. Unha política de costas viradas aos profesionais, de ouvidos xordos, de prepotencia, de ordeno e mando, de imposición.

E por moito que intenten negalo e teña a ousadía o presidente da Xunta no anterior pleno de dicir sen avermellarse que hai dous mil e pico profesionais máis na sanidade pública de Galiza que no ano 2009, eu supoño que esa taxa de reposición que agora insistentemente piden que se elimine non debeu existir. Porque se existiu e xa só se puido repoñer o un por cento, o dez por cento dos efectivos pedidos, e durante 2010-2015 de cada dez só se repuxo o un, e a partir de aí no ano seguinte só se repoñen os perdidos desde ese momento, vivimos nun mundo paralelo. Iso demandamos que se solucione, pero non existiu. Habería que ter un pouquiño de pudor á hora de emitir determinadas afirmacións. Porque, claro, contas son contas, e vostedes contan contos.

Un sistema sanitario, polo tanto, infradotado de persoal, cunha parte importante do que ten en situación de precariedade. ¿E cal é o tema? Que non é unha situación nova, non é unha situación sobrevida, non é unha situación de última hora, senón que estaban advertidos, eran sabedores e tiñan os seus propios informes. Eu teño que volver repetir: Plan de ordenación de recursos humanos do Sergas do ano 2010, onde advertían de cal ía ser a pauta de xubilacións no Sergas, e que era necesario implementar medidas porque ía haber un déficit de profesionais. Están aí as advertencias das asociacións de Pediatría de cal ía ser a situación.

¿Por que estamos neste momento? Porque se quixo estar, porque se quixo chegar a esta situación de que non haxa profesionais suficientes para poder dicir: é que non hai, non hai, non hai, claro. Fixemos todo o posible para que non os houbera, fixérono vostedes, Partido Popular.

E o persoal leva feito moitísimos esforzos e sacrificios para paliar a situación. Decía aquí agora o deputado do Grupo Mixto que non se poden garantir os dereitos da cidadanía á custa dos dereitos profesionais. Sería ata un mal menor se con eses sacrificios profesionais estivesen garantidos os dereitos da cidadanía, pero nin unha cousa nin a outra. Infelizmente, porque é imposible con menos facer máis, e é imposible con moito menos persoal atender en iguais condicións a poboación.

Polo tanto, imos apoiar esta iniciativa na parte que toca ao persoal, porque lonxe de atender e tomar nota de cal é a situación, acordos incumpridos co dos PAC, que chegan a uns acordos que non cumpren, servizos de Urxencias dos hospitais en situación permanente de satura-



ción. E, claro, facendo o mesmo e non atendendo as demandas é imposible solucionar as peticións.

Igual que na parte referida aos hospitais comarcais, evidentemente. Debatémolo ao longo da mañá. As EOXI e a modificación da Lei de saúde ían na dirección de minusvalorar, de converter en apéndice os hospitais comarcais.

Esa é a folla de ruta e é o que están conseguindo. Só están paralizano na medida en que a poboación está sendo consciente, e estanse están levantando e non llo van permitir. Non llo van permitir e quedou claro, e vai ser máis que evidente. *(Aplausos.)*

Igual que na cuestión da derogación da Lei de saúde, que vai nesa dirección, non soamente polos hospitais comarcais, senón por toda a carga que iso leva implícito.

E todo isto necesita unha rectificación e un cambio de modelo noutra dirección, que non se soluciona simplemente con parecer que agora toman nota. Porque o Partido Popular non está tomando nota, simplemente está intentando desmobilizar unha sociedade e os profesionais cada vez máis mobilizados, porque estamos en pura e dura campaña electoral. Como non teñen intención de rectificar, imos ter que obrigalos a facelo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Dende o noso grupo apoiaremos a moción que se presenta, pois vai na liña do que os grupos da oposición vimos demandando dende hai tempo, polo menos nesta lexislatura completa. É un debate onde hai unhas cuestións xenéricas ou cuestións estruturais do sistema que se debaten e, polo tanto, creo que están notoriamente faladas habitualmente aquí. Con todo, dende o noso punto de vista imos intentar incorporar algunhas cousas ao debate. Como diría o inigualable José Luis Cuerda: imos intentar facernos os intelectuais, que non temos nada que perder. *(Aplausos.)*

O problema do sistema sanitario está en dúas claves:

Unha está na cuestión de persoal. Temos un problema de déficit de persoal, notorio, evidenciado, plasmado por todos os colectivos que coñecen o sistema e incluso— xa vou facer unha broma— polos que non o coñecemos tamén, tamén o dicimos. Ademais de todo iso, a realidade desmonta cada un dos argumentos que pretende defender que temos un sistema ben dotado en persoal.

Así mesmo, temos un problema de precariedade en moito do persoal que existe. A pesar das cifras que se pretenden trasladar nos debates deste parlamento por parte do señor



Núñez Feijóo ou da Consellería, a realidade é teimuda e os datos evidencian mediante os orzamentos incluso que temos un déficit de persoal e que hai moitísimas prazas de persoal ocupadas de maneira eventual. Dino, por sermos máis sucintos, os xulgados. Non por deixar de repetilo deixa de ser grave: contratación fraudulenta e torticeira, como din as sentenzas xudiciais.

E, ademais, temos un problema de planificación. É un problema dende certo punto de vista, porque a planificación é evidentemente intencionada por parte do Goberno, que ten ese modelo sanitario que está implementando. Pero nós cremos que non é o modelo. Este modelo concentra servizos en dúas vertentes: en primeiro lugar, concentra dentro do propio sistema, ao baleirar a atención primaria para dotar de máis recursos a atención hospitalaria e, en segundo lugar, ten unha concentración xeográfica, ao perder capacidade nos contornos máis rurais, nomeadamente tamén no que corresponde aos centros hospitalarios nos que son comarcais, en favor dos hospitalarios das grandes cidades.

Este problema o que vén elevar é que temos algúns índices macro da sanidade que se auto-compensan, pero perdemos capacidade de atención global. Por iso temos unha Galicia en realidade de dúas velocidades. Este problema é dobre porque nos dous sentidos desta concentración trae problemas. En primeiro lugar, temos unha gran perda de servizos nos hospitais comarcais, a pesar do intento de comparecencia de hoxe para conseguir esas sete notas de prensa que a Consellería xa circulou. E a partir de aí temos un problema en atención, porque os cidadáns que teñen como hospital de referencia un hospital comarcal teñen hoxe menos facilidade de acceso a moitos servizos do que tiñan antes. E os profesionais que os atenden non son sempre os mesmos, non teñen o mesmo servizo e teñen que dedicar o seu esforzo moitas veces a desprazarse aos hospitais das grandes cidades.

E iso procura aquí un debate no que o Partido Popular repite habitualmente que blindar os hospitais comarcais; blindar coma se fose unha caixa de aforros. É imposible blindar os hospitais. O que hai que blindar é o persoal, porque podemos ter infraestruturas sen persoal ou persoal sen infraestruturas. Os dous son problemas. Aínda que se temos persoal con déficit de infraestruturas, atenderemos regular, pero se temos infraestruturas con déficit de persoal, atenderemos mal. E ese é un problema que nós cremos que hai que resolver, e temos probablemente ese problema. Os comarcais teñen unha dotación de infraestruturas con algunhas debilidades, pero, sobre todo, o que teñen é un problema de persoal.

En canto á atención primaria, nós hoxe traemos unha moción fronte á interpelación do pleno pasado sobre a atención primaria. Polo tanto, centraremos niso a nosa seguinte intervención. Pero si cremos que a atención primaria necesita ter ese volume de relevancia que non ten ata o de agora no sistema.

Estamos —xa todos o coñecemos— cunha poboación envellecida, dispersa e que necesita unha atención de proximidade. ¿Que temos fronte a iso? Temos un sistema cada vez con menos capacidade, profesionais que teñen menor capacidade de solicitude de probas diagnósticas, profesionais que teñen menores capacitacións desenvolvidas no sistema. E temos a imposibilidade de atender correctamente os cidadáns deste país cunha calidade asistencial mínima en atención primaria.



¿Cal é o problema a partir diso? Saturamos hospitais, o problema é que saturamos os PAC, o problema é que se dispara o número de ingresos hospitalarios cando se pode, porque ás veces existen plantas pechadas.

E temos un sistema ineficiente. E ser ineficientes no deseño do sistema fainos ineficientes na xestión. Entón, temos un problema de modelo.

O que estamos vendo é que, ao final, temos un problema no sentido de que o Goberno é incapaz de asumir nin unha soa crítica, porque —valla para a reflexión, e acabo xa— cítenme unha soa ocasión en toda esta lexislatura onde o Goberno asumiu que se puido equivocar nalgún plantexamento, sexa grande ou pequeno, e que a oposición non fixo en ningún caso algunha aportación positiva. Probablemente ningunha.

E é moi difícil nun sistema como o sanitario asumir que se acerta sempre, porque, normalmente, cando alguén cre que acerta sempre estase equivocando bastante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

É necesario recordar unha vez máis na sede parlamentaria, porque parece que moitas das súas señorías aínda teñen dúbidas, que para o Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia os servizos públicos nos que se basea o Estado de benestar da nosa Comunidade son unha clara prioridade, porque é público e notorio, e así queda reflectido nos orzamentos —e máis concretamente no que concirne a sanidade—, que ano a ano medran e melloran os seus investimentos, e concretamente os últimos supoñen máis do corenta e un por cento do orzamento da Xunta de Galicia.

O Servizo Galego de Saúde conta con trinta e oito mil traballadores, 1.544 profesionais máis do que hai dez anos. Escoitamos o conselleiro de Sanidade tanto na súa interpelación do último pleno como no pleno desta mañá, que veu comparecer.

Eu non vou repetir aquí todas as melloras logradas nos últimos anos, pero só quero dicir que hai máis e mellores infraestruturas, mellor e máis avanzada tecnoloxía, ofertas públicas de emprego anuais, incremento do número de médicos en formación, ampliouse a idade de xubilación e incrementáronse as prazas de médico de familia.

É verdade —tamén hai que dicilo— que somos a envexa de moitos servizos de saúde, tanto nacionais como mesmo do estranxeiro. Só teñen que preguntarlles, se queren saber como funciona a sanidade pública en Galicia, aos enfermos que son usuarios da sanidade pública,



aos que están enfermos, aos que van ao médico, aos que están nos hospitais, soamente unha enquisa, non a propósito dun caso en conxunto. Teñen que escoitar e teñen que ler máis.

Pódese mellorar sempre. É algo ao que nós non podemos nin debemos renunciar. Por iso, o Sergas foi quen de analizar e detectar que eran precisos cambios, e conxuntamente con expertos chegou a acordos con sociedades científicas, colexios médicos e sindicatos. Así, así-nouse o Plan galego de atención primaria 2019-2021. E o 98,8 por cento das accións a curto prazo comprometidas polo Sergas están xa finalizadas ou en marcha.

Vostedes, señores da oposición, levan anos mentindo e tratando de confundir sempre co mesmo mantra. As críticas constantes que fan á sanidade pública non son máis que unha escusa para tratar de desprestixiar un goberno que traballa e que avanza no benestar das persoas que viven na nosa comunidade autónoma.

Esa mensaxe de desmantelamento da sanidade pública e dos hospitais comarcais contrasta coa realidade, que é teimuda e demostra día a día e ano tras ano que non se corresponde coa realidade. Señor Torrado, infórmese, contraste a información e pense o que di. Temos máis e mellores servizos, e os profesionais da sanidade pública nunca tiveron tantas probas diagnósticas e tanta capacidade de diagnosticar como agora.

A Lei de saúde, que vostedes votaron en contra, representa unha blindaxe para os hospitais comarcais ao crear os distritos sanitarios, o que permite gañar en equidade e proporciona servizos complexos nestes centros, evita desprazamentos dos pacientes e achega a atención aos seus lugares de residencia.

Se falamos de listas de espera —pois vostedes critican tamén os datos que dá o Goberno galego; supoño que se fiarán dos que dá o Ministerio de Sanidade, xa que agora están todos no mesmo cesto, son socios de goberno—, pois nos últimos datos publicados polo Ministerio de Sanidade, Galicia é a cuarta comunidade autónoma con mellores datos. Vostedes isto non o recoñecen; non, isto non interesa.

Señora Solla, o Goberno do Partido Popular aposta pola estabilidade e as melloras. Déixeme suxerirille, agora que son socios do Goberno do Estado, que sume a súa enerxía e os seus esforzos á reivindicación do Goberno galego de que nos paguen o que nos deben. Sexan serios, abandonen o catastrofismo e veñan á realidade.

Señora Prado, vostede falaba da taxa de reposición. Vostede recordará que no ano 2017 votamos a favor dunha moción que presentou o seu partido aquí nesta mesma sede (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, no ano 2017, gobernaba o señor Rajoy en Madrid; faga memoria. Agora vostedes, que tamén teñen alí un do seu partido que apoiou o Goberno de Sánchez sexan áxiles e melloren esa taxa de reposición.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Míguez.

Grupo autor da moción, señora Solla.



A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quéroilles agradecer o apoio aos diferentes grupos da oposición. A verdade é que levamos xa moitos anos nesta lexislatura tratando cuestións por separado dos diferentes centros de saúde e hospitais comarcais, das carencias que están a ter. E, por suposto, queríamos hoxe traer aquí un debate que fose completo.

Desgraciadamente, dende o Partido Popular pídesenos seriedade e mesturan as carencias dos servizos do rural coa devolución do IVE. Eu creo que merecía un pouco máis de preparación este debate e un pouco máis de atención por parte do Grupo Popular. Porque paréceme que a situación que ten o rural, pase o que pase nas vindeiras autonómicas, merece unha planificación eu creo que relevante.

Despois de dez anos de amortizar prazas, porque está ben que agora mesmo falen de ampliar as idades de xubilación, cando houbo incluso xubilacións forzosas dentro do sistema sanitario público, agora mesmo atopámonos con dificultades para dar cobertura a algunhas especialidades.

A xestión foi un desastre, e ben farían en vir aquí e asumir as cousas que non fixeron ben. Por suposto, estamos seguras de que vostedes consideran que fixeron moitas cousas ben. Pero mellor lles iría se comezasen a asumir que fixeron cousas bastante mal, e comezásemos a buscar entre todas e todos solucións para eses elementos. Porque, se non, o que vai acontecer é que volverá unha campaña electoral na que vostedes se encherán de prometer centros de saúde, melloras nos hospitais comarcais, melloras nas ambulancias, no transporte sanitario e nas diferentes comarcas. E a realidade é que despois non hai nada. A realidade é que nunha lexislatura —xa non falo nin sequera das anteriores— perdemos persoal *a mansalva*.

E por máis que intenten trasladar aquí o contrario, non é certo. Esta mañá, creo que foi o portavoz do Partido Popular o que falaba do informe do Consello de Contas. Está ben que lembremos ese informe, porque ese informe fala de que soamente o sesenta e dous por cento do persoal ten praza en propiedade, e que se reduciron interanualmente en cincocentos oitenta e dous o número de persoal propietario. É dicir, increméntase a precariedade laboral, que neste momento a temporalidade está nun corenta por cento nos hospitais e nun vinte e oito por cento na primaria. Hai menos persoal, hai máis temporalidade, non se substitúe, redúcense servizos.

E temos un problema que é grave en todo o país, pero que, ademais, no rural produce un elemento, que é a falta de equidade no acceso a un elemento que é básico: a sanidade pública. E aí deberíamos sentarnos a falar do que se vai facer. Porque, por desgraza, nunha lexislatura enteira —xa ao principio desta lexislatura, incluso na anterior—, todas as veces, ata que xa non estaban vostedes no goberno, que propuxemos medidas, mellores, peores, os distintos grupos da oposición, para atacar a situación que tiñamos coa Pediatría, votaron en contra, sen argumentar que vostedes foran ter algunhas mellores.

Sucede o mesmo en atención primaria. E sucede o mesmo —e remato xa— coa taxa de reposición.



O que non vale é, ao final da legislatura e cando xa non gobernan no Goberno central, botar balóns fóra e vir aquí dicir que o fixeron moi ben, pero que a culpa é de que non hai profesionais sanitarios. A realidade é que cada vez que propuxemos unha iniciativa a votaron en contra. Vese que a vostedes pouco lles importa a sanidade no rural. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a política do Goberno galego en relación cos dereitos e coas garantías da dignidade das persoas enfermas terminais

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débense substituír os puntos 4, 5 e 6 da moción polo seguinte texto:

“Apoiar as iniciativas, tanto de modificación do punto 4 do artigo 143 do Código Penal para que queden exentos de responsabilidades os que de maneira indirecta ou cooperando axuden a morrer de maneira segura, pacífica, sen dor a unha persoa que o pida de xeito expreso, libre e inequívoco, como da lexislación que regule a súa aplicación.”

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Pese ao que acaba de dicir o presidente, non falamos de persoas enfermas terminais; logo concretaremos.

Eu quero comezar a miña intervención saudando as persoas representantes da asociación Dereito a Morrer Dignamente en Galicia. Elas saben ben que non estamos a falar de persoas enfermas terminais, senón doutra cousa. E quero resaltar aquí e reivindicar que dende o mes de febreiro do ano pasado levan pedindo unha reunión co conselleiro de Sanidade, e aínda non lles deu resposta ninguén. Como non hai ninguén do Goberno, estaría ben que alguén lles poida contestar. Hoxe o conselleiro non está, está en Madrid, pero estaría ben que alguén do Goberno se puidese poñer en contacto con vostedes, ou alguén do Grupo Popular, cando menos para poder ter esa reunión.

Eu quero comezar lendo as frases gloriosas do doutro día do conselleiro de Sanidade, porque creo que é imprescindible salientalas, máis que nada porque implica a mestura de moral e



política, moral propia e política, na que nós cremos que non debe caer nunca un bo político, e moito menos un conselleiro. O conselleiro de Sanidade dixo que era un erro, un gran erro falar de eutanasia, que non era un debate social, e que non é admisible que a eutanasia sexa a solución. Esas foron as súas verbas, que estarían ben nun representante dunha confesión relixiosa, pero mal nun conselleiro dun goberno democrático, como é o Goberno galego.

Esta moción de hoxe ten dúas partes ben definidas e claras: a primeira é relativa precisamente a ese título que se nos deu por parte dos Servizos Xurídicos da Cámara á nosa moción e á nosa interpelación, e refírese ás persoas enfermas terminais que precisan de cuidados paliativos. Hai unha lei do ano 2015 en Galicia, non relativa á morte digna, iso é outra cousa...

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento, señora Vilán.

Non está permitido na tribuna, creo que xa foron advertidas; polo tanto, pídolles que colaboren coa presidencia.

Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

...pois non é de morte digna o que recolle esta lei do ano 2015.

O que pedimos na nosa moción —son sete puntos— é que queremos que se nos conte algo desta lei de cuidados paliativos, xa que o conselleiro o outro día foi do único que nos falou, de nada máis, intentando confundir os cuidados paliativos co dereito á eutanasia, que son dúas cousas diferentes. Queremos que se nos comunique por escrito a través dun informe sobre o cumprimento e a difusión en Galicia desta lei, que se nos remita aos grupos parlamentarios, que o conselleiro veña aquí e dea conta no pleno do informe; tamén sobre que actuacións vén desenvolvendo a Consellería de Sanidade sobre a difusión da lei entre a cidadanía, entre os profesionais, e tamén que se nos comunique algo sobre como está a promover, se é que o está a facer a Consellería de Sanidade, entre a poboación en xeral o documento de instrucións previas.

Queremos, ademais, que a lei teña un regulamento. Como é habitual neste goberno, ningunha das leis que se aproban —poucas, por certo, nesta lexislatura; poucas nestes case once anos de goberno—, ningunha ten un regulamento de desenvolvemento. Si traballamos os grupos parlamentarios, polo que se ve, porque os proxectos de lei veñen aquí e acabamos sacándoos adiante, pero non hai regulamentos de desenvolvemento destas leis. Hai case cinco anos que se aprobou a lei do ano 2015, e non hai un regulamento que a desenvolva. Queremos, ademais, que se faga cun procedemento aberto e participativo a toda a cidadanía para desenvolvela.

Esta lei do ano 2015 fala de persoas enfermas terminais, e nin sequera de todas as persoas enfermas terminais. Eu non sei se vostedes, os deputados e as deputadas que estaban na anterior lexislatura, seguro que se lembran —as persoas que están ao día nos medios de comunicación tamén— da nena que se chamaba Andrea Lago. Andrea Lago era unha nena que viviu ata os



doce anos e que sufría unha enfermidade terminal. Andrea Lago morreu despois da entrada en vigor da lei do ano 2015. Os seus pais pedían para ela coidados paliativos, precisamente amparados nesta lei do ano 2015. Non conseguían que lles desen a razón e, ao final, tiveron que ir ao xulgado a lle pedir que deixase morrer á súa filla, algo moi triste e moi doloroso para o pai e a nai de Andrea Lago. Conseguírono despois de que, efectivamente, se chegase a un acordo no xulgado, baixo o amparo da Lei do ano 2015, pero de entrada non voluntariamente, tal e como di a lei, non se lles concedía. Non serviu para moito, aparentemente, a Lei do ano 2015. Ben, si nos serviu para que se cesase a conselleira de Sanidade e se nomease o novo conselleiro, porque foi inmediato o cesamento da anterior conselleira de Sanidade.

Nada sabemos, como dixen antes, da aplicación desta lei. O que si sabemos é que nalgúns sitios non hai rexistro, polo que esas persoas enfermas terminais poden decidir sobre as opcións e sobre o coidado e tratamento en situacións nas que xa non son quen de poder expresalas de maneira persoal. Ese rexistro, por exemplo, non existe na Delegación do Sergas de Lugo, e sabémolo non de maneira oficial, pero si oficiosamente. Queremos sabelo de maneira oficial.

E iso que o outro día o conselleiro nos dicía que esta lei fala dos dereitos dos pacientes. Incluso dixo que a relación médico-paciente —esa que eu, e supoño que a señora Rodríguez Barreira, nunca poderemos chegar a entender, porque non somos persoas do ámbito sanitario, como me dixo a min o conselleiro— non funciona con escritos. Estaría ben que llo tivese dito alguén do Goberno ao pai e á nai da nena Andrea Lago no seu momento, que tiveron que facer moitos escritos, e incluso escritos que chegaron ao xulgado, onde lles deron a razón.

A segunda parte desta moción non fala de persoas enfermas terminais, fala do dereito á eutanasia, fala de persoas que de maneira consciente, meditada, libre e voluntaria, que sofren unha enfermidade que lles provoca padecementos que non teñen ningún tipo de alivio, deciden que queren morrer. Iso é o dereito á eutanasia, que son cousas distintas, e que na moción se diferencian claramente.

Nós queremos que a eutanasia sexa legal. Sabemos que o Parlamento de Galicia non ten competencia para regular o dereito á eutanasia, porque afecta un dereito fundamental como é a vida e que ten que ser regulado no Congreso dos Deputados e no Senado. De feito, hai unha proposición de lei —ensineina o outro día (*A señora Vilán Lorenzo mostra un documento.*)—, que é do Grupo Parlamentario Socialista, que se está a tramitar, que vai ser a primeira proposición de lei que se debata no Congreso dos Deputados. Pois o que queremos é que, cando sexa legal o dereito á eutanasia en España, este goberno sexa leal, actúe con lealdade, e colabore activamente para a aplicación desa lei estatal na nosa Comunidade Autónoma. Queremos que se activen xa os mecanismos para prever a aplicación desa norma no sistema público de saúde, que non pase como pasou con Andrea Lago no ano 2015. Queremos que se dote dos medios profesionais e materiais necesarios, necesarios tamén ao Sistema de saúde galego, para poder facer compatibles o dereito á eutanasia e o dereito das persoas traballadoras do sistema sanitario á obxección de conciencia.

E queremos tamén que se recoñeza que o debate da eutanasia é un debate lexítimo, lexítimo, non é un erro, é un debate lexítimo. A regulación da eutanasia é un debate lexítimo, e a súa



despenalización tamén. Con garantías, evidentemente, garantías xurídicas que dá o amparo dunha proposición de lei, cumprindo a vontade das persoas e protexendo o dereito fundamental á dignidade, que é do que estamos a falar. A eutanasia é o dereito a elixir unha boa morte e, polo tanto, é o dereito a ser unha persoa digna ata o final da miña vida. Diso é do que falamos.

Será un novo dereito civil, non son coidados paliativos, non se refire ás persoas enfermas terminais, non confundamos, deslindemos as dúas cuestións, e é preciso que estea no sistema público de saúde, salvagardando sempre o dereito fundamental tamén á obxección de conciencia dos médicos e das médicas.

Nós queremos que vostedes non boicoteen a lei cando se aprobe, queremos que sexan leis —volvo dicilo—, leis cun debate que está na rúa, e por moito que o outro día o conselleiro dixese que eran elucubracións dos grupos da oposición.

Tampouco buscamos ningún titular. O único que buscamos é que nunca máis os titulares da eutanasia sexan protagonizados como por persoas como Ramón Sampedro. Non queremos que ningún novo Ramón Sampedro sexa protagonista de ningún titular novo en ningún diario de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Boa tarde ás persoas que nos acompañan de novo dende a tribuna da asociación Dereito a Morrer Dignamente.

Cando no ano 2015 se aprobaba aquí neste parlamento a Lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, da que eu, en nome do BNG, era ponente, dicíamos que nos parabenizabamos porque era un avance respecto da situación precedente, en que non había ningunha lexislación a respecto desta cuestión, mais non era a lei que tería aprobado e impulsado o BNG de ter a capacidade de facelo. Criamos que era un avance, mais que había que seguir avanzando en medidas lexislativas que deixaran de penalizar as persoas que non teñen outra forma aceptable de vivir o sufrimento que deixar de vivir.

Fixemos —e así o declaramos todos os grupos presentes neste parlamento a aquela altura— un exercicio de autocontención, toda vez que había cuestións que dende o principio quedara claro que non se ían abordar, e o tema da eutanasia non se ía abordar porque non había acordo a respecto desta situación.

Fixemos a regulación dunha morte digna, que viña sendo demandada por persoas enfermas, mais tamén por moitos profesionais que viñan facendo unha praxe médica axeitada, mais que non tiñan unha normativa legal que os amparara ou protexera.



Demandamos dende o BNG que esta lei non podía contemplar a obxección de conciencia, e así chegamos ao acordo entre todos os grupos de que non estaba contemplada a obxección de conciencia, o cal nos parece un tema pois moi importante.

E tamén faciamos fincapé no BNG, nas emendas que presentamos durante o proceso de tramitación, en que era necesario avaliar o cumprimento desta lei. Presentamos unha emenda de que era necesario que no prazo dun ano se realizara un estudo sobre o nivel de cumprimento, sobre o nivel de implantación desta lexislación, que non foi aceptada polo grupo maioritario, polo Partido Popular. Tamén presentabamos emendas no sentido de que no sistema sanitario público tiñan que implementarse as cantidades e as dotacións de unidades de coidados paliativos, de equipos, para garantir esta asistencia sanitaria. Tampouco se tivo en conta esta cuestión.

Falaba aquí a proponente desta proposición non de lei do caso de Andrea, dunha nena, mais o grave desa situación é que a lei si contemplaba que se podía actuar e se debería de ter actuado, como non se fixo. Neste caso non era un problema de que non houbera marco lexislativo, era un problema de vontade de quen se consideraba no dereito de facer a lectura que lle parecía dese marco lexislativo, que logo, evidentemente, a Comisión de Bioética e demais desmentían esa posición. Porque, incluso habendo marcos normativos, logo se está moitas veces ao albur das cuestións persoais de quen ten que efectivizar eses dereitos.

Demandabamos que tiña que ir esta lei acompañada de estratexias multidisciplinares que favoreceran a aplicación desta cuestión, que é unha parte do que demanda hoxe nesta proposición non de lei o Grupo Socialista, e no que estamos de acordo, porque estivemos de acordo dende o seu momento, en que nos parece fundamental. Non vale de nada un marco normativo se logo non se implementa, se logo non se garanten os dereitos que nel se recollen. É evidente que é así.

Mais nunha segunda parte desta proposición que presenta o Partido Socialista, en concreto nos puntos 4, 5 e 6, a verdade é que se nos pide un exercicio de fe cega en como vai quedar un texto lexislativo presentado polo Partido Socialista no Congreso dos Deputados, que aínda non iniciou o seu trámite parlamentario; un texto lexislativo que xa na anterior lexislatura quedou sen aprobar, ou sen rechazar, é dicir, sen a súa tramitación final, ao igual que outras iniciativas que foron presentadas na mesma dirección.

Dende logo, no pleno pasado, cando se tratou unha proposición non de lei do Grupo Mixto a respecto da modificación do Código penal, nós advertimos que agardabamos que máis cedo que pronto o Congreso lexislara esta cuestión no referente á Lei da eutanasia. Agora dende o BNG imos ser prudentes e imos agardar a ver como queda ese texto lexislativo para ver se realmente queda nos termos que cremos no BNG que debe ir; imos agardar a ver como queda esa lei para posicionarnos ao respecto. Por iso presentamos unha emenda onde pedimos substituír eses puntos 4, 5 e 6, que demandan a este parlamento ir facendo actuacións referidas á implementación dunha lei que aínda non iniciou o seu trámite. Insistimos: parécenos máis de fe cega, de como vai quedar, e no BNG somos máis de ver os resultados, e o que pedimos é substituír eses puntos 4, 5 e 6, que falan dun futurible, por apoiar as iniciativas tanto de modificación do punto 4 do artigo 143, que pide a despenalización e a modi-



ficación do Código penal para que queden exentos de responsabilidades os que de maneira indirecta ou cooperando axuden a morrer de maneira segura, pacífica e sen dor ás persoas que o pidan de xeito expreso, libre e inequívoco, como prestar o apoio á lexislación que regule a aplicación desa Lei de eutanasia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: E o noso inequívoco apoio a esa modificación, ao dereito das persoas a decidir como e cando morrer, ás persoas a ser donas da súa vida e da súa morte. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas, señor presidente.

Quería saudar, en primeiro lugar, os representantes da asociación DMD, asociación que, como saben, cumpre un meritísimo papel, non soamente á hora de trasladar debates sociais sobre o dereito a un final de vida digno, senón que ademais acompaña moitas familias no tramo final da vida e no sufrimento dos seus seres queridos, guiándoas na mellor das opcións na procura dese final de vida digno, que, como estivemos debatendo a semana pasada, co muro de insensibilidade do Partido Popular, e a pesar diso, vimos que era un dereito fundamental que tiña que estenderse xa dunha vez por todas.

A semana pasada, señores e señoras da maioría popular, nós perdemos unha votación, pero vostedes perderon un debate. Iso téñano moi presente. Están moi por detrás do que a sociedade civil e tamén do que os seus propios votantes e as súas propias votantes demandan. Así que váianse actualizando.

Ben, con relación a esta moción, que dúbida cabe que a imos apoiar en todos os seus termos, non en van a semana pasada nós mesmos trouxemos a debate aquí unha proposición de lei sobre a despenalización da eutanasia. Polo tanto, abrangendo o ámbito penal, que era o presuposto previo —e así o explicamos xa no seu momento—, para despois levar a cabo toda unha regulación positiva de carácter administrativo-sanitario que regulase o exercicio efectivo no aspecto sanitario, no aspecto técnico, do que nós entendiamos que debería ser este dereito fundamental a un final de vida digno. Polo tanto, vaia por diante tamén o noso apoio.

En canto ao desenvolvemento da lei de 2015, á que se fai referencia no apartado primeiro, da Lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, o texto aprobado no ano 2015 —levámolo debatido bastantes veces xa durante esta lexislatura— é un texto que é tan bo como ineficaz, na medida en que está falto de desenvolvemento legal mediante os correspondentes regulamentos, e sobre todo —e quero incidir nisto— sobre a súa falta de dotación económica para que o que alí se declara sexa un verdadeiro dereito real e efectivo.



Por esa razón, quería referirme agora neste momento tamén á proposta de mellora na dimensión económica desta lei que se fixo desde o Grupo Parlamentario de En Marea con ocasión dos orzamentos do ano 2020. Concretamente, como saben, na emenda cruzada sen efectos devolutivos, baixo a epígrafe «Mellora das condicións do dereito a un final de vida digno», este grupo, o Grupo Parlamentario de En Marea, e unha vez tamén ademais comprometido coa asociación Dereito a Morrer Dignamente, fixo unha serie de propostas de emenda para que fosen incorporadas aos orzamentos de 2020 por máis de tres millóns de euros; en primeiro lugar, con cargo a un programa de información e sensibilización sobre o documento de instrucións previas, para que a poboación en xeral e a poboación que se formule este tipo de debates, ou ante a hipótese de enfrontarse a un determinado proceso vital, cirúrxico ou sanitario, ou das características que sexan, saiba con que dereitos conta e que dereitos a asisten. Para iso previamos 525.000 euros para esa campaña específica. ¿Que fixo o Partido Popular? Votar en contra.

Solicitamos o incremento de recursos de hospitalización a domicilio para a atención de persoas en coidados paliativos, que era tamén un dos contornos que establecía esta lei. Para isto previamos unha dotación adicional sobre os orzamentos da Xunta dun millón de euros. ¿Que fixo o Partido Popular? Votar en contra.

Pedimos tamén a garantía de intimidade na fase terminal —que se recolle tamén na lei— mediante a nova habilitación de espazos hospitalarios individuais reservados a doentes e aos seus acompañantes, algo que recolle a lei pero que moitas veces non se fai efectivo por falta de espazos, o cal requiriría modificacións, incluso nos plans directores vixentes aos que esta mañá se referiu o propio conselleiro de Sanidade. Para isto previamos unha dotación adicional dun millón de euros. ¿Que fixo o Partido Popular? Votar en contra.

E, finalmente, tamén reclamamos formación multidisciplinar sobre o dereito a un final de vida digno dende a perspectiva ética, médica e psicosocial, porque é necesaria a sensibilización de profesionais, é necesaria a sensibilización de persoal educativo, é necesaria unha formación de carácter transversal sobre esta situación. Para isto previamos nun ambicioso plan, tamén comprometido co desenvolvemento da propia lei e de conformidade coa asociación DMD, unha proposta de incremento orzamentario de 501.000 euros. ¿Que fixo o Partido Popular? Votar en contra.

Polo tanto, malia o que se dixo a semana pasada e se volverá dicir aquí do respecto e do bonita que é a lei do ano 2015, a realidade é que non hai un compromiso real e efectivo coa garantía efectiva deses dereitos. Porque para que eses dereitos sexan realidade é necesario que teñan unha dimensión económica, é dicir, é necesario que existan medios para podela facer cumprir. E iso non existe, sinxelamente porque o Partido Popular, unha vez máis, votou en contra, en contra de ampliar uns dereitos a un final de vida digno que a ninguén prexudican e, pola contra, aliviarían moitísima dor e moitísimo sufrimento a moitas persoas e ás súas familias.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.



Visítannos hoxe os alumnos de 2º de bacharelato do Instituto Miguel Ángel González Estévez, de Vilagarcía. Dámoslles a benvida ao Parlamento e tamén aos seus profesores e acompañantes.

E agora si, ten a palabra, polo Grupo Común da Esquerda, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Benvidas as visitas que hoxe están aquí da asociación, e tamén, por suposto, ao alumnado.

Nós imos apoiar, evidentemente, esta moción. E, ademais, eu creo que hai elementos que fan necesario que se aprobe eu creo por hixiene democrática, pola necesidade de dar debate sobre ampliar os dereitos fundamentais que teñen os cidadáns no conxunto do país. No pasado pleno negouse aquí —e eu lamento que fora así, é unha realidade— que o 80 % dos españois e das españolas, neste caso —e, por suposto, tamén no que ten que ver coas galegas e galegos—, están a favor da regulación da eutanasia. Seguramente podemos ter diferenzas en como debe ser esa regulación. O contido da lei debera darse nun debate no marco dunha ponencia, por suposto que si. Pero a realidade é que cando falamos dun 80 % da poboación estamos falando tamén dunha porcentaxe de persoas de dereitas, dunha porcentaxe de persoas incluso votantes do Partido Popular. E, polo tanto, creo que, en troques de darlle as costas, se debería aceptar a necesidade de comezar a regular este dereito, con independencia de que na súa regulación estou segura de que imos ter diferenzas en como debe darse esa regulación.

No que ten que ver coa primeira parte da iniciativa, por suposto, nós estamos de acordo. E xa expresamos no anterior debate no pasado pleno que nós nos temos interesado pola cuestión, non só porque traballamos dentro desa ponencia. E eu teño que manifestar que, cando se tramitou a Lei de dereitos das persoas enfermas terminais, conseguimos eliminar a obxección de conciencia. E no caso das sedacións paliativas, elementos que eran como básicos dentro da sanidade pública, que se conseguiron unha serie de dereitos como era habitacións individuais, dereitos que desgraciadamente a día de hoxe non se están a cumprir e que teñen motivado que nos interesamos polo cumprimento da lei en diversas ocasións tanto por escrito como de xeito oral, sobre todo porque profesionais teñen denunciado nalgunhas ocasións diferenzas nos coidados paliativos entre as urbes e o rural. Falamos da hospitalización a domicilio, pero eu creo que deberíamos falar en moitas máis ocasións tamén da atención primaria, da asistencia a domicilio na atención primaria e da relación que teñen cos coidados das persoas en situación terminal ou que necesitan coidados paliativos tamén no seu domicilio.

Pero, indo á segunda parte da moción, que fai referencia á necesidade de regular a eutanasia, eu —se me permite a proponente— estiven revisando tamén o texto da comparecencia o outro día na interpelación do conselleiro de Sanidade, porque na propia intervención durante o pleno a min parecíanme increíbles algunhas cousas que estabamos escoitando aquí, e eu creo que ademais falta de sensibilidade cara á situación que teñen moitas persoas, chegar a trasladar que o que hai que facer é buscar cura para as enfermidades —de feito, téñoos anotado aquí, trasladou que un máximo defensor da eutanasia, un doutor que citou, morreu por



un hepatocarcinoma derivado da hepatite C— e que o que había que buscar era a curación. Creo que é ausencia absoluta de sensibilidade e de entender que a situación da que estamos falando é dunha situación de irreversibilidade da situación de saúde que ten esa persoa no ámbito físico ou psíquico. E, polo tanto, non estamos falando do que hai que facer en materia de investigación —que, por suposto, hai que facelo—, senón que estamos falando da situación concreta que ten unha persoa que non vai ter unha melloría do seu estado de saúde, que en todo caso pode empeorar ou quedar como está e que, polo tanto, lle xera un sufrimento. E neste punto hai que lembrar que, efectivamente, a vida é un dereito superior que ten que protexer a Administración —por suposto que si—, pero a vida non é unha obriga e non pode obrigarse a vivir a unha persoa en condicións penosas. Polo tanto, eu creo que iso é o que queremos regular.

Dixéronse nesa intervención cousas tan groseiras como que se insinuou que se ía eutanasiar persoas que tiñan boa situación de vida porque non se puidera coidalas. El dicía que as persoas maiores podían pedir unha eutanasia porque mirasen a súa filla moi cansada —algo así dixo na intervención—. Creo que esa é unha barbaridade tan grande e unha falta de sensibilidade tan grande que debería de estar lonxe dun debate parlamentario e, dende logo, da opinión que pode ter un conselleiro de Sanidade sobre o dereito á eutanasia. Por suposto, cadaquén pode ter a súa sensibilidade ética e moral, pero eu creo que ten que estar lonxe da regulación dun dereito fundamental. Precisamos, polo tanto, que se aprobe unha lei orgánica. E nós, aínda que seguramente teremos diferenzas nesa propia tramitación, témolo dentro do acordo de goberno, pero nós tamén a través de Unidas Podemos-En Común presentamos algunhas proposicións de lei previas. Cremos que paga a pena aceptar que ten que darse un debate dentro dunha ponencia no que o que se dirima sexa como regulamos o dereito e non o propio dereito en si, que xa a sociedade o ten máis que asumido. E, polo tanto, dentro das cámaras lexislativas —remato xa— debería asumirse e non ir por detrás da sociedade. É dicir, o dereito eu creo que está aceptado e o que temos é que ver como é ese traballo para que ese dereito se garanta, se garanta dentro da atención pública e dende logo se faga con calidade, e se faga eliminando ese grao de sufrimento que teñen as persoas e as familias das persoas nunha situación que é irreversible e que se pode eu creo que evitar se se toman medidas axeitas dende os poderes públicos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Saudamos as persoas que nos acompañan hoxe na tribuna, pormenorizadamente os representantes da asociación Dereito a unha Morte Digna, que, por certo, señora Vilán, foron recibidos polo Grupo Parlamentario Popular e escoitadas as súas demandas.

Mire, nós imos apoiar os tres primeiros puntos da súa proposta, porque son puntos que teñen que ver coa Lei galega de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas ter-



minais, unha magnífica lei que aprobamos —como xa temos dito— por unanimidade, co consenso de todos os grupos, e que está servindo para dar resposta ás necesidades dos enfermos terminais e das súas familias no proceso final da súa vida. Porque ningunha persoa debe sufrir nin padecer no momento de morrer, por iso apoiaremos eses puntos.

Aproveito para facerlle unha precisión, dende o respecto e o recoñecemento á familia de Andrea Lago, señora Vilán, para pedir un pouco de rigor, porque, salvo erro por parte desta deputada que lles fala, creo que a nena faleceu o 9 de outubro de 2015. A Lei galega 5/2015 publicouse no *Boletín Oficial do Estado* o 23 de setembro de 2015 e entrou en vigor o 25 de outubro de 2015; por tanto, non se lle puideron aplicar os recursos que esta lei poñía á disposición porque esta lei non estaba en vigor. E esa é a grandeza desta lei, señorías. Probablemente aquel sufrimento non se tivera que ter padecido por esta familia se esta lei, como está agora, estivera en vigor entón. (*Aplausos.*)

Dito isto, nós coincidimos absolutamente en todas as melloras na aplicación e no cumprimento desta lei e, por tanto, apoiaremos que se faga un informe sobre o cumprimento e a difusión da lei; tamén, que se compareza, eu creo que mellor no Parlamento que no pleno, para dar conta deste informe; e, por suposto, tamén coincidimos en que debe ser desenvolvida regulamentariamente.

Efectivamente, señorías, nós cremos que non só temos que pensar nas persoas que se atopan no momento final da súa vida. Debemos ter moi presentes tamén todas esas persoas que sofren unha grave enfermidade, crónica, incurable, invalidante, que se prolonga no tempo, que condiciona a súa vida e a das súas familias. E debemos telas presentes para recoñecer o valor co que cada día afrontan as súas dificultades, ás veces enormes dificultades. E teñámolos presentes para aportarlles solucións, verdadeiras solucións.

Hoxe mesmo o *Diario Oficial de Galicia* publica a convocatoria das axudas para mellorar o respiro familiar; hai poucos días, as axudas para mellorar e poñer en marcha as casas do maior. Seguro que podemos facer moito máis, seguro que se dispuxeramos dos recursos que o Estado nos ten que aportar en cuestión de dependencia poderíamos facer moito máis, ¡fagámolo, señorías!, pero non lle restemos valor ao esforzo desas persoas con enormes limitacións e ás súas familias, que con moito esforzo cada día non perden a esperanza e que loitan para seguir adiante. E, sobre todo, falemos delas cada día para apoialas, para axudalas, pero non para darlles como única solución a morte.

E por iso, señoría —vostede, que pide lealdade—, témoslle que dicir que, así como imos apoiar os tres primeiros puntos, non imos apoiar os catro puntos restantes da súa moción. Porque o que piden é a lealdade —dicía vostede— para a aplicación da lexislación estatal que se aprobe. Mire, non sabemos o que se vai aprobar, señoría, señora Vilán, non o saben nin vostedes. Seguramente aprobarase o que lle impoñan os seus socios. Pero, miren, vostedes someteranse pois seguramente ao que diga o Partido Socialista en Madrid ou mesmo ao que diga Podemos en Madrid, sexa o que sexa, aproben o que aproben, pero a nós o que nos gustaría é que nos dixeran cal é o posicionamento do Partido Socialista. ¿Que posicionamento temos que atender? ¿O do Partido Socialista do ano 2017, que rexeitaba a Lei de eutanasia de Podemos, ou o do Partido Socialista do ano 2020, que trae unha lei que é unha copia practi-



camente igual á Lei da eutanasia de Podemos? Porque voulle dicir o que dicía o seu portavoz no debate sobre aquela Lei de eutanasia de Podemos: «caía nos erros cometidos por países como Suíza, Holanda ou Bélxica, e presentaba deficiencias e fallas de garantías». Señorías, pois unha réplica daquela lei é a que vostedes traen agora ao Congreso dos Deputados.

Miren, ¿vostedes teñen lido a proposición de lei, a súa proposición de lei, señorías? Pregúntolle á bancada do Grupo Socialista. ¿Sabe vostede, señor Villares, que para outorgar un testamento fai falta un fedatario público pero para pedir a morte, segundo esta lei, é suficiente unha petición firmada polo propio paciente ou por unha terceira persoa, no caso de que diga que o enfermo non está en condicións de firmar, ante un profesional sanitario, nin sequera ante o médico responsable? ¿Saben vostedes que no caso dos incapaces de feito que teñan unha enfermidade grave e incurable que teñan outorgado un documento de instrucións previas —e o documento de instrucións previas pódese outorgar ante tres testemuñas— nese caso outra persoa pode presentar a solicitude de axuda para morrer sen máis requisitos? ¿Saben vostedes, señorías, que na proposición de lei do ano 2018, a do Partido Socialista, figuraba que a petición de axuda non podía ser resultado dunha presión externa e esa exigencia foi retirada nesta lei de 2020, señora Vilán? ¿Saben vostedes que esta lei exige un control previo para comprobar que se dan os requisitos e os procedementos da eutanasia pero que se pode prescindir dese control cando exista caso de morte ou incapacidade inminente? Pero, ¡joia!, se a morte é inminente, ¿para que lle imos aplicar a eutanasia a unha persoa? ¿E como comprobamos, despois de practicada a eutanasia, que efectivamente a morte era inminente e que se podía prescindir dese control previo dos requisitos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, claro, señora Noela, lea a lei, porque o tema é que non a teñen lido, non a leron. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Claro! Mire, isto anula calquera garantía.

¿Saben vostedes que a lei prevé unha verificación posterior á práctica da eutanasia para ver se se fixo conforme os requisitos e os procedementos que establece a lei? Pois miren, a súa proposición de lei do ano 2018, como a de Podemos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ...contemplaba que, se dous terzos da comisión de avaliación consideraban que non se cumprían eses requisitos, había que comunicalo á Fiscalía. Retirárono desta proposición de lei, señorías. Na proposición de lei do ano 2020, se non se cumpren os requisitos despois de producida a eutanasia, non hai que ir á Fiscalía, hai que poñelo en comunicación da dirección do centro sanitario que fixo a eutanasia e que investigue, señorías. Pero miren, ¿que garantía é esta? Vostedes, con esta falta de garantías que percibimos nesta proposición de lei, convértense en paradigma daquela definición irónica da política que dicía que era a arte de buscar problemas, a arte de encontralos, de diagnósticalos incorrectamente e de aplicarlles remedios equivocados.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Barreira. Terminou o seu tempo.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: E miren, señorías —e xa remato, presidente—, comprendemos e debemos dar solución a aquelas persoas que non queren vivir, pero temos que darlles garantías a aquelas persoas que non queren morrer.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez.

Grupo autor da moción, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Eu pensei que o límite da insensibilidade e o retroceso na evolución (*Murmurios.*) escoitámolo o outro día cando o conselleiro de Sanidade interveu e contestou á nosa interpelación, pero vexo que é algo xenérico e que vostedes parecen máis os representantes da Conferencia Episcopal que realmente do Grupo Parlamentario Popular, sinceramente. (*Aplausos.*)

Eu tamén saúdo os alumnos e as alumnas do instituto de Vilagarcía de Arousa, porque seguro que eles e elas teñen debatido algunha vez sobre o dereito á eutanasia e seguro que nalgún momento chegaron a conclusións moi semellantes ás do CIS e ás desa enquisa de Metros-copia aceptando que cada un pode decidir a súa morte cando queira porque está padecendo uns sufrimentos incurables. E polos seus movementos de cabeza creo que, efectivamente, están moito máis adiante do que están as persoas que se sentan nesta bancada do Grupo Parlamentario Popular. (*Aplausos.*)

Non só é unha cuestión de sensibilidade, é unha cuestión de evolución humana e social. Cando un quere votar a favor de novos dereitos é valente e cando un non quere votar a favor de novos dereitos tamén ten que ser valente, e vostedes non o son. Primeiro, non lles imos deixar votar por puntos, non elixen vostedes votar por puntos, (*Murmurios.*) porque os propietarios desta moción somos o Grupo Parlamentario Socialista, non son vostedes, e non lles imos deixar. ¿Saben por que? Porque vostedes no seu día, cando se debateu a lei do ano 2015, non quixeron introducir a posibilidade de ter que vir aquí falar a través dun informe da lei e agora din que si e queren rectificar esa posibilidade. E, ademais, porque vostedes levan case cinco anos sen desenvolver unha lei do ano 2015, e agora dinnos que si, que a van desenvolver. Non nos tomen o pelo, non nos vacilen, sexan valentes e digan que vostedes realmente non están de acordo en votar a favor dun novo dereito civil a favor das persoas — ese é o seu problema—, porque choca coa súa moral e coa súa ética persoal, que a poñen por riba dos dereitos das persoas. Esta lei será a que sexa no Congreso dos Deputados. ¿Ou é que vostedes só deciden aplicar en Galicia aquelas leis que son conformes coa súa ideoloxía e coa súa moral? As que non son, non. É que é o que pasa precisamente coa Lei do aborto, que aquí non se aplica, porque vostedes poñen por riba a súa moral e a súa ideoloxía. Iso chámase... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora VILÁN LORENZO: Polo visto, as trolas da oposición e a minoría. (*Murmurios.*) Pois gustaríame que as persoas que están aí arriba puidesen falar porque seguro que non é así.

Iso chámase... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!



A señora VILÁN LORENZO: ...un insulto a todas esas persoas que non teñen a capacidade de decidir cando sofren e non poden ser aliviadas cando queren morrer. Isto non vai...

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda?

A señora VILÁN LORENZO: —E remato xa—.

Isto non vai...

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda, sobre a emenda.

A señora VILÁN LORENZO: Sobre a emenda non a imos aceptar, porque cremos que se inclúe no último punto e porque ademais non coincide exactamente, non é cuestión de eximir de responsabilidade, é cuestión de que nin sequera sexa punible, que son cousas moi diferentes.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Isto non vai de respiros familiares, vai dun novo dereito civil que vostedes queren negar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da atención primaria do sistema sanitario de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 62916 [10/MOC-000179].

Emenda de substitución:

Substituír o punto número 1 polo seguinte texto:

“Rematar os traballos das 15 Comisións Técnicas, formadas por máis de 200 persoas dos diferentes colectivos que conforman a Atención Primaria, e publicar de inmediato as conclusións das mesmas para proceder á elaboración do Plan Galego de Atención Primaria.”

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.



Aínda chego a tempo de despedir os meus compatriotas, eu son do Castro Aobre pero... (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Compatriotas tamén, cada un... A patria cada un a ten onde quere, iso é unha cousa persoal. É unha patria pequena, pero é bonita, Vilagarcía é un sitio bonito. Está vostede convidado a vir cando queira. Eu son do Castro Aobre, somos así un pouco..., pero está sempre gustoso que veñan. Miguel Ángel González Estévez —permítame que llo recoñeza—, unha persoa referente no Partido Popular de Vilagarcía, grandísima persoa que se despediu da vida moi pronto lamentablemente, foi profesor nese instituto e magnífica persoa; a verdade é que hai que recoñecelo e, nese sentido, é un bo momento para facelo.

Falamos de atención primaria. Hoxe os de sanidade temos debate a miúdo. O problema é eu que hoxe teño que falar tanto que ata parezo un deputado do BNG, que teño que participar moito nestes debates, (*Murmurios.*) pero eu estou encantado. A verdade é que ás veces... (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non... Non se rían, eu dicíao porque traballan moito máis que vostedes, tamén o dicía por iso, ¡eh! Máis que nós seguro, pero ¡home! tamén... (*Aplausos.*) E máis que nós tamén. (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) Ben, a ratio de traballo por persoa é maior, deixémolo aí, está ben; é unha boa corrección, señor Puy, está ben. En conxunto todos facemos un número de intervencións, é igual, chegamos a ese consenso, señor Puy. (*Murmurios.*)

Polo tanto, neste sentido non é nunca nada ingrato falar de sanidade, aínda que a verdade é que ultimamente é un pouco máis tensionante, porque temos notoriamente posicións cada vez máis contraditorias. E entro agora —perdoen as brincadeiras— nunha cuestión máis puntual ou máis centrada no tema.

A interpelación da semana pasada, da que puidemos dar pé despois a esta moción, pretendíamola focalizar —e así o fixemos— sobre unha análise que a propia consellería encargou a unha consultoría de expertos sobre o sistema de saúde, o sistema público de saúde especialmente, e con expertos de referencia, que, en colaboración con algúns expertos do sistema galego que decidiu a consellería, fixo unha análise completa, bastante profunda, do sistema e que nós traíamos a debate porque criamos que era un punto de partida bastante útil. Discrepamos nalgunha cuestión puntual, como é normal, pero cremos que é un punto de partida bastante útil. É o que deu lugar a este documento, que vostedes coñecen, e infrutuosamente esa interpelación deu a unha resposta do conselleiro que nos falou doutra cousa.

E entendemos a confusión, porque, ante os problemas de atención primaria constantes, esta consellería encargou este documento de análise e este plan de análise aos expertos, pero tamén é certo que constituíu 547 comisións conxuntas de persoeiros distintos do eido sanitario. Pero é certo que, antes diso, dicía que estaba implantando xa un plan de atención primaria e é certo que antes diso dixo que estaba cunha estratexia de mellora da atención primaria. E digamos que ao final, entre tanta estratexia e tanto plan, non saben moi ben, cando lles preguntan sobre algo, que responder, ou, o que é máis natural, si que o saben, pero non queren responder das cousas que se lles preguntan. Porque este documento, esta análise de expertos é unha bofetada á política sanitaria do Partido Popular. Nós preguntamos sobre un traballo, contestaron sobre outro e dicindo, como non podía ser doutra maneira, que xa se estaba facendo todo.



Ben, as reaccións do Partido Popular a partir das críticas que fan os colectivos profesionais, usuarios, conxunto de traballadores, tamén os partidos políticos —aínda que a eses nos deostan bastante— pois foi ese *mexunxe* de resolucións ou solucións que non chegaron a ningún lado e que basicamente se resumen nunha cuestión que lles trasladaron aos colectivos de profesionais sanitarios. Non se trata de repetir por enésima vez o que hai que facer, trátase de facelo. Aínda que poderán seguir vostedes atopando a maneira de volver explicar que é o que hai que facer co sistema, trátase de facelo, e despois de once anos aínda ninguén fixo nada sobre isto.

Deron algunhas respostas baseándose no mesmo criterio de sempre: titulares, fotos, propaganda, publicidade. Algúns deles foron moi interesantes. Eu a finais de decembro e xaneiro encontrei nos diarios galegos —vostedes non o atoparon, seguro— este documento e esoutro, (*O señor Torrado Quintela mostra uns documentos.*) un bo investimento en publicidade sanitaria. Permítanme dicir que moita planificación non existiu porque ¡home!, ten case máis faltas de ortografía que parágrafos ten. Incluso hai palabras mal escritas que intercambian letras, creo que os escribiron dunha tandada soa, e non vou facer moita broma, pero permítanme que dubide de que existan catorce hospitais públicos en Galicia. A ver se somos capaces de contalos, catorce hospitais públicos. Dígoo porque vostedes anuncian que hai catorce hospitais públicos, segundo a súa conta, e, segundo o que din aquí habitualmente, debería de haber máis. A ver se vai ser que aquí din unha cousa e logo os feitos din outra. Catorce hospitais públicos, despois poderemos contalos se queren.

Pero, a partir disto nós o que plantexamos é: ben, está ben facer un folleto, no que din, por certo, que vostedes habilitan as prazas de MIR; despois de tanto tempo criticando o Goberno porque non lles habilitaban prazas de MIR extraordinarias, agora resulta que as solicitaran vostedes. Está moi ben. Hoxe dixo o conselleiro pola mañá: levamos un ano demandando que se incrementaran as prazas de pediatría. E díxoo ben, levan un ano. ¿Sabe o problema? É que nos sete anteriores non o fixeron, e aí está o problema. ¿E sabe cal é a diferenza? Que nos sete anteriores non o fixeron e non se aumentaron, e neste pedírono e o Goberno de España convocou o maior MIR da historia, tamén o maior MIR da historia de Galicia, e o maior MIR en prazas de pediatría para Galicia, e o maior número de prazas MIR de medicina de familia e comunitaria para Galicia. Pero imos ser sensatos. Se vostedes querían criticar que o Goberno non as convocaba, cando as convocou, asuman que foi o Goberno de España. Podemos chegar a un acordo sobre quen as convocou, pero o importante é que están aí grazas a ese goberno que vostedes critican tanto.

Nós traemos unha proposta baseada fundamentalmente no que di este documento. A semana pasada lemos varias cuestións do documento, non imos lelas todas, pero é importante facer unha reflexión sobre cal é o diagnóstico que fan os expertos, que din que existen importantes listas de espera, exceso de consultas en atención primaria, hai unha indefinición nas carteiras de servizos dos profesionais, elevada presión asistencial. Falan de que na estrutura do modelo, no que corresponde a atención primaria, fai falta crear direccións executivas de atención primaria con capacidade resolutiva. Falan de cuestións —que a verdade é que lles poden soar seguramente— como dignificar as condicións de traballo e acceso ao desempeño dos profesionais. Falan de cuestións destas. Por certo, algunhas nós non as compartimos. Falan dunha taxa de reposición do 100 %, que non é eliminar a taxa de reposición; nós com-



partimos que hai que eliminala, de feito vai na proposta que traemos a votación hoxe, que supoñemos que van votar a favor. Está aí, vóullelo ler... *(O señor Núñez Centeno pronuncia palabras que non se perciben.)* Igual é que se me escapou, señor Núñez Centeno. Está aquí: solicitar ao Goberno de España a eliminación da taxa de reposición para o persoal do sistema sanitario. Supoñemos que contaremos co voto a favor do Partido Popular, xa sabe que imos 7-2 neste debate, imos ver se somos capaces de ir 8-3. Isto é unha solución, seguro que vos tede vai emitir algunha opinión sobre o asunto.

Polo tanto, nós, recollendo o que di este documento, facemos unha proposta, que non é evidentemente do completo do modelo, pero cremos que é o plantexamento estratéxico polo que debe de ir a atención primaria en Galicia nos próximos anos.

Basicamente, en primeiro lugar, unha cuestión de persoal, fai falta estabilizar persoal. Temos un problema de precariedade do persoal. Esta fin de semana tiven a oportunidade de escoitar algúns profesionais e representantes de traballadores, e escoitar algúns casos sorprendentes. Cítolle un, podíalle citar máis. Dunha enfermeira, vinte e sete días traballados en eventualidade durante o mes de decembro, vinte e sete. ¿Sabe cantos contratos tivo? Vinte e sete. Vinte e sete días, vinte e sete contratos. ¿Sabe que pasa? Que foron todos no mesmo posto de traballo. É moi difícil asumir —permítame, nós non estamos á altura para estas cousas, xa nolo din habitualmente—, é moi difícil asumir que se vai haber vinte e sete días de traballo por diante nun posto de traballo do sistema, non é fácil que non sexa posible predicir que van estar os vinte e sete días que son necesarios contratar a alguén. ¿Por que contratar día por día a mesma persoa, día por día? Acaba o día e hai que decidir se a volven contratar.

Hai outros casos onde contratan menos días, porque non contratan o sábado e o domingo —así non se pagan—, nin os festivos —que así non se pagan—. E isto é o día a día do sistema, e temos un problema de persoal na precariedade.

Hai que —precisamos, cremos— aumentar a carteira de probas diagnósticas que poden solicitar os profesionais. Citaba —creo recordar— antes o señor Núñez Centeno que estamos no momento en que máis probas diagnósticas poden solicitar dende primaria. Non o din así os profesionais, non o din así. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora Amigo, desculpe. Decía que os profesionais din que non, e o que... *(Murmurios.)* Non, os seus non, é que non son seus nin meus, é unha cousa, eu non teño propiedade de ninguén. Mire, eu son dos que opina que os fillos non son meus, son a miña responsabilidade, pero non son meus, os do pin son vostedes *(Aplausos.)* Pero dío este documento. Quero dicir, a xente que vostede —vostede non persoalmente—, a xente que goberna contrata para facer análise do sistema dilles que é necesario dar máis probas diagnósticas, capacidade de maiores probas diagnósticas en atención primaria; dino, e nós defendemos o mesmo, e o Partido Popular ¿que fai? Esa é a pregunta.

Nós plantexamos estas cuestións, plantexamos aumento de capacidade. ¿Lembran o debate sobre as capacitacións de enfermería, o debate da prescrición de enfermeira? Ben, teñen a iniciativa e cremos que hai varias cuestións que se poden debater e que plantexarían unha real modificación do modelo, que debe de ir a un modelo máis multidisciplinar, máis aberto



e máis resolutivo da primaria, que é non o futuro, nin sequera a porta de entrada, é o eixo clave do sistema, especialmente tal e como temos distribuída a poboación hoxe en día.

Agardamos que voten a favor dun documento que basicamente o que recolle son as cuestións principais que o documento da propia consellería recolle. Se vostedes son coherentes, votarán a favor de algo que vostedes defenden e que vostedes encargaron.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: A ver que fan. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Como xa levamos falando ao longo de toda esta xornada de pleno, a alarma pola situación sanitaria en Galiza non fai máis que medrar e o balance de máis dunha década, de once anos, de goberno do Partido Popular pois é demoledor: peor e menos sanidade pública fronte a un reforzamento da sanidade privada, recortes, menos orzamento, menos profesionais, menos camas, menos recursos, menos equidade no acceso. E, dentro disto, pois a atención primaria como a irmá pobre. Dentro desta política de acoso e derribo da sanidade pública o Partido Popular cebouse especialmente coa atención primaria.

Orzamentos do ano 2020, aínda hai 142 millóns de euros menos que no orzamento de hai once anos para a atención primaria, e se facemos o acumulado destes once anos, todo o que se deixou de investir en atención primaria, se se mantiveran os orzamentos do ano 2009, estamos falando de máis de 2.200 millóns de euros que non se investiron en atención primaria. É evidente que máis con menos non se fai e é evidente que a atención primaria é unha peza a cobrarse por parte do Partido Popular, porque canto menos resolutiva sexa a atención primaria pois máis teñen que acudir as persoas doentes aos hospitais, a urxencias, e, polo tanto, esa folla de ruta hospitalcentrista de máis favorecer determinadas tecnoloxías e determinadas privatizacións está servida.

Como resposta a esta situación de deterioración, que xa é evidente dende hai anos, e á contestación da poboación, que se mobiliza, un día si e outro tamén, e mais dos profesionais, non lle quedou outra ao Partido Popular, porque colectivos, profesionais, sindicatos, organizacións veciñais, organizacións científicas, sociais, de enfermos, organizacións políticas, pois diante dunha convocatoria de folga no mes de abril do ano pasado, no ano 2009, para facilitar e impedir esa celebración de folga por parte do Sergas aveuse á creación dunha mesa de diálogo, solicitada tanto polos sindicatos convocantes como polo comité de folga, para facer unha avaliación de análise de atención primaria e comprometeuse a constituír quince comisións técnicas formadas por máis de douscentos profesionais. Constituíronse estas comisións técnicas, que tiñan por obxectivo analizar cal era a situación da atención primaria, as novas competencias, as carteiras de servizo e facer propostas.

Neste contexto, onde esas comisións técnicas estaban e aínda seguen traballando, o 13 de novembro a Consellería de Sanidade presenta, con toda a alharaca, un documento, naquela



altura, só en castelán, «Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde, documento estratéxico e de xestión», un documento elaborado, segundo as propias manifestacións, por determinados expertos e que se viña sumar ao xa anunciado Plan galego de atención primaria 2019-2020 con anterioridade a estas quince comisións técnicas e logo a un informe feito por expertos.

Polo tanto, encontrámonos con tres documentos para un mesmo problema, que é a situación da atención primaria. Parello con isto, vólvense presentar os orzamentos para o ano 2020, onde non hai aumento orzamentario para atención primaria —como xa dixen—, onde non se modificou o decreto que regula as áreas sanitarias, onde a atención primaria segue sen capacidade de decisión e regulativa, non hai un plan de negociación dos recursos humanos; é dicir, que é un parecer que se fai cando non se quere facer absolutamente nada.

Co cal dende o BNG concordamos *grosso modo* con esta moción que trae hoxe aquí o Partido Socialista. Temos presentado outras similares, témoslle preguntado —e non hai moito— en comisión ao xerente do Sergas por esta tripla *entente* para teoricamente abordar a situación da atención primaria, mais o que vai parte dese informe «Por unha atención primaria e vertebradora do sistema de saúde», co que concordamos, que, ademais, se quixera ter escoitado o Partido Popular e o Sergas todo o que levamos demandado aquí neste parlamento ou os profesionais ou a poboación a respecto de cales eran os problemas da sanidade, teríase aforrado os cartos, que aínda hoxe non sabemos canto custou ese informe. O que si sabemos é que esas quince comisións si traballan gratis e son profesionais do sistema público que están traballando gratis intentando facer propostas para unha atención primaria mellor.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Pois se tivera escoitado, non tería feito falta ese informe.

En todo caso, presentamos unha emenda porque hai partes dese informe coas que concordamos, porque vén dicir as cousas que vimos demandando neste parlamento, mais hai outras coas que non. E, ademais, cremos, por respecto a eses máis de douscentos profesionais do sistema público galego que están traballando, que se debe demandar que se rematen eses traballos das quince comisións técnicas, formadas por máis de douscentos profesionais...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: ...que se publiquen esas conclusións para logo... (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos acabar tarde. Imos moi mal de tempo. Eu comunicoo porque, claro, estámonos excedendo moito. Mellor, se podemos concretar un pouco máis os asuntos, porque, se non, imos ir ás dez da noite. Eu non teño présa, pero alá cadaquén.

Grupo Parlamento Mixto, señor Villares.



O señor VILLARES NAVEIRA: Boa tarde de novo, señorías.

Parecíalle ao compañeiro Torrado que tiña moitas intervencións hoxe; se lle conto a cousa, candela. (*Risos.*)

Por empezar un rescate da intervención anterior da voceira do Partido Popular con relación ao tema da eutanasia, simplemente é un matiz, e é que na proposta de despenalización —non está a señora deputada que interveu antes— do Código penal que En Marea postulaba para a eutanasia soamente se falaba do consentimento actual; polo tanto, non é en ningún caso un documento de instrucións previas. Creo que iso condiciona moito os debates e foi unha mención bastante inexacta nesa cuestión. Polo tanto, apuntar iso.

Dito isto, e con relación ao tema e procurando ser breve, nós imos apoiar esta moción do Partido Socialista. Realmente bastaría aplicar o informe da propia Xunta de Galicia para acabar con ese maltrato sanitario aos nosos profesionais, ás nosas profesionais. Non se está coidado a quen nos coida, e ese é o principal problema. Hai unha deterioración da sanidade pública, que ten, como primeira pedra angular do seu funcionamento, do seu bo funcionamento como sistema, os profesionais e as profesionais, que non están sendo correctamente atendidos. Polo tanto, o primeiro que cabería sinalar é que, tirando man neste caso dos propios informes da propia Xunta de Galicia para atención primaria, teríamos moito camiño andado.

Fai moi ben o Partido Socialista á hora de pedir prazos no primeiro dos puntos desta moción, porque, se non, o que sucede aquí é que cando algo non interesa se mete nun caixón e acabaouse o conto. Polo tanto, é necesario o establecemento de prazos. Fálase de tres meses para a adopción de medidas e seis para a execución. En todo caso, o primeiro semestre de 2020 parécenos completamente coherente tendo en conta como actúa habitualmente a Xunta de Galicia nestes casos.

En materia de persoal, estamos de acordo con todos os puntos que aí se desenvolven. Simplemente, traer aquí unha vez máis, á tribuna do Parlamento, esa demanda do persoal sanitario de atención primaria, que non é unha demanda salarial, que non é unha demanda para interese propio, que é unha demanda de interese público, de ter polo menos cinco minutos por paciente, para poder diagnosticar ben, para poder falar, para poder diagnosticar, para que saibamos realmente qué pasa. Porque moitas veces, se non temos tempo para conversar, non temos tempo para poder diagnosticar e facer un bo tratamento no primeiro momento do contacto sanitario.

En segundo lugar, no que se refire ás condicións laborais, pensamos, igual que din os colectivos que durante estes últimos anos levan acudido a todas e a todos nós, tamén a maioría popular, demandando xustiza na atención, nas súas condicións laborais, que é preciso coidar de quen nos coida. Nese sentido rescato tamén eu o testemuño de Adriana, que era unha das moitísimas enfermeiras eventuais en loita, que nos recordaba como en once anos tivo máis de oitocentos contratos, e todo isto con tres oposicións aprobadas nos últimos dez anos. Polo tanto, motivos sobran para acudir a recoñecer esta renegociación de condicións laborais ou a mellora das condicións de eventualidade.



E, finalmente, polo menos por facer unha referencia a isto, creo que honra o Partido Socialista traer a proposta do apartado 10 de solicitarlle ao Goberno de España a eliminación da taxa de reposición polo persoal do sistema sanitario, e digo que os honra porque habitualmente aquí o Partido Popular o que fai é xustamente o contrario. Cando están gobernando, teñen unha posición; cando non están, teñen outra diferente, e vémoslos enfrontados completamente e continuamente coas súas propias contradicións. Neste caso polo menos aquí o Partido Socialista, que ten agora a oportunidade de que esa instancia que saia deste Parlamento de Galicia se deduza por parte dun goberno de igual signo político, pois poñeraos tamén fronte ao espello, sexa cal sexa o espello que eles escollan. Polo tanto, non quero deixar de pasar por alto esta situación, que non é habitual, e que sobre todo no Partido Popular non é para nada a práctica política ao longo desta lexislatura.

Remato xa coa cuestión relativa á estrutura organizativa e á capacidade de axilizar a solicitude de probas diagnósticas, porque isto melloraría a eficacia dos diagnósticos en atención primaria e, polo tanto, a atención precoz de determinadas doenzas. Os tempos de espera aquí son importantes e que o persoal sanitario de atención primaria teña capacidade de acceso máis áxil ás probas especialistas de carácter diagnóstico para poder facer as dúas diagnoses, para poder iniciar os tratamentos en casos en que ás veces o paso do tempo pode resultar letal. É algo que debería ser saudado de forma unánime por todas as forzas políticas.

Polo resto, acordo total con esta proposta.

Pola nosa parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Común da Esquerda, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Efectivamente, se se daba antes un debate arredor da necesidade de facer balance sobre a situación da sanidade no rural, no modelo sanitario, por suposto no que ten que ver coa atención primaria no conxunto do Servizo Galego de Saúde, eu creo que é necesario —e evidenciouse nas carencias de persoal que estamos a ter— darlle unha volta e facer un balance sobre o modelo e a situación que ten a atención primaria no noso país.

Eu creo que nos últimos anos é obvio que se deron pasos no sentido contrario, e dende o inicio da crise económica e dos recortes, fundamentalmente en materia de persoal pero tamén noutros ámbitos, eu creo que o camiño foi o de destruír o modelo sanitario que tiñamos na actualidade.

A sostibilidade do sistema sanitario e fundamentalmente da atención primaria, pero no global do conxunto do sistema sanitario, non se pode conseguir con recortes. O sistema non vai ser máis sostible con privatizacións, con recortes, reducindo os orzamentos, senón que para que o sistema sexa máis sostible hai que reducir a carga de enfermidade; é dicir, as persoas enferman menos e polo tanto o gasto é inferior. E para iso, polo tanto, hai que for-



talecer o que é a prevención e a promoción da saúde, elementos que se atopan dentro da atención primaria. Polo tanto, a diminución de cadros efectivos de persoal, a redución de servizos de atención primaria en moitos concellos, as dificultades na cobertura das baixas, dos permisos, das vacacións, que por primeira vez fixeron que en moitos centros se deran listas de agarda, o único que fixeron foi non só empeorar os dereitos en materia de asistencia sanitaria para o conxunto da poboación, senón empeorar a sostibilidade do sistema, porque, cando se reduce a prevención e a promoción, o que hai é un empeoramento da sostibilidade do sistema, e despois botamos as mans á cabeza cando a xente acode aos servizos de urxencias, saturando en moitas ocasións eses servizos de urxencias.

Efectivamente, como se trasladou aquí, ese documento que o Partido Popular encargou debía de ser tan molesto que non se tomou ningún tipo de medida en relación co seu propio contido. De feito, só falta botar unha ollada á análise previa que fan antes de falar das propias medidas para ver o compendio de situacións que describe, que son un pouco o que define a problemática dentro da atención primaria no noso país: saturación de axendas, falta de tempo para atender as persoas, actitude centralizadora das xerencias, falta de apoio á propia atención primaria, carencias no modelo de saúde comunitaria, dificultades para a atención centrada nas persoas, dificultades ou escaso apoio á docencia e á investigación por parte da Consellería de Sanidade. En realidade, é un longo etcétera de elementos, que son críticos, moi críticos coa proposta que a Consellería de Sanidade leva poñendo en marcha na última década. Probablemente por iso non quixeron nin airear o documento nin tomar ningún tipo de medida que asumise o documento, que é autocrítico sobre as medidas que leva tomando en dez anos a Consellería de Sanidade.

Nós imos apoiar a iniciativa, pois entendemos a iniciativa que presenta o BNG, porque dende o inicio dixemos que tiñan que ser os propios profesionais os que trasladasen cal era a situación que tiña a atención primaria no noso país, porque son os que tenden a man ou os que día a día se enfrontan a esa situación de saturación de axendas, de falta de cobertura de ausencias, de baixo apoio para a investigación e para a docencia, de eliminación de prazas, de imposibilidade de traballar en equipos multidisciplinares, que tamén é outro dos elementos que centran o propio documento, e por suposto cremos que tamén sería positivo incluír ese elemento.

Eu vou rematar xa. Levamos moitísimos meses discutindo sobre a carencia de orzamento suficiente para a atención primaria e sobre o cambio de modelo e, en realidade, vai rematar a lexislatura sen que o Goberno presente un plan específico para mellorar esa situación en canto ao persoal, e nós queremos insistir neste punto —e remato xa—: o problema global, central, que ten neste momento o sistema sanitario é a ausencia de persoal suficiente, polos recortes previos, para facer fronte aos diferentes servizos, e polo tanto creo que nese sentido a necesidade de que se planifique a curto, a medio e a longo prazo, tal e como recomentan os documentos que temos sobre a mesa, eu creo que é imprescindible e que ten que ser o camiño que deba seguir o Goberno galego.

Polo tanto, nese sentido, entendendo que sería necesario ampliar a iniciativa, no que é a proposta do Partido Socialista neste caso, nós imos apoiar esta proposición non de lei. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Mire, señora Solla, con respecto a unha frase súa da anterior moción, as galegas e galegos non somos tontos, ¡eh!, non somos fáciles de enganar e votamos o que votamos, e se votamos o que votamos é porque ao mellor non os cren a vostedes.

Con respecto á moción de hoxe, estamos a falar dun documento sobre o que aquí se dixeron determinadas frases ou cousas que non coinciden moito coa realidade.

Señor Torrado, falando do catálogo de probas, nas medidas urxentes pon: «Elaborar un catálogo común a todo o Sergas de probas diagnósticas para a atención primaria, baseadas na evidencia conforme a práctica clínica e a equidade do sistema.» Indíquese máis, indíquese menos, di o que di.

Vostede o outro día leu frases illadas, incluso verbas illadas deste documento, totalmente descontextualizadas. Permítame vostede que lle lea iso da bofetada que dicía. Di: «O presente documento estratéxico e de xestión establece a visión para o fortalecemento de atención primaria en Galicia nos próximos anos.» —non son tan apurados coma vostede—. «Convén subliñar» —textual— «nesta introdución» —por certo, en galego na páxina web do Sergas— «que Galicia é unha das comunidades autónomas que avanzou fundamente no desenvolvemento da súa sanidade. Porén, o traballo realizado non ten proxectado recoller os avances, senón focalizarse na detección das áreas de mellora suficientes.» Nin todo na sanidade nin na primaria é tan malo como vostedes o queren dicir.

Diagnóstico de saturación das axendas. Di textualmente: «...demasiadas listas de espera nalgunhas especialidades, mentres os servizos de atención primaria son moi accesibles. Os dos especialistas de hospital contan con importantes listas de espera, o que xera incomodidades e reverte en exceso de consultas en atención primaria.» Para nada di o documento que haxa listas de espera en atención primaria, todo o contrario, di que hai excesiva accesibilidade.

Sobre a saturación das consultas, non se refire á escaseza de profesionais, senón a eivas de xestión. Pon en valor este documento a e-consulta e a consulta telefónica. ¡O que escoitamos neste parlamento cando se aprobou a consulta telefónica!, ¡mi madriña querida! Podemos ir ao *Diario de Sesións* e escoitar o que se dixo por parte dos grupos da oposición sobre a consulta telefónica.

Nas fortalezas do sistema destaca: «O modelo actual de atención primaria, pese á súa crise, aportou proximidade, accesibilidade, lonxitudinalidade, xustiza social, profesionalidade e orde global do sistema sanitario. «As áreas sanitarias» —escoite, señor Torrado— «son»



—expertos de primaria, ¡eh!— «un modelo de xerencia territorial e integrado, que está sendo a base de melloras nas relacións entre niveis, como así o demostra a información clínica compartida a través de Ianus, o modelo de interconsulta ou as traxectorias clínicas integradas.»

En canto a recursos humanos, o documento di: «Máis recursos humanos en atención primaria é positivo, como ten previsto facer a consellería e o Sergas.» —estase facendo, está na prensa todos estes días—. «Isto servirá especialmente para cubrir a substitución xeracional. En xeral, en Galicia non faltan recursos humanos, senón que están mal organizados.» Creo que discrepan en moitos puntos co que vostedes manifestan sobre a sanidade pública galega.

Nós estamos convencidos e seguros de que o Goberno galego vai asumir as conclusións deste informe —xa o está a facer—, que permiten afrontar as realidades da atención primaria de xeito coherente co Plan galego de atención primaria 2019-2021, e as medidas urxentes, estas medidas urxentes que veñen no documento, xa están postas en funcionamento, estanse a poñer en funcionamento e están postas moitas delas. Por esa razón non imos votar favorablemente a súa iniciativa.

Hai outras suxestións, como o peche dos PAC e a integración dos seus profesionais nos equipos de atención primaria, que xa foron propostas por vostedes nalgún documento de cando gobernaban. Incluso a persoa que asinou e que redactou ese capítulo dos PAC, o doutor Manuel Martín, defendía naquel momento cerrar os PAC, e posteriormente, coa súa plataforma, defende abrir máis PAC ou incrementar o persoal dos PAC.

A min gustaríame preguntarlle, señor Torrado: ¿quere volver vostede ao documento do Bipartito en cuestión de PAC? ¿Está de acordo co peche dos consultorios periféricos nos concellos? ¡Que non teríamos que escoitar de vostedes, do resto dos grupos, se o Goberno de Galicia fixese súas estas suxestións do documento!, ¡que non teríamos que escoitar!

Mire, sobre o plan galego, o plan de acción que vostede demanda —porque vostede na iniciativa non fala do documento, fala dun plan de acción do documento—, aquí ten vostede o plan de acción (*O señor Núñez Centeno mostra un documento.*). Este é o Plan galego de atención primaria, ese é o plan, o plan que está contemplando xa as medidas urxentes propostas. Hai unha comisión de avaliación independente constituída —confirmouno o propio conselleiro—.

Neste momento —que me queda un pouquiño, que me vai permitir o presidente, como ao resto—, quería falar da taxa de reposición. No acordo de goberno Unidas-Podemos e Partido Socialista non figura para nada a taxa de reposición. Figuran outras taxas, pero non a taxa de reposición. E, dende logo, sobre o que asinou o Bloque co Partido Socialista, vouno repetir, vouno repetir en castelán, porque está en castelán na páxina web do Partido Socialista: «*Analizar las fórmulas para mejorar progresivamente las tasas de reposición de efectivos en las administraciones públicas.*» Esta é a urxencia da eliminación da taxa de reposición para o Partido Socialista e para o Bloque Nacionalista Galego. Isto é o que asinaron. Aquí é moi fácil piar, agora é moi fácil piar, pero o que se asinou é o que se asinou. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Remato, señor presidente.

Miren, poden aproveitar para insistir en Madrid, hoxe hai un Consello Interterritorial para o coronavirus, sería o momento de exixir a eliminación da taxa de reposición, e o resto de medidas aprobadas no Interterritorial anterior á moción de censura, e que podían axudar —e moito— a solventar os problemas da atención primaria en Galicia.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da moción, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Dende o noso grupo agradecemos o apoio manifestado polos distintos grupos. Plantéxamoslle ao Bloque Nacionalista Galego incorporar a súa emenda como engádega, cremos que pode ser útil, porque ese traballo que se está facendo nas comisións pode ser útil. A pesar desas noticias para esa xente que traballa nas comisións, o plan galego xa está aquí ensinado e feito. Polo tanto, están traballando para algo ao que ninguén lle vai facer caso despois. Dígoo porque, se o PP presume de ter un plan xa feito, pois é que ás conclusións que van saír desas comisión non lles van facer nin maldito caso —e perdón pola palabra—.

Acúsanme de non ler o documento enteiro, ten 43 páxinas, é difícil ler aquí... (*Murmurios.*) Si, pódoo ler enteiro, si, pero entón necesitaría que o presidente me dera máis tempo, e non corresponde —creo eu, e compartirao o señor presidente— que me poña a ler 43 páxinas dun documento que xa existe.

Pero, ben, xa que me fala da e-consulta, vostede plantexa algunhas cuestións aquí como se lles estiveran dando a razón de todo. ¡Home!, pois, segundo este documento —do que poden non compartir vostedes dende o Partido Popular algunha cousa—, as consultas telefónicas e as e-consultas poderían solventar moito a demanda, pero non contan co suficiente apoio. Pois nada. Debe de ser que non fala de problemas de saturación nos centros de saúde. Exceso de consultas na atención primaria. Claro, non podo ler todo o documento; ademais, é un pouco por delicadeza; se leo todo o documento, é que vai ser moi doloroso. Pero, ben, o outro día lin unhas cantas partes.

Sobre a taxa de reposición —que é moi interesante, a verdade é que é moi interesante—, o outro día plantexaba aquí —entendo que van votar en contra outra vez; 8 a 2 xa imos ir neste partido— que a ver esa cousa que vostedes leron aquí, que presentaron en 2017 ante o Goberno do Estado, a ver se nos podían deixar unha copia, porque unha cousa é que vostede lera aquí algo que non se sabe quen escribiu, nin como nin onde, pero supoñemos que iso terá unha copia, un rexistro de entrada, unha entrega, haberá unha copia no ministerio, porque sería interesante saber se de verdade a pediron ou non.



En definitiva, vostedes asumen que está moi ben este documento, que é unha bofetada —repito—, un documento que deixa a planificación sanitaria do Partido Popular aos pés dos cabalos; incluso asumen que xa están facendo todo o que di este documento. Por certo, medidas, si, a catro anos, a dous anos, tamén algunhas a seis meses. Curiosamente, o que propón a nosa iniciativa, a seis meses. ¡Oia!, se vai ser ao final que vostedes van encargar un documento, pagarlles a uns especialistas e decidir vostedes os profesionais do sistema. Claro, é que o problema é que vostede falaba de meus e seus. Se escolleron vostedes, se hai concelleiros do Partido Popular que elaboraron este documento, e nós dicímoslles que son profesionais que contribúen. Vostedes encargan un documento, elixen a xente que o fai, págano e tal, e despois somos nós os que lles dicimos que hai que aplicalo. (*Aplausos.*) Claro, é que é un pouco incoherente.

En todo caso, van votar en contra de algo que vostedes propoñen, dicindo, como sempre, que xa está feito, e a cuestión está en que vostedes están a outra cousa, vostedes en sanidade xa están a outra cousa, xa deron por amortizada a consellería. Está ben, en certo sentido teñen razón, están a ver se salvan a cara, fotiños, tal, algúns titulares..., están noutra cousa. Non lles vou chamar partido mascota, ¡eh!, non vou facer iso. Vostedes con Vox son máis de ser un tamagotchi de Vox que outra cousa (*Aplausos.*) Pero vostedes están noutra cousa, e como están noutra cousa temos un problema, que é que temos un sistema que está caendo, porque vostedes o están tirando abaixo...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...e hai un problema que vostedes non queren resolver; a ver se non destrozan nada o pouco tempo que lles queda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das mocións.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda. Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. Común da Esquerda sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de sanidade pública.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación cos dereitos e coas garantías da dignidade e das persoas enfermas terminais.

Non acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Foi solicitada a votación por puntos por parte do Grupo Parlamentario Popular. ¿Mantense vostede en non aceptar a votación por puntos? (*Asentimento*) Ben, pois votamos tal como está.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a política do Goberno galego en relación cos dereitos e coas garantías da dignidade das persoas enfermas terminais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da atención primaria do sistema sanitario de Galicia.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego como engádega.

Si, señora Prado, ¿para que quere a palabra?

A señora PRADO CORES: Para pedirlle ao Grupo Socialista a votación por puntos. Pero como parece que hai unha mala redacción, a emenda do BNG non era a todo o punto 1, era soamente ao primeiro parágrafo do punto 1. Entón, pedimos votar por separado o primeiro parágrafo do punto 1.

O señor PRESIDENTE: Primeiro parágrafo do punto 1.

Señor Núñez Centeno, ¿para que quere a palabra?

O señor NÚÑEZ CENTENO: Como parece que o señor Torrado ten necesidade de que o Partido Popular vote o punto da taxa de reposición, o que pasa é que moi difícil, punto 1, alínea A), letra d), que é solicitar do Goberno de España a eliminación da taxa de reposición para o persoal do sistema sanitario. Para que non cambie o resultado, non nos importaría votar por separado ese punto.

O señor PRESIDENTE: Dinme que iso é unha transacción. Entón, se é unha transacción, terían que reformular todo. A ver se están de acordo.



Señor Torrado. Déanlle voz ao escano do señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Si, grazas, presidente.

Ben, a nosa intención é votar a emenda do BNG como engádega, pero ao completo da iniciativa, que nos parece que axusta mellor. Pero tampouco cremos que se substituímos o primeiro punto non ten sentido todo o resto do demais, por iso é un punto só. Votar xa dentro dous puntos é máis complicado.

Ao Partido Popular invitámoslle a que o faga no Congreso dos Deputados.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Entón, queda a cousa como está, entendo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se a acepta na totalidade. Nada. Pois votamos. Quedou como estaba.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a política do Goberno galego en relación coa situación da atención primaria do sistema sanitario de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 38; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei, do G. P. Mixto, sobre o recoñecemento e regulación polo Goberno galego da figura da enfermaría escolar e o impulso dun acordo entre as consellarías con competencias en materia de educación e sanidade para a dotación dunha praza nos centros públicos e privados concertados de ensino

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario dos Socialistas e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz adxunto e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei en Pleno.

Emenda de modificación.



Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte texto:

“Creación dun programa de asistencia e educación sanitaria escolar que, implementado nos centros educativos e dirixido dende as instancias sanitarias de proximidade, coa dotación de persoal axeitada, descentralice a atención sanitaria básica de control e seguimento orientada á poboación en idade escolar, así como desenvolva labores de educación sanitaria sobre hábitos saudables, primeiros auxilios, coidados básicos e con atención especial aos nenos/as con necesidades específicas en atención sanitaria.»)

(O G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, a través da súa viceportavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de supresión.

Débase suprimir no punto 2 o seguinte texto: «e privados concertados.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada e portavoz suplente Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír no punto 2 o texto que vai despois de «Educación e Sanidade» polo seguinte:

«...para realizar un estudo sobre o número de nenos e as doenzas que padecen subceptíbeis de precisar atención sanitaria de xeito permanente en horario escolar, para determinar o número de profesionais precisos para atendela.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Candedo.

A señora CANDEDO GUNTURIZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

A proposta que hoxe traemos a debate non é de En Marea, senón que parte da sociedade civil, preocupada polo tratamento axeitado das enfermidades crónicas na infancia no contorno escolar. Esta é unha iniciativa popular, impulsada como proposición non de lei e que en En Marea asumimos gustosamente para dar voz á cidadanía, porque concordamos coa proposta na medida en que se trata de ampliar dereitos asistenciais e educativos das crianzas e aumentar a calidade do sistema público galego, coa regulación da figura de enfermería escolar e o impulso da súa dotación nos centros educativos galegos.

En primeiro lugar, queremos saudar as persoas da comisión promotora desta iniciativa que se atopan na tribuna seguindo este debate, coas esperanzas postas en que esta mensaxe teña acollida.



Forman parte da comisión promotora distintas persoas, encabezadas por Maite Peña Fernández. E esta iniciativa é apoiada pola Federación Galega de Diabetes, a Unión Galega de Epilepsia, a Federación Autismo Galicia, a Asociación de Déficit de Atención, Hiperactividade e Necesidades Específicas de Apoio Educativo, distintas asociacións de pais e nais, a asociación Bicos de Papel, de crianzas con enfermidades oncolóxicas, e os colexios de enfermería das catro provincias galegas. Están recibindo apoios nestes días doutras organizacións de carácter sindical e outras entidades, tanto no ámbito sanitario como educativo.

Conta pois cun amplo e plural respaldo cidadán. E dende En Marea consideramos amplamente positivo xa o feito de que debatamos sobre esta figura, que funciona noutros lugares do mundo e en varias comunidades do Estado.

Partimos dunha realidade na que temos un número relevante de enfermidades crónicas que afectan a infancia. Falamos da diabetes mellitus tipo 1, asma, epilepsia, enfermidade inflamatoria intestinal e outras. Así mesmo, existen trastornos que derivan en condutas de risco, como son os do espectro autista ou o déficit de atención e hiperactividade, que afecta entre un cinco e un sete por cento de crianzas en idade escolar, as que requiren actuacións individualizadas multidisciplinares e ben coordinadas.

Cabe dicir que falta un rexistro oficial da enfermidade crónica infantil. De feito, temos solicitado datos a este respecto á Consellería de Sanidade, incluídos os rexistros das urxencias e incidencias de saúde nos centros educativos. Pero, segundo un estudo multicéntrico, en Galicia, no ano 2011, a diabetes tipo 1 tiña unha incidencia de 17,2 casos por cada cen mil crianzas ao ano. Ao longo de dez anos diagnosticáronse cincocentos cincuenta e nove novos casos en menores de quince anos, dos cales trescentos trinta eran en nenos e nenas menores de dez anos.

En canto á asma, un estudo, tamén do 2011, estima que as incidencias desta enfermidade entre crianzas de 6 a 7 anos chega ao 13,6 por cento, e entre os de 13 e 14 anos, ao 12,2 por cento.

Como sinala esta PNL, tras o diagnóstico de calquera enfermidade crónica, é importante chegar as ferramentas necesarias para que a dita afección non impida unha correcta integración do ou da menor en todas as facetas da súa vida, incluída a escola.

Porque esta figura da enfermería escolar ten un claro compoñente de inclusión. Así, un recente estudo levado a cabo pola Fundación Española de Diabetes con datos de dezasete comunidades autónomas amosa os seguintes achados:

O diagnóstico da diabetes mellitus tipo 1 afectou a vida familiar en sete de cada dez proxenitores, e un de cada dous tivo que modificar a súa actividade laboral para atender o seu fillo.

O vinte e sete por cento das familias con nenos e nenas diabéticos menores de seis anos atoparon algún problema no centro escolar a consecuencia da enfermidade.



O setenta e un por cento dos nenos con diabetes non come no colexio por motivos de proximidade, pero tamén derivados da enfermidade, como é o de asegurarse unha dieta axeitada e a administración de insulina.

Un corenta por cento das familias considera que o centro escolar non sabe recoñecer hipoglicemias leves.

Ademais das enfermidades crónicas e os trastornos, prodúcense en horario escolar situacións de urxencia asistencial derivadas de accidentes; atencións que poderían ser asumidas e solventadas por un enfermeiro ou unha enfermeira escolar.

Existen na actualidade protocolos de actuación ante emerxencias sanitarias e sobre como abordar determinadas enfermidades, como a diabetes, pero dependen da voluntariedade dun profesorado sobordado de competencias e que aínda non recuperou o horario lectivo anterior á crise. Porque participar no equipo de profesorado que se encarga da coordinación dos programas de atención á enfermidade crónica nun centro é voluntario, non así obviamente o deber de socorro e a necesidade de seguir os plans de autoprotección de emerxencia, de obrigado cumprimento.

O programa Alerta escolar é o que coordina a resposta dos servizos de emerxencia, de ser esta necesaria.

Así, hai un baleiro que desprotexe tanto as crianzas como as familias e o profesorado. A normativa actual non contempla a figura do ou da enfermeira escolar no coidado das enfermidades crónicas, pero a Lei 8/2009, de saúde de Galicia, especifica no seu artigo 14 que as persoas menores, as doentes que padecen enfermidades crónicas raras, «deben ser obxecto de especial atención polas administracións sanitarias competentes» e «teñen dereito a actuacións e/ou programas sanitarios específicos e preferentes», entre os cales pode impulsarse un programa de enfermería escolar.

Por outra parte, as profesións sanitarias teñen —como sabemos— unha dimensión comunitaria, que se traduce na prevención, educación sanitaria e intercambio de información con outras profesionais, como poden ser o profesorado no seu conxunto.

A figura do enfermeiro e da enfermeira escolar xorde en Londres no 1897. The London School Nephthys Society crea os primeiros postos e determina as súas funcións. Na actualidade é unha entidade recoñecida en diversos países da Unión Europea, tales como Suecia ou Francia, e tamén nos Estados Unidos, onde o setenta e cinco por cento das escolas contan con enfermeiros e enfermeiras a tempo completo.

No Estado, que nos queda algo máis cerca, outras comunidades autónomas como Madrid e Valencia e máis recentemente Extremadura, Murcia, Andalucía, Canarias e Castela e León xa a recoñecen. Son diversas administracións de cores políticas tamén diversas. Adoptar esta figura, ao noso entender, situaríanos na vangarda da atención ás enfermidades crónicas no eido escolar.



As competencias do enfermeiro ou da enfermeira escolar son múltiples, como expón a PNL de iniciativa popular. Por un lado, a primeira e fundamental, a función asistencial: prestar atención e cuidados de saúde integral ao alumando e ao resto da comunidade escolar —coidados que inclúen control e seguimento do alumnado con enfermidades crónicas—, en colaboración coa familia, facultativos e demais membros do equipo de saúde; actuar ante emerxencias que poidan xurdir no horario escolar; administrar os tratamentos xa prescritos e autorizados por escrito; previr e detectar de maneira precoz problemas de saúde; crear unha historia individualizada; supervisar o equilibrio de alimentación ofrecida no centro.

Ten tamén unha segunda función: a docente, para promover a saúde e hábitos de vida saudables, e educar o alumnado con enfermidades crónicas e o resto da comunidade educativa no concepto e nas prácticas de autocoidado.

Así, por tanto, ten un papel fundamental na prevención de trastornos como a obesidade, o alcoholismo temperán, o tabaquismo, a ludomanía, os trastornos como a anorexia e a bulimia, así como na promoción de coñecementos básicos de reanimación cardiovascular.

Ten tamén un aspecto esencial da convivencia coa enfermidade, para quen a padece, e unha mellor integración e coñecemento sobre esta daquelas crianzas que non a padecen. En fin, é un elemento de inclusión e de coñecemento.

Gustaríanos tamén resaltar o papel da enfermería na educación sexual-afectiva, nun contexto —como saben— de aparición de condutas machistas na adolescencia, de acceso á pornografía a idades temperás e de medra entre os adolescentes das infeccións de transmisión sexual. Aquí, a enfermería, de acordo co propio profesorado, cumpriría un papel esencial de información e prevención nos centros de ensino secundario.

Hai unha terceira función, que é a investigadora e que podía levarnos a mellorar os recursos didácticos en colaboración co equipo docente, avalar os resultados en cumprimento de obxectivos en promoción de saúde.

E unha última función, a cuarta: a función xestora. O selo referente de saúde e nexo de unión entre os diferentes organismos involucrados na saúde dos escolares, para facilitar os programas de promoción de saúde implantados pola administración.

Somos conscientes do importante investimento público que suporía o desenvolvemento pleno da enfermería escolar. Pero entendemos que se trata de asumir un custo que pode reverter positivamente a nivel asistencial, educativo e mesmo económico. Hai algunhas publicacións de impacto científico que sinalan como, en Estados Unidos, de cada dólar investido se recupera e ten un retorno de 2,2 dólares, medidos en termos de aforro de cuidados médicos, absentismo laboral dos pais e nais, produtividade de profesorado, evitación de visitas á atención primaria e mesmo evitación tamén de mobilización de ambulancias por incidencias menores que estes profesionais poderían resolver.

Obviamente, a presenza dun enfermeiro ou dunha enfermeira escolar nos centros educativos aumentaría a confianza sobre o seguimento das circunstancias da saúde das súas crianzas por parte das familias.



En resumo, entendemos que a coordinación desta figura pode acadarse na Comisión interdepartamental en materia de educación e sanidade, regulada no Decreto 61/2019, do pasado 11 de xuño. Non dicimos nesta PNL que se implante xa esta figura da enfermería escolar dende mañá en todos os centros de Galicia, pois ben sabemos que isto non se podería facer, moito menos de xeito automático.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CANDEDO GUNTURIZ: O que pedimos é que se traballe pola regulación da figura e a súa progresiva inclusión nos centros educativos, que se comece o debate e a regulación.

Por isto, no nome das asociacións e persoas promotoras desta iniciativa, propomos á Cámara que recoñeza a figura de enfermería escolar e promova un acordo entre as consellerías de Educación e Sanidade para determinar a súa execución e adxudicar un enfermeiro ou unha enfermeira aos centros educativos galegos, para situarnos así na vangarda do Estado na atención desta problemática.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Candedo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

E tamén quero empezar por saudar os representantes da comisión promotora desta proposición non de lei.

E vanme permitir dedicar aquí antes uns segundiños ao deputado do Partido Popular que non está presente, pero agardo que os seus compañeiros e compañeiras llo trasladen, porque segue o Partido Popular moi preocupado co acordo de investidura asinado entre o BNG e o Partido Socialista, que pon encima da mesa cuestións relevantes e urxentes que afectan a sociedade galega. E dentro desas cuestións importantes, relevantes e urxentes, o BNG puxo sobre a mesa a situación de eliminar a taxa de reposición. O que habería que preguntarse é cantas veces o Grupo Parlamentario do Partido Popular, os dez que ten neste momento no Congreso dos Deputados, levaron este tema ao Congreso dos Deputados e demandaron alí dun xeito explícito a eliminación desa taxa de reposición. *(Aplausos.)* Dende logo, para o BNG é unha prioridade. Tanto é así que dentro dos trece asuntos está esta cuestión, e imos seguir insistindo ata que se derroque esta taxa de reposición. Sería bo que miraran que é o que está a facer e o que ten feito o Partido Popular con esta cuestión.

E a situación de enfermidade de nenos e nenas en idade escolar é comprensible, e é normal a situación de estrés, de inseguridade que, en primeiro lugar, lles ofrece aos pais e nais e ás persoas que teñen ao seu cargo os nenos e nenas, así como ao profesorado e á sociedade en xeral. E é tan así que o BNG ten traído aquí ao Parlamento diferentes cuestións relacionadas con isto, na necesidade de abordar cuestións urxentes, unha parte no referente, por exemplo,



á atención aos nenos e nenas con diabetes e á necesidade desa atención diante de subidas de glicemia. Polo que trouxemos aquí iniciativas para que se inclúisen os sistemas de monitorización continua de glicosa, para facilitar que os nenos e nenas estean controlados e non se dea esta situación.

Tamén trouxemos aquí ao Parlamento unha situación derivada aos traballadores e traballadoras públicos en canto á redución de xornada e con retribución para determinadas cuestións, entre outras cousas, para a atención a nenos e nenas con enfermidades graves e a necesidade de conciliación. E atender tamén determinadas cuestións para que esa escolarización non se vira afectada, e conseguimos que se modificase unha resolución de febreiro do ano 2016 que era prexudicial e non recoñecía este dereito.

Estamos a falar da enfermería escolar, que igual que outras moitas das potencialidades de enfermería están sen desenvolver. Como ben dixo a propoñente, xurdiu no Reino Unido; logo haina noutros estados máis. E popularizouse fundamentalmente a existencia desta figura a raíz de que nos Estados Unidos se implantou, e sobre todo a través da moita información do modelo de vida estadounidense que nos chega por todos os campos. Pero temos que dicir que é en Estados Unidos onde non existe unha atención primaria como tal —como a entendemos e como a temos de momento aquí, aínda que minguada e que haberá que rectificar— e onde non existe unha asistencia sanitaria básica e, polo tanto, non hai unha atención sanitaria para o conxunto da poboación. Entón, esta figura introdúcese nos centros estadounidenses para proporcionar esta asistencia a unha poboación tan sensible como é a poboación en idade escolar e nos centros públicos.

Nós agradecemos que se traia este debate. É un tema que é importante que unha sociedade debata a respecto de cuestións como é a sanidade da poboación. Cremos que é necesario un aumento da educación sanitaria en todos os campos da sociedade, que para iso tamén é necesaria unha atención sanitaria e primaria con moita máis capacidade de facer unha atención preventiva e non soamente de atención á enfermidade. Vimos reclamando insistentemente que ten que haber suficientes profesionais para a atención á cronicidade, para a educación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...sanitaria. Mais —insisto—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...—remato nun momento, presidente—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, mire, señora Prado, xa rematou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: Presentamos unha emenda a esta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señora Prado, xa rematou o seu tempo.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)



Non, señora Prado, xa rematou o seu tempo.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, señora Prado. Non, mire: vostede ten... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Prado, desculpe, vostede ten cinco minutos que aparecen aí. Estanse pasando todos no tempo e a todos os deixamos un pouco máis. Vostede utilizou un minuto e medio para falar doutro asunto que non tiña que ver coa cuestión. O artigo 104... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Prado, estou falando eu.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Señora Prado!

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Prado, ¡estou falando eu!

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Prado, moitas grazas. Pode volver ao seu asento.

(Aplausos.)

Polo Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

E benvidas, por suposto, as persoas promotoras desta iniciativa.

Nós coincidimos co fondo da iniciativa. De feito, este é un debate que non é novo neste parlamento. O noso grupo leva dúas lexislaturas traendo esta cuestión a debate. Incluímolo en cada exercicio orzamentario no que ten que ver coas emendas en materia de prevención e promoción da saúde, nese programa 413A.

Ademais, —como saben os grupos parlamentarios— debatemos nesta cámara unha iniciativa no ano 2015, na que propuñamos a regulación da enfermería escolar, nun texto ao que vou facer agora referencia porque creo que resume en parte o noso posicionamento con relación a esta cuestión. Daquela propuñamos que se regulase a figura da enfermería escolar, a súa implantación nos centros de ensino, así como a súa relación coa atención primaria, e iniciar a súa implantación mediante un plan piloto que valorase o número de alumnado, as necesidades dese propio alumnado, do ensino ou a distancia aos centros sanitarios tamén.



E nese debate esta iniciativa, que non saíu adiante polo voto en contra do Partido Popular, foi apoiada polos diferentes grupos da oposición, e engadíuselle unha emenda, daquela do Partido Socialista, que pedía incluír a aplicación do Decreto de atención á diversidade nesta iniciativa.

Para nós resume bastante o que consideramos que debe de ser a enfermidade escolar —eu son enfermeira e, polo tanto, é un elemento que me toca bastante de cerca a min e ás compañeiras de profesión— dende o punto de vista non só do que ten que ver coa asistencia directa ao alumnado que ten necesidades sanitarias específicas, que se teñen relatado aquí nas diferentes intervencións, senón que tamén nós o fixemos pola relación que ten coa educación para a saúde e a necesidade de que se introduza, e que esa figura poida servir de apoio á elaboración e ao mantemento de contidos curriculares nas diferentes etapas do ensino, que sirvan para educar en todos os ámbitos de prevención e promoción da saúde.

Entendemos, ademais, que debería de facerse precisamente en relación coa atención primaria —polo que se acaba de explicar aquí—, porque é precisamente na atención primaria onde se fai habitualmente esa educación; polo tanto, esta figura debería de ter unha relación eu creo que importante cos equipos de atención primaria. E tamén entendiamos que había que valorar —e así o elevamos cada ano nos orzamentos— mediante un plan piloto a progresiva implantación, porque, evidentemente, exixirán diferentes necesidades en función do tipo de alumnado de cada centro e da distancia que exista dos centros educativos cos centros sanitarios; polo tanto, esa implantación debe de ser progresiva. Desgraciadamente, non sae adiante ningún ano, e xa a esta altura adiantáronnos moitas comunidades autónomas —e é certo que as regulacións son diferentes dependendo do territorio— con esta medida.

Nos coincidimos —xa digo— no fondo desta iniciativa. Parécenos ademais que a educación para a saúde é un elemento moi serio que ten que darse, dende logo, dende as primeiras etapas da infancia. E que ademais a atención a esas enfermidades crónicas que padecen moitos nenos e nenas no noso país xustifica que exista tamén esta figura en atención ao elemento puramente asistencial. E, polo tanto, este é un elemento positivo.

Si que plantexamos unha emenda, que xa no seu día comentamos coa comisión promotora, porque entendemos que a Xunta de Galicia debe de implantar ou comezar a traballar esta figura no que ten que ver cos centros públicos. Por iso plantexamos que os centros concertados inicialmente non deben de ser o elemento no que se centre a implantación desta figura. Toda vez que, evidentemente, cremos que ten que ser a educación pública —como o levamos defendendo e defenden as nosas voceiras en materia educativa nesta cámara— o elemento vertebrador da educación no noso país. Polo tanto, en relación coa Consellería de Sanidade e coa Consellería de Educación, esta figura debe de implantarse nos centros escolares da rede pública da Consellería de Educación.

Entendemos que a preocupación poida ir máis alá dese alumnado —que tamén está noutros centros escolarizado de maneira ordinaria—, pero cremos que a implantación da figura debe de darse, primeiro, na educación pública e que, logo, xa se se lles exixe —«exixirlles» non aboarlles ou poñerlles profesionais públicos nos concertados que implanten esta medida—, dende logo, será porque xa a propia administración teña feito o estudo desa implantación,



teña feito o mapeo das necesidades e teña feito unha idea de como ten que darse ese plan piloto para iniciar a súa implantación.

Nós —xa digo— no fondo estamos moi de acordo e temos plantexado anualmente esta iniciativa. Polo tanto, agardaremos tamén...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...a que a proponente explique que vai facer coas emendas.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Hai máis deputados ca min hoxe no Grupo Socialista. Xa sei que non é..., polo que dicía o señor Villares, que el fala moito máis.

Cremos que esta cuestión —como foi nomeado aquí polos ponentes anteriores— non é a primeira vez que se debate, non é o primeiro momento en que se trata, e foi xa obxecto de propostas tanto neste pleno, como na Comisión, como no debate orzamentario. Por tanto, a partir desas posicións previas, nós queremos ser construtivos con este debate, aspirando a que poidamos facer algún avance de maneira moi interesante.

Cremos que hai dúas cuestións de relevancia que resolver: en primeiro lugar —e así llelo trasladamos ás persoas coas que nos reunimos no seu momento—, o obxectivo final —no que concordamos basicamente—, que é ser quen de achegar este plan de asistencia sanitaria ao eido escolar, e, en segundo lugar, é a operatividade de como facelo, que é un debate máis de xestión, máis de concreción. Pero debemos de resolver as súas cuestións porque iso é o que nos corresponde.

En primeiro lugar, sobre o obxectivo, nós concordamos co plantexamento fundamental desta idea, que é ter un servizo que é dependente do sistema sanitario, pero que teña servizo nos centros educativos, que permita que haxa certos espazos da asistencia sanitaria que se poidan desenvolver dentro deses centros educativos. Ademais, cremos que non só porque algunhas funcións probablemente sexa moito máis axeitado facelas nos centros educativos, como a educación sanitaria nunha ensinanza moito máis aplicada de primeiros auxilios, de educación en alimentación...; hai moitísimo labor que facer en educación na saúde. Pero tamén porque hai unha capacidade do sistema de descentralizar a asistencia dos centros de saúde —pois penso, nomeadamente, dos centros de primaria e incluso dalgunha atención de menor grao— que se poidan dar nos centros educativos.

Eu, sendo un rapaz —son o máis novo do meu grupo, pero xa hai uns anos que era máis rapaz—, vivín algunhas campañas de vacinación no meu centro educativo; e creo que iso é



unha oportunidade tamén de descentralizar e de desafogar o sistema. E, por tanto, cremos que non só é unha idea interesante, senón que é útil e funcionalmente moi interesante para iso.

E temos, ademais, —que é o fundamental— un corpo de enfermeiros e enfermeiras cun nivel de capacitación moito máis elevado do que o sistema agora mesmo lle permite desenvolver, primeiro, porque as limitacións normativas non llo permiten e, segundo, porque a saturación existente no sistema —porque hai moi pouco persoal— obrígaos a funcionar de maneira moi acelerada. Pero temos a posibilidade de aproveitar iso e necesitaríamos dotalos de recursos, iso si, para que ese persoal puidera desenvolvelo. Isto en canto ao obxectivo.

E segunda cuestión: a operatividade. Nós cremos que canto máis operativos sexamos, máis preto estaremos de conseguir este obxectivo. ¿Que quere dicir isto? Que canto máis sexamos capaces de afinar como facer isto dentro dunha realidade operativa que temos no sistema, seremos máis quen de poder telo máis preto e máis achegable.

¿Que é o que para nós existe e por iso presentamos unha emenda de operatividade? Ben, hai algunhas cuestións que creo que son evidentes dende un punto de vista numérico, pois non é posible que todos os centros educativos de Galicia teñan un enfermeiro ou unha enfermeira. Iso non é o que está plantexando o colectivo; hai escolas unitarias de seis nenos e nenas nas que non ten tampouco sentido. Polo tanto, hai que ser operativos, non imos ter un por cada un dos mil cen centros educativos que pode haber aproximadamente en Galicia, se non me fallan os datos —corríxanme se non é así os que saben máis de educación—. Pero si podemos facelo en termos de cupos ou de ratios —entendámolo como queiramos—; polo tanto, agrupando centros, zonas ou en función dos criterios que se poidan argumentar, en termos de comunicación, de dispersión, todos os que xa coñecemos.

E a partir diso si que se pode establecer un certo colectivo de enfermeiros e enfermeiras que poidan desenvolver este traballo. Insistimos: dependentes de Sanidade. Sanidade é a que ten a capacidade de asumir cales son os criterios sobre cando facer algúns plans de asistencia sanitaria, que criterios se deben de utilizar, os principios básicos de funcionamento que deben de apelar dende a súa profesión e os que subministran o material. Todas as cuestións dependerán de Sanidade, pero a súa operatividade está nos centros.

Polo tanto, é moi axeitado como plantexa o grupo propoñente, como plantexa o colectivo propoñente, que exista un entendemento natural entre as consellerías de Sanidade e de Educación. Pero dependendo de Sanidade e focalizando o traballo nos centros educativos debера de existir a capacidade de establecer non unha persoa por centro, pero si unha posibilidade de que tiveramos esa asistencia a partir dun volume de persoal axeitado.

Polo tanto, nós achegamos esa emenda, que basicamente vai sobre esas cuestións de operatividade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...—si grazas, presidente, remato xa— e entendemos que a esencia da proposta é avaliar, para empezar a introducir —como dicía a propoñente— de



que sexa un inicio do camiño. Nese sentido, aspiramos a chegar a un acordo, que agardo que poidamos votar conxuntamente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Popular de Galicia ten a palabra a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Saudamos tamén os promotores desta iniciativa.

Señor Torrado, a cantidade e a calidade non sempre van parellas.

E antes de entrar directamente na cuestión, permítanme poñer en valor o modelo educativo de Galicia. Un modelo educativo e sanitario tanto por riba do modelo de Inglaterra, señora Prado, como, sobre todo, de Estados Unidos. Hai máis dunha década que se traballa para acadar unha educación equitativa e inclusiva, con medidas que dan resposta a moitas das cuestións que plantexa esta iniciativa, e vou salientar só tres:

Empezando pola creación polo Bipartito do Programa Alerta escolar no curso 2007-2008. Un programa coordinado —como todos vostedes saben— pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia, o 061, resultado do acordo de colaboración entre as consellerías de Educación e Sanidade; un programa pioneiro no Estado cunha traxectoria e uns resultados que avalan o seu éxito.

En segundo lugar, o Decreto do 2011 polo que se regula a atención á diversidade, dándonos así un marco normativo no que se determinan diferentes medidas e accións que teñen como obxectivo dar unha resposta educativa axeitada ás diferentes características, potencialidades, necesidades, situacións sociais e culturais do alumnado. Ao abeiro desta norma, a Consellería de Educación está desenvolvendo a Estratexia galega de convivencia escolar, educonvives, que ofrece ás comunidades educativas diversos protocolos e recursos, como, por exemplo, o protocolo de urxencias sanitarias coas adendas referidas tanto á diabetes como ás enfermidades crónicas, ou a propia atención educativa domiciliaria para o alumnado que debe permanecer convalecente no seu domicilio.

E o terceiro paso —quizais o máis importante e o máis recente— é o Decreto 61/2019, polo que se regulan a composición e as funcións da Comisión Interdepartamental en Materia de Educación e Saúde. Unha comisión pioneira que, entre outras cuestións, coordinará os recursos existentes para acadar unha maior eficiencia na promoción da saúde no ámbito educativo, con intervencións relacionadas coa saúde sexual e reprodutiva, a saúde mental, os hábitos de vida saudables e a prevención das distintas adicións. E tamén realizará programas para a atención do alumnado con necesidades especiais de saúde no que se refire ás enfer-



midades crónicas, aos trastornos de conduta alimentaria, aos trastornos do espectro autista e outras enfermidades que impliquen dificultades de aprendizaxe, tal e como pedían as súas señorías hai un momento.

Se nos cinguimos á figura de enfermeiro escolar, podemos dicir que todas as súas señorías saben que no ámbito das competencias da Consellería de Educación, con carácter xeral, hai unha dotación de persoal destas características, sexa ATS, enfermeiro ou semellante. Prodúcese en centros nos que polas peculiaridades do alumnado se considera axeitado contar con este persoal e mesmo con outro tamén do ámbito sanitario, como poden ser os médicos, fisioterapeutas, etc. Estamos a falar fundamentalmente de alumnado con necesidades educativas especiais, maioritariamente matriculados en centros de educación especial.

En Galicia, por parte da Administración autonómica séguese a consolidar a atención á diversidade, incorporando máis profesionais, sendo actualmente máis de tres mil cincocentos neste curso, o que supón que un de cada dez profesionais do ensino son especialistas en atención á diversidade, cando en 2009 eran tres de cada dez. Tamén aumentando a formación do profesorado nos ámbitos da saúde e da igualdade, implementando novos protocolos, como a atención ao espectro autista, TDH, etc.

Señorías, sería importante continuar nesta senda, porque non é certo que noutras comunidades autónomas recoñezan a figura de enfermería escolar no senso que determina o Consejo General de Enfermería, que di: «*La enfermería escolar es el profesional que está toda la jornada lectiva en el colegio, integrado en la comunidad educativa, que comparte las programaciones, las evaluaciones, las memorias, etc.*» De feito, como dicía a señora Solla, cada comunidade desenvolve un modelo de actuación, mesmo hai casos nos que son os concellos os que achegan estes facultativos aos centros de ensino.

Precisamente, por esta dispersión de actuacións, esta é unha das demandas do colectivo ante o Goberno do Estado para que regule a figura de xeito conxunto para todo o territorio nacional. ¿E cal foi a resposta da ministra de Sanidade e da ministra de Educación do Goberno do señor Sánchez, señor Torrado, da que vostede non falou nada? Que non era prioritario. Por iso vostede subiu aquí, puxo esa emenda que dá voltas, revoltas e viravoltas, para non dicir nada, señor Torrado, para facer que fai aliñándose con esta demanda, cando, realmente, o certo é que o seu goberno respondeu que non era prioritario.

Por iso desde Galicia seguiremos avanzando para que o noso modelo de ensino continúe a ser o máis equitativo e o máis igualitario, e seguiremos acompañando o alumnado e as súas familias, poñendo recursos e medios para facer efectiva a integración e a protección da saúde no ensino en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Antón.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Candedo Gunturiz.



A señora CANDEDO GUNTURIZ: Boa tarde de novo.

Primeiro, agradecer as achegas e dicir que un sistema educativo que quere ir acorde cos tempos ten que estar aberto a incorporar novos profesionais. E aí discrepo da intervención da representante do Partido Popular, porque noutras comunidades autónomas si está incorporada a enfermería escolar; non, efectivamente, —ten razón— que nalgunha delas non baixo o formato que pide o Colexio de Enfermería. E incorporan tamén moitas comunidades outros profesionais, como son, por exemplo, os educadores e educadores sociais, que nalgúns dos temas que aquí se trataron podían facer unha intervención moi eficaz de maneira colexiada. Eu creo que o sistema educativo debe ir cos tempos e non ter medo a incorporar outros profesionais que axudarán o profesorado a asumir tamén eses novos retos.

Ben, tamén En Marea tivo cando da aprobación dos orzamentos unha proposta dotada economicamente de Plan piloto de enfermería escolar. Calquera das achegas, mesmo a que fixo a deputada Solla, ten moito que ver con como pode ser a regulación. Efectivamente, a incorporación de novas figuras sóse facer a partir dun plan piloto, elixindo seguramente aqueles centros que teñen esa necesidade específica con maior demanda.

En canto á proposta da emenda do BNG, quero dicir que ese é un excelente punto de partida precisamente para desenvolver esta iniciativa: detectar onde están eses casos de atención permanente para logo regulamentar ben a través dun plan piloto. Digamos que a proposta non de lei ía no sentido de valorar o alcance desta iniciativa, primeiro, cun punto esencial no asistencial e, logo, engadindo estoutas funcións na medida en que se fose desenvolvendo.

Respecto da cuestión dos centros públicos e concertados, nós entendemos a preocupación e coincidimos, pois o noso modelo educativo defende, evidentemente, a existencia dunha única rede, non esta dupla rede, de centros sostidos con fondos públicos e xestión pública. Pero sabemos que a demanda das asociacións vén dada tamén porque eles teñen detectado escolarización en ambas as redes, tamén na concertada, precisamente porque sabemos que agora mesmo a escolla de centro tampouco é completamente libre, nin tampouco é completamente ideolóxica, senón que moitas veces ten que ver con elementos de proximidade e con elementos de servizos complementarios, moito máis cando se trata de nenos que poden necesitar unha proximidade ao centro, porque os pais ou as nais teñen que desprazarse. E nós quixemos manter hoxe e agora esa asistencia sen renunciar a que no futuro obviamente nesa única rede de centros sostidos con fondos públicos sexa onde se centre a intervención.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CANDEDO GUNTURIZ: En relación coas emendas que se presentaron, quero dicir que dado que se trata dunha iniciativa popular, se me permiten, debería comentar con eles cal é o texto final que poderíamos acordar; entendo que hai moitos elementos de proximidade no que falamos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



A señora CANDEDO GUNTURIZ: ...e como mañá é a votación presentaríamos un texto, falaríamos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora CANDEDO GUNTURIZ: ...dese texto final, se lles parece ben.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Candedo.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do proxecto de construción dun centro comercial, dunha nova cidade deportiva e dunha zona verde segundo o previsto no convenio asinado entre o Real Club Celta de Vigo e o Concello de Mos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débense engadir na parte resolutiva os seguintes puntos:

<<2.- Que antes de autorizar a instalación de novos centros comerciais, como o mencionado nesta proposición non de lei, se desenvolvan informes das consecuencias para o comercio local e de proximidade, a destrución de emprego que implica, a redución da diversidade comercial e redución de puntos de venda de produtos locais e pola implantación de grandes superficies comerciais nas zonas de afectación dos mesmos.

3.- Que antes de autorizar a instalación de novos centros comerciais se desenvolvan informes das consecuencias, desaxustes e saturación do mercado para os pequenos propietarios de locais comerciais nas zonas onde se instalan grandes superficies. Os informes tamén reflectiran a superficie comercial desocupada nos centros e nos barrios das zonas afectadas.

4.- Condicionar as autorizacións de novos centros comerciais as conclusións dos informes anteriormente descritos.>>)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, a través da súa portavoz suplente e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.



Emenda de adición.

Débase engadir na parte resolutiva o seguinte texto:

«Asemade, insta a Xunta a informar negativamente a proposta presentada como “Modificación puntual nº 1 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Mos para a delimitación dun sector de solo urbanizable de usos dotacionais e terciario” por non tratarse dunha modificación puntual senón dunha revisión substancial das condicións recollidas no actual PXOM, porque a Cidade Deportiva é unha tapadeira para instalar unha gran superficie comercial moi prexudicial para o comercio tradicional e de proximidade, porque atenta contra os criterios de sostibilidade ambiental ao supoñer a modificación dunha grande extensión de terreo rústico de especial protección forestal, por tratarse dunha operación especulativa para asegurar un negocio mediante a obtención a baixo prezo duns terreos que cumpren unha importante función social e ambiental, porque prevé a utilización da expropiación por parte da administración para logo favorecer negocios privados, porque a única razón aducida para xustificar o centro comercial é o de garantir a viabilidade económica da actuación, porque as afeccións das obras e construcións previstas van ter un fortísimo impacto no monte, na paisaxe, dos recursos hídricos, na calidade do ar, na mobilidade e no patrimonio cultural, e, en definitiva, porque existen numerosos informes de diferentes administracións (local, galega e estatal) que cuestionan a necesidade, oportunidade e legalidade do proxecto.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo a todos e a todas.

Eu quero saudar os veciños e as veciñas do concello de Mos que nos acompañan hoxe, así como os propietarios de traídas veciñais de Tameiga, que tamén están acompañandonos na tribuna de invitados.

O 24 de novembro do ano 2005, o Pleno do Concello de Barro aprobaba un prego para a contratación do traballo da redacción da modificación puntual do PXOM do Concello de Barro. Era para crear un novo equipamento público deportivo, público, nun solo rústico de protección forestal, e eran ao redor duns 64.000 metros cadrados, dos cales 28.000 propiedade dunha comunidade de montes, que os cedeu ao Concello para equipamento deportivo público, e os outros 35.000 eran propios, adquiridos por compravenda polo propio Concello de Barro, para a construción dunha cidade deportiva pública. Hai un informe da Consellería do Medio Rural que dicía que a zona estaba degradada nun 65 % aproximadamente da superficie e que no resto había unha masa forestal de moi baixa calidade de piñeiro e eucalipto sen ningún valor salientable. Por iso a Comisión Superior de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente aprobaba a modificación puntual do PXOM de Barro.

Dirán vostedes que eu estou trabucada e que estou a falar doutra cousa, porque, efectivamente, falo do Concello de Barro e non do Concello de Mos. Pero é que hoxe falamos doutra cousa, parecida, pero doutra cousa. A mesma xogada, pero distinta, nun chanzo superior, cun relato diferente.



En agosto do ano pasado, a alcaldesa de Mos e o presidente do Real Club Celta de Vigo firmaban non un documento co procedemento propio do Concello de Barro para a modificación do PXOM; un convenio urbanístico para un proxecto que incluía: 250.000 metros cadrados para unha nova cidade deportiva de uso privado, 160.000 metros cadrados para un proxecto para a construción dun centro comercial privado, 450.000 metros cadrados para unha zona verde de titularidade privada, aínda que de uso público. Novecentos mil, máis ou menos, metros cadrados para un proxecto faraónico privado.

¿Os terreos eran propiedade do Concello ou do Real Club Celta? Non, son propiedade de propietarios de fincas privadas e dous montes comunais: o máis pequeno de Pereiras, que permutou a súa parte co Concello de Mos, e o máis grande, o de Tameiga, que se resiste a ceder os seus terreos e tampouco a permutalos. É coma se mañá decidimos que imos facer un centro comercial privado na praza do Obradoiro, que xa nalgún momento a poderemos adquirir. Pois isto foi o que pasou. No monte das Pereiras, como dicía, houbo unha permuta de terreos, e xa se está a desenvolver a través dunha licenza municipal para obras de menor entidade. Colocouse unha primeira pedra para facer dous campos de fútbol e un soto. De momento é a única licenza que hai para facer esas tres cousas: dous campos de fútbol e un soto.

Todas son dúbidas. Non sabemos para que ou o que vai incluír ese centro comercial, que, segundo o propio convenio urbanístico firmado pola alcaldesa de Mos e o presidente do Celta, é o que garante a viabilidade económica de todo o proxecto —consta expresamente na documentación—. E o único que hai, como dicía, foi esa primeira pedra que se colocou hai escasamente tres meses e cunha festa tamén faraónica á que acudiron —normal— a alcaldesa de Mos, o presidente do Celta e tamén, e non sabemos por que nin para que, o secretario xeral para o deporte da Xunta de Galicia. Non sabemos se foi para botar auga bendita ou parabenizar aquilo que se estaba facendo.

Para esa obra —segunda dúbida—, que pon un centro comercial por riba do medio ambiente, un convenio urbanístico por riba do procedemento que debería facerse, como se fixo en Barro, que se salta o uso natural do solo e que ten como modelo para Mos os centros comerciais faraónicos, para iso, firmouse un convenio urbanístico sen estudo para a modificación puntual do PXOM por parte do Concello, sen adxudicación procedemental do estudo, sen procedemento para a elaboración do documento de declaración de impacto ambiental. Iso si, todo pagado polo Real Club Celta de Vigo, que, como todos sabemos, é unha entidade pública.

Logo está a Lei de montes, do ano 1989, que di que, para a expropiación forzosa dos montes comunais, necesitamos utilidade pública ou interese social, e que exista unha declaración expresa da Xunta de Galicia que así o diga, do Goberno da Xunta, motivando esa declaración de prevalencia da utilidade pública ou interese social por riba do propio monte comunal. É difícil que, pagando todo isto unha empresa privada, exista esa utilidade pública ou o interese social; ou, polo menos, nós non o vemos.

Logo está a dúbida da Lei do solo de Galicia do ano 2016, que fala do solo rústico de protección forestal e que só permite, no seu artigo 35, realizar actividades de ocio, práctica de deportes organizados e actividades comerciais ambulantes —supoñemos que ese centro



comercial de centos de miles de metros cadrados non será ambulante—, e tamén actividades deportivas, socioculturais e recreativas, públicas ou privadas, ao aire libre. Ese artigo prohibe expresamente calquera outro tipo de usos en solo rústico.

Por iso, precisamente, á alcaldesa de Mos ocorréuselle iso de declarar a supramunicipalidade do proxecto —é difícil de entender, porque o proxecto non sae de Mos, non abarca outros municipios, é só Mos— e tamén aprobar a modificación puntual do PXOM, porque o PXOM, total, era do ano 2017, aprobouse a modificación dous anos despois, era preciso e non se podía prever naquel momento esa modificación puntual.

Nós preguntámonos que clase de utilidade pública ou interese social pode prevalecer por riba dun monte comunal como o de Tameiga. Ogallá alguén por parte do Partido Popular nos poida contestar.

A seguinte dúbida tamén está en relación co saneamento e o abastecemento de auga. Porque, claro, houbo multitude de alegacións por parte das comunidades de usuarios de augas. E ademais é que inicialmente o proxecto di que vai ser necesaria a auga que veña do concello de Vigo, que se lle quite ao concello que está ao outro lado. Tampouco sabemos nada de como se vai abastecer de enerxía, porque aquí non hai saneamento, non hai abastecemento nin tampouco hai ningún tipo de enerxía para abastecer esta cidade deportiva privada. Vanse precisar 30 litros por segundo. Logo dixeron que era do Consorcio de Augas do Louro, pero iso implicaría un transvasamento que necesitaría autorizar o Ministerio de Transición Ecolóxica. E non sabemos que pasaría en períodos de seca para Vigo ou para Mos. Veremos o que di a Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Logo está a dúbida do acceso a esa cidade deportiva privada do Real Club Celta de Vigo. Porque, claro, está previsto no documento dese convenio urbanístico que se faga a través da A-55, que, como todos sabemos, case non ten tráfico, nin ten unha zona de concentración de accidentes, que expresamente así o pon. E xusto nesta zona de concentración de accidentes é por onde sairía — dío o propio proxecto, téñoos aquí— un mercado potencial de seis millóns de persoas que residen a unha distancia inferior a dúas horas. Supoñemos que se refire a Portugal, porque Galicia non chega nin á metade desa poboación e supoñemos que non toda Galicia iría a Mos a comprar a un centro comercial ou a xogar ao fútbol nos campos de fútbol do Celta.

Ademais, hai un informe desfavorable do Ministerio de Fomento á saída por esa A-55. Hai un informe desfavorable da Deputación de Pontevedra en relación con seis vías provinciais. Sabemos que, efectivamente, o relato da alcaldesa é: «*Me tienen mucha manía y todo es política*». Pero, efectivamente, hai dous informes desfavorables que descoñecemos como se van salvar.

E logo está a cuestión do patrimonio. Hai restos arqueolóxicos nas Pereiras que datan, máis ou menos, de 2.500 anos antes de Cristo, ademais de que quedan unhas dez hectáreas por investigar.

As preguntas que nós facemos son: ¿pódese modificar un PXOM se a comunidade de montes de Tameiga non cede os terreos?, ¿como se fixo o proxecto de adxudicación de obras, que xa



se están a facer?, ¿a quen se adjudicaron?, ¿a través de que procedemento —porque non o sabemos—? ¿Pensa o Goberno que este proxecto facilita a implantación do Real Club Celta por riba doutros posibles adjudicatarios que se poden presentar ao procedemento? E tam pouco sabemos quen vai recepcionar a obra final.

Ese relato que vostedes contan é difícil de entender cando é para unha obra privada dunha entidade privada. E non sabemos moi ben que pinta o Concello de Mos nesta cuestión. Gustaríanos que nolo aclarasen. Nós pedimos que non se tramite este proxecto porque non se adapta á lexislación vixente, xa falei da Lei do solo e da Lei de montes comunais. E ademais porque hai tantas dúbidas que nós cremos que é preciso que se aclaren, se é posible —ademais dos informes negativos—, de antemán. Porque, se non, os problemas van ser tremendos, non só para o medio ambiente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—remato xa—, senón tamén para todo o que poida vir no futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Pasamos aos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Boa tarde tamén ás persoas que nos visitan.

Imos empezar cun lema que parece que a algúns lles gusta moito: a especulación co territorio para o beneficio duns poucos. Así poderíamos rematar xa esta intervención, pero imos aproveitar un pouco máis o tempo.

Nós pensamos que así se pode definir o proxecto de construción desta cidade deportiva do Celta que, como xa comentou a portavoz do Partido Socialista, prevé expropiar 864.000 metros cadrados de monte en Mos, a metade dos cales corresponden a monte en man común. Neste senso manifestamos o noso apoio a toda a loita da veciñanza de Mos e de todas as asociacións que se opoñen a este proxecto, en concreto aos comuneiros de Tameiga na defensa dos seus montes.

Esta actuación correspóndese cun modelo e cunha lóxica caduca e errada que presenta grande impacto ambiental, así como unha ocupación do territorio que non favorece a mobilidade sostible e que actúa como barreira ecolóxica moi negativa.

Se de verdade están a desenvolver —que iso comentan continuamente— o mapa para a transición sostible de Galicia, as conclusións deberían explicitar que os grandes centros comer-



ciais son un verdadeiro buraco negro de enerxía, de auga, de destrución de comercio de proximidade e de destrución de emprego neto. Fagocitan o comercio local e de proximidade, o que máis tecido social xera en todas as nosas cidades e vilas. E cando se chega ao nivel de delirio actual de proxectos en Galicia —agora sobre todo na área de Vigo, pero anteriormente na da Coruña—, como xa non teñen o que fagocitar, empezan a fagocitarse entre eles. Ou sexa, un verdadeiro despropósito.

A través do falso discurso da xeración de emprego, do progreso e da diversificación da economía, téntase xustificar estas dotacións como beneficiosas para a veciñanza, mais estes beneficios recaerán, coma sempre, nas mans duns poucos, e atentarán realmente contra o ben común.

Fronte a este modelo debemos apostar polo potencial de xeración de emprego e fixación da poboación que constitúe a xestión sostible do monte comunal. Os montes en man común teñen un enorme potencial na conservación e na posta en valor dos ecosistemas, da biodiversidade e dos recursos, por iso habería que potencialos e non eliminalos, como se pretende con este proxecto.

Hai que defender tamén o papel das comunidades de montes nos proxectos de restauración ambiental nun momento en que gañar resiliencia nos territorios é un paso fundamental para poñer freo ás consecuencias do cambio climático. Dío o mesmo proxecto de estratexia climática do Partido Popular e do Goberno. Din que van desenvolver moitísimas zonas de captación de CO₂. Pois esta non parece a mellor maneira.

Pero, claro, encontrámonos tamén con outras dificultades. A Lei do solo, do Partido Popular, permite precisamente expropiar para especular. Todos estes terreos están suxeitos á protección pola súa cualificación como rústicos forestais; porén, a Lei do solo de Galicia permite que o PXOM poida excluír xustificadamente os terreos necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional. ¿Realmente está xustificando e é racional este proxecto?, ¿realmente o pensan?, ¿de verdade pensan expropiar co fin de que haxa xente que poida especular con dotacións e infraestruturas privadas?, ¿de verdade pensan tirar a adiante con este proxecto?

Consideramos, ademais, que a operación ten todas as bazas de ser considerada ilegal, porque tras a expropiación non se pode predeterminar quen será o adxudicatario dos terreos, que no seu caso deberían outorgarse mediante un concurso público.

Tamén moitas entidades de diversos organismos presentaron informes non favorables. Non os vou relacionar porque xa o comentou a portavoz do Partido Socialista. Por contra, hai, iso si, unha gran argumentación, e a maior defensora é a alcaldesa de Mos, que insiste en que a cidade deportiva e o centro comercial —lino esta mañá textualmente— están avalados polas urnas. Se o din as urnas, ¿para que queremos as leis? E, ademais, non queda aí. Desborda prepotencia cando declara que estuda accións legais contra a Comunidade de Montes de Tameiga, ou sexa, contra os seus veciños. ¡Moi ben, así van moi ben!

Realmente, señoras e señores do Partido Popular, se insisten en tirar para a adiante con este proxecto xerarán outro buraco negro, pero esta vez de votos, como os que xa teñen en Verín,



en Touro, na industria en xeral, na industria naval, na educación, na sanidade e en tantos outros sectores asolagados por este goberno. De verdade, non se pode especular co territorio para o beneficio duns poucos. Non insistan con sete proxecto e retíreno dunha maneira inmediata.

Grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Moi boa tarde.

Quero tamén darlles a benvida á representación que hai aquí da veciñanza de Mos, e non só darlles a benvida senón expresarlles o noso recoñecemento pola loita exemplar que están levando a cabo en defensa do seu monte, da súa terra, das súas vidas, da súa auga. *(Aplausos.)* Esta é a Galiza realmente que merece a pena e non a dun goberno que está contra a xente, neste caso e en moitos outros está contra a veciñanza.

E eu propóñolles —é un consello gratis— que lle cambien o nome á Dirección Xeral de Calidade Ambiental. Eu creo que deberían chamarlle «Dirección Xeral da Cacicada Ambiental», porque isto é o que están facendo con este proxecto. E á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio, que está tendo tamén unha participación fundamental, deberían chamarlle «Dirección Xeral do Chanchullo Urbanístico», unha dirección xeral da cultura do pelotazo, porque este é un exemplo de libro da cultura que vai contra a lóxica, contra a sustentabilidade ambiental, que vai contra o uso racional do territorio, que vai contra o desenvolvemento sostible. ¿É este realmente o modelo de país, de desenvolvemento sostible, de loita contra o cambio climático, que patrocina o Partido Popular? ¿Esta é a Galiza verde e azul? Miren, o verde xa está no monte. Este é o monte de Mos, de Tameiga, das Pereiras, Xa está verde, non fai falta que lle toquen. Saquen as mans, as súas sucias mans, do monte de Tameiga e das Pereiras, porque o que queren é destrozalo. E veñen a dicir aínda no documento que o que queren facer aquí vai mellorar o que hai. Pero ¡como poden ter tanta desvergoña, señoras e señores do Partido Popular! E despois din que se axusta ás directrices de ordenación do territorio este proxecto. Hai, desde logo, que ter moita cara, moito morro, moito morrazo.

E despois está o tema de como pasan vostedes por riba, absolutamente por riba, do que establece a lei, a Lei do solo. Miren, estes son os traballos de explanación dos terreos para facer unha fase primeira do proxecto, que o están facendo sen ter aínda aprobada a modificación do plan xeral, que é outro escándalo. *(O señor Bará Torres amosa unha fotografía desde a tribuna.)* Hai desniveis enormes e muros, noiros, que superan amplamente os tres metros de altura que prevé a Lei do solo. Así é como pasan vostedes a Lei do solo polo arco de triunfo.

E, claro, isto preténdeno facer en contubernio cunha empresa privada, a Sociedade Anónima Deportiva Celta de Vigo, e queren facelo modificando un PXOM que foi aprobado hai tres anos, un PXOM que dicía que o monte comunal, o monte veciñal, era fundamental desde o punto de vista da sustentabilidade ambiental. Vostedes quéreno laminar, quéreno trincar,



non se lle pode chamar doutra maneira. E ese plan xeral feito hai tres anos, tamén prevía uns usos dotacionais terciarios para usos comerciais de 78.000 metros cadrados construídos. E resulta que só esta modificación pretende construír máis de 189.000 metros cadrados. Aquilo era sustentábel, e agora a isto ¿como se lle chama? Son duascenas veces máis do previsto no plan xeral. Xa está claro a quen serven vostedes.

Isto non é unha modificación puntual, señora Egerique, isto é unha modificación substancial, moi substancial. E o que é máis grave é que está feita á carta, que ten nomes e apelidos, que todo o mundo sabe xa para quen é. Por certo, como a de Barro, que estaba tamén claro quen estaba detrás, de pública non tiña nada. O que pasa é que era moito menos lesiva ca esta, porque non chegaba a 100.000 metros cadrados. Só era para unha cidade deportiva, non para facer un centro comercial. E foi botada abaixo, por certo, pola Dirección Xeral de Urbanismo en 2008.

Entón aquí quedou claro o papel da Xunta do Partido Popular, porque, ademais, deu as ordes claramente o presidente da Xunta cando, nun acto que tivo lugar en Vigo o 15 de decembro do ano 2017, dixo claramente que «*la Xunta acelerará y validará los usos urbanísticos cuando sea preciso para desbloquear la futura ciudad deportiva*». Quedou claro. Isto, se non é prevaricación, pasa rozando o poste, señora Egerique, señoras e señores do Partido Popular. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

¿Que? Bueno, a ti ou a Pazos ou a quen lle toque falar. Dáme igual. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor BARÁ TORRES: Por certo, outro exemplo clarísimo de case-prevaricación, de desvío de poder e de uso das institucións públicas.

Aquí está a primeira pedra. (*O señor Bará Torres amosa unha fotografía desde a tribuna.*) Non, non só o señor Lete Lasa, aquí está toda a plana maior do Partido Popular. É a primeira pedra dunha cidade deportiva para a que hai que modificar un plan xeral e resulta que fan unha foto, para presentar algo que aínda non está aprobado, o señor vicepresidente da Xunta, o señor Rueda...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...a señora directora, a señora Pastor —por certo, que non ten nada que ver— ...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...ou o señor conselleiro do Medio Rural, que tamén ten moito que ver co proxecto. Isto é un auténtico escándalo que vai beneficiar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



O señor BARÁ TORRES: ...exclusivamente intereses privados, pero que non llelo imos permitir. Non llelo vai permitir a veciñanza de Mos... (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará, xa rematou o seu tempo.

Polo Grupo Común da Esquerda, ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Benvidas as veciñas e os veciños de Tameiga.

A señora Egerique ¿xa non está no Partido Popular? Pregunta onde está ela. Está vostede no Partido Popular, ¿non? Alí había representantes do Partido Popular. Eu non sei se vostede xa non está no Partido Popular ou se se avergoña do seu partido.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Cal, señor Cal, perdoe un segundo. Non é só por vostede, tamén é polo señor Bará. Se nos diriximos persoalmente a deputados que non están no debate, despois haberá turno de alusións. Así que, por favor, céntrese na súa intervención.

O señor CAL OGANDO: Non hai problema en que fale.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CAL OGANDO: Respecto do pretendido proxecto de Mos, coa inclusión do centro comercial, cando falamos desta cuestión, estamos falando do último gran intento de pelotazo urbanístico no país. Cando pensabamos que estas prácticas eran cousas dese pasado que nos debería avergoñar a todos e a todas, vemos como a día de hoxe aínda se pretende expropiar, aínda se pretende espoliar terreos aos veciños e ás veciñas para poñelos en mans das empresas privadas, para poñelos en mans dun particular para que faga un bo negocio. Seguimos coa privatización de beneficios e socialización de perdas, e coa utilización da Administración para o beneficio privado e en contra do ben común. A historia do intento de espolio do monte de Tameiga está cheo de triquiñuelas e de trolas —como dicía o señor Centeno esta mañá—, mais tamén no outro lado, por sorte, contamos con xente que está defendendo a súa terra fronte ao espolio, onde non estamos atopando o Partido Popular pero si contamos cunha veciñanza unida e disposta a chegar ata onde faga falta na defensa do que é seu, na defensa da dignidade.

Como dicía, no lado das triquiñuelas e das trolas atopámonos con barbaridades como que o proxecto que vén de aprobar a Xunta de Galicia chega a dicir —xa adiantou algo o señor Bará— que é positivo, que hai cousas positivas para o medio ambiente na realización deste proxecto; como, por exemplo, no que ten que ver cos incendios forestais. Evidentemente, se cortamos todas as árbores e nos cargamos todo o monte, aí non vai haber lumes. Isto está neste proxecto e isto véno de aprobar a Xunta de Galicia, barbaridades coma esta.



Dentro destas triquiñuelas e trolas tamén quero destacar o que ten que ver coa situación urbanística e de ordenación do territorio. Segundo o disposto no artigo 203 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, e no artigo 22.7 e na disposición transitoria cuarta do Texto refundido da Lei do solo de 2015, este proxecto non se pode tramitar coma unha simple modificación do PXOM, senón que ten que considerarse a revisión do plan xeral. Iso di a normativa, pero á Xunta de Galicia a lei e a normativa dálle igual porque hai que tirar para adiante con este pelotazo urbanístico.

Tampouco hai motivos de interese social —o que tamén lle dá igual ao Partido Popular— necesarios para poder aplicar calquera tipo de expropiación. Porque o único interese social que vemos aí, evidentemente, é o da propia sociedade, o interese social é o interese da sociedade. E a sociedade de Tameiga estase manifestando e está unida na defensa do seu monte e en contra deste proxecto. Polo tanto, o único outro interese que se cruza aquí é o do señor Mouriño. Pero ao Partido Popular e á Xunta de Galicia dálles igual e tiran para adiante.

Tampouco é viable a proposta no que ten que ver coa mobilidade. Xa se falou dos problemas da A-55, de todos os problemas de infraestrutura que ten. E tamén hai que salientar que no estudo de mobilidade se indica a necesidade de reforzar o sistema de transporte público urbano desde a cidade e Vigo, que excede o ámbito estritamente municipal. Pero ao Partido Popular, sen ter iso solucionado, tamén lle dá igual e tiran para adiante co proxecto porque hai que tirar para adiante co pelotazo urbanístico.

Tampouco ten en conta a Xunta de Galicia, ao aprobar este proxecto, como afecta o pequeno comercio, como afecta a economía real. Falou o señor Casal tamén desta cuestión. Hai exemplos por todo o país e estudos suficientes que din como inflúe isto na economía real e no pequeno comercio.

E, por último, quero destacar outro dos motivos polo que tanto o Partido Popular, a Xunta de Galicia, como calquera que defenda o ben común e respecte as normas e as leis, debería desbotar este proxecto, que é o que ten que ver coa auga.

Non se garante a suficiencia dos recursos hídricos no proxecto para atender as novas demandas xeradas, non consta informe da empresa ou entidade subministradora, o documento recoñece un alto risco de afectación das augas subterráneas. Nesta situación, a Xunta de Galicia tira para adiante co proxecto. Dálle absolutamente igual porque hai que seguir para adiante co pelotazo urbanístico. Cando estamos nunha situación de cambio climático, cando a Directiva marco da auga —directiva que hai que cumprir— obriga ao principio de precaución fronte ao cambio climático no que ten que ver coa auga, o Partido Popular salta as leis, salta as normas, e todo por este gran pelotazo urbanístico.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.



Antes de nada, e para que non leve á confusión o meu novo cambio de *look*, non son a señora Egerique. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Non, non, é que os mirei un tanto confusos. Non son, por desgraza para min e por sorte para ela —tamén teño que dicilo—. *(Murmurios.)*

Miren, eu vou facer unha aclaración previa que me parece sorprendentemente necesaria. Miren, as autorizacións urbanísticas son actos regrados, é dicir, están sometidos de maneira precisa e taxativa ao establecido legalmente. Polo tanto, son alleos á potestade discrecional da Administración. Non hai opcións, non hai alternativas entre as que poidamos escoller. A cidade deportiva do Celta será obrigatoriamente autorizada se cumpre todos os requisitos legais e será obrigatoriamente denegada no caso contrario. Eu creo que isto o entende todo o mundo, ¿non?

Pero o PSdeG hoxe tráenos unha PNL na que prefire antepoñer os seus intereses de partido ao cumprimento da lei, esta é a realidade. Insta a Xunta para non tramitar un expediente en tanto non se adapte á lexislación vixente. ¡Pero se por iso hai que tramitalo!, para saber se se pode adaptar ou non á lexislación vixente, e incorporando, por certo, entre outras, as correccións que indicou o propio Ministerio —que non dixó que non se poida facer, dixó que para facelo hai que facer unhas correccións, é o que indica—. Pero vostedes prefiren obvio. E obvian, ademais, que non dar trámite a un expediente administrativo é unha actuación descrita no Código penal cun nome moi feo. Chámase «prevaricación».

Pero, ademais de ser isto imposible legalmente, se admiten vostedes a emenda do BNG, xa pasará a ser de imposibilidade metafísica; porque o BNG pretende que informemos negativamente dende a Xunta o informe e, iso si, sen tramitalo. Eu non sei como se fai isto. É de nota, salvo que apliquen esta máxima da esquerda democrática, que é aquela de «nada me parece xusto non sendo do meu gusto» E para iso retórcense os procedementos e non dúbidan, primeiro, en utilizar as institucións con fins partidistas. Decía a señora Vilán que decía a alcaldesa de Mos que lle tiñan manía. Non, non, o que pasa é que a Deputación de Pontevedra, sorprendentemente, non dúbidou en realizar un informe —que, por certo, extralimita no seu contido as súas funcións— que ademais filtra aos medios de comunicación antes de que o teñan as propias administracións interesadas. *(Murmurios.) ¡Si!*

Tampouco dúbidan en manipular de forma permanentemente groseira a verdade. Hoxe fíxoo o señor Bará ensinando unhas fotos. Señor Bará, todas as actuacións que se están desenvolvendo neses terreos, están autorizadas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Si, si, si, claro que si!*, porque son as que corresponden á parte que xa conta con licenza. Que vostede diga o contrario é, simplemente, por descoñecemento ou por moi mala fe. Eu pídlle que rectifique ou que vaia ao xulgado, que é o que ten que facer. *(Aplausos.)*

Pero, miren, estamos acostumbrados, estamos acostumbrados. Miren, a alcaldesa do Porriño... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) ¡Non, home, non! Eu explícollo. A alcaldesa do Porriño saíu estes días... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!, ¡Silencio!



O señor PAZOS COUÑAGO: Saíu estes días cuestionando a suficiencia do abastecemento de auga, igual que unha concelleira de Vigo e igual que fixeron vostedes hoxe. É curioso no caso da alcaldesa do Porriño, porque eu teño aquí un informe do Consorcio de Augas do Louro, do que lle vou ler apenas dúas frases: «A modificación puntual pode ser satisfeita hidráulicamente dende a ETAP dos Valos, tanto para garantir a calidade como para ter unha garantía de subministración. A EDAR de Guillarei ten tamén capacidade para o tratamento biolóxico do incremento de caudal de auga residual». Claro, isto é un informe técnico. O curioso ¿sabe o que é? Que quen o asina é a presidenta do Consorcio de Augas do Louro, que curiosamente é a alcaldesa do Porriño, a mesma que di que ten dúbidas respecto dun informe que ela mesma valida e asina. Pero, sinceramente, ¡como se pode ter tan mala fe!

E, miren, a última é que, ademais, vale todo. Tamén vale xerar alarma cidadá recorrendo a prácticas pseudomafiosas, como inventar unha empresa municipal de augas ficticia, crear recibos falsos de auga inflando os importes, envialos aos domicilios dos veciños sete días antes das eleccións e, ademais, para todo isto, suplantar o Concello de Mos para enganar, alarmar e manipular os veciños. Iso é o que hoxe foi definido aquí por algún voceiro como «exemplar loita veciñal». ¡Manda truco!, ¡manda truco! Miren, tamén teño que dicirles unha cousa. Os presuntos autores deses feitos teñen nome, teñen apelidos e teñen carné político, e miren por onde, non é o do Partido Popular.

E ¿cal é o obxectivo de todo isto? O obxectivo de todo isto é someter a Mos, claro que si, porque a vostedes non lles molesta a construción da cidade deportiva do Celta, moléstalles que se faga en Mos —decisión que lles corresponde unicamente ao Celta de Vigo e ao Concello de Mos, e á que non se lle pode poñer máis límite que o cumprimento escrupuloso da lei—

Por certo, preguntábase algún sobre o carácter supramunicipal da actuación. ¡Home!, eu non sei se dubida vostede do carácter supramunicipal da ampliación de Citroën polo feito de que os terreos onde se ampliou eran exclusivamente de Vigo. ¿Tiña entón interese supramunicipal ou non? ¿Ou só ten interese supramunicipal cando o interese o solicita un alcalde do PSOE? Eu creo que non debería de dicir esas cousas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

O señor PAZOS COUÑAGO: Acabo xa.

Non lles molesta a construción do centro comercial, moléstalles que se constrúa en Mos e por iso non teñen inconveniente en que no veciño concello, a moi pouca distancia, se constrúa Vialia, Valadares e Recaré.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: E non lles preocupaba o abastecemento de auga na Louriña. Só se afecta a Mos. E, por iso, a mesma alcaldesa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



O señor PAZOS COUÑAGO: ...que critica a cidade deportiva en Mos ofreceu terreos no Porriño.

Remato xa. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Miren, a Xunta de Galicia, o Concello de Mos e o Celta están a cumprir os compromisos que asumiron no «pacto dos escudos». Outros posaron sorrintes e agora terán que explicar por que non o cumpren. Non, non se preocupe. Ía dicir que podía estar decepcionado, pero de quen nada se espera, ningunha decepción cabe.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Como mo pide o señor presidente, primeiro quero agradecer o apoio dos grupos da oposición, falar primeiro das emendas e logo contestarlle ao señor Pazos.

Imos aceptar parte da emenda de adición do BNG. E, como isto aínda se vota mañá, pois aínda temos a posibilidade de falalo. Non aceptamos a emenda de adición do Grupo Mixto porque parece aceptar a posibilidade dun centro comercial, e nós en ningún caso o aceptamos.

Señor Pazos, ás veces gustárame ceder o meu tempo para que vostede puidese seguir falando, dígollo de verdade, en serio, porque esa frase, «o seu obxectivo é someter Mos», é absolutamente gloriosa, é gloriosa. E canto máis fala, aínda peor. Manipular groseiramente a verdade é dicir, como dixo a súa compañeira, que a Lei de coidados paliativos non entrara en vigor cando morreu a nena Andrea Lago, porque entrou en vigor o 17 de agosto e a nena morreu o 9 de outubro. Iso é manipular de maneira moi pouco sensible e groseira a verdade. Nós non manipulamos.

Vostede veu aquí a falar do que lle deu a gana, porque é difícil ir ao Cumio do Clima a dicir que se loita contra o cambio climático e logo defender o cemento, os centros comerciais, seis millóns, cando menos, de vehículos circulando por Mos adiante e os campos de herba sintética. Ben difícil é dicir iso. Non sei a que iría a conselleira a Madrid ao Cumio do Clima a falar do cambio climático, porque é complicado.

É verdade que a alcaldesa de Mos tivo un bo maestro, que era o anterior presidente da Deputación de Pontevedra, ao que lle gustaban moito os campos de herba sintética. É certo, é certo.

Gustoume moito o símil futbolístico que utilizou o señor Bará: «Roza o poste da ilegalidade». É certo, e por iso nós recorreremos á avaliación ambiental estratéxica da Dirección



Xeral de Calidade Ambiental, que é de maio de 2018, que di o seguinte: «Di o Instituto de Estudos do Territorio que é para usos e dotacións privadas, por iso cómpre xustificar axeitadamente a elección da expropiación. Deben aclararse as previsións de abastecemento de auga». Segue dicindo: «Esta modificación puntual pode provocar efectos paisaxísticos significativos. Hai que xustificar que se necesita implantar un centro comercial, e mellor noutras localizacións alternativas». Patrimonio di que hai que prestar especial atención ao estudo do contorno de protección do xacemento romano das Pereiras. A Confederación Hidrográfica Miño-Sil di que afectaría directamente captacións de augas de abastecemento subterráneas. E así podemos seguir ata o infinito.

E eses son vostedes, porque vostedes non pensaron, por exemplo, na pegada de carbono deses 6 millóns de coches. Non pensaron tampouco na contaminación lumínica que pode implicar, etcétera, etcétera, etcétera.

Cheira a presunta ilegalidade urbanística, que veremos como remata. E vostedes tiñan que vir aquí a dicir «votamos que non porque apostamos polo modelo do cemento».

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D. Xan Xosé Jove González e Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para incrementar as posibilidades de pesca do sector do xeito, garantindo a sustentabilidade da especie en augas interiores

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 60646 [10/PNP-004519].

Emenda de adición.

Engadir despois de «Xunta de Galicia» o seguinte texto:

“...a reclamar do Goberno central a exclusión da arte do xeito do Plan de xestión conxunta da sardiña, asinado entre o Estado español e Portugal, e...”

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Jove González.

O señor JOVE GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.



Confeso que quería comezar esta intervención con dous desexos, e non podo cumprir ningún dos dous. O primeiro era saudar a nova deputada Candedo, que non se encontra agora mesmo entre nós. E o segundo, xa que é a última hora da tarde, era que me gustaría cantar unha cantarea. E penso que a única persoa desta sala que a poida coñecer e que a poida cantar non está tampouco entre nós nestes momentos, que era aquela de «Aí veñen as lanchas do xeito, pescando sardiñas a oito, e veñen e veñen e veñen van, cara a Rianxo marchan pescar». Penso que moitas das persoas que estamos aquí coñeceremos esa copla dos Tamara. E é precisamente do xeito, da arte de pesca histórica, centenaria, secular, do que quereamos falar hoxe. Xa desde o século XVI se coñece a utilización deste pano de pesca que se emprega desde pequenas embarcacións nas rías baixas. É unha arte tradicional, é unha arte selectiva, que se emprega —e é moi importante darse conta disto— unicamente dentro das rías galegas, unicamente dentro das rías galegas. Emprégase principalmente, nun 85 %, para pescar a sardiña. A sardiña é un recurso pesqueiro que nos ten a todas e todos bastante preocupados polo estado dos seus caladoiros. A pesar de que esas poboacións teñen —digamos— unha flutuación cíclica ao longo da historia, realmente nos preocupa o estado dese caladoiro.

Actualmente esta especie está xestionada por un plan chamado Plan de xestión e recuperación da sardiña ibérica, que foi publicado no BOE o 5 de xuño de 2018. É un plan interestatal, entre o Estado español e Portugal, e asinado pola ministra Isabel García Tejerina, do Partido Popular, naquel momento.

O plan reparte a posibilidade de capturas, e recolle que case tres cuartas partes desa cantidade —o 70 %— as pesque Portugal. Pesca e xestiona Portugal o 70 % das sardiñas das augas ibéricas grazas a ese acordo —ou por desgraza—. No ano 2019, a cantidade total autorizada para a pesca nas augas ibéricas foi de 10.799 toneladas. Como o 70 % se reserva para Portugal, para todo o Estado español quedaron 3.571, das que a Galicia lle corresponderon 1.480 toneladas no ano 2019.

Posteriormente é importante ver o que se reserva desta cantidade para a arte do xeito. A cota que corresponde a España repartírase en función do consumo das cotas, e un 2,57 % reservárase para os buques de artes menores que utilizan a arte do xeito.

No 2019 a cantidade reservada para o xeito ata o 31 de agosto foi de 65 toneladas, ¡65 toneladas de 10.800!, unha cantidade a todas luces insuficiente para as máis de 400 embarcacións que teñen licenza para esta arte. Por iso a posibilidade de pesca para todo o ano estaba practicamente esgotada a comezos do verán pasado, o que enervou e puxo en verdadeira alerta a todo o sector, que, logo dun amago de protestas e unha pequena cesión de cota por parte do sector do cerco, puideron seguir faenando ata o final da campaña do ano pasado.

Para concluír, e non enredar máis con cifras, o ano pasado, de 10.799 toneladas de posibilidades de pesca de sardiña en augas ibéricas, as embarcacións do xeito pescaron finalmente 109 toneladas, ¡109 toneladas de 10.799! Un 1 %, 1 de cada 100 sardiñas pescouse coa arte selectiva sustentable do xeito, que ten 429 licenzas en Galicia. É como para parar a pensar por un momento.



Dende logo, non parece que poidamos facer responsables os mariñeiros e mariñeiras que andan ao xeito do preocupante estado desta especie. Por certo, o estado da sardiña seguimos sen coñecelo en profundidade. Aínda agardamos a recibir os datos dos informes comprometidos xa na primavera do ano pasado, tal como indicaba a Secretaría Xeral de Pesca na súa resolución do 24 de abril do 2019. E logo no verán, por certo, o Goberno portugués amagou con aumentar unilateralmente o 25 % do número de capturas, fundamentándose nuns supostos estudos que recollían a mellora dos stocks. Esperemos que realmente sexa así.

Finalmente, a única certeza é que no outono do ano pasado se levou a cabo a campaña Iberas 0919, entre o Instituto Español de Oceanografía e o Instituto Portugués do Mar e da Atmosfera, o IPMA. Ambos traballaron cun obxectivo conxunto no tocante á xouba, un proxecto que rematou o 27 de setembro do ano pasado con resultados, ao parecer, esperanzadores.

Volvendo ao xeito, a súa situación é de franca deriva cara á súa desaparición forzosa pola situación que teñen de indefensión e precariedade. No ano 2019 pescouse practicamente a metade que no 2017 con esta arte de pesca —109 toneladas, como dicía antes, fronte ás 208 do ano 2017—. O número de licenzas tamén diminúe ano tras ano, sendo actualmente 429 embarcacións as que teñen licenza para empregar esta arte. Pero unicamente 109 destas 429 licenzas despacharon finalmente pesca ao xeito nos portos galegos no ano 2019 —300 non empregaron esta arte de pesca, vendo, loxicamente, estes datos—. É a terceira parte, e, por certo, menos que no 2014, que foran 166.

Desde o noso grupo non é a primeira vez que mostramos a nosa fonda preocupación pola situación deste sector debida á insuficiente cota reservada para unha arte de pesca que debería ser convenientemente protexida e valorada pola súa selectividade nas capturas.

E en todo este período, ¿que fixo a Xunta de Galicia? Practicamente nada, efectivamente —xa o din as compañeiras do Partido Popular— máis alá de xestionar a precariedade e a miseria. E para iso fixou un propio plan de xestión do xeito para o ano 2019, cun número de capturas máximo de 30 quilos por tripulante a bordo e día, ao que se lle sumarían 30 quilos por embarcación e día; e sen cuestionar, por suposto, de ningún modo dende San Caetano o plan de xestión estatal asinado polo Partido Popular —no Goberno do Estado naquela altura—. Esa xa de por si escasa cantidade dos 30 quilos foi reducida na primeira parte do ano, voluntariamente polos propios pescadores, a 20 quilos por tripulante para tentar salvagardar a exigua cota anual da que dispoñían.

Paremos un momento a pensar nisto: pescadores que non queren pescar, pescadores que queren pescar menos. O que acontece é que a súa cota é tan pequena que teñen a lóxica e fonda preocupación de que esta se esgote nos meses onde o produto ten un valor case irrisorio nas lonxas. Tal é así que, consultado o sector, nos confesan que son moitas as embarcacións que deciden directamente non saír a faenar. Para que teñan unha idea, o prezo da sardiña na lonxa varía desde céntimos de euro ata un máximo de 10 euros —o que chegou a ter no verán do 2019 na lonxa de Rianxo, precisamente—.

A semana pasada, o 28 de xaneiro, vimos como a Xunta de Galicia publicaba o seu plan de xestión da sardiña deste ano, plan que non aporta obviamente solución ningunha ao pro-



blema de fondo, que é a escaseza de cota. A única variación co ano anterior é simplemente reproducir o parche de autolimitación da pesca a 20 quilos por persoa e día máis 20 por embarcación, contando un máximo para o primeiro trimestre —¡atención!— de unicamente 4 toneladas para as capturas do xeito nas augas das rías galegas.

O que está a facer a Xunta é colaborar —e oficializalo— co reparto da miseria. Iso é o que está facendo a Xunta de Galicia neste tema. Pensamos que este parche é sacar balóns fóra e condenar o xeito á súa práctica desaparición. Realmente fai falta un plan, pero un plan profundo de explotación e de recuperación, non só da mera xestión da escaseza. Fai falta un plan que apoie, promocióne e divulgue esta arte, que fale da súa tradición e da súa sustentabilidade, e conseguir así elevar o valor da súa pesca. Pensamos que a Xunta de Galicia ten ferramentas dabondo para poñer en marcha un plan verdadeiramente ambicioso que dea solución a esta problemática. A principal ferramenta que existe é unha realidade que sistematicamente é negada pola propia Xunta: a posibilidade de levar a adiante a propia xestión da pesqueira dentro das augas interiores das rías, que é onde se efectúa a pesca do xeito. Por iso propoñemos que o Goberno galego impulse o seu propio plan de xestión completo da sardiña do xeito para as augas interiores das rías, que é onde pesca este sector; un plan que ademais propoñemos que se faga por medio da coxestión co propio sector. O que entendemos que se está a facer é condenar a xente do xeito a pelexar polas frangullas. Recordemos o que di o artigo 5 do plan interestatal: a cota que corresponde a España repártese en función dos consumos das cotas dos anos anteriores. Obviamente, o sector do xeito, nun histórico de consumo de cotas, nunca competirá con outras artes de pesca. Desde logo, isto prexudícao fortemente, nunca poderá superar o 2,57 % previsto neste plan como máximo.

Desde logo —e isto para nós é importantísimo—, a xente do xeito o que está esperando son feitos, o que está esperando non é que se acompañe a súa precariedade, o que está esperando son feitos decisivos para intentar recuperar e autoxestionar o caladoiro da sardiña dentro das rías galegas, nas augas interiores galegas. Necesita —e así o exiximos hoxe— que a Xunta non se dedique a poñer parches e axudar a achicar auga para fóra mentres o sector se afunde. É por iso que queremos un plan no que Galicia realmente asuma as súas competencias e as súas responsabilidades, un plan que non só recolla e xestione simplemente a totalidade de capturas que entendemos lóxica para o xeito, o plan ten que incluír medidas claras para garantir a sustentabilidade económica do sector, a biolóxica do recurso e tamén manter o seu valor cultural.

Todo isto é o que esperamos que hoxe os grupos desta Cámara apoiem para o noso sector do xeito, que está realmente esmorecendo ano tras ano.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jove.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Imos, pois, coa última iniciativa do día.



Eu quería complementar o que dixoo ao inicio da súa intervención o señor Xove citando a Castelao, que dixoo aquilo de que as sardiñas volverían se os gobernos quixeran. E, efectivamente, estamos diante, máis unha vez, cando se fala do sector do mar en Galiza, non dun problema de recursos senón dun problema de decisión política de quen decide sobre o recurso. Falaba o deputado propoñente dunha exigua cota, que eu me atrevo —como xa fixen outras veces— a falar dunha cota de miseria. É un plan de xestión —do que é responsable o Estado mais que necesita de cómplices e consentidores como é o Goberno galego, a Xunta do Partido Popular— para condenar un sector, como é o do xeito, a esta situación realmente indignante.

Xa temos abordado esta situación. E temos que volver lembrar que estamos diante dunha actividade profesional en Galiza que leva a cabo un sector estratéxico, como é o sector da pesca artesanal, o sector da baixura. É estratéxico pola súa dimensión social, polo seu peso económico e porque dá vida, reparte rendas e dinamiza economicamente as vilas costeiras polos seus ingresos. Estamos a falar de que é un sector que ten unha alta repercusión en vilas como Rianxo. Estamos a falar de 227 embarcacións que teñen permex autorizados para a práctica do xeito. Estamos falando de Rianxo, estamos falando da Illa de Arousa, estamos falando de Redondela, estamos falando de Cabo de Cruz, estamos falando de Cangas, de Combarro ou de Cambados. É unha arte de pequenas embarcacións que teñen no seu permex esta arte, ao que hai que sumar, ademais, os racús que van tamén á xouba. E é unha arte de enmalle, o que quere dicir que é selectiva. Eu non sei cantas veces vai facer falta repetir neste Parlamento que é selectiva e que máis do 85 % das capturas corresponden á sardiña. É unha arte sustentable e que debe quedar fóra de TAC e cotas. No BNG, atendendo ás demandas do sector, son innumerables as veces que demandamos esta cuestión. E igualmente demandamos que a Xunta de Galiza exerza as competencias exclusivas do Estatuto de Galiza, insuficiente e raquíptico pero en vigor —que saibamos no BNG, non está derogado o Estatuto de autonomía de Galiza—. E no seu artigo 27.15 establece que ten competencias exclusivas en augas interiores, que lle corresponden ao Goberno galego. Mais o Partido Popular non ten ningún interese en exercer esas competencias exclusivas e, dende logo, en conseguir absolutamente ningunha máis. Volvemos repetilo hoxe: once anos de goberno de Núñez Feijóo desde que volveu o Partido Popular á Xunta de Galiza e ¡cero competencias máis conseguidas!, ¡cero competencias máis pedidas! Ou sexa, non pediu absolutamente ningunha máis, non quere ter instrumentos para actuar naqueles sectores que son determinantes e estratéxicos para o noso país.

Polo tanto, coincidimos con esta iniciativa en canto á necesidade de tomar medidas. A pesqueira da sardiña regúlase por ese plan de xestión conxunta do Estado español co Estado portugués, no que o Estado portugués queda coa mellor parte. Ademais de ter maior parte nas cotas, ten logo unhas condicións para poder pescar máis días, na fin de semana, etc.; é dicir, son unhas condicións de discriminación a respecto da cota galega. E, dentro desa repartición exigua, non vou repetir os datos do que corresponde ao xeito, nunca por encima do 2,57 % da miseria. E ¿canto é o 2,57 % da miseria? Pois moito menos que a miseria, unha cota de miseria inaceptable.

Dicía que estamos de acordo co que se plantexa, e simplemente presentamos unha emenda. A iniciativa demanda que a Xunta de Galiza, no exercicio das súas competencias, estableza



un plan de xestión, e nós presentamos unha emenda no sentido de que no principio desta iniciativa se inclúa o de «reclamar do Goberno central a exclusión da arte do xeito do Plan de xestión conxunta da sardiña». É dicir, excluía de TAC e cotas. Aínda que este plan especial non son os TAC e cotas establecidas pola Unión Europea —porque este plan faise para bordear esta cuestión—, no fondo é igual unha cuestión de TAC. Porque, efectivamente, o Goberno galego ten mecanismos para actuar, pero neste momento é o Goberno español quen determina as contías, quen determina e quen asina este acordo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Agardo que acepte a emenda. Pero, de todos os xeitos, votaremos a favor da iniciativa, aínda que non sexa aceptada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Evidentemente, estamos de acordo coa iniciativa. E pódoo dicir porque foi unha das primeiras iniciativas que rexistrei neste Parlamento a finais de 2016, xa verdadeiramente asombrados e preocupados de que a cota do xeito para o 2017 fose de 210 toneladas. Era unha cantidade que xa naquel momento parecía absolutamente inasumible para un sector —xa digo— de case 400 embarcacións. Pero é que a situación non só non mellorou desde que naquel momento fixemos a reclamación ao Goberno de Galicia e tamén ao Goberno do Estado —naquel momento os dous gobernados polo Partido Popular—, senón que a cousa foi a peor: 100 toneladas no 2018, 62,07 toneladas no 2019 ata o 31 de agosto —que é cando se exercen verdadeiramente as posibilidades de comercialización da sardiña—. O ano pasado —como xa se comentou— os propios mariñeiros tiveron que autorregularse establecendo un tope de 20 quilos. ¿Quen pode vivir dun traballo con 20 quilos de sardiña na lonxa? ¿Por canto pode venderse? Como moito, nunha época boa, por 20 euros ou ao mellor un pouco máis. Con iso ¿pode vivir unha familia, e despois dun traballo tan duro coma este?

Realmente, se eu presenteí unha iniciativa exactamente igual ca esta hai tres anos e era intolerable, pois agora, que estamos na terceira parte do que naquel momento xa nos parecía inasumible, é verdadeiramente sorprendente; sobre todo tendo en conta —como xa se comentou tamén, non vou ser reiterativo— a cantidade absolutamente inapreciable sobre a cota total de sardiña. Aínda que cada vez é máis baixa e está nunhas condicións moi preocupantes, aínda así, segue sendo totalmente inapreciable.

E por iso reiteramos o mesmo que dixemos hai tres anos: señoras e señores do Grupo Popular, do Goberno da Xunta de Galiza, ¡exerzan as súas competencias! É que eu non o entendo. Dío explicitamente o Estatuto de autonomía de Galicia, o Goberno da Xunta de Galicia pode legislar e ten competencias absolutas nas augas interiores. O xeito fai practicamente toda a súa actividade en augas interiores. ¿Por que non as exercen? E, ademais, miren, agora terían incluso outra maneira de protestarlle ao Goberno do Estado, porque tamén hai que



dicirilles aos señores do Partido Socialista de Galicia e aos señores de Podemos que tamén plantexen ante o Ministerio de Agricultura e Pesca que a sardiña de xeito ten que saír das cotas europeas e dos TAC. Primeiro, os TAC e as cotas europeas non teñen xurisprudencia e xurisdición nas augas interiores. Iso correspondería exercelo por parte da Xunta. E, por outra parte, recoñecer que a pesca máis sostible e cun impacto verdadeiramente inapreciable sobre a masa biolóxica da sardiña no Atlántico norte non pode ser que estea nesta situación. Sobre todo porque o impacto socioeconómico do que tanto se fala cando se negocia con Bruxelas é aínda moito maior que noutro tipo de pesqueiras máis industrializadas.

Por iso, xa digo, dirixíndome tanto ao Partido Popular como ao Partido Socialista e a Podemos, cumbran o seu traballo en ambos gobernos, porque este tema non pode ser que non se solucione. A súa implicación económica —digamos macroeconómica— é absolutamente inapreciable; e, en cambio, a implicación microeconómica para as familias que completan a súa renda con esta actividade é moi importante. Téñano en conta e a ver se é verdade que este ano non teñen que facer o mesmo que tiveron que facer o ano pasado, o de autorrebaixar as cotas a 20 quilos por tripulante, xa que con iso unha familia verdadeiramente non pode vivir.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista coincidimos en que é necesario que as distintas administracións que teñen competencia en materia de pesca, tanto a europea como a central e tamén a autonómica, sexan sensibles e recoñezan as peculiaridades da arte do xeito en Galicia. E que non só sexan sensibles senón que tamén as teñan en conta á hora de legislar sobre a materia. E esta é a postura que defendeu o Grupo Socialista, a que defende e defenderá. Porque tamén no ano 2014 e 2015, cando dende a Unión Europea quería prohibirse e eliminar a arte do xeito, pois os deputados e deputadas do Grupo Socialista nas distintas administracións nas que estaban representados opuxémonos. E tamén os eurodeputados se opuxeron a esta eliminación.

Como aquí se dixo, a arte do xeito é unha arte de enmalle que é sostible, que é selectiva e que é respectuosa co medio mariño. Trátase dunha arte tradicional empregada xa dende o século XIV de xeito artesanal, e que se realiza predominantemente en augas interiores. O groso da frota xeiteira está a faenar nas rías de Arousa e de Vigo. E incido en que realizan a súa actividade en augas interiores cun impacto insignificante na biomasa pola súa actividade. Pero, claro, estas peculiaridades e características da arte do xeito non son tidas en conta por parte da Xunta de Galicia, por parte da Consellería do Mar. E obviar estas peculiaridades pon en risco esta arte do xeito. E é que non o di o Partido Socialista, é que o propio sector e sin-



dicatos como Agamar xa no ano 2014 alertaban da posible desaparición da arte do xeito na nosa comunidade, e acusaban o silencio encubridor da Xunta de Galicia na desaparición da pesca artesanal en Galicia. Defendían e defenden que a pesca artesanal —e especialmente o xeito— non se pode meter no mesmo saco que o dos grandes barcos que faenan fóra das liñas das augas de competencia galega.

O Goberno galego non escoita as súas reivindicacións e, como digo, pon en risco o xeito. E pode ser que este Goberno da Xunta de Galicia —que adopta medidas en función da rendibilidade política que lle poidan dar— pense que só estas 429 embarcacións, cunha media de un ou dous tripulantes por embarcación, pois non lle dean a rendibilidade política que eles esperan e abandónaa á súa sorte.

O problema que existe no fondo desta cuestión é un problema de competencias que non se exercen por parte do Goberno galego. Porque —como xa dixen— a arte do xeito desenvólvese predominantemente en augas interiores. E o noso Estatuto de autonomía —xa o dixo tamén a voceira do Bloque Nacionalista Galego—, no artigo 27 parágrafo 15, establece que a Comunidade galega ten competencia exclusiva na pesca nas rías e demais augas interiores; no marisqueo, na acuicultura, na caza e na pesca fluvial e lacustre.

Polo tanto, a Xunta de Galicia ten competencias exclusivas en augas interiores. Pero moito temo que a voceira do Partido Popular, cando fale, esquivará a dita competencia e cinguiraa á ordenación e xestión. Pero, miren, o Estatuto é claro, sen ambigüidades. O único que se precisa é vontade política para exercer as competencias que lle son propias ao Goberno galego. E diso é do que fala esta parte resolutiva da proposición non de lei que hoxe trae o Grupo Común da Esquerda a este Pleno e que, dende logo, o Grupo Socialista vai apoiar.

O que se necesita —repito— é vontade política para axudar o xeito e exercer as competencias exclusivas que ten o Goberno galego. Miren, en vez de buscar a confrontación permanente co Goberno central empreguen esa maioría absoluta da que tanto presumen e gobernen en beneficio dos galegos e das galegas. Pero, claro, os que permaneceron sete anos e medio como vasalos ante os gobernos do señor Rajoy agora de súpeto quéreno todo para xa ante o goberno de Pedro Sánchez. Non perdan os folgos, señorías do Partido Popular, en buscar esa confrontación co Goberno central, non perdan as forzas en poñerlle deberes a un goberno socialista que vai cumprir cos españois e tamén cos galegos e galegas. Exerzan as súas competencias, gobernen e poñan medidas para salvar a arte do xeito, que é do que hoxe estamos a debater. Gobernen e deixen de empregar a Xunta de Galicia coma unha sucursal do Partido Popular. Gobernen e exerzan as súas competencias —repito—.

Polo tanto, concordamos co proposto nesta proposición non de lei e en que o Goberno galego debe establecer un plan de xestión propio para o xeito. Pode e debe facelo, como xa dixen, porque ten competencias exclusivas en augas interiores.

Remato.

Gobernen ben para o xeito. Para iso é preciso que gobernen con xeito.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Boas tardes.

Grazas, presidente.

Antes de comezar, señora Otero, a única que estivo aquí escaqueando as competencias, e que non nomeou nada do plan que hai da sardiña do xeito, foi vostede, porque é un plan, como se dixo —ademais incidiu moito a señora Otero—, do Estado, un plan conxunto que hai entre España e Portugal.

Nós imos apoiar esta iniciativa. Están vostedes nerviosos, poñen aquí sempre o carro diante dos bois. Tamén o fixeron na PNL anterior. Eu non sei o que lles pasa que están aquí vostedes adiantándose moito ás decisións do Grupo Parlamentario Popular. E nós estivemos sempre no mesmo sitio e imos estar sempre no mesmo sitio.

Miren, vostedes piden un plan de xestión. Señor Jove, o plan de xestión xa está. Podemos discrepar, podemos ter diferentes ideas e crer que vai mellor dunha maneira ou doutra, pero o plan de xestión xa existe. E respecto do incremento, como dixeron aquí outras voceiras, non pertence a competencia á Xunta.

Señor Casal, vostede di que dende o 2016, dende que presentou esa iniciativa, as cousas van peor. E non é así, as cousas melloraron dende aquela. Si, señor Casal, e ademais pasaron cousas, porque se actuou, porque se apoiou e porque ademais se aprobou ese plan. Polo tanto, dende o 2016 ata hoxe si que pasaron cousas e si que ademais se falou moito cos propios mariñeiros que se dedican ao xeito. E ademais sabemos perfectamente —e sen ser expertos aquí— como está a biomasa, como vai, como exerce e como está a sardiña dependendo das épocas e das zonas ás que nos dirixamos e das que falemos.

Como dicía, nós imos apoiar o texto da proposición non de lei tal e como está. Se engaden e aceptan a emenda do BNG, non, porque sería rexeitar un plan que se aprobou a cinco anos e co que nós estamos de acordo e apoiamos. Nós cremos, ademais, que precisamente o plan, ao que se fixo referencia, de recuperación da sardiña, plan conxunto entre España e Portugal presentado o 4 de decembro de 2018 cunha duración de cinco anos, é o que garante a pesca da sardiña, é o que garante o xeito.

Esta proposición non de lei, segundo puideren ler e intuír na exposición de motivos, parece que fai referencia ao acordo do TAC de decembro. Pero é que aí non entra a sardiña. Polo tanto, eu creo que ademais pode haber aí algún tipo de erro. Non é obxecto de fixación aquí, nesa negociación que houbo. Polo tanto, eu creo que hai que ter ollo, ademais, coas recomendacións do ICES, porque realmente, se non se ten en conta o plan de recuperación e se fai caso á recomendación do ICES, o xeito case desaparece. Nós temos esta noticia do 14 de decembro, que di que os científicos levantan o seu veto á sardiña pero plantexan recortar o cupo actual nun 60 %. Polo tanto, ollo a ter en conta só as recomendacións do ICES e non ter en conta ese plan de recuperación da sardiña.



Como dicía, co plan evitamos precisamente que as cousas sexan automáticas —por poñerlles un cualificativo—, e así téñense en conta, ademais disto, os temas dos que sempre falamos aquí e a tripla dimensión, tan importante, que é a dimensión social, a dimensión económica e a dimensión ambiental. Son esa tripla entente da que falamos sempre e coa que vai a conselleira do Mar a Bruxelas a negociar, que pon sempre por diante a sustentabilidade da pesca en Galicia, que defende sempre o xeito e as artes menores de Galicia. Porque vostedes están empeñados en dicir que o Grupo Parlamentario Popular, ou que o Partido Popular ou a Xunta, non o defende. Pois precisamente con este plan conxunto con Portugal é o que está facendo.

E ollo tamén con Portugal porque o ministro acaba de dicir que si vai facer caso á recomendación do ICES. E, como digo, se se fai caso a esa recomendación, redúcese moito a cota e poderían verse moi afectados os mariñeiros.

En calquera caso, a Consellería do Mar e a Xunta están preocupadas pola situación do stock da sardiña ibérica, que abrangue as augas das zonas CIEM, VIIIc e IXa, como se dixo, tanto exteriores como interiores; e, sobre todo, polas repercusións que poida ter na nosa frota de cerco, incluíndo ademais o racú, o cerco e piobardeira; e tamén o xeito, que é do que hoxe temos que falar aquí.

Tanto a Consellería do Mar como o propio sector participaron activamente na elaboración deste plan de xestión entre España e Portugal, así como na súa modificación. E segue a participar anualmente na fixación de cupos e límites de captura para que, en coordinación co sector, a Administración central —que a señora Otero di que nós nos escaqueamos das competencias, pero vostede nin sequera nomeou ese plan, ese plan que é da Administración central— e as outras comunidades autónomas concernidas, se poida conseguir ter aberta a pesqueira e xestionar da mellor maneira posible a sardiña dispoñible. Hai que lembrar, ademais, que con esta medida tamén mellorou a biomasa. É dicir, realmente a cantidade de sardiña da que podemos dispoñer —que tampouco depende de nós, como dixeron aquí, depende doutros factores— hai que tela en conta para que o xeito poida traballar, tanto en augas interiores —insisto— como en exteriores.

Polo tanto, teño que facer un apuntamento e dicir que, en canto ás alegacións ás competencias que se fan a cotío por parte dos grupos da oposición, a competencia da comunidade autónoma, da Xunta de Galicia, en augas interiores podería permitirnos fixar límites autonómicos dun recurso se este estivese só en augas interiores. Pero é que non é o caso da sardiña, a sardiña tamén está en exteriores. Polo tanto, temos que ter en conta a extensión dese stock, que é amplo, e ademais nin sequera é só de ámbito español, que tamén abrangue augas portuguesas e, polo tanto, de aí a actual regulación coa colaboración da Comisión Europea.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Xa acabo.

Quero dicir, por se houbera dúbidas, que o Tratado de Lisboa foi aprobado o 13 de decembro de 2007, cando nin gobernaba o Partido Popular en España nin gobernaba en Galicia. E nese tratado queda moi claro que só a Unión Europea pode legislar e adoptar actos vinculantes no caso da conservación dos recursos biolóxicos mariños dentro da política pesqueira común.



Polo tanto, hai que saber tamén o contexto no que estamos, de onde vimos e cara a onde imos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Eu creo que este plan —insisto— é o correcto e apoiamos a súa iniciativa tal e como está redactada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Jove.

O señor JOVE GONZÁLEZ: Ben, desde o Grupo Común da Esquerda entendemos que todos os grupos van apoiar esta proposta, o que nos parece que é unha grande noticia para o sector do xeito, para darlle unha pequena posibilidade de futuro.

Desde logo, algunhas das cousas que se escoitaron aquí serían matizables, e outras serían incluso debatibles. Desde logo, este é o plan da Xunta de Galicia para a sardiña. *(O señor Jove González amosa un documento.)* Efectivamente, existe un plan para o xeito, pero é isto. Obviamente existe a posibilidade de facer un plan de verdade, un plan que inclúa realmente todo o que ten que incluír un plan.

E respecto da situación da sardiña, desde logo que xa dixen na miña intervención que a nós tamén nos preocupa, a pesar de que realmente parece que eses resultados da expedición Iberas pode ser esperanzadora como mínimo. Pero aínda así alguén leu aquí o Estatuto de autonomía de Galicia, que recoñecía a competencia exclusiva en materia de pesca nas rías e demais augas interiores. Pero é que a propia Lei de pesca 11/2008, incluso na modificación do 2009, no artigo 7, di: «Así mesmo e coa mesma finalidade corresponde á consellería competente en materia de pesca, logo da audiencia ao sector afectado, a adopción das seguintes medidas: plans de xestión anuais ou plurianuais para as especies que se atopen dentro dos límites biolóxicos de seguranza...». Pero tamén existe o apartado b): «Plans de recuperación de carácter plurianual para as especies fóra dos límites biolóxicos de seguranza».

Quero dicir que, se non pode haber un plan de explotación porque a sardiña está por debaixo dos límites biolóxicos de seguranza, o que esperamos da Xunta de Galicia é un plan de recuperación de carácter plurianual. Desde logo, isto debería saír dos informes científicos que expoñan como está o stock pesqueiro.

Desde logo, parécenos que é unha boa noticia, parécenos realmente sorprendente este cambio radical de postura e, desde logo, felicitámonos por iso.

Respecto da emenda do BNG, non a imos aceptar porque nos parece redundante e incluso podería crear certa inseguridade, posto que podería quedar nun baleiro neste momento. Entendemos que se dá por sentado que non pode afectar o plan estatal se imos crear un plan de augas interiores, un plan para as rías galegas.



En En Marea rexistramos esta iniciativa no ano 2017 cando aínda eramos un grupo unificado. E, curiosamente, o 2017, que parecía ser un ano catastrófico, non foi, nin moito menos, dos peores.

Sobre o PSdeG tamén queremos agradecer o seu apoio. En canto á sensibilidade das administracións, tamén esperamos esa sensibilidade do Goberno do Estado. Evidentemente, tamén foi un momento de risco a crenza da Unión Europea en eliminar a arte do xeito ao confundila coas volantas ou coas redes de deriva de altura. Para facernos unha idea, unha rede pode ter 70 metros e unha volanta de altura pode ter 7 ou 8 quilómetros. Pensamos que hai que ter en conta tamén as dimensións das cousas e pensamos que todos os grupos políticos galegos deberíamos estar concienciados deste tipo de cuestións. Co cal, desde o Grupo Común da Esquerda, agradecemos a todos os grupos o seu apoio. E nada máis por hoxe.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jove.

(A señora Rodríguez Barreira solicita a palabra.)

O señor PRESIDENTE: Si, señora Rodríguez Barreira, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano da señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

É sobre unha inexactitude á que se vén de referir a señora Vilán en relación co momento no que se solicitaron as actuacións en relación... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Perdón, é que eu non estaba no debate pero... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Vamos ver, se hai unha inexactitude, iso pode ser. *(Murmurios.)* Perdón, o Regulamento di que pode ser contestada, e incluso nun pleno posterior. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Incluso nun pleno posterior. ¡Home!, creo que di isto o Regulamento.

Entón, se é unha inexactitude e se a quere corrixir, supoño que deberíamos.

Adiante.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Si, unicamente, señor presidente, señorías, é para pedir desculpas pola posible inexactitude que se puido producir en relación coa data do falecemento da menor. O que se quería sinalar era que, no momento en que solicitaron do xulgado de primeira instancia as actuacións, a lei non estaba en vigor. E, en definitiva, do que se trataba, señorías, era de clarificar que, de estar en vigor esta lei, todo ese sufrimento non se tería producido.



Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: As alusións ou as rectificacións non teñen réplica.

Suspendemos o pleno. Grazas.


Suspéndese a sesión ás oito e vinte e sete minutos da noite.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Porrit Lueiro, María Teresa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado del Río, Paula	(P)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Caballero Míguez, Gonzalo	(S)	47. Quintero Araújo, Paula	(GCE)
10. Cal Ogando, Marcos	(GCE)	48. Rey Varela, José Manuel	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
12. Candedo Gunturiz, María Dolores	(M)	50. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
13. Casal Vidal, Francisco	(M)	51. Rodríguez Arias, Marta	(P)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
15. Chao Pérez, Luca	(GCE)	53. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(M)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(GCE)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Prado, Martín	(P)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. García Míguez, María Ángeles	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Vidal, Ana Belén	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(GCE)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Jove González, Xan Xosé	(GCE)	63. Santos Queiruga, Carmen	(GCE)
26. Liñeiro Pouso, Encarnación	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(GCE)
27. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Mouriño Villar, Antonio	(P)	66. Torrado Quintela, Julio	(S)
29. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	67. Torregrosa Sañudo	(GCE)
30. Novo Fariña, María Isabel	(P)	68. Trenor López, Gonzalo	(P)
31. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	69. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
32. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	70. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
33. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	71. Vázquez Verao, Paula	(M)
34. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	72. Vega Pérez, Daniel	(P)
35. Oubiña Solla, Rosa	(P)	73. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
36. Pazos Couñago, José Alberto	(P)	74. Vilar Chento, Óscar	(S)
37. Pérez Seco, José Manuel	(S)	75. Villares Naveira, Luis	(M)
38. Pierres López, María Luisa	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

